



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 60

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 26 de marzo de 2014

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto 3. Mocións

3.1. 20912 (09/MOC-000062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065). (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 17854, publicada no BOPG núm. 230, do 04.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 12.03.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG n° 257, do 20.03.2014

3.2. 20921 (09/MOC-000063)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recousó, Juan Manuel

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de emprego. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 19146,

publicada no BOPG núm. 240, do 19.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 12.03.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG n° 257, do 20.03.2014

3.3. 20932 (09/MOC-000064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión dos servizos sociais. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 17793, publicada no BOPG núm. 230, do 04.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 12.03.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG n° 257, do 20.03.2014

Punto 4. Propositions non de lei en Pleno

4.1. 7187 (09/PNP-000541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual modelo de repartición de cotas da pesqueira da xarda adoptado polo Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, coa multa imposta ao Estado español, así como coa aplicación da política de cotas nas augas interiores galegas e coa representación de Galicia nese consello

Publicación da iniciativa, BOPG nº 99, do 08.05.2013

4.2. 10420 (09/PNP-000790)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel, e seis deputados máis

Sobre a mellora da accesibilidade do cidadán á información da propia historia clínica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 146, do 02.08.2013

4.3. 16357 (09/PNP-001162)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas instalacións do aeródromo de Godos, no concello de Caldas de Reis

Publicación da iniciativa, BOPG nº 216, do 18.12.2013

4.4. 18928 (09/PNP-001350)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito, e seis deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa pobreza enerxética da poboación en risco de exclusión social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 240, do 19.02.2014

4.5. 19176 (09/PNP-001358)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz, e dous deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas xudiciais referidas ao pagamento das pagas extraordinarias detraídas aos empregados públicos, así como as políticas de recortes e privatizacións do sector público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 240, do 19.02.2014

4.6. 20151 (09/PNP-001397)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos, e tres deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción da estación intermodal de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

4.7. 20188 (09/PNP-001400)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución do proxecto denominado 'Adecuación da canle e ordenación dos ríos Sarria e Celeiro (1ª fase)'

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

4.8. 20543 (09/PNP-001415)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa desigualdade e coa precariedade laboral das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252, do 12.03.2014

Punto 5. Interpelacións

5.1. 16970 (09/INT-000593)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón, e dous deputados máis

Sobre o acordo para a repartición da cota de xarda e xurelo no sector do cerco para o ano 2014

Publicación da iniciativa, BOPG nº 224, do 17.01.2014

5.2. 17278 (09/INT-000610)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e dous deputados máis

Sobre o anuncio polo Sergas da contratación do servizo de xestión integral do proceso de esterilización do material necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial nos seus centros sanitarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 230, do 04.02.2014

5.3. 17972 (09/INT-000645)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a privatización de servizos realizada polo Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 230, do 04.02.2014

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

6.1. 20945 (09/POPX-000065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a valoración do Sr. presidente da Xunta de Galicia da situación da economía galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

6.2. 20965 (09/POPX-000066)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a defensa dos intereses de Galicia diante do Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

6.3. 20981 (09/POPX-000067)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as actuacións previstas pola Presidencia da Xunta de Galicia para erradicar as carencias e malnutricións alimenticias da poboación infantil en idade escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1. 20983 (09/PUP-000100)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Veira, Pedro Manuel, e sete deputados máis

Sobre a valoración do Goberno galego da viaxe institucional realizada a México e Panamá o 14 de marzo de 2014

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

7.2. 20982 (09/PUP-000099)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e dous deputados máis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da solicitude ao Goberno central da modificación da normativa tributaria co fin de garantir que as variacións patrimoniais derivadas da dación en pago da vivenda habitual queden exentas de tributación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

7.3. 19756 (09/POP-001769)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e dous deputados máis

Sobre a situación xerada na comunidade educativa a consecuencia das modificacións introducidas nalgúns puntos do baremo establecido no concurso de traslados entre persoal funcionario docente convocado na Orde do 16 de outubro de 2013

Publicación da iniciativa, BOPG nº 245, do 26.02.2014

Publicación correccións, BOPG nº 250, do 06.03.2014

7.4. 20584 (09/POP-001811)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o custo real da exposición *Gallaecia Pétrea*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252, do 12.03.2014

7.5. 20973 (09/PUP-000098)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as previsións do Goberno galego en materia de privatización da sanidade pública de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

7.6. 20394 (09/POP-001808)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón, e Acuña do Campo, María Carmen

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das denuncias dos facultativos do Hospital da Costa referidas ás deficiencias sanitarias que padecen os cidadáns da Mariña lucense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

7.7. 18114 (09/POP-001638)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia tendentes a garantir a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 06.02.2014

7.8. 18315 (09/POP-001661)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Angel, e seis deputados máis

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación coa redución nun 30 por cento en Galicia, no ano 2013, do número de traballadores afectados por un expediente de regulación de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 06.02.2014

7.9. 19369 (09/POP-001732)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e seis deputados máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia da repartición de cotas das principais especies peláxicas no caladoiro do Cantábrico noroeste para o ano 2014.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 240, do 19.02.2014

ORDE DO DÍA

7.10. 19376 (09/POP-001734)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e seis deputados máis

Sobre as estimacións iniciais da Xunta de Galicia acerca dos danos ocasionados polos sucesivos temporais nas infraestruturas portuarias da franxa costeira galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 240, do 19.02.2014

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Sr. presidente da Xunta de Galicia da situación da economía galega. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a defensa dos intereses de Galicia diante do Goberno central. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións previstas pola Presidencia da Xunta de Galicia para erradicar as carencias e malnutricións alimenticias da poboación infantil en idade escolar. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 19.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 21.)

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065). (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 22.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 24.), *Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 25.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 26.)

Nova intervención da señora Adán Villamarín (BNG). (Páx. 27.)

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recousó, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de emprego. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Fajardo Recousó (AGE)*. (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 30), *Sra. Quintas Álvarez (S)* (Páx. 32.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 33.)

Nova intervención do señor Fajardo Recousó (AGE). (Páx. 34.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Gallego Calvar, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión dos servizos sociais. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas á moción. (Páx.35 .)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Gallego Calvar (S)*. (Páx. 35.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Martínez García (AGE)*. (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 38.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 40.)

A señora Gallego Calvar (S) intervéñ para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 41.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065): *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación da Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recousó, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de emprego: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Gallego Calvar, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión dos servizos sociais: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual modelo de repartición de cotas da pesqueira da xarda adoptado polo Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, coa multa imposta ao Estado español, así como coa aplicación da política de cotas nas augas interiores galegas e coa representación de Galicia nese consello. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodas Chapela (BNG)*. (Páx. 42.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 44.), *Sr. Val Alonso (S)*. (Páx. 45.) e *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 46.)

Nova intervención do señor Rodas Chapela (BNG). (Páx. 47.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e seis deputados máis, sobre a mellora da accesibilidade do cidadán á información da propia historia clínica. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 48.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Santalices Vieira (P)*. (Páx. 49.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Solla Fernández (AGE)*. (Páx. 50.) e *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 51.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 52.)

O señor Santalices Vieira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 53.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas instalacións do aeródromo de Godos, no concello de Caldas de Reis. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 54.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 57.), *Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 58.) e *Sr. Gómez Alonso (P)*. (Páx. 58.)

Nova intervención do señor Fajardo Recouso (AGE). (Páx. 60.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Hipólito Fariñas Sobrino e seis deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa pobreza enerxética da poboación en risco de exclusión social. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 60.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fariñas Sobrino (P)*. (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)*. (Páx. 63.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 64.), *Sra. Díaz Pérez (AGE)* (Páx. 65.) e *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 66.)

O señor Fariñas Sobrino (P) intervén para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 67.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Beatriz Sestayo Doce e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas xudiciais referidas ao pagamento das pagas extraordinarias detraídas aos empregados públicos, así como as políticas de recortes e privatizacións do sector público. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Sestayo Doce (S)*. (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 70.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 70.), *Sra. Díaz Pérez (AGE)* (Páx. 71.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 73.)

Nova intervención da señora Sestayo Doce (S). (Páx. 74.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta comunica que a interpelación número 17278, do Grupo dos Socialistas de Galicia, e a número 17972, do Grupo da AGE, se debaterán conxuntamente e que as preguntas números de orde 7.5 do BNG e 7.6 do Grupo dos Socialistas de Galicia se debaterán a continuación das interpelacións acumuladas, como punto primeiro das preguntas. (Páx. 75.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos González Santín e tres deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción da estación intermodal de Lugo. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 75.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. González Santín (S)*. (Páx. 76.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 78.), *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 79.) e *Sr. Gómez Alonso (P)*. (Páx. 81.)

O señor Sr. González Santín (S) intervéñ para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 82.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución do proxecto denominado “Adecuación da canle e ordenación dos ríos Sarria e Celeiro (1^a fase)”. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 82.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 83.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Íñiguez Martínez (P)*. (Páx. 85.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 87.) e *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 88.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) intervéñ para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 89.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Yolanda Díaz Pérez e D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa desigualdade e coa precariedade laboral das mulleres. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Martínez García (AGE)*. (Páx. 90.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 92.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 93.), *Sra. Quintas Álvarez (S)* (Páx. 94.) e *Sra. Oubiña Solla (P)*. (Páx. 95.)

Nova intervención da señora Martínez García (AGE). (Páx. 96.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual modelo de repartición de cotas da pesqueira da xarda adoptado polo Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, coa multa imposta ao Estado español, así como coa aplicación da política de cotas nas augas interiores galegas e coa representación de Galicia nese consello: *rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 97.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e seis deputados máis, sobre a mellora da accesibilidade do cidadán á información da propia historia clínica: *aprobada por 40 votos a favor, 33 en contra e 1 abstención*. (Páx. 98.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas instalacións do aeródromo de Godos, no concello de Caldas de Reis: *rexeitada por 16 votos a favor, 40 en contra e 18 abstencións*. (Páx. 98.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Hipólito Fariñas Sobrino e seis deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa pobreza enerxética da poboación en risco de exclusión social: *aprobada por 40 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 98.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Beatriz Sestayo Doce e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas xudiciais referidas ao pagamento das pagas extraordinarias detraídas aos empregados públicos, así como as políticas de recortes e privatizacións do sector público: *rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 98.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos González Santín e tres deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción da estación intermodal de Lugo: *rexeitada por 26 votos a favor, 40 en contra e 8 abstencións*. (Páx. 99.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución do proxecto denominado “Adecuación da canle e ordenación dos ríos Sarria e Celeiro (1^a fase)”: *rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 99.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Yolanda Díaz Pérez e D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa desigualdade e coa precariedade laboral das mulleres: *rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Interpelación de D. José Ramón Val Alonso e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o acordo para a repartición da cota da xarda e xurelo no sector do cerco para o ano 2014. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Val Alonso (S).* (Páx. 99.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 101.)

Réplica do autor: *Sr. Val Alonso (S).* (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 104.)

Interpelación de D^a María Carme Acuña do Campo e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o anuncio polo Sergas da contratación do servizo de xestión integral do proceso de esterilización do material necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial nos seus centros sanitarios. (Punto quinto da orde do día.)

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a privatización de servizos realizada polo Sergas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 105.) e *Sra. Solla Fernández (AGE).* (Páx. 107.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez).* (Páx. 109.)

Réplica das autoras: *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 112.) e *Sra. Solla Fernández (AGE).* (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez).* (Páx. 114.)

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego en materia de privatización da sanidade pública de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 115.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez).* (Páx. 116.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez).* (Páx. 118.)

Pregunta de D. José Ramón Val Alonso e D^a María Carmen Acuña do Campo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto das denuncias dos facultativos do Hospital da Costa referidas ás deficiencias sanitarias que padecen os cidadáns da Mariña lucense. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Val Alonso (S).* (Páx. 118.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez).* (Páx. 119.)

Réplica do autor: *Sr. Val Alonso (S).* (Páx. 120.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez).* (Páx. 120.)

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e dous deputados máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da solicitude ao Goberno central da modificación da normativa tributaria co fin de garantir que as variacións patrimoniais derivadas da dación en pago da vivenda habitual queden exentas de tributación. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 121.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda (Muñoz Fonteriz)*. (Páx. 122.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 123.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda (Muñoz Fonteriz)*. (Páx. 123.)

Pregunta de D^a Yolanda Díaz Pérez e D^a Eva Solla Fernández, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia tendentes a garantir a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Martínez García (AGE)*. (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 125.)

Réplica da autora: *Sra. Martínez García (AGE)*. (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 126.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego en relación coa redución nun 30 % en Galicia, no ano 2013, do número de traballadores afectados por un expediente de regulación de emprego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 127.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 128.)

Réplica do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 128.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 129.)

Pregunta de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación xerada na comunidade educativa como consecuencia das modificacións introducidas nalgúns puntos do baremo establecido no concurso de traslados entre persoal funcionario docente convocado na Orde do 16 de outubro de 2013. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Docasar Docasar (S)*. (Páx. 130.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad)*. (Páx. 130.)

Réplica do autor: *Sr. Docasar Docasar (S)*. (Páx. 131.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad)*. (Páx. 132.)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o custo real da exposición *Gallaecia Pétrea*. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 133.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad)*. (Páx. 133.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad)*. (Páx. 133.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego en relación coa redución nun 30 % en Galicia, no ano 2013, do número de traballadores afectados por un expediente de regulación de emprego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Santos Regueiro (P)*. (Páx. 134.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 135.)

Réplica do autor: *Sr. Santos Regueiro (P)*. (Páx. 135.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 136.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia da repartición de cotas das principais especies peláxicas no caladoiro do Cantábrico noroeste para o ano 2014. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 137.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 137.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 137.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as estimacións iniciais da Xunta de Galicia acerca dos danos ocasionados polos sucesivos temporais nas infraestruturas portuarias da franxa costeira galega. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 137.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 138.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 139.)

Remata a sesión ás nove e trece minutos da noite.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bos días, señorías.

Vaian ocupando, por favor, os seus escanos.

Reiniciamos a sesión co punto 6 da orde do día, que é o de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Sr. presidente da Xunta de Galicia da situación da economía galega

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra, señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señora presidenta.

Señor Feijóo, os voceiros do Goberno pregoan que xa saímos da crise e que estamos na senda do crecemento, etc.; sen embargo, todos os expertos e mesmo o Ministerio de Facenda atrasan a creación de emprego ao 2017. En Galicia non cabe nin sequera ese leve optimismo cando temos 277.800 persoas paradas, cun crecemento porcentual maior que a media estatal e unha taxa de actividade que é 6 puntos menor.

Desde que vostede goberna traballan 180.000 persoas menos, a ocupación baixou un 16 % e a afiliación á Seguridade Social, un 13 %. Das peores cifras de España. Medrou o desemprego con vostede nun 70 % e baixou o orzamento para combatelo nun 65 %. Unha resposta totalmente sorprendente.

No PIB, se no ano 2012 había un diferencial positivo de sete décimas co Estado, no 2013 reduciuse a unha décima porque se incrementou a destrución de emprego e a caída do consumo.

¿Melloran as exportacións? Si, grazas a Inditex e Citroën, que representan a metade do total, pero aínda así estamos 15 puntos por debaixo da media do Estado e con menos peso relativo en España que co anterior Goberno de Galicia. Non axudan as empresas, o Igape está paralizado, sen influencia na economía. Ano 2013, orzamento de transferencias para

investimentos: dous terzos sen executar. Sector eólico, sector enerxético: destrozado. ¿Lembra que era o seu proxecto estrela?

E o crédito non remonta. Temos 10 puntos menos de crédito que a media de España e, por riba, desapareceron as entidades galegas. Sen axudas, sen crédito, a actividade económica está ralentizada.

Señor Feijóo, no día de hoxe a súa política máis exitosa é a da emigración. Cada ano marchan de Galicia 29.000 persoas en idade activa, fundamentalmente persoas novas e cualificadas. Mentres, a licitación pública —un dos elementos fundamentais da loita contra a crise— é a máis baixa do que levamos de século. Co anterior Goberno a licitación pública en Galicia representaba o 5 % do PIB, con vostede é do 1 %. Non hai licitación, pero si hai pelotazos. Na AG-53, por exemplo, un pelotazo de nada menos que 1.552 millóns de euros.

Neste escenario catastrófico pregúntolle: ¿que valoración fai da situación económica? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Romeu, se vostede me pregunta cal é a situación económica de Galicia no día de hoxe, poderíamos resumila nunha frase: hoxe estamos mellor que hai un ano, e estou convencido de que hoxe estaremos peor que dentro dun ano.

É evidente, señoría, que o dato que está marcando a situación económica de Galicia como a do resto de España é o paro, sen dúbida; son 280.000 galegos e galegas que non poden traballar. Esa é a gran dificultade que ten a situación económica de Galicia.

No ano 2007, na primeira lexislatura do Partido Socialista, cando comezou a crise, vostedes negaron esa crise e non aceptaron que existía a crise ata moi adiantada a segunda lexislatura, no ano 2010. Non serei eu quen negue a realidade da situación da economía galega, pero tampouco debería

ser vostede quen negue a realidade de determinados indicadores que acreditan a estabilidade da economía galega e a melloría da economía no aspecto macro, que, por suposto, non chega de momento ás familias.

Señoría, sorprende que vostede faga unha redacción tan dificultosa do PIB; seguro que non ten vostede os datos correctos. Dende que empezou a crise o PIB en Galicia caeu a metade do que na media de España. Dende o ano 2009 ao ano 2013 en Galicia caeu o PIB 0,4 puntos de media anual, e en España 0,8. Na taxa de paro en Galicia seguimos con 4,4 puntos por debaixo da media do paro de España, e no último ano fomos quen entre todos de diminuír o paro rexistrado en 12.500 parados menos.

Das exportacións sorprende tamén o que di. Señoría, temos o récord de cobertura entre exportacións e importacións, 128 %. Somos a cuarta comunidade autónoma en incrementar as exportacións, e dende que comezou a crise no ano 2009 as exportacións incrementáronse en Galicia un 35 %.

Señoría, no que se refire ao investimento estranxeiro, en Galicia este incrementouse un 18 %, o dobre que en España. No que se refire á produción industrial, somos a primeira Comunidade Autónoma de España con datos do ano 2013. E no que se refire ás axencias de *rating*, todas as axencias de *rating* internacionais acreditan a mellor situación das contas públicas galegas.

No ano 2014 temos previsto que por primeira vez se incrementa a economía de Galicia nos últimos anos. As previsións de crecemento de todos os estudos e de todos os servizos de estudos, tanto o BBVA como Funcas, acreditan que a economía galega vai crecer por riba incluso do previsto polo Goberno.

Acabamos de coñecer cales son os estudos do BBVA. Non sei se son moi optimistas ou non, o que si lle digo que din todos os estudos é que Galicia leva facendo desde hai anos os seus deberes. E o que se acredita tamén é que cumprimos todos os anos o déficit público –incluso o melloramos–, que non acudimos ao Fondo de Liquidez Autonómica, que non necesitamos o diñeiro do Estado para pagar os provedores.

Señoría, en Galicia e en España todos sabemos que detectamos primeiro a crise, que loitamos primeiro contra a crise e

que estamos mellor situados que a inmensa maioría das comunidades autónomas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Réplica do señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor Feijóo, está ben que cite o informe do BBVA. Quero lembrarlle que as súas previsións se equivocaron no ano 2011, 2012 e 2013 polo que respecta a Galicia. Aínda así, o informe do BBVA di cousas moi interesantes. Por exemplo, é extremadamente crítico coa situación do emprego en Galicia e sinala literalmente que farán falta nove anos máis para chegar aos niveis de ocupación que había co anterior Goberno de Galicia, e tamén é extremadamente crítico coa situación do consumo e coa contratación pública.

Señor Feijóo, eu faláballe de que vostede está impulsando unha economía de casino a custa dos servizos públicos, con diversos pelotazos: na autovía de Ourense, no hospital de Vigo e nos múltiples concursos do Sistema público de saúde, o que están privatizando. Concursos tramposos para favorecer un capitalismo de amiguetes, pero incapacidade de xerar investimentos ou emprego.

En Galicia só melloran os que xa eran moi ricos. Vostede non está en condicións de saír á rúa e dicirlle a ningún sector social de Galicia que está hoxe mellor que antes, nin en salarios, nin en oportunidades, nin en cobertura de servizos públicos. Poderá viaxar a México, que representa nada máis que o 1 % do comercio exterior de Galicia, e dicirnos que haberá unha morea de contratos; algo que ningún empresario, que ningunha empresa de Galicia respalda. Ou peor todavía: viaxar a Panamá, que é irrelevante no comercio exterior de Galicia, para facer promesas como as que xa fixo hai un ano no mesmo lugar cos resultados ben coñecidos. Señor Feijóo, por carecer carece incluso dunha estratexia de acción exterior.

Estamos en declive, con menos gasto en I+D por moito que onte se colgaran dos fondos europeos para dicir o contrario; 35 % menos que a media do Estado. E ademais, dende hai

cinco anos, con vostede cada ano dedicamos menos orzamentos a políticas de innovación.

Por iso, señor Feijóo, ás veces producimos...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ...efectos estadísticos enganosos. Non mellora a produtividade en Galicia como consecuencia da innovación ou do investimento en tecnoloxía, mellora, desgraciadamente, porque cada vez somos menos e con salarios máis baixos.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, ¿cal é a súa mensaxe á sociedade galega: emigrar ou resignarse? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Réplica do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, cando máis creceu o paro en Galicia foi xustamente entre marzo do ano 2008 e marzo do ano 2009: 51.300 persoas; vostede era conselleiro. Cando máis baixou a afiliación á Seguridade Social foi xustamente entre abril do ano 2008 e abril do ano 2009: 50.000 persoas; vostede era conselleiro.

Señoría, dende que chegamos ao goberno, das dezasete comunidades autónomas entre o ano 2009 e o ano 2013 Galicia é a once onde menos medrou o paro, é a sétima comunidade autónoma onde menos medrou o paro no último ano e é no último ano onde reducimos por primeira vez o paro. ¿Señoría, de que leccións me está falando vostede?

Cando vostede me fala de innovación, no programa Interconnecta conseguimos fondos entre Galicia e o Estado, 210 millóns de euros; no programa Conecta Pemes, 25 millóns de euros. Onte, non o Goberno, senón o comisario de Fondos Rexionais dixo que o Programa de especialización intelixente, é dicir, de innovación de Galicia, é o mellor do total de rexións de Europa. ¿De que me fala vostede de innovación, señoría? (*Aplausos.*), ¿de que me fala vostede de innovación?

Señoría, cando vostedes estaban no goberno a débeda pública incrementábase a pesar de que os seus presupostos incrementában cada ano o 7,7 %. (*Murmurios.*) E non só se incrementaban, señoría, senón que deixaron un pufo de 3.500 millóns de euros, que o estamos aboando.

Señoría, exactamente de que me fala, ¿das viaxes? Agradézollo. A súa campaña electoral consistiu en dúas cousas: primeiro, en dicir que España ía ser rescatada e, segundo, que os contratos de Pemex eran unha mentira. Señor Méndez Romeu, lamentablemente agora vostede ten que agochar a cabeza e mirar para outro lado. España ía ser rescatada se segue o Partido Socialista Obreiro Español no Goberno, e os contratos de Pemex non son unha realidade, son unha constatación de que o Partido Socialista Obreiro Español baseou a súa campaña electoral en dúas grandes falacias, que aínda non pediu desculpas, señoría, e os contratos de Pemex son unha realidade. (*Aplausos.*) Señoría, ¿de que me está falando vostede?

Mire, señoría, cando xa empezara a crise económica vostedes dicían que estaban na Champions League. Eu nunca direi que estamos na Champions League mentres os galegos e as galegas non poidan traballar, e levamos 280.000 persoas neste problema. (*Murmurios.*) Iso si, 12.500 menos que o pasado ano. Vostedes falaban de Champions League, eu sigo falando de crise económica.

No meu debate do estado da autonomía e no meu debate de toma de posesión como presidente do Goberno dixeran que ata o ano 2015 non se crearían postos de traballo neto. Señoría, non teño que constatar ningunha mentira deste Goberno. Lamentablemente, non chegaría unha sesión de control para constatar a súa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Méndez Romeu, o certo e verdade, gústelle ou non lle guste: concordan os datos, Galicia escolleu o camiño axeitado, Galicia fíxoo antes que os demais e hoxe esta Comunidade Autónoma pode dicir que mantén o seu autogoberno intacto, que é unha Comunidade solvente e que estamos mellorando todos os datos da economía. Iso si, seguimos en crise económica...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

...porque a mellora da economía non chegou ás familias. Iso é o que me importa.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Lamentablemente, non vou dicir, señoría, que estamos na Champions League. Iso para vostedes.

Moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a defensa dos intereses de Galicia diante do Goberno central

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Jorquera para formular a súa pregunta.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señor Feijóo, ¿que opina das propostas fiscais desa suposta comisión de sabios nomeada polo Goberno español? Aínda que máis que sabios parezan uns *listillos*, porque o que propoñen é un auténtico atraco fiscal: reducir os tipos nos tramos altos do IRPF; beneficiar as fortunas suprimindo o imposto do patrimonio; rebaixar o imposto de sociedades a todas as empresas, sexan pemes ou multinacionais, e para compensar, por suposto, chuchar aos de abaixo: subir o IVE na cesta da compra e novos copagos en sanidade e educación. Polo tanto, un novo atraco fiscal ás clases populares, señor Feijóo.

Pero, ademais, propoñen tamén anular o noso autogoberno, atracar a nosa facenda, eliminar a capacidade normativa das comunidades autónomas no IRPF, reducir as competencias sobre o imposto de sucesións e doazóns, suprimir o imposto do patrimonio e os impostos medioambientais das comunidades autónomas, e se hai un imposto sobre os depósitos bancarios, por suposto, que sexa estatal. Agora, iso si, no colmo do descaro propoñen que as comunidades autónomas

teñan máis liberdade para saquear os de abaixo, para que haxa máis repagos á hora de financiar servizos públicos esenciais.

E vostede, señor Feijóo, ¿non ten nada que dicir a respecto destas propostas? Mire, estas propostas son un novo paso cara a esa España, *una, grande y libre*, á que quere retrotraernos o señor Rajoy.

Resulta que somos a Comunidade Autónoma cunha porcentaxe de pensionistas máis alta, resulta que os nosos pensionistas cobran as pensións máis baixas do Estado e a comisión propón reducir as cotizacións empresariais á Seguridade Social. En definitiva, recortar no curto prazo pensións e a longo prazo poñer en risco de seria insolvencia o sistema público de pensións. E vostede, ¿tampouco ten nada que dicir?, ¿ou vai recomendar que os nosos pensionistas subscriban plans privados de pensións? Porque, curiosamente, esta *comisión de listillos*, a única dedución fiscal que propoñen no IRPF son precisamente as aportacións a fondos privados de pensións.

Mire, señor Feijóo, vai reabrirse o debate sobre o sistema de financiamento. ¿Ten vostede algunha proposta distinta a esperar o que dite o señor Rajoy? ¿Vai facer algo para impedir que se consuma este atraco fiscal ao noso autogoberno e este atraco fiscal ás comunidades autónomas que propón esta presunta comisión de expertos? En definitiva, señor Feijóo, ¿pensa defender algunha vez os intereses de Galiza ante o Goberno central? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Señor Jorquera, vostede preguntame sobre unha proposta que vostede denomina, como os medios de comunicación, de sabios. Entendo, en consecuencia, que non hai ningunha proposta de ningún responsable da Facenda estatal, nin de ningún responsable do Goberno, e en consecuencia é unha proposta dun conxunto de estudosos sobre que pensan eles que se debe de facer no ámbito impositivo en España. É responsabilidade deles facelo, é responsabilidade deles propoñelo e é responsabilidade deles contestarlle se lle parecen ou non axeitadas as súas críticas.

No que a nós respecta, calquera proposta que diminúa a capacidade de financiamento da Comunidade Autónoma terá unha resposta contundente: non; calquera proposta que diminúa a capacidade da Comunidade Autónoma para financiar os servizos públicos terá unha resposta contundente: non.

E a política fiscal e a política financeira da Comunidade Autónoma parécese pouco ás que vostede acaba de relatar. Por exemplo, nós rebaixamos o imposto da renda ás rendas máis baixas en Galicia; nós propuxemos e estamos aplicando, e os concellos e a Xunta de Galicia estanse beneficiando de 90 millóns de euros de recadación do canon eólico. Con vostedes, as empresas non eran gravadas desde o punto de vista eólico, con nós si, con desgustos, por suposto, con críticas das empresas, por suposto, e tamén con recursos, pero seguimos mantendo ese canon eólico e seguimos mantendo as nosas propostas de financiamento.

Se vostede me di cal é a miña relación co Goberno de España. Pois a mesma que tiveron co Goberno socialista e agora co Goberno popular: lealdade e firmeza. Lealdade, por suposto, señoría, cumprindo os criterios do déficit público para manter a solvencia das contas públicas; lealdade coa unidade de España, porque somos españois, señor Jorquera, e lealdade, en definitiva, cos intereses xerais de España e de Galicia, porque son coincidentes. Iso si, señoría, firmeza denunciando, por exemplo, os presupostos que vostedes apoiaban en Madrid, os presupostos para Galicia do ano 2005, do ano 2006, do ano 2007, do ano 2008 e do ano 2009. Por suposto, recorrendo as leis que se aprobaban aquí e mostrando o noso rexeitamento ao recurso contra a Lei do catálogo de medicamentos, que vostedes apoiaron e agradézollelo, e contra a Lei de caixas, que vostedes apoiaron e agradézollelo; pero o Partido Socialista recorríaaas sistematicamente.

Claramente, señoría, en contra da reforma financeira que propuxo o Partido Socialista en Madrid e recorréndoa, e, por suposto, facendo unha fronte común cos sindicatos e cos presidentes das comunidades autónomas para que os nosos estaleiros puideran construír barcos, o chamado *tax lease*, denunciado polo comisario socialista en Europa.

Señoría, ¿que estamos facendo? Esa mesma firmeza e esa mesma lealdade. Por exemplo, defendendo o sector lácteo, e os gandeiros hoxe cobran un 38 % máis polo prezo do leite...,

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...por exemplo, defendendo os fondos europeos, e conseguimos máis do 80 % dos fondos europeos. Defendendo a política agraria común e conseguindo os mesmos créditos que tiñamos anteriormente.

Señoría, o que estamos facendo é ser leais e firmes co Estado para defendermos os intereses lexítimos...,

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...constitucionais e estatutarios de Galicia.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Réplica do señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señor Feijóo, da súa política fiscal teremos ocasións para discutir, pero de momento quen formula as preguntas son os portavoces dos grupos da oposición, e esta non é obxecto da nosa pregunta.

Creo que vostede se delata cando di que foi moi exixente á hora de criticar os orzamentos do Estado cando vostedes non gobernaban e non menciona a situación actual, cando o grao de execución orzamentaria con Galiza é auténtica e absolutamente ridículo.

Pero centrándonos no tema. Mire, esta comisión de presuntos expertos foi nomeada polo Goberno central, foi o Goberno central quen lle fixo a encomenda de propoñer esta reforma. ¿A que espera vostede?, ¿a que esta reforma se consuma, sexa irreversible para fixar posición? Porque parafraseando unha portavoz da súa formación política: o pouco que fixo esta comisión de expertos *huele a pelotazo*.

Señor Feijóo, ¿quere explicarnos como se van financiar as nosas competencias e os nosos servizos públicos se se levan a cabo estas propostas? Permítame que lle dea un dato: os orzamentos do 2014 estiman en 136 millóns de euros a recadación dos impostos autonómicos que esta comisión preten-

de suprimir; iso sen incluír outros impostos que tamén pretenden suprimir e que vostedes non quixeron establecer para non incomodar a Madrid. Mire, dado que lle gusta falar tanto de Andalucía, ¿sabe con canto tivo que compensar o Estado a Andalucía por anular o seu imposto sobre os depósitos bancarios? ¡Con 104 millóns de euros!

Por iso, señor Feijóo, a súa submisión ao Goberno central sáelle moi cara a Galiza. Vaise reabrir o debate sobre o sistema de financiamento autonómico, o seu Goberno aceptou un sistema que fai que Galiza leve perdidos máis de 1.000 millóns de euros, 160.000 millóns de pesetas, señor Feijóo. E agora que se vai reformar de novo o sistema, ¿vai permitir que se centralicen os impostos?

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: ¿Ou vai reclamar que Galiza recade e xestione os tributos que soportamos todos os galegos para que os nosos impostos non emigren, señor Feijóo? Porque os nosos impostos emigran; o Estado recada ao ano en Galiza 3.000 millóns de euros máis do que logo transfíre á Comunidade Autónoma.

Por iso, se realmente defende os intereses de Galiza diga que non a estas propostas e defenda un modelo de financiamento autonómico xusto para o noso país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, volve vostede falar dun informe da comisión de expertos. ¿E a min que me importa o informe da comisión de expertos? *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Señoría, discutamos se lle parece ben sobre feitos ou sobre propostas de goberno; se quere vostede discutir sobre o informe da comisión de expertos pois siga vostede ao respecto. Nós temos posición e concretámola ao Goberno de España en cada reunión que temos. Temos posición e reunímonos coas distintas comunidades autónomas para acreditarmos ante o Goberno de España que o envellecemento da

poboación é unha cuestión innegociable, que a dispersión da poboación é unha cuestión innegociable. E recordámoslle ao Goberno de España que a Comunidade Autónoma que realmente mellorou o seu financiamento, cando vostedes apoiaban o Partido Socialista, foi a Comunidade Autónoma de Cataluña. E reitérolle, señoría, que nós non nos imos mover das nosas propostas de manter a capacidade financeira da Comunidade Autónoma, de non diminuír os recursos para o financiamento dos servizos públicos esenciais e de non admitir ningunha componenda nin ningún pacto bilateral, como plantexan, por certo, vostedes en función da Comunidade Autónoma onde fale.

O acordo de financiamento ten que ser multilateral e non bilateral. Non aceptamos acordo entre unha Comunidade e o Goberno de España; vostedes si, nós non. Por iso, señoría, imos seguir traballando porque somos previsibles. Mire, señoría, cando vostedes presumían daquela cooperación intelixente co Goberno de España, co Goberno Socialista, sempre votaban os presupostos en infraestruturas e sempre dicían: imos votar os presupostos en infraestruturas porque conseguimos unha emenda para facer o AVE a Ferrol, outra emenda para facer o AVE a Lugo e outra emenda para facer o AVE de Vigo á fronteira portuguesa. Cero euros de execución, señoría, foi o seu apoio ao Goberno de Rodríguez Zapatero durante cinco anos; cero euros de execución. *(Aplausos.)* Señoría, ¿de que me está falando?

Mire, señoría, cando vostedes estaban no Goberno bipartito aquí en Galicia presentaron catorce requirimentos, comisións bilaterais ou recursos ao Goberno de Rodríguez Zapatero. Nós levamos presentados ao Goberno anterior e a este vinte e dous. ¿Quen está defendendo os intereses da Comunidade Autónoma? Ímolos defender sempre, señoría, fronte ao Partido Socialista Obreiro Español ou cando governe o Partido Popular en España, porque temos un compromiso cos galegos e ímolo cumprir dende o primeiro día ata o final.

Señoría, ¿de que me falan vostedes en materia de investimentos se querían pactar no Estatuto o 8 % do investimento e agora que temos o 13,8 % do investimento non lles chega?

Señor Jorquera, con todos os respectos, quero dicirlle que este Goberno é máis exixente co Goberno do PP en Madrid do que foi o BNG co Goberno de Zapatero en Madrid.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións previstas pola Presidencia da Xunta de Galicia para erradicar as carencias e malnutricións alimenticias da poboación infantil en idade escolar

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para formular a súa pregunta, a señora Díaz Pérez.

A señora DÍAZ PÉREZ: Grazas, presidenta.

Bos días, señor presidente.

Non sei se vostede coñece que en Galicia vivimos nunha situación de emerxencia social. Pregúntolle isto porque semella non coñecelo ou mesmo semella presidir un Goberno que oscila entre a incompetencia ou o descoñecemento respecto dos problemas do noso país.

Si, emerxencia social. Temos 280.000 persoas en situación de desemprego, 350.000 demandantes de emprego, 93.000 familias con todos os seus membros en desemprego, 33.000 fogares nos que non entra un céntimo de euro, señor Feijóo. O máis grave: 650.000 pobres, pobres de pobreza extrema; 120.000 en pobreza severa. E temos –e esta é a cuestión que imos formular– por riba do 20 % dos nosos nenos e nenas no noso país que están en situación de pobreza; exactamente destes 73.806, segundo UNICEF, en situación tamén de pobreza extrema.

E diante desta situación, señor Feijóo, vostedes contéstannos no departamento da súa consellería dicíndonos que carecen de competencias. Voulle ler literalmente, son incompetentes: “Esta consellería non dispón de habilitación legal nin medios especializados que lle permitan organizar un plan ou unha campaña de detección de menores en risco de desnutrición”. Vostedes, unha vez máis, son incompetentes.

Pero o máis grave é que cando a valedora do pobo lles pregunta respecto desta cuestión, descoñecemos cal foi a información que lle deron, porque chega a afirmar no último informe que vostedes non detectaron, e leo literalmente: “un

aumento dos problemas da infancia”. E ademais explican –di a señora Becerril– que cada vez que se atopan cunha situación individual arranxan esa situación. Móvense entre a incompetencia e, efectivamente, o non ter idea do que pasa no noso país.

Eu non sei, señor Feijóo, se vostede coñece que hai nenos que xa nin sequera poden facer unha comida diaria, non sei se sabe que hai nenos que deixan de facer actividades extraescolares, que hai nenos que non poden mercar as lentes, que hai nenos que non teñen un espazo propio para estudar, que hai nenos e nenas que pasan fame, que pasan frío. Non sei se coñece, señor Feijóo, o último informe do Consello Económico e Social Europeo, que afirma taxantemente que a pobreza mata social e fisicamente.

Diante desta situación de problemas de desnutrición no noso país infantil, señor Feijóo, ¿que vai facer vostede?, ¿vai seguir sendo incompetente ou vai seguir negando a realidade? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Moitas grazas, señora presidenta.

Comentáballe ao portavoz do Partido Socialista que o primeiro problema de Galicia é, efectivamente, o desemprego. Son 280.000 persoas ás que vostede se acaba de referir, que é a principal preocupación da Xunta de Galicia.

Señoría, sen dúbida, a consecuencia máis dramática que está vivindo a sociedade galega é xustamente o desemprego. E por iso somos conscientes da situación que están a pasar as familias que non teñen emprego e que teñen todos os seus membros sen traballo. Somos conscientes e por iso os dous compromisos fundamentais deste Goberno, en primeiro lugar, é dedicar de cada catro euros tres ás políticas sociais e, en segundo lugar, traballar para a recuperación económica e para un novo modelo económico e industrial en Galicia.

As acreditacións do que estamos a facer son unha serie e un conxunto de políticas activas. Por exemplo, os beneficios fiscais por cada fillo, nacemento ou adopción; somos a pri-

meira Comunidade Autónoma xunto con Valencia en ter un beneficio fiscal máis alto –acabámolo de incrementar un 20 %–: 360 euros por fillo. Aumentamos as prazas de servizos sociais a pesar da crise en máis de 6.600 prazas. E no que se refire a garderías, 3.156 prazas, un 47 % máis que na época da bonanza económica.

Na renda de integración social de Galicia, que é unha preocupación permanente, incrementamos un 75 % o presuposto dende que chegamos ao Goberno e un 54 % o número de persoas que están cobrando a renda de integración social de Galicia. No que se refire ás axudas de emerxencia social, están blindadas a pesar da crise económica.

Señoría, recórdolle que Galicia é a primeira Comunidade Autónoma, tanto cuantitativa como cualitativamente, en dar un suplemento ás pensións non contributivas, a primeira de España, e o dobre que Andalucía.

Señoría, imos seguir traballando, pero o que si non debemos é facer lecturas apocalípticas da situación galega. Señoría, os datos da pobreza en Galicia, os datos oficiais da pobreza en Galicia, os últimos coñecidos do Instituto Nacional de Estadística, ano 2012, din que a pobreza en Galicia está no 18,8 %, en España no 21,1 %. Se a vostede lle interesa, no Goberno no que vostedes participan en Andalucía, está no 31 %, o dobre de pobreza onde vostedes gobernan que en Galicia.

Se vostede me di que estamos tranquilos con isto. Non, en ningún caso, é unha preocupación permanente. Agora ben, dicir que os nenos galegos están desnutridos é un insulto a todo o Servizo Galego de Saúde, que espero que retire.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Réplica da señora Díaz Pérez.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor Feijóo, eu non sei se é un insulto, pero vostede non nega as cifras. E eu dígolle que os últimos datos de Cáritas e de UNICEF –que non son organismos revolucionarios– están situando a pobreza infantil en Galicia por riba do 20 %, exactamente o 20,1 %, señor Feijóo.

Eu non sei se isto é insultar. Isto é gravísimo, é colocarnos nun país que non ten futuro, con nenos e nenas que pasan

fame, que pasan frío, que non teñen un espazo propio, que teñen problemas de saúde como indica a Asociación de Pediatras deste país –que tampouco son revolucionarios– e que están percibindo as consecuencias dramáticas da crise que é unha estafa, pois efectivamente vostede di que os estamos insultando. Non son revolucionarios, señor Feijóo. E a Asociación de Pediatras di que se incrementaron nun 54 % os problemas de saúde e malnutrición en nenos e nenas galegos.

E señor Feijóo, a pregunta é: ¿que vai facer vostede? Non me dea datos de Andalucía; eu vivo aquí, señor Feijóo, non me fale nin de Andalucía nin de Extremadura.

Dígolle algunha cousa importante: claro, complementos de pensións. Señor Feijóo, ¡faltaría máis! Temos as pensións máis baixas do conxunto do Estado español, por iso vostede ten que dar complementos ás pensións.

E outra cuestión máis, señor Feijóo: claro que incrementou a Risga nun 74 %, pero diminuíu as súas políticas activas de emprego que cotizan á Seguridade Social e devengan en prestación de desemprego nun 56 %. Non queremos miseria, queremos cotizantes á Seguridade Social, señor Feijóo.

E diante desta situación vostede está tentado a facer aquilo que dicía o gran Bertolt Brecht: cando hai un problema entre o pobo e o Goberno, vostede –como dicía el– vai caer na tentación de ter que disolver o pobo, señor Feijóo.

Os nenos e nenas do noso país teñen dereitos, e nós temos que velar para que se cumpran. Pídlle que nos explique se, ademais de toda esa propaganda que nos deu, vostede vai facer algo. Por exemplo, un informe que nos ilustre respecto do risco de malnutrición dos nosos nenos e nenas...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...ou mesmo un programa de comedores en períodos vacacionais e merendas especificamente para que os nenos e nenas poidan polo menos ir cunha comida diaria á súa casa. ¿Vaia facer algo disto, señor Feijóo? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Unha das cousas que se pode facer é contar a realidade e non plantexar medidas apocalípticas como as que vostede acaba de referir.

Señoría, dicir que nós incrementamos o complemento das pensións non contributivas porque temos as pensións máis baixas de España é unha demagogia impropia dun parlamento. As pensións non contributivas non teñen nada que ver coas pensións máis baixas de España, señoría. *(Aplausos.)* E a pesar diso aumentamos as pensións non contributivas o dobre do que vostedes as incrementan alí na Comunidade onde gobernan.

Señoría, dicir que incrementar un 74 % a renda de integración social de Galicia é un tema menor, ¿é que hai algún Goberno que incrementara un 74 % a renda de integración social nunha Comunidade Autónoma?

Señoría, reitero os datos da pobreza, non os que vostede inventa. Por certo, agradézolle moito que traia informes da Igrexa ao Parlamento, parece que agora, cando vostede considera oportuno, a Igrexa di algunha cuestión razoable. *(Aplausos.)* ¡Alá vostede, señoría! A Igrexa ten os seus datos e o Instituto Nacional de Estadística –laico– tamén ten os seus datos, e por iso os datos do Instituto Nacional de Estadística son moi claros: a pobreza en Galicia no ano 2008 era do 21 %, e agora é do 18,8 %. *(Murmurios.)* Eses son os datos da estatística do Partido Socialista Obrero Español cando manexaba o Instituto Nacional e agora. *(Aplausos.)* Señoría, eses son os datos.

Pero non é igual, xa sei que vostede vive aquí, pero para que non lles mintamos aos galegos, ¿que farían vostedes se gobernan? Onde gobernan teñen un 31 % de pobreza... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...e un 36 % de paro. ¿Cal é a súa proposta, señoría?

Nós temos propostas. Por exemplo, que o 74 % dos galegos non teñan que pagar os comedores escolares.

Segunda proposta, que os comedores escolares se paguen en función da renda dos pais. Lamentablemente, a esquerda en

Galicia non nos apoiou nun plantexamento de redistribución de riqueza como este, *(Protestas.) (Aplausos.)* que se pague en función da renda dos pais, e o 73 % non pagan os comedores en Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señoría, iso das merendas está moi ben. Andalucía acaba de retirar esa proposta, ¡alá vostedes! Nós o que queremos é que non paguen os comedores en Galicia. O 73 % non os pagan, o 10 % restante paga un euro.

Señoría, 18.000 novas prazas de comedores públicos, en plena crise económica.

Cando vostede me di que os nenos están desnutridos, señoría, o Programa do neno san, que está instaurado en todas as consultas de médicos pediatras de Galicia e no que están tutelados os 300.000 nenos e nenas menores de 14 anos...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

...acredita que está mentindo. O programa da Guía de menús saudables do comedor escolar, onde supervisamos todos os nutrientes e todos os menús en todas as escolas de Galicia, acredita que está mentindo.

Iso si, señoría, temos fogares con problemas, sen dúbida;...

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

...temos fogares con problemas de renda, sen dúbida; temos un problema de desemprego en Galicia, sen dúbida, pero, señoría, as descricións apocalípticas ningunha. Parece vostede a Santa Inquisición.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día co punto 3.

(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Fajardo, ¡señor Fajardo!

(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Fajardo, ¿quere vostede unha segunda chamada á orde? *(Murmurios.)*

Continuamos co punto 3, de mocións.

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065)

A señora PRESIDENTA: A esta moción non se presentaron emendas e para formulala ten a palabra a señora Adán Villamarín.

Prego silencio, por favor, para que poida falar a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Bo día, señores deputados, señoras deputadas.

Eu subo a esta tribuna francamente conmovida polo nivel de riqueza en que vive Galiza, polo Estado de benestar que goza de tan boa saúde, por saber que todos os nenos e nenas case comen gratis nos comedores escolares, que de feito non hai ningún problema de pobreza, que en todo caso temos unha visión deformada cando lemos os informes a respecto da pobreza, da situación fiscal, das pensións máis baixas do Estado que vivimos en Galiza e non sei de que se queixa a poboación, que será claramente de vicio. A verdade é que despois de escoitar a resposta do señor Feijóo non sei se debemos pechar o Parlamento e dedicarnos a outra cousa.

Eu traía dentro da carpeta do 065 –por casualidade, a verdade, porque o tiña aquí gardado– un cartel que está nun instituto público de Galiza, onde pon: “Aviso: Precísase comida, pasta, latas, legumes... para dúas familias de alumnos deste centro. Son familias numerosas e sen recursos. Grazas. Entregas na conserxería”. Isto é o que ocorre no noso país e sabémolo. Sabémolo porque coñecemos a situación non soamente dos informes, senón a situación real que viven as persoas. Nos centros de ensino podemos preguntar.

Sinceramente, señor conselleiro, agradézolle que estea aquí, porque como o Goberno está moi ausente, eu sei que vostede pode dar conta do que comentamos aquí. Vostede sabe perfectamente que as propias cafeterías falan dunha rebaixa considerable, de que os alumnos e alumnas non poden comprar o bocadillo...

A señora PRESIDENTA: Señora Adán, á cuestión, por favor. *(Murmurios.)*

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Francamente, presidenta...

A señora PRESIDENTA: Fale do apoio á mobilidade persoal, é o que vostede ten aquí.

Faga o favor e continúe. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Estou a falar coa señora Adán, señor Losada, non lle pedín a vostede opinión.

Continúe, señora Adán, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Francamente, presidenta, considero que vostede está extralimitándose na súa valoración a respecto das miñas palabras. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: É a miña decisión.

Pode continuar.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Francamente, eu non estou disposta a que se nos controle cales son os temas que vimos falar nesta tribuna. Non, non, non. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Perdoo. Silencio, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Non, non, non.

A señora PRESIDENTA: Perdón, señora Adán, faga o favor, non vou discutir con vostede.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Creo que estou sendo respectuosa, creo que estou sendo absolutamente respectuosa. *(Murmurios.)* Non sei que pasa, pero ¿que problema temos, señoras e señores do Partido Popular?, ¿que problema temos

para que falemos de servizos sociais? Porque o señor presidente acaba de dicir aquí cousas, que temos que escoitar porque, efectivamente, esa é a nosa obrigación, como que hai 3.300 novas prazas de gardería. A 70 prazas por gardería, no mellor dos casos, ¿50 escolas infantís novas nesta lexislatura? ¡Home!, a ver, é que claro, díganos onde, señora Rodríguez, que vai saír despois; díganos onde están esas 50 escolas infantís abertas nestes últimos anos.

É que tamén estamos fartos nestes últimos anos...

A señora PRESIDENTA: Señora Adán, fágolle unha segunda chamada á cuestión. Se vostede quere falar diso pode presentar calquera iniciativa, aquí vostede ten que falar en relación co Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* E, polo tanto, prégoles que se centre na cuestión e que continuemos coa orde do día.

(A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.)

E a señora Acuña ten unha chamada á orde porque non ten a palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Continúe, señora Adán, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Non podo falar de Andalucía, mais a min si que me gustaría porque xa falei onte bastante de Andalucía a respecto dos dous temas que defendín aquí. Porque alí non existe, tal e como se plantexou en Galicia, o sistema de 065, que era unha parte do sistema galego de benestar. Este Goberno liquidou o sistema galego de benestar en todas as súas dimensións, dende os centros de maiores, os centros para a infancia, o Servizo Galego de Servizo Adaptado. E despois temos que vir aquí e escoitar do señor presidente que foi o Goberno que máis servizos sociais creou, que foi o Goberno co cal está mellor Galiza, cun novo modelo industrial –chegou a dicir–. ¡Home!, francamente, é que, de verdade, a política é un todo; non podemos mirar de forma concreta unha situación como que se elimine o servizo de transporte adaptado do 065 e que, ao mesmo tempo, se nos diga que os nenos e nenas galegas non sofren problemas de mala nutrición ou que non temos un problema de pobreza. Coñecémolo e sabémolo perfectamente, é a primeira vez que moitos nenos nos colexios públicos –e sábeo o señor

conselleiro– non poden pagar 2 euros de actividades extraescolares ou para unha viaxe. E dígolle que o sei perfectamente porque o vivín na clase do meu fillo, e iso estámolo vendo todos os días para os desprazamentos.

Entón, ¿é fundamental o transporte adaptado? É fundamental. ¿Cal foi a contestación da conselleira o outro día na interpelación da cal fai causa esta moción? Que viviamos na multiplicación dos coches adaptados, que non era certo que se reducían á metade, que íamos ter o dobre de coches adaptados. Eu puxen catro exemplos concretos que intentou rebater, e as persoas que citei volvemos falar con elas e, efectivamente, en Dodro tiñan un dereito adquirido que se lles quitou e tiveron que pasar a un copagamento cando estaba recoñecido ese servizo. Efectivamente, as persoas que se desprazaban para non ir a un centro de día neste momento teñen dez viaxes. ¡Ah! pero non sabía eu na interpelación anterior que as dez viaxes non contaba a ida e volta, senón que son cinco, porque unha é ida e a outra é volta, co cal teñen que decidir cinco veces ao mes como se desprazan. As persoas de Marín seguen copagando eses 130 euros neste centro para persoas con discapacidade. E as persoas ás cales lles chegou esa carta negándolles o servizo seguen sen servizo no día de hoxe.

E vostedes aquí dirán hoxe que non se desmantela o 065, que imos ter máis coches de transporte adaptado que nunca, que esta é a multiplicación dos servizos sociais. Todos os informes –informes como o último Ditame sobre o desenvolvemento da avaliación territorial da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia– son letais a respecto das políticas sociais do Goberno galego. E vostedes aquí seguirán dicindo que vivimos no mellor dos mundos posibles, e non é certo. Non é certo, pois Galiza perdeu posicións nos servizos sociais, que xa eran febles de por si, mais tentouse facer un sistema de servizos sociais. E hoxe –como debateremos despois na seguinte iniciativa tamén a respecto dese suposto cambio de modelo para ter maior eficacia– ao que se vai é a un modelo de axencia que poida privatizar por partes os servizos sociais, axudada, dende logo, polos novos decretos de carteras de servizos.

Polo tanto, señora presidenta, cando falamos do 065, do transporte adaptado, estamos falando de todos os servizos sociais, estamos falando dunha situación de empeoramento

das condicións de vida das persoas galegas no seu conxunto. E as persoas dependentes e as persoas que teñen falta de mobilidade son as que máis o están sufrindo. Onte aquí debatemos unha lei con ese título de accesibilidade, pero ao mesmo tempo negamos o servizo de transporte adaptado ás persoas que o utilizan todos os días e non poden ou non van a un centro de día, ou quitámoslles os centros de día para que usen a través de convenios os seus propios coches. Non ten sentido.

Nós considerabamos que era necesario modificar este servizo de transporte adaptado para facelo universal e para facelo mellor; non para dividilo, trocealo por partes e deixar fóra as asociacións, deixar fóra sobre todo as asociacións máis pequenas –quero facer fincapé niso–, deixar fóra as persoas que o utilizan habitualmente, e obrigar as persoas que o utilizan regularmente a pagar copagos realmente prohibitivos, pois cando están cunha pensión de 500-600 euros como moito –casos reais– están pagando 70, 80 e nalgúns casos 130 euros soamente polo transporte adaptado. Pensen se teñen que ter unha persoa que sirva de coidador ou de coidadora no seu fogar.

Realmente, eu empezaba así facendo unha reflexión a respecto da situación dos servizos sociais. Si que vivimos unha reestruturación, pero non unha reestruturación como din vostedes constantemente tanto na páxina web da consellería como nas respostas parlamentarias para maior eficiencia, non. Esta é unha reestruturación para buscar novos nichos de negocio, porque vostedes entenden as persoas dependentes e as persoas con necesidade como clientes. Polo tanto, nós seguimos mantendo que non se desmantele o 065 e que aquelas persoas que xa teñan recoñecido o servizo que neste momento non se lles quite ou se lles obrigue ao copago.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Adán.

Intervención dos grupos parlamentarios. (*Aplausos.*)

Pola Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora Solla Fernández: Grazas.

Negar a fame de quen pasa fame e negar a necesidade de quen pasa necesidade é unha actitude miserable. Anunciamos que imos apoiar esta iniciativa do BNG en consonancia tamén coas preguntas que dende AGE fixemos en febreiro á propia conselleira, cando quedaba xa pouco tempo para que rematase o concerto actual do 065.

A situación actual é caótica, realmente caótica. Estamos vendo como persoas quedan nas portas da súa casa agardando un servizo do 065 solicitado a que este apareza. Plantóns a persoas con diversidade funcional que empregan este servizo, que quedan agardando nas portas da súa casa sen previo aviso, como o denuncian e como xa lle fixeron chegar –así como nos consta– misivas á propia Consellería de Benestar de queixa por esta situación.

Cando chaman á central o que se lles di é que dende a consellería se lles tiña que ter avisado de que non ían ter este servizo. Aviso que a algunhas persoas si que lles chegou por medio dunha carta concisa que lles di sen razón ningunha que quedan sen o servizo de transporte por empregalo máis de tres días á semana. Dinlles que ao entrar en vigor o Decreto 149/2013, polo que se define a carteira de servizos sociais e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento, é dicir, repagos, quedan establecidos dous tipos de transporte: regular e programado. E que o 065 é só para o puntual, polo que ás persoas que se desprazan de maneira regular lles retiran este servizo do 065. E dinlles que xa se porán en contacto con eles para informalos doutras prestacións que vai haber nesta carteira. É dicir, botan o carro antes dos bois.

Eu non sei se van facer ese transporte regular que dixo aquí a señora conselleira. Pero o que non se pode é que antes de que este transporte exista retirar o 065 para os transportes regulares. É un desastre, unha xestión desastrosa nunha consellería. Se a señora conselleira fora minimamente responsable, organizaría primeiro ese transporte que di que vai substituír o anterior e logo cambiaría as usuarias e os usuarios do 065 a ese transporte regular. Pero aquí, como non debe haber ningunha cabeza minimamente pensante, primeiro retíraselle o servizo e despois imos ver se creamos un novo. O non vai máis da xestión; vamos, empezar a casa polo tellado. Unha auténtica vergoña.

É gravísimo que por esa mala xestión teñamos hoxe en día persoas que están a quedar sen poder ir a actividades que lles

son necesarias e beneficiosas: a rehabilitación, a terapias, a estimulación nos centros habituais; persoas que deixan plantadas nas portas das súas casas. É gravísimo. Pero ademais hai nenos e nenas con diversidade funcional que empregaban este servizo de transporte adaptado para ir aos seus centros de estudo, aos seus colexios. ¿Que está pasando con esas persoas? Non se pode retirar un servizo antes de substituílo.

Pero é que, aínda así, o certo é que nin tan sequera sabemos, non temos a certeza de que iso vai ser así. A certeza que temos é que no decreto que pasa de considerarse unha función do 065, garantir o acceso en igualdade efectiva a este servizo, a favorecer o acceso en igualdade efectiva; é dicir, xa non garanten o servizo. É máis, dinnos que para poder usalo deben demostrar a imposibilidade de utilizar un transporte público, dio o decreto, non o inventamos nós.

E eu xa dixen aquí que non en todas as vilas hai transporte público e moito menos transporte adaptado. A señora conselleira mofouse dicindo que isto non era un problema de transporte no rural. Esa mesma señora que non é quen nin de organizar un servizo rise de que no rural non haxa transporte adaptado. O peor é que no mellor dos casos, onde si teñan taxis adaptados, por exemplo...,

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora Solla Fernández: ...non resolven a asistencia, porque moitas persoas precisan ir acompañadas e acompañados de coidadores. Pero é unha risa.

Para a conselleira só existían dúas opcións: deixar o servizo como estaba ou, o que fixeron, recortar o servizo actual para establecer un novo contrato privado e ademais un repago. A ver se se enteran de que a única maneira de que os servizos sexan universais e de calidade é que sexan públicos e gratuítos. O resto, o bo funcionamento conséguese cunha boa xestión. E, dende logo, con esta consellería e con esta Xunta de Galicia...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora Solla Fernández: ...non van ser quen de conseguilo nunca. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Socialista, señora Gallego Calvar.

A señora Gallego Calvar: Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras e señores deputados.

No Grupo Parlamentario Socialista estamos perplexos a estas horas da mañá porque acabamos de descubrir que hoxe en Galicia se vive mellor que no ano 2008, que hai menos pobreza, que hai menos persoas no desemprego, que os campións na destrución do emprego eramos os socialistas no Goberno no 2008, e que agora o señor Feijóo –que leva nada menos que destruído o 70 % do emprego que había daquela– pois é o campión da creación de emprego. En fin, cousas veredes. Isto non parece un Parlamento, parece un contacontos, e o maior fabulador deste contacontos é o señor Feijóo, como podemos apreciar todos os mércores que hai sesión de control.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista imos apoiar esta moción que presenta o BNG, despois de ter escoitado a conselleira aquí no Parlamento na interpelación e despois tamén de ter preguntado xa en moitas ocasións na Comisión 5ª sobre este servizo de transporte adaptado. En concreto, creo que dende o Grupo Parlamentario Socialista a primeira pregunta que fixeramos fora no mes de setembro do ano pasado, na que non nos aclararon nada. É dicir, no día de hoxe o que pide a señora Adán –e por iso vai ter o noso voto positivo e por iso tampouco emendamos– é retrotraer a situación ao que tiñamos, ao 065 que tiñamos. Porque se tiña algunha deficiencia –que podemos admitir todos que tiña deficiencias– o que se entende que debe de facer un Goberno responsable é coller o servizo, analizar cales son as eivas que ten e melloralo. Pero, claro, como estamos nestes gobernos do señor Feijóo no que todo é fabulación, o que fan é coller o servizo do 065, desmantelalo, deixar de dar o servizo ás persoas usuarias, poñer un copago que vai de 31 a 182 euros ao mes por persoa usuaria en función do IPREM –nada menos–, minguar o servizo a como máximo cinco viaxes ao mes –porque isto témolo contrastado– e aínda por encima despedir as persoas que estaban traballando neste servizo. É dicir, o negocio redondo.

As persoas usuarias con diversidade funcional e con problemas de mobilidade non van ter o servizo como o tiñan antes, as que poidan acceder a un servizo semellante vano ter que

facen cun copago brutal e, aínda por riba, as persoas que traballaban neste servizo adaptado do 065 na rúa. E iso fáino a conselleira de Traballo e Benestar, é dicir, a persoa que debería de estar máis preocupada, porque no noso país esta brutal destrución de emprego do 70 % dende que goberna o señor Feijóo se revertera. Claro que para iso habería que dedicar algo máis de orzamento e non reduci-lo nun 56% dende que goberna o señor Feijóo.

Pois ben, dende o Grupo Socialista –insisto– imos apoiar esta moción, e ademais imos pedirlle ao Grupo Popular que pensen ben o que van facer, porque a verdade é que todas as persoas usuarias que hoxe teñen esta carta da que falaban as persoas que me precederon no uso da palabra, esta carta que lles di que desaparece un servizo que tiñan programado e que no futuro se poñerán en contacto con eles para ver se existe outro servizo, están desesperadas, porque si que incide este servizo no mundo rural, por suposto que si. Claro que hai persoas no mundo rural que non teñen en que desprazarse para ir aos centros de día, para ir ao médico, para ir recibir calquera tipo de terapia ou para incluso poder ter unha oportunidade de distracción, de lecer, porque as persoas maiores e non tan maiores, con problemas de mobilidade, deben poder vivir en igualdade de condicións que as demais persoas, e, polo tanto, deben poder ter ao seu dispor os servizos que a Administración debe garantir-lles. E esta modificación do servizo 065, señoras e señores deputados do Partido Popular, o que fai é deixar á xente nas súas casas, sen posibilidade de ter acceso a un transporte...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...adaptado. E aínda por riba destrúe emprego, e aínda por riba encarece os servizos. Así que deixen de disfrazar de melloras o que é, unha vez máis, un recorte no noso Estado de benestar e nas políticas de benestar que debera garantir o Goberno do señor Feijóo. Deixen de fabular e de enganar a xente e póñanse a traballar para que as persoas con discapacidades e con dificultades de mobilidade poidan ter un servizo adaptado ás súas necesidades.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Popular de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señora presidenta.

Bo día, deputadas e deputados.

A verdade é que, escoitando as intervencións das portavoces da oposición, esta deputada non dá crédito. E non dá crédito porque hoxe o Grupo Parlamentario do BNG presenta unha moción dicindo que o Goberno galego paralice o desmantelamento do Servizo do transporte adaptado, do 065.

No anterior pleno do Parlamento aquí estivo a conselleira de Traballo e Benestar, e parece ser que vostedes, ou non a escoitaron, ou non a quixeron escoitar. Pois cando a vostedes non lles interesan as explicacións que dá a Xunta de Galicia para explicar o que está facendo para solucionar un servizo que tiña moitísimas queixas dos usuarios, vostedes non queren escoitar.

Veñen aquí hoxe a dicir unha serie de cuestións, señora Adán, como que o que quere facer a Xunta de Galicia é desmantelar os servizos sociais e o que quere facer a Xunta de Galicia é negocio cos servizos sociais. A min non me gusta entrar nestas cuestións cando falamos deste tipo de iniciativas e dos servizos sociais, señora Adán, pero vostede estivo nun goberno onde o BNG era o responsable de xestionar os servizos sociais, e o propio presidente dese Goberno díxolle ao BNG que utilizaba os servizos sociais como unha rede clientelar para meter alí as persoas que vostedes (*Aplausos.*) consideraban. Iso si que é utilizar os servizos sociais para facer unha rede clientelar. E recórdollo, non o dixo esta deputada, díxoo o presidente da Xunta de Galicia, o señor Touriño.

Miren, este servizo non o puxo en marcha o Partido Popular, este servizo púxoo en marcha o Goberno bipartito. E o decreto non o publicou o Partido Popular, o decreto publicouno o Goberno bipartito. O decreto dicía que este servizo era para un desprazamento programado e non urxente para persoas que non puideran acceder ao transporte ordinario. Non o di o Partido Popular, señora Solla, dicíao o decreto do anterior Goberno bipartito. Ten vostede que argumentar ás veces un pouquiño máis cando fala de determinadas cuestións.

Sen embargo, vostedes saben que durante todos estes anos a utilización que se lle estaba dando ao servizo do 065 era para servizo de transporte regular. É máis, o 80 % dos usuarios do 065 cubrían un servizo regular diario, e estábanse dando casos nun mesmo centro de usuarios que chegaban pagando polo transporte e outros que o facían gratis a costa dun mal uso do servizo do 065. ¿Isto que provocaba? En primeiro lugar, que moitos usuarios do transporte puntual quedasen sen servizo. En segundo lugar, moitas queixas entre os usuarios, queixas que vostedes coñecían e coñecen e que agora obvian. Cando tiveron coñecemento desas queixas, chegaron aquí a este Parlamento con multitude de iniciativas, instando a Xunta de Galicia a que corrixira esas deficiencias do 065 ante as constantes denuncias dos usuarios destes servizos. E resulta que agora, cando a Xunta de Galicia revisa o funcionamento do Servizo do 065 para corrixir estas deficiencias, vostedes veñen aquí dicir que a Xunta de Galicia o que quere é desmantelar o 065. A verdade é que a coherencia e o rigor no é o seu, porque as iniciativas instando a Xunta a que corrixira e revisara o funcionamento deste servizo foron presentadas polo seu grupo e o Grupo Parlamentario dos Socialistas, pódeo comprobar calquera deputado ou deputada desta Cámara. E o que fixo o Goberno galego foi revisar o servizo. ¿Para que? Pois para melloralo. Para manter o 065 para os máis de 8.000 usuarios que neste momento tiñan recoñecido o dereito, cunha diferenza moi importante: que neste momento o servizo si vai estar garantido por decreto. Polo tanto, eses máis de 8.000 usuarios non terán que pagar nada por utilizar o Servizo do 065, cero euros, e vostedes están mentíndolle á xente dicindo que van ter que pagar por utilizar ese servizo.

E, por outro lado, o transporte regular, que xa lle explicou a conselleira que se vai cubrir por primeira vez con financiamento do Goberno autonómico.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Polo tanto, non haberá ningún usuario con dereito que quede sen este servizo; o servizo será gratuito, garantido por decreto, e os usuarios do 065 non van pagar nada. Polo tanto, non entendemos como vostedes, despois de coñecer os datos que veu aquí a conselleira expoñer e a explicarlles como vai funcionar o servizo, seguen a dicir que a Xunta de Galicia vai paralizar e desmantelar o Servizo de transporte adaptado 065, porque é mentira.

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Por iso nós imos votar non a esta mentira de moción. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo grupo autor da moción ten a palabra a señora Adán Villamarín. Déanlle voz dende o escano, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Francamente, señora Rodríguez Arias, hai que ter valor hoxe para subir, hoxe exactamente, a esta tribuna e falar de rede clientelar, ¡hai que ter valor! Hai moitas veces que máis vale estar calada que non falar de máis. (*A señora Rodríguez Arias pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Moito máis, señora Rodríguez Arias!

A señora PRESIDENTA: Señora Rodríguez Arias.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: E hoxe é un deses días que vostede, polo menos, debería estar calada (*A señora Rodríguez Arias pronuncia palabras que non se perciben.*) neste tema.

A señora PRESIDENTA: Señora Rodríguez Arias, chámola á orde.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Si, si, claro, ¡e tanto que claro, señora Rodríguez Arias! Dígollo moi tranquila, debería vostede hoxe calar sobre ese tema, e, ao falar da rede clientelar, mirar un pouco nas súas bancadas.

Mire, señora Rodríguez Arias, por respecto a todas as persoas que hoxe están sen o 065, vostede dixo aí que 8.000 persoas tiñan o dereito recoñecido e gratis. Dereito recoñecido e gratis cando chegaron as cartas que todos coñecemos, e coñecemos as persoas concretamente, a moitas das que lle chegaron, persoas que hoxe teñen que pagar 40, 50 ou 60 euros –dependendo dos seus escasos ingresos– polo 065. ¿Como se pode dicir que o van ter gratis? Persoas que tiñan recoñecido o dereito ao transporte adaptado están pagando 60 euros. ¿Que temos que facer? Traelos ao Parlamento directamente e que poidan falar dende a tribuna. (*A señora Rodríguez Arias pronuncia palabras que non se perciben.*) Non é gratis, señora Rodríguez Arias.

A señora PRESIDENTA: Señora Rodríguez Arias.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ¿Saben onde está a súa trampa? En que vostedes, no cambio do decreto, deixan a moita xente fóra. Algúns téñeno gratis se van a eses centros de día e se dá como un servizo deses centros de día. Pero é que hai persoas –e podemos traer o exemplo de centros de día e de centros de persoas con discapacidade– que non teñen ese servizo ou que o están pagando de forma abusiva. Parece que hai como dúas cosmovisións diferentes da realidade, mais o certo é que vostedes van votar en contra de que se manteña un servizo para as persoas que máis o necesitan. Traeremos a esta Cámara exemplos de como o están pagando e de como quedaron sen o servizo de transporte adaptado. É así. Non, non, gústenos ou non... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Acene todo o que queira coa cabeza, mais existen persoas –e vostedes non o poden negar– que hoxe non disfrutan do transporte adaptado. ¿Que tiña problemas de funcionamento? Efectivamente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, efectivamente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É que non é tan sinxelo montar –e vostede sábeo perfectamente– un sistema cando non había nada para a discapacidade, cando non existía ningunha fórmula de transporte para as persoas que non teñen mobilidade. Pero vostedes non melloraron o transporte adaptado, ¡vostedes desmantelárono! E desmantelárono coa integración na Axencia da que despois falaremos, desmantelárono con esa carteira de servizos. Dígallelo vostede ás persoas que recibiron a carta e que están agardando por ese novo modelo. Dígallelo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recousó, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de emprego

A señora PRESIDENTA: A esta moción non se presentaron emendas. Para formulala ten a palabra o señor Fajardo Recousó.

O señor FAJARDO RECOUSO: Moi bos días a todos e a todas.

A última vez que subín a esta tribuna expulsóuseme por falar de regalos. Hoxe, polo tanto, non quero falar da abella Maya, non quero falar de incrementar facturas en 3.000 euros, non quero falar de enchufes nin quero falar de “aquí cheira a pelotazo”. Quero falar das cousas que parece que o Goberno non entende, non quere entender e non quere ver.

Hoxe tiven que asistir dende o meu asento á demostración dun goberno alleo á realidade do seu país, e, polo tanto, incapaz para solucionar os seus problemas. Onte mesmo, nun diario deste país, saía unha veciña da ría de Arousa dicindo que polas tardes non lles podía facer o bocadillo aos seus fillos, dicindo que levaba meses comendo pasta cocida sen nada máis, e ademais dicía que tiña que rebaixar con auga o leite que lles daba aos seus fillos. Esa é a realidade do país, pero parece que o Partido Popular non entende esa realidade, non sabe que iso acontece.

Non pasan fame, non pasan fame porque eles non saben o que é a fame, pero neste país hai unha boa parte de xente que pasa fame. Pasa fame a xente que está fóra do mercado laboral, pero tamén están empezando a pasar fame os que traballan con salarios miserentos. Neste país existe unha enorme distancia entre a realidade laboral e a lexislación que supostamente defende os dereitos laborais. Estamos nun país onde hai un número importante de empresarios indecentes que están –digamos– sostidos polo Partido Popular. E por desgraza neste país tamén hai moito empresario decente que ten a competencia desleal de quen utiliza o mercado laboral para ultraxar os seus traballadores. Cando tes a sorte de ir a unha entrevista de traballo, o primeiro que che din é que, das vacacións, olvídate; en todo caso, tes 15 días. O primeiro que che din tamén é que é moi probable que coñezas a túa hora de entrada no posto de traballo, pero que descoñeces a hora de saída. Que cando firmes o teu contrato tamén vas firmar o teu finiquito. E, sobre todo, que o convenio colectivo serve para poñer na nómina o salario que supostamente vas cobrar, pero que non ten que ser en realidade o salario que leves á túa casa. Iso é o que conseguiu o Partido Popular, un exército de desempregados que fai posible a explotación continua da clase obreira por parte dalgúns empresarios deste país.

O Partido Popular converteu a explotación laboral nunha forma de relacións laborais. Cando eles falan de flexibilizar co obxectivo de acadar a competitividade, en realidade o que están facendo é que neste país se asuma como normal a

explotación da clase obreira e o escravismo. Estamos falando de submisión, de sometemento, de opresión, de tiranía, de abuso e de vexación. Ese é o mercado laboral e as relacións laborais deste país. As relacións laborais deste país están destrozadas por culpa dos decretos do Goberno do Partido Popular que desregularizan o mercado laboral e converten os traballadores en carne de canón para aqueles empresarios que queren seguir explotando os traballadores para ter maiores marxes de beneficio.

Fronte a isto, non só unha situación de mercado laboral lamentable, senón de desemprego en alza e absolutamente inasumible. A conselleira do desemprego e do malestar debería dimitir. Debería dimitir porque esta semana mesmo fixo unhas declaracións que son inaceptables nun gobernante nun país co 21,7 % de paro rexistrado. Decía a conselleira esta semana que o obxectivo do Goberno durante todo este ano era pasar do 21,7 % de paro rexistrado ao 21 %. É dicir, que a conselleira se conformaba con reducir en todo o ano 745 persoas no desemprego cada mes. Ese é o obxectivo do Partido Popular, un 0,7 % de rebaixa de desemprego. Iso é unha absoluta aberración. O que demostra é que o Partido Popular o que quere é esa sociedade con grandes índices de desemprego, porque o Partido Popular necesita, para que as súas políticas de represión funcionen, un exército de parados que exerza de freo ás reivindicacións laborais e de rebaixa dos salarios da clase obreira deste país.

Pero é que, ademais, o Partido Popular mente e engana cando fala das cifras, destrúe emprego e segue a destruír emprego. En marzo deste ano hai moitos menos traballadores que en marzo do ano pasado. Esa é a realidade da política do Partido Popular: un drama, unha hemorraxia que está facendo que este país esmoreza namentres o seu goberno mira para outro lado. Mentres o seu goberno non fai nada para cambiar a situación, é incapaz de poñer encima da mesa ningunha política de emprego que funcione, soamente gasta en publicidade e propaganda.

Miren vostedes, o Partido Popular sae agora anunciando que o seu gran plan para acabar co desemprego xuvenil é ese plan dotado con 100 millóns de euros. Despois falarei del. Unha vez máis, política de propaganda, engano e mentira á cidadanía deste país. Agora anuncian 100 millóns de euros, pero no 2010 anunciaron 500 millóns de euros para o desemprego xuvenil, cos mesmos modelos que levaron a

esta situación onde a metade dos mozos deste país está en situación de desemprego e boa parte da outra metade está fóra do país.

Polo tanto, se aquel plan con 500 millóns, que non se executou e que contiña as mesmas políticas que este novo plan, fracasou, no que estamos en realidade é na escusa de utilizar un plan de emprego para drenar 100 millóns das arcas públicas ás empresas amigas do Partido Popular.

Eu denunciarei moitas veces nesta Cámara que un dos elementos fundamentais para atopar traballo neste país era ter o carné do Partido Popular, ou, se non, cando menos, deixar ben claro que eras votante do Partido Popular. Esa denuncia confirmase en pinchazos telefónicos onde queda claro que son utilizadas as subcontratacións e a privatización de servizos para colocar os amigos do Partido Popular e dunha voceira do Partido Popular –que, logo diso, debería de abandonar esta Cámara se lle queda un mínimo de dignidade–.

Polo tanto, é moi probable que, cando estamos falando desta situación, se cando este mes se acaba de licitar de novo publicidade e propaganda para o plan demográfico deste país, o que esteamos dicindo é que imos drenar eses millóns de euros a esas empresas para que sigan explotando traballadores. Porque as empresas van recibir cartos para contratar xóvenes por 426 euros. Iso é miseria, absoluta miseria. Neste país imos subvencionar a miseria, imos poñer cartos de todos para que as empresas exploten a traballadores e permitan, polo tanto, despedir a traballadores indefinidos con condicións laborais dignas. Neste país estamos cambiando emprego digno por escravitude, e ao Partido Popular non só non lle parece mal, senón que o subvenciona e o alenta. Ese é o modelo que ten o Partido Popular.

Pero o Partido Popular tamén fala de que, para acabar co desemprego, é necesaria unha política de incentivar a creación do autoemprego, dos autónomos, do que vostedes chaman emprendedores. Pois iso tamén é un fracaso neste país. Durante o ano pasado catro comunidades autónomas destruíron emprego entre os emprendedores e os autónomos, entre elas, Galicia, a cuarta comunidade que máis emprego destruíu entre os autónomos no conxunto do Estado. Ese modelo que vostedes poñen encima da mesa, que é a salvagarda e o que nos vai levar a todos á felicidade, que é o autoemprego e o emprendemento, resulta que é o modelo que nos con-

dena á miseria. Porque moitos deses empregados que eran empregados por conta allea e son lanzados ao mercado do autoemprego, son lanzados a que os bancos lles coman a súa vida de por vida. Porque non só non atopan emprego, senón que, ademais, seguen lastrados polos créditos durante o resto da súa vida. Son moitos, son decenas, son miles os negocios que abren en autoemprego e apenas duran un mes.

Pero aí está o error do Partido Popular, non só por fomentar ese modelo que vai fracasando día a día, senón que, ademais, é incapaz de cumprir os seus compromisos. ¿Como é posible que estes traballadores que teñen que iniciar o seu proceso laboral de autoemprego, cando solicitan unha axuda, hai unha liña de axuda da Xunta de Galiza que di: Primeiro consegue o financiamento do banco e despois dámosche a axuda?

Outro exemplo. Nos plans para rexenerar zonas marisqueiras deste país, que podían dar máis postos de traballo, resulta que, antes de recibir a subvención, tes que acadar o financiamento da entidade financeira. Como iso non se acada, non hai axuda. E cando iso se acada, hai moitos casos nos que a pesar de todo non se acaba cobrando a axuda. Neste despacho da Xunta de Galicia, no seu caixón, hai decenas, centenas, de subvencións outorgadas que non están sendo pagadas aos autónomos deste país.

Polo tanto, o problema do emprego deste país non son as condicións laborais, non son os salarios dos traballadores, o problema do emprego neste país é un goberno incapaz de dotar de financiamento suficiente as empresas, incapaz...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...de dotar de circulante as empresas.

Este país que loa a empresarios que explotan o que persegue é ese modelo. Hai un grande home deste país que explota a traballadores en Marrocos con xornada de 65 horas por 178 euros. Parece que ese é o obxectivo do Partido Popular, a explotación por apenas 178 euros ao mes.

Alternativa Galega rebélase ante esta situación e non estamos dispostos a asumir que traballar neste país sexa sufrir explotación para malvivir neste país. A xente non pode malvivir...,

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...non pode sobrevivir, a xente ten que vivir con dignidade, e por iso plantexamos plans de emprego baseados en empregos dignos e de calidade nos nosos sectores primarios, que tamén cheguen a aquelas persoas de máis de 45 anos que foron botadas do mercado laboral; e, polo tanto, o obxectivo da Alternativa Galega de Esquerda é que o Partido Popular se dea conta de que coa explotación non se consegue riqueza e que levamos a este país cara a Biafra, a ser unha nova Biafra en Europa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fajardo.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Efectivamente, eu tamén me teño que sumar ao grupo de perplexos e perplexas que hoxe asistimos, como cada vez que hai sesión neste Parlamento, á desfachatez con que se trivializa a situación dos galegos e das galegas.

O presidente do Goberno de Galiza hoxe volveu dar aquí un slogan, que como slogan pode enganchar moi ben aquí-lo de que estamos mellor que hoxe, pero peor que mañá; aquilo das *medallitas* da nai que tanto nos meteron cando eramos pequenos —máis ou menos podemos facer un símil—. E pode repetilo mil veces e poden vostedes aplaudilo, pero a realidade é que a maioría da xente que está aí fóra, unha inmensa maioría, non está mellor ca onte. E, dende logo, non ten ningunha esperanza de que estea peor ca mañá; é dicir, que mañá vaian estar mellor. Non teñen ningunha desas esperanzas porque o día a día éelles realmente moi duro.

Efectivamente, os principais problemas que ten Galiza son o paro e a emigración, o paro e a emigración, que son problemas estruturais e teñen moito que ver co papel que a Galiza lle ten asignado o Estado español, e ten moito que ver co papel que a Galiza lle ten asignada a Unión Europea: papel

de periferia, marxinal e de colonia, aínda que vostedes queiran disimulalo e chamarlle doutro xeito.

Neste contexto, as diferentes reformas laborais que foron aprobando os gobernos de Madrid non fixeron, dende logo, máis que empeorar a situación. Reformas laborais, reforma das pensións, das prestacións por desemprego, dinamitación da negociación colectiva, recortes e privatizacións de servizos, todo vai na mesma dirección: chuchar aos de abaixo para beneficio dos de arriba. E a práctica totalidade desas reformas laborais emprendidas nos últimos trinta anos, e aceleradas nos últimos, só responderon ao criterio de flexibilizar o mercado laboral, é dicir, cambiar emprego estábel por emprego precario e mal pagado, simplificando fórmulas contractuais, facilitando a temporalidade. E os datos, dende logo, están aí.

Se comparamos os datos que había antes da reforma laboral do 2009, Galiza despois desa reforma laboral tivo moitos máis parados; e despois da reforma laboral do 2012, outros 35.000 parados máis. É dicir, que dende logo o obxectivo non era crear emprego nin moitísimo menos.

O que si lograron estas reformas foi, por un lado, aumentar a taxa de temporalidade e fundamentalmente aumentar o desemprego xuvenil –os datos xa os demos aquí en innumerables ocasións–. O que fixeron esas reformas laborais foi lograr que a taxa de paro das mulleres galegas medrara no último ano 1,5 puntos e que as mozas galegas sigan a emigrar porque non atopan traballo aquí, e as que permanecen aquí ven como se precariza o seu emprego e como se precarizan as súas condicións laborais. O que si conseguiron esas reformas laborais foi que persoas maiores de 55, parados de longa duración, vexan como quedan sen coberturas e a expensas da beneficencia, da caridade dos seus entornos familiares ou de amizades.

E nesta situación, un goberno que se prezara de tal, lonxe de reaccionar, lonxe de exercer de goberno de Galiza, dos galegos e das galegas, e de plantexar certas medidas e de poñer en marcha realmente auténticas medidas de creación de emprego, fundamentalmente ligadas aos sectores produtivos, ligadas ás potencialidades de Galiza, que son moitas, dende logo, o que observamos con moitísima preocupación no Partido Popular é que o que se segue como exemplo son os exemplos dos Amancios Ortegas, que significan máis

ganancia para os accionistas e máis precariedade para os traballadores e traballadoras. Vemos que se segue o exemplo de Exlabesa, e por iso o Partido Popular ten a desfachatez de ir presentar o plan de emprego xuvenil a esta empresa, que o que fai é convenios moi inferiores aos provinciais, onde o 50 % das persoas empregadas son a través de ETT.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: Ou onde calquera tipo de reivindicación é contestada co despedimento. E xa a nosa alarma xorde cando escoitamos hai dous días o presidente de PSA Citroën, o señor Núñez Codina, dicir que hai que seguir o exemplo de ter aí ao lado un país *low cost*, como é Portugal, seguir o exemplo dos baixos salarios que ten Portugal e facer cundir o exemplo, porque a competitividade ten que estar ligada a eses baixos salarios. Porque resulta que somos os...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Prado, por favor.

A señora PRADO CORES: ...peores salarios de entre os mellores, pero temos os mellores salarios dos peores. E entón, como conclusión, hai que ir a peores salarios porque ese é o elemento competitivo. E a min non me preocupa que o diga o presidente de Citroën, que si me preocupa, o que me preocupa é que non saia o Goberno galego a dicirlle que ese non é o modelo, a dicirlle que non están dispostos a que se siga por esa senda. Iso é o que lle preocupa ao Bloque Nacionalista Galego, por iso apoiamos esta...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Acabo, señora presidenta.

Por iso apoiamos esta iniciativa, porque realmente Galiza ten instrumentos...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...e ten capacidades para crear emprego e non seguir por esta senda, que non é máis que a da destrución.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo Socialista.

Dona María Quintas ten a palabra.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Grazas, señora presidenta.

Bos días.

Bueno, realmente hai que ver que o paro, o Plan de emprego xuvenil, non esperta moito interese no Goberno. Pero, bueno, despois de oír o presidente Feijóo, que describía un país que non sei cal é... Dende logo non é Galicia, debe ser o país dos *desayunos del Ritz*, ¿non?

Hai unha realidade, e palpamos todos que hai unha regresión das condicións de vida, menos o presidente Feijóo e menos o Partido Popular, que describe un país que realmente descoñecemos. E esa realidade vén producida por unha crise importante pero, sobre todo, por unhas decisións inxustas que destrúen a calidade de vida das persoas. Unhas decisións que nos retrotraen a décadas e unhas decisións que, desde logo, frustran o futuro dos cidadáns. Eu creo que por primeira vez hai unha xeración, a xeración dos pais, que vemos que os nosos fillos non van vivir mellor ca nós. Iso é algo absolutamente innovador por parte do Partido Popular. Todas as xeracións de pais vían, cando ti empezabas a traballar con 19, con 20, con 25 anos, que as cousas ían mellorar. Agora o futuro é que as cousas van empeorar.

O presidente do Goberno de Galicia vén aquí e fai un baile de cifras, e cunha actitude absolutamente –non encontro a palabra que non teña que retirar posteriormente– que raia o chulesco. Claro, cando a realidade aí fóra e outra, pois, desde logo, aquí dentro hai que ter un mínimo de compostura polo menos. De non levar a cabo as reformas que hai que facer, polo menos ter un mínimo de compostura.

Falaba o presidente da risga. Claro, ¿por que aumenta neste país a risga? Porque estamos en risco de exclusión social. Porque entre o paro e os cidadáns e cidadás que teñen que saír do país, estamos en risco de exclusión social.

Para o colectivo de menos de 25 anos a taxa de paro subiu case cinco puntos respecto de 2012; estamos por encima do 50 %. No que se refire ao paro de longa duración, ascendeu preto dun 20 %; 100.000 mozos galegos de entre 15 e 35 anos emigraron dende 2010; en 2013 reduciuse en 30.000 o número de activos en Galicia entre as persoas de entre 20 e

34 anos de idade. A poboación que abandona o mercado de traballo xa nin sequera vai ao paro, non é a primeira nin a segunda nin a terceira vez que o dicimos aquí; directamente vaise. Máis de 70.000 xóvenes marcharon de Galicia, outros 74.000 mozos están sen emprego, esa é a realidade deste país con respecto á xuventude.

¿Que dicir da parcialidade e da temporalidade do emprego feminino? É dicir, os gobernos do Partido Popular non desprezan as mulleres, senón a metade da poboación. A metade da poboación deste país desprézana, non a consideran, e todas as súas leis, sexan de emprego ou sexan doutros ámbitos, van nun senso: volver a hai corenta anos.

A metade das paradas galegas, das mulleres paradas galegas, sono de longa duración. Unha de cada catro mulleres en Galicia atópase en risco de pobreza ou de exclusión social. Case 60.000 mulleres galegas novas tiveron que emigrar desde o inicio da crise. Este é o Goberno da ineficacia, pero tamén da desigualdade.

As reformas do Partido Popular obedecen a unha estratexia clara da dereita: devolver as mulleres a un rol reprodutivo e a un rol de coidado, de coidado das persoas maiores. É dicir, o que non invisten, o que non orzamentan en realidades que están a ocorrer no país, pretenden coa súa lexislación que o fagan as mulleres, é un retroceso de dereitos. Non só a aprobación da reforma laboral é unha reforma ideolóxica, é unha reforma que pretende cambiar a estrutura social deste país, senón tamén o tema da muller.

Pero, se a metade da poboación se encontra...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...en risco claro, ¿que se fai coa outra metade? Perderon os pensionistas, perderon os traballadores co salario mínimo interprofesional, perderon os empregados públicos. Esta é unha realidade que, por máis que a digamos, parece que non desperta interese, pero é a realidade de estar acabando cun país. ¿Cal é o futuro? ¿Cara a onde camiñamos? ¿Camiñamos ao que fixo o presidente da Xunta, a vir aquí nunha actitude e describir a un país que non existe?

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Eu non sei se desde a terraza dun bar de Madrid el ve este país, pero este país non é como el o define.

Grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señora Quintas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Resulta evidente que a oposición e o grupo que sostén o Goberno mantemos visións ben distintas sobre a crise económica que dende hai seis anos sacude España. Mantemos visións distintas sobre cales foron os responsables e sobre que medidas aplicar para saírmos desta crise.

Nós somos plenamente conscientes da responsabilidade que ten cadaquén, e de que na raíz desta crise, señora Quintas, o Partido Socialista ocupa un lugar destacado. A súa negación da crise, a súa inacción, a falta de valentía política para adoptar medidas, foi precisamente o que nos levou a esta situación, moito máis grave que a do resto dos países de Europa que tamén se viron afectados por esta crise.

Dende logo, o Goberno de Mariano Rajoy decidiu dende o primeiro momento converter a saída da crise na súa prioridade, por iso se adoptaron e se están a adoptar medidas de reforma para aportar solucións aí onde había problemas. Esa é a valentía política dun goberno que decide aportar solucións; un goberno que decide asumir a responsabilidade de gobernar; un goberno que adopta decisións difíciles, ás veces impopulares, pero en todo caso imprescindibles, cunha única dirección: reactivar a economía de España e crear emprego.

A verdade é que o Partido Socialista ten pasado do optimismo patolóxico que tiña cando gobernaba o señor Zapatero a este catastrofismo apocalíptico que imprime o señor Rubalcaba.

Dende logo, este goberno adoptou as reformas precisas: a reforma laboral para crear emprego; a reforma do sistema de pensións para garantir as pensións; a reforma do sistema

financeiro para que flúa o crédito; a reforma eléctrica para garantir a competitividade da nosa economía; e a reforma da Administración pública. En definitiva, este goberno está a adoptar medidas, e ademais dende unha clara óptica de vocación e de compromiso social, e proba diso é que tres de cada catro euros é gasto social da Xunta de Galicia. O gasto social representa o 78 % do orzamento da Xunta, por iso, cando no 2009 aínda gobernaba o bipartito, en risga adicábanse 22 millóns de euros, e neste ano 2014 adicáranse 39 millóns de euros, un incremento do 75 %; axudas de emerxencia social, un incremento do 55 %; dependencia, un incremento do 100 %; comedores escolares, un incremento do 53 %. Esa é a diferenza entre o que fan uns e o que fan outros.

Con respecto ás propostas que inclúe AGE na súa moción, son seis propostas concretas nas que eu quixera centrar a miña intervención.

Propoñen derrogar a reforma laboral. Con respecto á reforma laboral, nós o que temos que dicir é que estamos convencidos de que está a dar os seus froitos, e proba diso é que o ano 2013 rematou con menos desempregados que o ano anterior. Hoxe hai 12.500 parados menos que hai un ano en Galicia. No último ano, o paro baixou en España en 227.000 persoas entre febreiro de 2013 e febreiro de 2014. O número de ocupados creceu en 61.557 traballadores. O paro baixou en febreiro, e non o facía dende o ano 2007. Polo tanto, estamos claramente ante un cambio de tendencia. O número de contratos medrou no último ano un 14 %, a contratación indefinida medrou tamén un 7 % entre febreiro de 2013 e febreiro de 2014. Polo tanto, nós estamos convencidos de que esta reforma laboral era imprescindible e está a servir para frear o ritmo de destrución de emprego e entrar na senda de novas contratacións.

En materia de desemprego queda moito por facer, dende logo, tendo en conta a cifra de paro de Galicia: 280.000 persoas que queren traballar e non poden. Pero, en todo caso, hai indicadores macroeconómicos que nos permiten ser optimistas no futuro; e digo optimistas, non triunfalistas.

Falan na súa iniciativa do Plan de emprego xuvenil. Simplemente dende o Grupo Popular lamentamos que non o apoiem. Cremos que todos compartimos o convencemento de que o paro xuvenil é un dos principais problemas do noso

país e que non abonda con que a taxa xuvenil de Galicia sexa menor que a nacional. Cremos que temos moito que facer, por iso nós estamos satisfeitos de que a Xunta de Galicia sexa un dos primeiros gobernos autonómicos en poñer en marcha un plan desta natureza, cun investimento de 100 millóns de euros no bienio 2014-2015.

Na súa iniciativa solicitan a creación dun plan de emprego feminino e un plan de emprego para maiores de 45 anos e parados de longa duración. Neste sentido, nós o que temos que dicir é que tanto as mulleres como os parados de longa duración e maiores de 45 anos xa son colectivos prioritarios dentro das políticas activas de emprego que desenvolve a Xunta de Galicia.

Outro dos puntos que inclúe a iniciativa de AGE...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...é a creación de emprego público. Nós temos que dicir que, ao longo desta crise, dende ao ano 2008 mantense practicamente o número de empregos públicos en Galicia; hai unha redución do 0,9 %. E, dende logo, o Goberno da Xunta de Galicia apostou sempre, dende o primeiro momento, por priorizar a estabilidade e a profesionalización do emprego público, e foi, dende logo, o Goberno anterior quen incluíu cláusulas como a taxa de amortización.

Sobre o plan de reutilización de espazos industriais, dicir simplemente que dende a Xunta de Galicia xa se están a adoptar medidas para facilitar a consecución de parcelas cunha...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...redución de custos de entre o 20 % e o 50 %, e que, polo tanto, nese camiño xa se está traballando.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Tellado.

Réplica, señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bueno, señor Tellado, entendo que vostede ocupase o 80 % da súa intervención sen falar do emprego, porque é moi difícil tratar de enganar á xente con cifras que son falsas, son falsas.

O seu Goberno destruíu o emprego no 2013. A principios de 2013 tiñamos 913.755 cotizantes neste país; ao rematar, 898.000 cotizantes. Vostedes foron quen de incrementar a taxa de desemprego xuvenil do 48,4 % ao 50,7 % en só un ano; esa é a realidade das cifras do desemprego neste país. Pero vostedes parece que se dan por satisfeitos e que iso lles serve, e falan de que están facendo cousas. Mire, mellor estean quietos, porque, das cousas que vostede plantexou, a primeira, reforma laboral, ¿sabe o que significa reforma laboral? ¡Claro que funciona a reforma laboral! A reforma laboral conseguiu os obxectivos que se plantexou o Partido Popular, que non eran outros que rebaixar salarios –un 10,8 % de baixada de salarios– e o despedimento case que gratuito; neste país o despido é libre e xa é case gratuito grazas ao Partido Popular. Gustaríame que neste país tamén se puidera despedir a aqueles que inflan facturas e a aqueles que enganan incluso á abella Maya, pero iso non o pon a reforma laboral.

Falamos da reforma das pensións. ¡Claro que tamén vostedes fixeron cousas que reforman as pensións. O que fai a reforma das pensións é que neste país nos imos xubilar máis tarde e imos cobrar menos por xubilarnos. E moita xente deste país, logo desta reforma, nin sequera se pode xubilar. Hai neste país a día de hoxe centenas de traballadoras do mar que chegan aos 65 anos e, despois da reforma, non se poden xubilar, pero tampouco poden continuar traballando para cotizar ese tempo que lles fai falta para xubilarse. Esa é a realidade dos actos do Partido Popular.

Vostedes son crueis coa clase obreira. Vostedes perseguen os traballadores. Vostedes condenan á miseria á xente, e, aínda por riba, non poñen encima da mesa ningún plan para solucionar as cousas. Claro, claro que fan cousas. Din vostedes que mobilizan parcelas e que poñen en funcionamento descontos do 20 % nesas parcelas. ¿Saben o que fan vostedes con empresas que poden funcionar? Mandar á Policía para que quite a maquinaria. Recórdolle en Vilagarcía de Arousa, cen empregos destruídos de forma ilegal por unha empresa, e vostedes, en vez de defender a empresa, mandaron á Policía para desalojar as traballadoras que defendían os seus

postos de traballo. Esa é a realidade do Partido Popular. Está claro que sendo deputado do Partido Popular, e tendo carné do Partido Popular, estas cousas non pasan porque sempre podes chamar a Paula e que te busque un chollíño nunha empresa. Esa é a realidade do mercado laboral.

Polo tanto, nós exixímoslles que fagan algo, que se poñan dunha vez a traballar por eses colectivos que non se están tendo en conta. ¿Que pasa cos maiores de 45, que non volven atopar traballo neste país e que vostedes condenan á miseria porque incluso lles quitan as prestacións? Vostedes tamén fixeron cousas no desemprego: é máis difícil, máis custoso e cada vez é máis complicado cobrar unha prestación neste país. Case...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...a metade dos desempregados deste país non reciben nin un só peso das arcas públicas.

Polo tanto, señores do Partido Popular, está claro que hoxe demostraron a súa faciana: a faciana da tiranía contra a xente do país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fajardo.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Gallego Calvar, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión dos servizos sociais

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda.

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), por iniciativa da súa deputada Consuelo Martínez García, a través do seu portavoz, Xosé Manuel Beiras Torrado, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta moción.

Emenda de adición.

Débense engadir os seguintes puntos:

“4. Implantación xeneralizada da Tarxeta Social Galega, de carácter persoal e intransferible que acredita como titular do dereito ao acceso aos servizos sociais: posta en marcha do Expediente social básico único e do Mapa galego de servizos sociais no que se definen as áreas sociais e se establecen os criterios de dotación de centros e de servizos en todo o territorio galego.

5. Consolidación da xestión pública dos centros de atención xerontolóxica que atenden a persoas en situación de dependencia ou en risco de padecela, en particular a rede de Centros de Día.

6. Plan de proximidade que vertebre e cubra homoxeneamente a atención en toda Galicia.”)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a moción ten a palabra a señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días de novo, señoras e señores deputados.

Imos falar hoxe da nova Axencia Galega de Servizos Sociais e de como o Partido Popular de Galicia e o señor Feijóo nos di unha cousa no Parlamento, despois outra cousa no Senado e outra nos medios de comunicación. E, ademais, vota contrariamente aos intereses de Galicia neste Parlamento de Galicia, porque temos que lembrar que no pleno pasado o Grupo Socialista presentou unha proposta para que este Parlamento presentase á súa vez un recurso de inconstitucionalidade contra a reforma da Lei de Administración local feita polo señor Rajoy, que quita as competencias en materia de servizos sociais aos concellos de menos de 20.000 habitantes, entre outras moitas, é dicir, baleira os concellos de competencias e deixa os gobernos locais en mans dos interventores do Estado e non en mans dos gobernos locais, deixan de ser gobernos locais para ser unha mera sucursal da Administración central a través desa reforma do señor Rajoy.

Pois ben, moitas veces temos escoitado aquí o señor Rajoy, o señor Rueda, falar de que estaban en contra desa reforma. Iso si, cando se chamou as comunidades autónomas ao Senado para falar da mesma, o señor Rueda alí apoiouna. E no pleno pasado neste Parlamento negouse a tomar en consideración ese recurso de inconstitucionalidade que de todos

os xeitos o Partido Socialista, desde logo, presenta diante desta reforma, porque entendemos que vulnera de xeito flagrante a autonomía local.

E véñennos agora cun anuncio dun remendo de lei autonómica para, en teoría, enderezar ese fiasco. É dicir, en teoría, segundo di o propio informe da lei, e ademais o informe económico desa lei, para facer como que a lei do Estado non existe, a reforma da Administración local do Estado non existe, e entón imos seguir os concellos coas mesmas competencias que tiñamos antes da lei do señor Rajoy, imos seguir coas competencias en materia de servizos sociais. Esquece así, indisimuladamente, nese proxecto que vai traer aquí, ademais por un trámite de urxencia e sen o necesario diálogo e consenso coa Federación Galega de Municipios e Provincias, algunhas cuestións menores: as relacionadas, por exemplo, cos servizos prestados á infancia, ás persoas maiores, ou os servizos de promoción de emprego nos que tiñan competencias os concellos, e que agora, grazas tamén ao señor Rajoy, tampouco as teñen.

E polo medio, polo medio, cóase a tramitación deste decreto da Axencia Galega de Servizos Sociais, que estaba paralizado dende o ano 2010, no que o Goberno da Xunta de Galicia asistiu a unha asemblea do Consorcio absolutamente convulsa, onde alcaldes e alcaldesas de todos os grupos políticos da oposición manifestaron o seu frontal rexeitamento a como se estaba tramitando a extinción do Consorcio Galego de Benestar e a creación da nova Axencia Galega de Servizos Sociais.

Curiosamente, desde o 2010 parecía que nada se movía, e agora de repente éntalle ao Goberno galego unha présa tremenda por poñer en marcha a nova axencia. Claro, sen ter en conta que cando se programou esta axencia, que era no 2008, non tiña nada que ver a situación económica, nin por suposto a situación en materia de competencias dos concellos, coa que temos hoxe en día; e sen ter en conta tampouco a situación na que deixaron aos concellos non só con esta reforma da Administración local, senón con todo o plan financeiro que está estrangulando e asfixiando eses concellos.

Pois ben, os socialistas entendemos que este non é o momento, e que o primeiro que debería de facer o Goberno galego é dialogar, dialogar cos concellos, dialogar para buscar un modelo de xestión dos servizos sociais, dialogar para clarifi-

car a repartición competencial, dialogar para devolverlles aos concellos as competencias en materia de servizos sociais; e confrontar co Goberno central para que esa reforma da Administración local non se leve a cabo, presentando ese recurso de inconstitucionalidade, facéndolle caso ao que dixo a Federación Galega de Municipio se Provincias.

E esta é a primeira parte da moción que presentamos hoxe: buscar ese acordo entre Xunta de Galicia e concellos, entre Goberno galego e concellos, para devolverlles aos concellos as competencias en materia de servizos sociais, que é unha reclamación unánime de todos os concellos, independentemente da cor política pola que estean gobernados, como din os informes da Federación Galega de Municipios e Provincias. E unha vez que se produza ese diálogo, e unha vez que estean clarificadas as competencias, e unha vez que se lles devolvan as competencias en materia de servizos sociais aos concellos, replantexar a creación desta axencia, replantexala cos datos de hoxe, coa situación económica de hoxe, coa situación competencial de hoxe. E replantexala tendo en conta que os concellos, que son a primeira porta de entrada en materia de servizos sociais que teñen as persoas usuarias na nosa comunidade autónoma, deben de ter presenza nesa axencia, deben de ter unha representación que reflecta cando menos o seu peso na xestión dos servizos sociais, unha representación que reflecta a súa poboación e, dende logo, unha representación que reflecta a pluralidade democrática do noso país. Porque o que está nesta axencia, que foi aprobada no Consello da Xunta do xoves pasado —e afortunadamente aínda non publicada no DOG, por iso aínda estamos a tempo de retroceder—, o que está nesta axencia, é que, de estar todos os concellos que tiñan convenios cos consorcios na Asemblea do Consorcio, só van estar cinco representantes nomeados pola Fegamp no Consello Reitor, cinco representantes que dende logo no decreto non se di como se van nomear. É dicir, que pode desaparecer absolutamente a pluralidade democrática.

E, por último, o que reclamamos nesta moción é que se asuma un compromiso que o outro día a conselleira escapou de asumir no debate da interpelación, e é que os cambios non supoñan nin maior custo para as persoas usuarias dos servizos sociais no noso país nin maior custo para as administracións locais, para os gobernos locais, nin tampouco para as entidades de iniciativa social. Aínda que aquí se falaba de que o terceiro sector, as entidades de iniciativa social, non

van ter nada que ver con esta axencia, pero queremos poñer a venda antes que a ferida, porque xa sabemos como se xestionan as cousas no noso país.

Hai unha oportunidade. Mañá, día 27 de marzo, hai unha asemblea do Consorcio Galego de Benestar, probablemente, se non a última, a penúltima asemblea do Consorcio Galego de Benestar antes de que se extinga. Eu pídolles aos señores do Partido Popular que están hoxe aquí e que van votar que pensen nesa asemblea, que pensen nos alcaldes e alcaldesas do Partido Popular que tamén teñen que participar nesa asemblea, e que están fondamente preocupados polo que vai pasar coa extinción do Consorcio e coa creación da nova Axencia Galega de Servizos Sociais; un Goberno da Xunta que lles vai exixir aos 272 concellos que hoxe teñen convenios co Consorcio que en menos de tres meses negocien uns novos convenios, fronte aos cales o Goberno de Galicia non se compromete a non incrementar os custos para os concellos nin para as persoas usuarias, que pensen neses alcaldes e alcaldesas tamén do Partido Popular que tamén están preocupados polo que vai pasar, e que apoiem esta moción. Unha moción que non pretende nada máis que retrotraer as cousas a antes desa reforma da Administración local emprendida polo señor Rajoy. Iso si, sen as trampas que pretende facer o señor Rueda cunha reforma exprés que claramente é ilegal, e que claramente non vai solucionar o problema, senón que unicamente pretende adialo ata despois das eleccións municipais para evitar que supoña un desgaste electoral aos alcaldes e alcaldesas do Partido Popular nas vindeiras eleccións municipais.

Pido o apoio de todos os grupos para esta moción, porque creo que, diante desta situación, temos que revelarnos todos. E revelarnos todos quere dicir defender os intereses de Galicia, e non andar polo país de tertuliano e parecendo que defendes os intereses de Galicia, namentres que o único que fai o señor Feijóo é asumir e acatar obediamente todos os preceptos do señor Rajoy e todas as reformas que o señor Rajoy fai e que van en contra da autonomía local, que van en contra dos intereses de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Eu quero empezar dicindo que estou indignada, estou cabreada, e sintome insultada como persoa e como galega despois de escoitar o presidente. Que o presidente de Galicia afirme hoxe que hoxe hai menos fame en Galicia que no ano 2008 é un insulto, un insulto á intelixencia dos galegos e das galegas, é un insulto e unha falta de respecto a esas familias, a esas persoas, que hoxe están sufrindo e que están padecendo fame e miseria. É indigno, non merece ser presidente de Galicia despois de dicir isto.

Pero seguramente o que lle pasa ao señor Feijóo é que vive no país da *Abeja Maya*, nun país multicolor, onde todo é precioso, como vive o Goberno de Compostela e algunha deputada deste Parlamento, que segue aquí e que despois se atreve a falar de enchufismos.

Entón estamos agora ante un novo panorama dunha Axencia Galega de Servizos Sociais inventada para máis enchufismos, queremos outra Vendex, non nos chega coa que temos, queren máis, máis enchufes, máis privilexios para o Partido Popular. Por iso o Partido Popular non pasa fame. Para iso, se temos unha amiga que pasa fame... Non me sinale para aí, sinalo para aí, non me fale de nada de aí. Asuman as súas responsabilidades, que non asumen as responsabilidades. Menten, enganan e obrigan a este país a morrer de fame, de miseria, de desemprego, a emigrar. ¿Pero de que se rin? ¿De que están orgullosos vostedes? ¿De que? ¿De deixar os dependentes sen asistencia? ¿De deixar os enfermos fóra dos hospitais? ¿De que están orgullosos? ¡Vergonza debería de darlles! Este país debía de botalos de aquí (...) ¡home! (*Murmurios.*) (*Por orde do señor presidente, Santalices Vieira, e ao abeiro do artigo 106.3 retírase esta expresión do Diario de Sesións.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Perdoe, perdoe señora Martínez, esa expresión prégoles que a retire. Aquí non se bota a ninguén a patadas.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Eu retíroa en canto o señor Feijóo retire que neste país hoxe hai menos fame que no ano 2008.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non, non, perdóeme, perdóeme señora Martínez. Estamos neste debate, e eu pré-golle que retire esa expresión; se non, vouna ter que retirar eu, e teño que chamala á orde, as dúas opcións.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Pois retírea vostede.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Pois retíroa eu e chámoa á orde, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Chamada me dou, si, vale.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Prosiga.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Pois xa está.

A lei estatal retira todas as funcións e todas as accións que tiñan os concellos, trasladándolles todo ás deputacións ou ás propias comunidades autónomas. Os concellos que teñan menos de 20.000 habitantes, desde logo, perden calquera tipo de iniciativa ou de actuación neste sentido.

A exposición de motivos da lei estatal fala de principios, de eficiencia, estabilidade, sustentabilidade financeira, de garantir o control financeiro e o orzamento máis rigoroso, de favorecer a iniciativa privada, e de evitar intervencións administrativas desproporcionadas; é dicir, privatizar, privatizar para seguir facéndoo tan ben como o están facendo: enchufismos do Partido Popular. Privatizar para ver despois como as empresas privatizadas levan anos roubando de acordo coa administración, co Partido Popular. E aquí non pasa nada porque paga *Juan Pueblo*, pero *Juan Pueblo* xa non ten para pagar.

Pero, claro, se un di certas cousas neste Parlamento, chámalo á orde, porque, desde logo, se nalgún sitio está faltando democracia, é neste Parlamento, onde a censura cada vez é maior.

Pero entre os fins da Axencia Galega de Servizos Sociais atópase coordinar as actuacións públicas e privadas, promovendo o establecemento de convenios, concertos ou calquera outra fórmula de cooperación. Privatizar, van privatizar os servizos sociais, van privatizar servizos básicos, como están facendo coa sanidade. O único que saben é privatizar para darlles negocio aos amigos e miseria ao pobo galego.

Na composición do Consello, dos quince membros que forman o Consello Reitor, dez son da Xunta e cinco dos concellos; é dicir, os concellos, que son a primeira entidade, a que está máis preto do cidadán, non vai ter nin representación nin funcións practicamente. Evidentemente van ter moito máis papel as empresas privadas que os propios concellos, que son os que xestionan e os que atenden as primeiras necesidades da poboación.

Pero tamén, se falamos dos órganos, tanto nos órganos executivos como complementarios, o único que vemos son postos a dedo, todo se nomea a dedo: directora da Axencia, a secretaria xeral, unha persoa designada polo Consello Reitor, outra persoa máis polo Consello Reitor. As necesidades dos usuarios non son crear chiringuitos, nin macrochiringuitos, cun local moi bonito en Compostela, onde van a entrar *todos los enchufados del Partido Popular*, para non dar resposta a nada.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Para iso, para meter enchufes, xa teñen vostedes bastantes empresas nas que enchufar, desde Carrefour ata outras como Sermasa, que en Compostela coñecen moi ben. E, mentres tanto, os centros de xestión social convértense en aparcadoiros para anciáns e para menores: non teñen actividades, non teñen persoal, non teñen recursos, non poden cumprir unha mínima calidade. Non teñen nin sequera material básico: non hai pañais para adultos nos centros, e estanse atopando con que lles falta o material, pero...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...claro, como pasa coa infancia, non pasarán fame. Vostedes só miran os anciáns, os dependentes e os nenos fillos do Partido Popular; e como os papás están enchufados e teñen curre, aí non hai fame. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Bo día de novo, señoras deputadas, señores deputados.

Nós, dende o Bloque Nacionalista Galego, imos apoiar esta iniciativa do Partido Socialista de Galicia. E quixera facer unha reflexión a respecto de que non creo que esta iniciativa hoxe chegue a bo porto, señora Gallego, porque o Partido Popular, dende o inicio da anterior lexislatura, dixo claramente que un dos obxectivos era acabar co Consorcio. Polo tanto, simplemente está cumpríndose con anos de atraso o esperado dende os primeiros meses do Goberno Feijóo, o que xa estaba anunciado polo propio Feijóo.

Pensemos que era o Consorcio e que é o que se propón neste momento. O Consorcio era unha fórmula administrativa para ter unha relación que era difícil porque o reparto competencial –aínda que xa foi explicado polas persoas que me precederon como agora o Partido Popular llelo quita aos concellos– en servizos sociais moitas veces dificultaba esa relación entre concellos e Goberno da Xunta. E o Consorcio consegue imbricar, consegue relacionar as administracións locais co Goberno galego cunha participación real por parte dos concellos: cunha participación nas decisións, cunha participación na planificación, cunha participación tamén segundo as posibilidades orzamentarias dos concellos, que son moi desiguais, e non fai falta que o explique porque podemos entender as diferenzas entre un concello como Coles ou un concello como Santiago de Compostela. É dicir, era unha fórmula administrativa que permitía ese traballo de relación institucional.

A Axencia xa non é iso. A Axencia, realmente, convértese nun instrumento de xestión da Administración galega, simplemente, onde a participación dos concellos veremos como será. Porque, efectivamente, a Axencia vai ter capacidade, como instrumento que é de xestión, dunha organización tota, respecto deses servizos. Cunha curiosidade que eu si que quero salientar, e, aínda que temos unha memoria realmente feble, existen as actas, tanto dos consellos da Xunta como do Parlamento. Eu lembro perfectamente aquel Consello da Xunta e a súa rolda posterior, e tamén foi dito polo propio señor Feijóo nesta Cámara, na cal dixo textualmente: “as escolas infantís volven a Educación”. O de volver naquel momento era retórico porque nunca estiveran, porque todos e todas coñecemos como se organizou o sistema educativo e como o ciclo de 3-6 anos se integra en Educación mais non se integra o ciclo 0-3. A LOE si que o reco-

ñece como claramente educativo, e, a partir de aí, diferentes comunidades autónomas van integrando ese ciclo –o que antes se denominaban garderías– no sistema educativo. Bueno, o que fai o señor Feijóo é anunciar a integración desas escolas infantís no sistema educativo, e nunca se realiza. E agora a propia Axencia, ou a propia rolda de prensa posterior ao Consello no cal se aproba a Axencia, di literalmente que estes centros –as escolas infantís, que denominan baixo a epígrafe de servizos sociais– serán os primeiros que se integrarán na Axencia.

Ou sexa, definitivamente todas as demandas... E eu quero facer unha aquí significativa, que chegou a todos os representantes dos grupos parlamentarios, do colectivo 0-3 anos, na que se pedía que se cumpriran simplemente os acordos do Consello da Xunta –acordos, non promesas de Feijóo, acordos–, e a Axencia di claramente que non se van cumprir.

É unha vontade política de eliminar o Consorcio. É unha decisión que eu incluso diría que é de sectarismo político por non aceptar nin tan sequera que se manteña un sistema de xestión dos servizos sociais que permitía a participación de actores múltiples –palabra que tanto lles gusta e que escoitamos en reiteradas intervencións do Partido Popular– nesa xestión dos servizos públicos. E non poden escudarse en que a Axencia xa estaba contemplada na Lei de servizos sociais. Efectivamente, estaba contemplada como un órgano de planificación. Neste momento, vostedes podían decidir simplemente non executala e non crear a Axencia como órgano de planificación e manter o Consorcio e melloralo, dende logo, na súa xestión. Vostedes o que deciden é eliminar os concellos. Seguramente despois será para vostedes...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...moito máis fácil establecer os convenios para a participación dentro da Axencia con cada un dos concellos. Eu creo francamente –e por iso apoiamos esta iniciativa– que o Consorcio era unha boa fórmula de xestión, a decisión era política e eu creo que temos que tildala de sectarismo político do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Antes de nada teño que dicir que non son partidaria de respostar ás provocacións; sobre todo porque o que busca algunha deputada ou deputado que intervén neste pleno é que os deputados e deputadas do Partido Popular ao final caíamos na trampa das súas provocacións e respostemos. Pero si me gustaría referirme a unha deputada que acaba de intervir, e que agora non está no debate –pero si está a portavoz do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda–, e darlle unha mensaxe. Mire, polos deputados e as deputadas destas bancadas xa nós nos preocupamos; vostede preocúpese polos deputados e deputadas da súa bancada, que algún foi denunciado publicamente de querer encher as afiliadas dun sindicato no Servizo de axuda do fogar dun concello. Polo tanto, vostedes preocúpense polos seus deputados e as súas deputadas, que nós estamos preocupados, e ademais defendendo, polos nosos deputados e as nosas deputadas. *(Aplausos.)*

E, mire, o Partido Socialista, o Grupo Socialista, presentou esta moción o 14 de marzo, e resulta que o 20 de marzo o Consello da Xunta aproba o Decreto da creación da Axencia de Servizos Sociais e tamén aproba o Proxecto de lei que facilitará a aplicación e interpretación da reforma local en Galicia. Polo tanto, é certo que con poucos días de diferenza se presenta unha moción para que non se cree a Axencia Galega de Servizos sociais, tendo en conta que os concellos non teñen a representación que reflicte o seu peso na xestión dos servizos sociais, pero días despois a propia Xunta, o Consello da Xunta, aproba o Decreto da creación da Axencia Galega de Servizos Sociais e ademais un anteproxecto de lei que facilita a aplicación e a interpretación da reforma local en Galicia.

Miren, unha lei que vostedes coñecen perfectamente, que é a Lei galega de servizos sociais, recollía a creación desta axencia. Entón, se recollía a Lei galega de servizos sociais a creación desta axencia, e se no ano 2010 xa se iniciou o proceso administrativo para crear esta axencia –un proceso, por certo, moi complexo, vostedes sábeno–, ¿por que agora, dende o ano 2010, din que a Xunta ten prisa por crear a Axencia? Vostedes acordáronse agora de que queren mudar de camiño, volver atrás, non cumprir a Lei galega de servi-

zos sociais e non crear a Axencia Galega. Dende logo, isto supón o último paso, a aprobación do Decreto de creación da Axencia. A creación desta axencia nós consideramos que favorecerá a xestión integrada de todos os recursos de titularidade da Administración autonómica nunha única persoa xurídica, que permitirá agrupar todos os servizos sociais baixo os mesmos criterios de calidade. Vostedes están preocupados polo papel dos concellos nesta nova Axencia, e nós queremos insistir en que somos plenamente conscientes do papel fundamental que xogan e que deben seguir xogando as administracións locais na prestación dos servizos sociais.

A súa participación –como informou a conselleira no anterior pleno na súa intervención–... *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor. *(Murmurios.)* Por favor, silencio.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...quedaba garantida no propio decreto, que contemplaba dous mecanismos de participación directa das entidades locais. Por un lado, aqueles concellos interesados en continuar implicados na xestión dos centros integrados no Consorcio poderán facelo mediante a sinatura de convenios de colaboración coa Axencia. E a outra vía de participación dos concellos será a través do Consello Reitor da Axencia, onde terán representación.

En relación coa reforma da Administración local da que vostedes falan, vostedes din que o Acordo do 20 de marzo do Consello da Xunta, onde se aproba o proxecto de lei que facilitará a aplicación e interpretación da reforma local en Galicia, é un remendo. Dende logo, nós non o consideramos así, porque, miren, ante as dúbidas de interpretación que suscitou a Lei estatal da reforma local, o Goberno o que fixo foi traballar, xunto coa Fegamp, na elaboración dun proxecto de lei de medidas urxentes que buscaba facilitar a aplicación e a interpretación da reforma local e garantir a prestación eficiente dos servizos sociais. Nós consideramos que este proxecto de lei de medidas urxentes regula a asignación pola Comunidade das competencias relativas á educación, á saúde e aos servizos sociais, e dinnos que estas continuarán prestándose polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica do establecemento do novo sistema de financiamento autonómico.

Polo tanto, señora deputada, nós non consideramos e non compartimos...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...a moción que vostede presenta hoxe, por iso imos votar en contra.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo grupo autor da moción, ten a palabra a señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señora presidenta.

Pois ben que lamentamos, señora Rodríguez Arias, que vostedes vaian votar en contra desta moción, e seguro que o lamentan tamén os milleiros de alcaldes e alcaldesas de toda España, pero os de Galicia neste caso, porque vostedes aos alcaldes do Partido Popular non son capaces de darlles resposta á preocupación que teñen.

Miren, a lei exprés do señor Rueda non resolve o problema da representatividade dos concellos na Axencia Galega de Servizos Sociais. Manteñen vostedes no decreto cinco representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias, insisto, sen respectar a pluralidade democrática. Claro que se poden dar pasos, señora Rodríguez Arias, un decreto malo cámbiase con outro decreto bo e que teña en conta aos concellos. E esa lei que pretende aprobar o señor Rueda por un método exprés é ilegal, tan ilegal como o é a reforma da Administración local do señor Rajoy, porque o que pretende esa lei é nin máis nin menos que soslaiar unha lei do Estado que establece competencias básicas, e, polo tanto, se inconstitucional é a lei do señor Rajoy, esta é, cando menos, ilegal, senón tamén inconstitucional.

Vostedes hoxe aquí, non votando a favor desta moción que lle presentamos desde o Grupo Parlamentario Socialista, o que lles están dicindo aos concellos de Galicia é que vai haber unha Axencia de Servizos Sociais que non os vai ter en conta, en primeiro lugar. En segundo lugar, que nesa Axencia de Servizos Sociais, e con eses convenios que van ter que asinar pola vía da urxencia, van soportar máis carga,

porque a conselleira foi incapaz de comprometer aquí a súa palabra de que non ía ter un maior custo financeiro para os concellos e para as persoas usuarias. E estánlles dicindo tamén ás persoas usuarias dos servizos que acolle esa nova Axencia Galega de Servizos Sociais que tamén van ter máis custo, señora Rodríguez Arias. Este é o seu legado en materia de servizos sociais. Primeiro, dismantelar as competencias dos servizos sociais dos concellos de Galicia; e agora, a través desta nova Axencia Galega de Servizos Sociais –que nós dicimos na moción que hai que replanteala, posto que a situación económica e competencial que temos hoxe non ten nada que ver coa que tiñamos no 2008– o que están dicíndolles aos concellos e ás persoas usuarias é que, despois do dismantelamento das competencias de servizos sociais nos concellos, agora tamén, por aquelas prestacións que se poidan derivar a esta axencia, as persoas usuarias van pagar máis e os concellos que queiran asinar os convenios que tiñan antes co Consorcio, que eran nada menos que 272 concellos de toda Galicia, tamén van ter que pagar máis. Alá vostedes, señores do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Señora Gallego, ¿a emenda? *(A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.)*

Votación das mocións

A señora PRESIDENTA: Pasamos, entón, á votación das mocións, coa votación da moción da señora Adán Villamarín, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (O65).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: Votamos agora a moción da Alternativa Galega de Esquerda.

Votamos.

Votación da Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de emprego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: Votación da moción dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da señora Gallego Calvar, que dixo que non acepta a emenda da Alternativa Galega de Esquerda.

Votamos, polo tanto, a moción tal e como foi presentada.

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Gallego Calvar, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión dos servizos sociais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: Continuamos coa orde do día co punto 4, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual modelo de repartición de cotas da pesqueira da xarda adoptado polo Consello de Ministros de

Pesca da Unión Europea, coa multa imposta ao Estado español, así como coa aplicación da política de cotas nas augas interiores galegas e coa representación de Galicia nese consello

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas e para formulala ten a palabra o señor Rodas Chapela.

O señor RODAS CHAPELA: Bo día, señorías.

Traemos hoxe aquí unha iniciativa que reflicte claramente cal é a situación dun dos nosos sectores produtivos, un dos dramas a que está sometido o país, e é que para nós existe unha cuestión de fondo que é que o país realmente non temos quen nos defenda, non temos quen nos governe.

Pero quixera aquí intentar explicitar algunha das cuestións que saíron estes días, como era o feito de sentirse tremendamente orgullosos de ser capaces de alcanzar un exceso de cota de 1.450 toneladas. Pois ben, o primeiro problema, ao entender do BNG, consideramos que é como se reparten as cotas entre os estados ribeireños na NEAFC. A NEAFC é un organismo internacional que engloba a Unión Europea, as illas Feroe, Noruega, Islandia, Rusia e mais Groenlandia. Pois ben, este incremento de cotas tivo lugar porque o que sucedeu realmente foi que existiu un acordo entre as illas Feroe, Noruega e mais a Unión Europea onde o que fixeron foi subir o TAC das 850.000 toneladas, que era o que recomendaba o CIEM, ás 1.240 toneladas. ¿Que supuxo iso? Pois, efectivamente, supuxo que Galiza tivese esas 1.450 toneladas, pero supuxo tamén que o Estado español alcanzase a ridícula cota de 40.000 toneladas. E supuxo tamén que, dentro da repartición, quedase que a Unión Europea quitase nada máis e nada menos que case o 50 %, isto é, 611.000 toneladas; que Noruega quitase o 22,5 %, isto é, 279.000 toneladas; e, como non, a orixe do acordo foi nin máis nin menos as illas Feroe. As illas Feroe son unhas illas cun status especial, que dependen de Dinamarca e que estaban fóra do acordo, como moi ben saberán, e que, incluso, no anterior acordo do ano 2008, tiñan unha cota inferior ao 5 %. Pois agora sorprendentemente resulta que con este magnífico acordo conseguen as illas Feroe ter nada máis e nada menos que un 12,6 %, isto é, nada menos e nada máis que 156.000 toneladas. Compáren, pois, señorías, as 156.000 toneladas que

levan neste acordo as illas Feroe co magnífico, co excelente resultado que leva o Estado español, a miseria de 40.000 toneladas. Pois vexan vostedes: un país cunhas condicións políticas inferiores a Galiza resulta que leva nada máis e nada menos que catro veces o que lle corresponde ao Estado español.

O segundo gran problema é a repartición que se establece dentro da Unión Europea, que, como ben deberían saber vostedes, resulta que ao Estado español, de acordo co principio de estabilidade relativa, lle corresponde nada máis e nada menos que o 7 %. De aí veñen esas 40.000 toneladas. Un criterio que vén establecido desde o ano 1986, cando entramos na Unión Europea, e que os partidos estatais avalaron entusiasticamente. E o criterio desta repartición é un criterio unicamente político. Non existe criterio nin no número de embarcacións nin no número de tripulantes nin sequera nos GT; é un criterio meramente político, o cal sufrimos inamoviblemente dende o ano 1986. Esa é a realidade.

O terceiro criterio que quixera pór enriba da mesa é, evidentemente, a nova repartición de xestión das cotas individuais; nova repartición que, como saben vostedes, se modificou este ano a peor, porque, se xa tiñamos unhas condicións dramáticas para Galiza, este ano déuselle unha nova volta de tuerca, porque, como ben saben vostedes, os anos anteriores a frota galega se vía obrigada a trasladarse ao Cantábrico para poder pescar algo. Encima, utilizáronse estes criterios torticeiramente, dado que está a compensar a quen non tivo regulada a pesqueira, a quen se excede no ano 2009 e 2010, e, como saben, polo cal tamén temos unha multa que sufrimos este ano de 7.000 toneladas. E tamén, como non, iso todo computouse como capturas históricas, co cal os galegos que cumprimos, que tivemos xestionada a nosa pesqueira e que encima non a pescamos, resulta que somos os *paghotes*, somos quen peor saímos, trasquilados desta negociación. Así vemos como a conselleira aplaude este modelo de xestión. Imos de vitoria en vitoria ata o desastre final. Esa é a realidade do compromiso da señora conselleira.

Eu voulle dar só uns datos: Galiza, con 53 barcos, leva o 24,8 % da cota da xarda, isto é, 3.500 toneladas; Euskadi, con 60 barcos, leva o 49 %; Cantabria, con 43 barcos, leva o 24 %. Pero é que, se colleramos os datos de artes menores, por aí andaríamos tamén, onde saímos claramente prexudicados.

Polo tanto, quedaron demostradas varias cuestións nesta negociación: a primeira, que a representación do sector, que vai da man da conselleira a negociar a Madrid, quedou totalmente desautorizada. Esta é unha realidade evidente. Pero, sobre todo, o que quedou reflectido é que a actitude do Goberno galego, a actitude da propia conselleira, estivo e está en todo momento totalmente ausente. Non recibiu ao sector, non entendeu en ningún momento as súas demandas e non tivo en ningún momento a capacidade de liderado para conquistar unha proposta e ter unha posición galega propia.

A conselleira, en vez de defender o sector, estivo a dividi-lo, intentando cargarlles a eles a responsabilidade do cambio de modelo e das nefastas negociacións levadas a cabo en Madrid. A conselleira, pois, durante todo este conflito, non foi unha aliada da pesca galega, foi unha colaboradora das políticas de Madrid e de Europa, que queren que a frota galega desapareza; incluso non tivo reparo en insultar o sector: “Catro tolos tirándolle pedras” dicía; “vándalos”, dicía. E incluso de intentar converter o conflito nun conflito de orde pública. A situación é calamitosa. Esgotouse o tempo da negociación, dividiu ao sector e forzou o sector a un mal acordo. Xa o dixeron os armadores e mariñeiros: que tiñan que ir ao mar por necesidade, pero que non compartían os criterios de repartición que, ao final, tiveron que achantar.

Polo tanto, o BNG trae aquí unha proposta para intentar encauzar, para intentar ir ao fondo do problema, e por algunha solución para que no futuro si que poidamos enfrontar o problema con outra perspectiva.

O primeiro plantexamento que facemos é, como non, rexeitar o actual modelo de repartición da NEAFC, que, como intentei explicar antes, a unhas illas de 55.000 habitantes, como son as illas Feroe, lles corresponde nada máis e nada menos que 156.000 toneladas, ou vemos como países que estaban e seguen estando fóra do acordo e que non tiñan recoñecidas cotas históricas, como Islandia, pescan todo o que poden para poder consolidar os seus dereitos de cotas.

Non podemos tampouco admitir o criterio de repartición que segue vixente dende o ano 1986, que condena a Galiza á inmisericordia, no sentido de que unicamente lle corresponde o 7 % do que lle corresponde á Unión Europea, 40.000 toneladas...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor RODAS CHAPELA: Pero é que se miramos, por exemplo, as 40.000 con respecto ás 280.000 que lle corresponden á Gran Bretaña, pois miramos a desproporción e a inadmisión deste acordo.

En terceiro lugar, que non sexan de aplicación as políticas de TAC e cotas en augas interiores galegas, porque queremos preservar a frota de artes menores.

E, como non, non podemos comungar con rodas de muíño. Cuestionamos a sanción imposta pola Unión Europea por exceso de capturas no ano 2009-2010. Que a paguen –e que non a computen como dereitos históricos– quen a pescou, non a frota galega.

E, por último –e xa remato, señora presidenta–, no fondo da cuestión, o drama, o realmente dramático desta situación, é que Galiza nunca está alí onde se deciden os intereses da frota galega. Por iso o que realmente demandamos é máis urxencia; cómprenos ter presenza alí onde se decide o noso futuro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bos días a todos de novo.

Voume quedar coas ganas de saudar a voceira do Partido Popular. Quería saudala tamén por aquilo de que eu tamén son seguidor da abella Maya, pero sinto que marchase.

Comparto a exposición de motivos do Bloque Nacionalista Galego e a proposta que se plantexa ante a Cámara. Neste caso asumimos o cen por cento da proposta do Bloque Nacionalista Galego. Eu creo que o que se ten vivido neste país nos últimos días co tema da cota do cerco galego é un exemplo claro de como este país non representa nada por culpa dos gobernos de turno alí onde se toman as decisións

que teñen que ver coa calidade de vida da nosa xente e co emprego da nosa xente, pero tamén ten que ver con esa falsaria imaxe do Goberno galego. Os que despois dicían que había que mellorar a situación, cando se coñeceu a primeira repartición destas cotas, dicían que eran positivas e que, ademais, se conseguiran porque por unha vez Galicia acudira asesorada a Europa, e que, ademais, a conselleira levaba os deberes ben feitos. Iso dicíao o portavoz de pesca do Partido Popular neste Parlamento cando chegaron con esa repartición que demostrou que era absolutamente inxusta e que non chegaba nin sequera para malvivir.

O seu resumo daquela rolda de prensa triunfalista era: o resultado é positivo para a frota galega. Iso dicíao o Partido Popular antes do conflito.

O que se demostrou é que están illados da realidade, que están nese mundo alternativo onde non se pasa fame, onde non hai desemprego e onde a cota para os barcos galegos é de sobra. Pero a realidade é outra, e a realidade é que alguén terá que explicar como é posible que sempre que temos que acudir a negociar, por exemplo, a cota saíamos perdendo. E eu podería entender que saíamos perdendo porque apostamos por un modelo de repartición, e esa repartición digamos que falla en todos os tipos de pesca. Pero resulta que en cada tipo modifican a repartición e nós saímos perdemos sempre. Cando o importante é a cota lineal, como no cerco, perdemos porque se fai a cota histórica. Cando o importante son as capturas históricas, como na volanta, resulta que se fai cota lineal e sae perdendo este país. Cando o importante dunha vez por todas é dicirle que os cefalopodeiros galegos teñen que pescar en Mauritania, saímos perdendo e van pescar os andaluces. Sempre saímos perdendo en cada unha das nosas accións pesqueiras deste país. Polo tanto, aquí alguén terá algunha responsabilidade. E a maior responsabilidade é a dun Partido Popular incapaz de defender os nosos pescadores e as nosas xentes, porque seguro que detrás desas negociacións están os intereses do Partido Popular, que son os únicos que defenden, aínda que iso signifique condenar á miseria a xente deste país.

Pero eu non quero abandonar este debate sen recordar o que aconteceu aquí no anterior pleno durante a negociación deste sector co Goberno para modificar unhas condicións que os condenaban á miseria. Asistimos ao primeiro secuestro exprés de representantes da cidadanía neste Parlamento, que

foron illados nunha sala parlamentaria, impedindo a entrada e saída de ninguén que non fosen parlamentarios deste Parlamento.

Polo tanto, estamos ante un goberno que é incapaz de entender que un non se pode illar da realidade e que non se pode plantexar que o Goberno teña que estar sempre parapetado detrás dos cascos das forzas de seguridade. Un goberno que necesita poñer escudos na porta do Parlamento é un goberno que non é merecedor de ser goberno; incapaz de escoitar a súa xente. Porque ¿como é posible que, estando presentes o presidente e o vicepresidente neste Parlamento naquel día, non tiveran a dignidade de escoitar o sector, de baixar á rúa, de baixar a pé de calle, aínda que por un día abandonasen o coche oficial, para escoitar os dignos representantes dese sector? Para escoitar os armadores, pero tamén para escoitar os mariñeiros, eses tripulantes dos barcos do cerco que teñen condicións absolutamente lamentables e que están nunha situación económica que está en moitos casos conlevando á miseria. Moitos choraban nos ombros dos compañeiros porque tiñan xa ordes de embargo sobre as súas casas. Moitos se estaban plantexando que se non saían pescar perderían o seu barco e tamén a súa casa porque foi a que avalou o seu barco. Fronte a isto, absoluto desprezo por parte do Goberno.

E agora acádase un acordo que eles tamén rexeitan...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...pero que teñen que asumir porque, se non, non poden saír pescar. Porque o problema non é incrementar, o problema é o modelo de repartición, e a repartición é inxusta aínda que se reparta máis; repartimos máis pero dunha forma inxusta, e unha vez máis son outros os que se benefician desas reparticións.

Polo tanto, alguén terá que explicar aquí como é posible que perdamos sempre. E, cando algún perde sempre, nos equipos de fútbol –aínda que non só– bótase o entrenador. Este país ten que botar dunha vez o Partido Popular, que condena os mariñeiros, os traballadores, os pensionistas á miseria polas súas políticas de defensa dos seus e dos intereses da gran banca e das multinacionais do conxunto de Europa. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Val Alonso.

O señor VAL ALONSO: Moitas grazas, presidenta.

Moi bos días a todas e a todos.

O Grupo Parlamentario Socialista vai votar a favor desta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego principalmente porque o fondo dos seus plantexamentos é altamente coincidente co que nós mesmos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Digo que o Grupo Parlamentario Socialista vai votar a favor desta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Repito, repito outra vez, que o Grupo Parlamentario Socialista vai votar...

A señora PRESIDENTA: Señor Val, espere un momento que xa lle parei o tempo.

O señor VAL ALONSO: Si, a ver agora. Si, volvo outra vez... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Parece ser que non... *(Murmurios.)*

O Grupo Parlamentario dos Socialistas imos votar a favor desta iniciativa porque, como digo, o fondo é altamente coincidente co que vimos plantexando neste Parlamento dende hai xa bastante tempo, máis alá de que algunhas das medidas que se plantexan non sexan compartidas quizais ao cen por cento.

Resulta lamentable que teñamos un goberno que se pon de costas diante dos problemas dos sectores produtivos deste país. Resulta lamentable ver e ter que sufrir o que aconteceu neste país nas últimas semanas, onde o Goberno, en lugar de poñerse a carón do sector pesqueiro deste país, se pon de costas e non é quen de escoitar e liderar as súas reivindicacións.

E, se isto é grave, máis grave é aínda escoitar falar á máxima responsable da pesca galega de teorías conspiratorias. O certo é que ao grupo parlamentario nos produce vergoña ter uns representantes políticos como os que temos, que non son capaces de poñerse á fronte dos problemas deste país.

Levamos tempo dicindo que o modelo de repartición de cotas pesqueiras que fai a Unión Europea é altamente prexudicial para os intereses comerciais dos nosos profesionais do mar; un modelo baseado no principio de estabilidade relativa e que non se axusta á capacidade pesqueira do noso país, e mesmo tampouco ao estado de recursos en pesqueiras como a que hoxe é obxecto e motivo desta proposición non de lei, que non é outra que a xarda. É dicir, que este modelo de repartición non cumpre nin os criterios de sostiabilidade ambiental e económica nin tampouco os de sostiabilidade ambiental. En moitas pesqueiras hai moito máis recurso do que contemplan as posibilidades de pesca transferidas. Os datos acaban de ser dados hai un momento polo representante do Bloque Nacionalista Galego.

Pero, se isto é grave, máis grave é aínda o trato que nos dá ou nos fai o ministerio á hora de establecer a distribución desa cota entre as distintas comunidades autónomas, onde se premia o que pescou máis nos últimos tempos e que, en certo modo, é o responsable desa sobrepesca da que se fala tamén nesta iniciativa e que se propicia porque non hai unha dotación real do estado do recurso ás posibilidades de pesca. Polo tanto, nós non cremos que ese termo sexa axeitado. Non existe sobrepesca cando o estado do recurso é inmellorable.

En definitiva, a frota galega sofre unha dobre discriminación: primeiro pola Unión Europea e logo polos dirixentes do Goberno do Estado español, coa conivencia dos representantes do Goberno galego. ¿E que fai o Goberno galego con todo isto? Primeiro, permanecer calado e, logo, cando non lles queda máis remedio que pronunciarse, facelo botándolle as culpas á mala negociación do sector. É lamentable ter un goberno que en lugar de poñerse a traballar codo con codo co sector pesqueiro, faga todo o contrario; é dicir, que se adique a dividir, a provocar e mesmo tamén a insultar a quen non está a facer outra cousa que reclamar o seu pan e a súa forma de vida.

Esta é a realidade e por iso e non por outra razón a xente saíu á rúa reclamar xustiza. Non deberían de estar, señores do Partido Popular, moi contentos coa xestión que fixeron vostedes deste conflito, e non deberían de estalo porque o único que fixeron vostedes é poñer un parche para este ano; un parche que non convence a ninguén e que deixa os nosos profesionais nunha situación inxusta a todas luces con respecto a outros profesionais doutras rexións. Este modelo

condena os nosos profesionais e hipoteca o seu futuro, xa que seguirán consolidando dereitos históricos os que máis pescaron e os que máis seguirán pescando.

Señorías, remato agardando que esta proposición non de lei conte co apoio de todos os grupos desta Cámara. Trátase dunha reivindicación que nace do propio sector, e espero que o Grupo Parlamentario Popular de Galicia non lles dea as costas a quen nos último días leva reclamando xustiza e que faga algo mellor as cousas do que o fixo nos últimos tempos o Goberno galego. Espero que isto sirva para buscar un futuro mellor para os nosos profesionais. O Grupo Parlamentario Socialista vai estar sempre do lado do que considera xusto, e nós cremos que esta reivindicación non reclama outra cousa máis que xustiza.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Popular, señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados, escoitabamos o voceiro do Bloque Nacionalista Galego. Chegou á tribuna do Parlamento e dixo que presentaba hoxe unha iniciativa que reflectía claramente o momento e a situación que estaba a vivir un dos sectores produtivos.

Señor Rodas, vostede non sei se xoga a adiviño —probablemente os portavoces de AGE e o portavoz do Partido Socialista non leron a súa iniciativa— nin sei a que xoga, porque eu lle teño que dicir que a iniciativa que hoxe trae vostede a este Parlamento é do 29 do 4 do 2013, é de hai un ano. Polo cal, hai que ter moita cara para vir a este Parlamento e poñer como exemplo a situación que puido estar vivindo un sector a semana pasada cunha iniciativa de hai un ano. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero é máis, señor Rodas..., *(Murmurios.)* é máis, as cotas na Unión Europea, cando se reparten, é no mes de decembro. A vostede daquela non lle debía preocupar a repartición das cotas nin para España nin para Galicia, porque a iniciativa é nada máis e nada menos que do 29 de abril, e vostede non a tratou neste Parlamento ata este momento. Polo cal, vostede

o único que trae a este Parlamento (*Aplausos.*) é unha iniciativa oportunista. Ao Bloque Nacionalista Galego o sector pesqueiro nunca lle importou, nunca lle importou absolutamente para nada. Tampouco ao sector pesqueiro lles importan vostedes, que non os coñecen tampouco, tamén é certo. Trae unha iniciativa (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) única e exclusivamente oportunista, sen aportar absolutamente nada. Vostede xa sabía –vostede é listo, estaba recén chegado a esta Cámara– hai un ano que o sector pesqueiro galego ía ter este problema. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E por iso... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, si, xa o sabía, si, si, si. Xa sabía vostede hai un ano que ía ter este problema.

Pero é máis, vostedes téñense convertido nos principais aliados do actual modelo de repartición; ese modelo que agora critican. O modelo que agora critican vostedes véñeno defendendo neste Parlamento constantemente. Vostedes teñen dado as costas ao sector pesqueiro galego cando tocaba presentar batalla na defensa dos intereses de Galicia diante das institucións comunitarias.

E a memoria a verdade é que lles é moi fráxil a vostedes, pero hai cousas que hai que recordarlles aquí. E mentres o Partido Popular, o Goberno de Galicia, a propia Xunta de Galicia sempre amosou a súa oposición frontal aos actuais criterios de repartición de cotas pesqueiras, oposición ás preferencias de La Haya e á estabilidade relativa, vostedes, señor Rodas, votaban en contra do ditame coa posición única de Galicia ante a reforma da política pesqueira común, e o Partido Socialista tamén, o 13 do 6 do ano 2012 neste Parlamento; aprobada por unanimidade do sector, aprobada por sindicatos, aprobada por armadores, aprobada por empresas e aprobada por mariñeiros. Vostedes dándolle as costas.

Pero é que é máis, os nacionalistas e o Partido Socialista –e os de AGE daquela nin estaban nin se lles esperaba nesta casa– rexeitaban nesta mesma Cámara hai dous anos, o 28 do 3 do ano 2012, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a proposición non de lei do Partido Popular contra a estabilidade relativa, cuxa supresión agora din vostedes defender.

E hai que ter moita cara para vir ao Parlamento, á tribuna, dicir que a conselleira non quixo escoitar o sector. ¡Home!,

vostede estaba... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) nunha reunión que estaba eu tamén, e quen lle está a falar desde o minuto cero puxo a conselleira á disposición do sector. Outra cousa é o que quería o sector. E vostede estaba presente. Vostede acaba de mentir na tribuna do Parlamento. A conselleira dixo: “Eu reúnome co sector agora mesmo”. E vostede estaba presente. Polo cal, non se pode vir á tribuna do Parlamento...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor BALSEIRO OROL: ...cunha iniciativa de hai un ano e non se pode vir á tribuna do Parlamento contar mentiras, porque iso non ten credibilidade. Iso só vale para algúns, para querer poñerse diante das pancartas única e exclusivamente para a foto ou para chegar por aí a algunha clínica e querer pasar por diante dos galegos e das galegas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Rodas.

Déanlle voz, por favor, ao señor Rodas.

(*O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor RODAS CHAPELA: Dúas puntualizacións.

Efectivamente, a iniciativa é de hai un ano, pero, como ve, seguimos na mesma situación.

E quixera facerlle unha pequena aclaración. Efectivamente que as cotas se reparten en decembro, pero houbo un incremento en 1.450 toneladas motivado polo acordo que se estableceu entre Noruega, Illas Feroe e mais a Unión Europea, que vostedes venderon como unha negociación avantaxada, cando é mentira; estanlle mentindo á sociedade galega.

E a segunda cuestión é que en realidade vostede fala da segunda parte, de cando a conselleira, despois de insultar o sector, despois de faltarlle ao respecto e despois de non recoñecer a asemblea de Portosín, despois, efectivamente, foi o

propio sector o que a rexeitou. Non confunda, polo tanto, as cousas. Pero o que quería era pór en valor que, efectivamente, este é un excelente acordo, segundo o Partido Popular, para a frota galega; un acordo onde nas illas Feroe, que o ano pasado estaban sancionadas por pescar en exceso, resulta que este ano quita 156.000 toneladas; un excelente acordo para a frota galega con respecto a Islandia, que ata hai pouco non tiña –aínda a día de hoxe non ten– dereito de pesca, e resulta que este ano xa lle recoñecían o 14 %, 180.000 toneladas. E é, efectivamente, un excelente acordo que vén desde o ano 76, motivado polo principio de estabilidade, e que vos tede di que van levalo aos tribunais pero a día de hoxe aínda non moveron un dedo.

E despois, como non, o novo modelo de repartición. No novo modelo de repartición o Goberno galego admite as trampas, primase a quen se excede nas capturas, a quen menos tivo regulada a pesqueira e a quen tivo a oportunidade de pescala, e, pola contra, castígasenos a quen non a pescamos, a quen a tivemos regulada e a quen pescamos menos; a nós, aos galegos.

E voulle poñer un par de exemplos. Tres barcos guipuscoanos acumulan máis que toda a frota de Asturias e de Lugo; 19 barcos galegos, con este modelo individual, resulta que acaparan o 30 % do total da cota. Pero, mire, 41 barcos guipuscoanos acaparan 5.183 toneladas, mentres que toda a frota galega, que somos 153 barcos, representamos 3.474. Esa é a realidade da súa magnífica negociación.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Rodas, por favor.

O señor RODAS CHAPELA: Pero, mire, o máis dramático é comprobar a situación do Goberno galego, intentando coaccionar os dirixentes da asemblea de Portosín e respaldando uns supostos representantes que foron negociar da man da consellería a espaldas do sector.

A señora PRESIDENTA: Moias grazas, señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: E remato xa, señora presidenta.

En definitiva, vostedes, señor Balseiro, non son a solución, son en realidade a ruína do cerco galego e da... *(O señor Rodas Chapela pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, moitas grazas.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e seis deputados máis, sobre a mellora da accesibilidade do cidadán á información da propia historia clínica

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Socialista e do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Carmen Acuña do Campo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir, ao final da parte resolutiva da proposición non de lei, o seguinte contido:

Engadir in fine: “...e a que o Sistema Público de Saúde galego sexa o responsable da custodia da mesma, garantindo e respondendo da confidencialidade dos datos que nela figuran”.)

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, a través do seu voceiro e por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da iniciativa polo seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar a xestión e custodia das historias clínicas de maneira pública, permitindo e facilitando o acceso de todas as galegas e galegos aos seus propios datos e información contida na mesma.”)

A señora PRESIDENTA: Para formular a súa proposición ten a palabra o señor Santalices.

O señor SANTALICES VIEIRA: Grazas, señora presidenta.

Bos día a todas e a todos.

Eu espero que esta proposición non de lei poida saír co voto unánime de todo este Parlamento porque é unha proposición, unha proposta, que beneficia a todos os cidadáns. Estamos falando da posibilidade de acceder á historia clínica a través do sistema electrónico; en definitiva, de acceder á nosa propia historia clínica, algo no que xa se deron algúns pasos na nosa comunidade, que neste sentido foi pioneira.

E este é un aspecto que beneficia non só os cidadáns, porque recordemos que en Galicia, tanto a nivel da receita electrónica como da historia clínica, fomos pioneiros. Recordemos que a receita electrónica serviu para que no seu día en Galicia non se tiveran que tomar medidas do adianto, do que era a aportación na prestación farmacéutica, cando se cambiou e se ligou a aportación da mesma en función da renda. Tamén son importantes estas ferramentas informáticas para os profesionais, tanto na atención primaria como na atención especializada. Polo tanto, estamos ante un dos puntos fortes do noso sistema sanitario en Galicia. Unha información á que poden acceder, como dixeran antes, tanto profesionais da atención primaria como profesionais da atención especializada na nosa historia clínica; unha información que se actualiza dun xeito case inmediato. Cando ao paciente se lle está facendo unha proba, practicamente nese mesmo día se introduce o resultado desa proba ou se introduce calquera outra incidencia que teña que ver coa asistencia do paciente.

Desde o ano 2009 os pacientes xa poden acceder á súa historia clínica a través do sistema electrónico, en concreto a través da páxina web do Sergas. Este acceso foi regulado xa no ano 2009, no Decreto 29/2009, que permitía que a través do Ianus –que é o sistema electrónico– se puidera acceder a determinada información na historia clínica. Marcaba este decreto que os datos teñen que ser lexibles e garantía por suposto a non manipulación destes datos.

¿Que información está dispoñible neste momento no acceso á historia clínica neste servizo? Pois está dispoñible, por un lado, o acceso ao informe de alta de hospitalización. O cidadán ten acceso a unha visión que pode ser imprimible dos informes de alta na hospitalización dos hospitais do Servizo Galego de Saúde; un informe que, como todos vostedes

saben, nos procesos de alta é obrigatorio que se lle dea ao paciente. E tamén poden acceder a un informe sobre o proceso que foi tratado polo seu problema de saúde mentres estivo hospitalizado nos hospitais do Servizo Galego de Saúde. Tamén poden acceder ao historial das súas dispensacións, que se lle leva dispensado durante un certo tempo; unha información que retrotrae desde que se iniciou a prescripción. Tamén se pode acceder a cal é a folla de medicación activa no momento actual, e tamén ao plan futuro de dispensacións que o paciente pode ter por un proceso de saúde.

¿Por que non se pode acceder a outra información? Pois non se pode acceder a outra información porque determinada información ten que ser distante polos profesionais, vista e validada. Estamos falando en concreto de determinadas probas de laboratorio, de determinadas probas de radioloxía que é conveniente que, antes de ser analizadas e vistas polo paciente, sexan tabuladas e sexan corroboradas co diagnóstico e, se é posible tamén, co tratamento por parte dos profesionais.

Neste senso eu creo que convén facer un protocolo para un procedemento que asegure unha información á que se pode acceder despois de que esta sexa revisada e validada polos profesionais do Servizo Galego de Saúde.

¿Que se necesita para poder acceder a esta información? Pois necesítase algo fundamental, validar a identidade do usuario, do paciente, mediante un certificado dixital. É necesario garantir que os datos presentados neste servizo sexan só accesibles para este paciente; non pode entrar calquera no historial clínico de calquera, agás os profesionais, pero no caso de pacientes é conveniente asegurar que só poida acceder o seu propio paciente á súa historia clínica.

Os certificados dixitais son un sistema seguro, é un mecanismo seguro para identificar as persoas a través dos servizos telemáticos. Por iso se fai necesario dispor deles para acceder a unha información que se considera que é confidencial, como é a historia clínica dun paciente.

E, dentro destes distintos tipos de certificados dixitais, pois o propio DNI presenta un grao de seguridade bastante alto. Por este motivo só se permite utilizar o DNI electrónico para acceder a esta información, que ademais terá unha clave de acceso.

Nestes momentos, á parte do que comentei antes, os cidadáns poden, a través deste sistema, recorrer e acceder a outras prestacións, por exemplo, a realizar cambios de médico –a proposta pódena facer desde un sistema telemático; acceso, como xa dixemos, a través do sistema Ianus á súa propia historia clínica electrónica–; a consultar as citas previstas nos centros de saúde e no hospital; a consultar a inclusión dos seus procesos en lista de espera; e o acceso tamén –incorporación nova, que xorde desde a aprobación da Lei de garantías– ás instrucións previas. Dende o ano 2013 producíronse 39.338 accesos á historia clínica electrónica por parte dos cidadáns. A miña valoración é que son poucos, pouco acceso, e a nosa proposta, a que hoxe traemos aquí, pretende incrementar de forma progresiva a accesibilidade do cidadán á información sobre a súa historia clínica.

Por todo iso, desde este Parlamento nós propoñemos unha liña de traballo, e esta liña de traballo vai no senso de que:

Un. Amplíase información visible por parte do cidadán ao resto dos documentos clínicos que foran validados por parte dos facultativos que asisten ao paciente. Neste caso estamos dándolle validez a que poidan acceder, unha vez validado polo profesional, aos informes de probas diagnósticas, aos informes de laboratorio e aos informes de alta tamén en urxencias, e incluso á propia imaxe dixital do seu proceso.

Segundo. Facilitar que o paciente poida incorporar información adicional á súa historia clínica; información que, por suposto, ha de ser unha decisión que debe de tomar tamén o persoal responsable da atención sanitaria, que é quen ha de validar este tipo de información.

Terceiro. Tamén propoñemos habilitar mecanismos que permitan a recollida de información en proceso de atención crónica para evitar o desprazamento do paciente. Por exemplo, tensión arterial, peso, niveis de glucosa. E con isto evitaríamos que a través dun sistema telemático non teña que desprazarse ata o hospital ou centro de saúde.

Tamén propoñemos que se poida utilizar o acceso á historia clínica como un sistema que potencie, a través das redes sociais, e que sirva de orientación na consecución de hábitos de vida saudable. Hai determinadas patoloxías que hábitos saudables evitarían que se poidan producir, por pór un exem-

plo –poderíamos pór moitos–, as enfermidades cardiovasculares, que tanto lacran a nosa comunidade autónoma.

Tamén propoñemos comunidades virtuais de pacientes focalizados en determinadas enfermidades, enfermidades que poden ser comúns e que lles permitan aos pacientes compartir determinadas experiencias e contidos específicos con respecto a esta enfermidade.

En definitiva, se nós aprobamos isto, señorías, estamos dando un paso importante para a cidadanía galega e colocándonos no posto de saída máis importante en algo que, sen dúbida, vai chegar pronto...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor SANTALICES VIEIRA: ...a historia clínica única para todos os pacientes do Estado español, e posiblemente algún día tamén a historia clínica de todos os pacientes a nivel da Unión Europea, na que xa, por certo, se está traballando.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor SANTALICES VIEIRA: Polo tanto, señoría, propoño a aprobación por unanimidade desta proposta.

Moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Santalices.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas.

Unha vez máis o PP pretende que se aprobe instar a facer algo que xa está regulado, porque solicitan que a Xunta incremente progresivamente o acceso dos pacientes e das pacientes á súa historia clínica. Lei de saúde de Galicia, dereito dos pacientes, artigo 10, dereitos relacionados coa documentación sanitaria: “Establécese que as/os pacientes teñen dereito a acceder aos datos contidos na súa historia, aos informes e resultados das exploracións que lles foran efectuadas e que teñen dereito a que lles sexan facilitadas copias deses informes e documentos, así como a que se lles faciliten de xeito gratuíto as acreditacións do seu estado de

saúde. Todo isto en cumprimento da Lei de consentimento informado e da historia clínica dos pacientes”.

Polo tanto, ¿que nos están dicindo con esta iniciativa? ¿Está dicindo o Partido Popular que o seu goberno está a incumprir a lexislación en materia de acceso aos datos das historias clínicas e que por iso teñen que traer isto aquí? Porque iso sería algo gravísimo. E se por lei temos dereito a acceder a todos os datos da nosa historia e a que se nos faciliten copias, ¿por que traen vostedes aquí unha iniciativa que pide maior acceso á historia clínica? Non ten sentido ningún. Hai dúas hipóteses: pode que o fagan polo de sempre, polo de saír nos medios de comunicación, ou pode que tamén o fagan para reforzar a privatización que vostedes están a acometer en todos os nosos datos privados. Xa llo dixen aquí algunha vez: nós opómonos frontalmente a que os datos privados das historias clínicas das galegas e galegos estean en mans de empresas e multinacionais.

A min ninguén me consultou se eu daba o meu permiso ou o meu consentimento informado para cederlle a miña historia clínica a Indra, e iso foi o que fixeron, privatizaron vostedes a historia clínica a través da súa informatización dándolla a Indra, empresa de armamento e tecnoloxía. Indra —que xa o comentamos aquí unha vez— foi privatizada polo señor Aznar e o señor Rato cando era ministro, para aproveitarse despois da súa postura dende Bankia —esa que, por certo, salvamos con cartos públicos— para converterse no seu maior accionista —a porta xiratoria, ¡un caso máis! ¡teñen vostedes moitos!—. Ademais, acabaron vostedes con todas as empresas públicas que quedaban, que quedaban menos, ¡tamén é certo!, porque xa foran privatizadas con anteriores gobernos. Indra —xa llo dixen unha vez aquí, que, por certo, un dos seus conselleiros é Manuel Lamela, ex conselleiro de Sanidade da Comunidade de Madrid, experto na porta xiratoria, impu-tado por cohecho e prevaricación na privatización da sanidade pública madrileña— ten negocios coa sección informática de El Corte Inglés, presente tamén nalgúns negocios sanitarios —por agora, por sorte, fóra de Galicia— e coa consultora Price Waterhouse, que asesorou, entre outras cousas, o Goberno galego para a privatización do novo hospital de Vigo, e onde traballa a filla da conselleira Rocío Mosquera, outra experta en porta xiratoria. E Indra agora tamén está participada por Fidelity, que ademais é un fondo de capital-risco estranxeiro que en xaneiro deste ano, segundo a Comisión Nacional de Valores, se fixera cun 10 % de Indra.

Polo tanto, señores do Partido Popular, eu non quero que a miña historia clínica nin a historia clínica das galegas e galegos estea en mans de multinacionais e de fondos de capital-risco. Non queremos que se comercie e existan *holdings* deste tipo que se lucren grazas aos nosos datos. A historia clínica debe ser tratada de maneira pública, como era antes. É moi sinxelo, só hai que ter os programas informáticos, pero a xestión pode e debe ser única e exclusivamente pública. Non é moi complicado, non teñen que pensar demasiado: nin aberta a estas empresas nin a empresas da sanidade privada ás que vostedes tamén lles van dar acceso aos nosos datos, sen o noso consentimento informado, para obrigarnos a ser atendidas e atendidos nos centros concertados, tal e como dispuxeron na súa Lei de garantías. Polo tanto, presentamos unha emenda para que única e exclusivamente se faga dende o público.

Acceso á historia, todo o que queiran —é que, ademais, é obrigatorio por lei—, pero dende o público, señorías. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

¿Señor deputado, de verdade pensa vostede que esta iniciativa é oportuna, tal e como está de tensa a sanidade pública ante a grave deterioración polos recortes, a imposición das áreas de xestión e as masivas privatizacións?

Como vostede sabe moi ben, hoxe están previstas manifestacións en toda Galicia para protestar pola nefasta xestión sanitaria que está a levar a cabo o señor Feijóo; por iso a min resúltame moi sospeitoso que un home coa súa experiencia en política sanitaria prefira asubiar e mirar para outro lado.

¡Menudo panorama temos!: a señora Mosquera perseguida alí por onde vai, e o señor Feijóo autoproclamándose garante do público, cando xa non lle queda nada, nada que privatizar. E o mundo sanitario, señor deputado, desesperado, protestando nas calles un día si e outro tamén.

Así que, díganos a verdade, señor Santalices: ¿que busca vostede con esta iniciativa?, ¿que o sistema informático –público, por certo– sexa totalmente privatizado, permita o acceso a calquera entidade privada que así o requira coa desculpa de prestarlles unha mellor atención aos doentes? Porque o doente –como vostede dixo moi ben aquí– xa accede á súa historia clínica dende o ano 2009.

Mire, a Lei de garantías iguala a sanidade pública coa privada e coa concertada, de maneira que os doentes procedentes, por certo, do sistema público poderán ser atendidos indistintamente, en solución de continuidade, en calquera dos tres sistemas: no público, no concertado e na privada. E vostedes o que buscan é que a historia clínica circule tamén indistintamente entre os tres sistemas. Pero escápalles unha cuestión fundamental, señor deputado, e é que estamos falando de empresas que buscan negocio, e que moitas clínicas e centros privados comparten intereses coas compañías de seguros. Por iso, por suposto, sería moi interesante para esas compañías ter acceso á historia clínica, para saber o estado de saúde dun posible cliente, ou, dito doutro modo, para saber se unha persoa é ou non interesante para que lles cante unha póliza de seguro.

Está claro que a confidencialidade da historia clínica é fundamental, señor deputado, señorías, pois nela se recollen os datos máis sensibles das persoas. E se agora se están a producir indiscrecións, aínda que temos limitado o sistema público, eu pregúntome que poderá ocorrer cando ese acceso se xeneralice.

Mire, xa sei que vostede me vai dicir que para acceder a unha historia é imprescindible unha clave, e que sempre se pode saber en que momento e que persoa accedeu a esa historia clínica. Moi ben, pero, na práctica, todos os días se accede ás historias clínicas, e vou contar aquí na Cámara algo que me aseguraron. Aseguráronme que a historia clínica máis visitada nestes últimos meses é a dunha persoa de aquí, desta cidade, presuntamente implicada no asasinato dunha nena. Agora, con claves e con todo, andan circulando os datos da historia desa persoa.

Por iso que facilitar o acceso ao doente, si, pero sen perder as garantías. Ademais, non todos os doentes queren, ou, mellor dito, poden saber todo o contido da historia clínica, pois nalgúns casos sería contraproducente.

Por outra parte, vindo do Partido Popular e despois de escoltalalo a vostede, pois un se pregunta se detrás de todo isto non estará outra deixación de funcións. Se en lugar de ir á consulta xa lle mandan chamar por teléfono, se ademais teñen acceso á historia clínica, pois xa poden eles facer as anotacións, e, mire, sóbranos a metade do persoal sanitario.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Pero, bromas á parte –e remato– os socialistas plantexamos unha emenda de adición que esperamos que sexa aceptada, xa que a consideramos imprescindible tratándose de datos clínicos, se se queren facer ben as cousas. E pedimos algo moi sencillo, que sexa o Sistema público de saúde galego quen se responsabilice da custodia da mesma, garantindo e respondendo da confidencialidade dos datos que nela figuran. De non ser aceptada, votaremos en contra, xa que demostraría que o Partido Popular non busca o interese dos doentes e das doentes, senón cederlle, facilitarlle os datos das persoas que están atendidas no sistema sanitario público ao mellor postor.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Non vou ser eu a que lle cuestione que temas deben traer aquí a esta Cámara, señor Santalices, señoras e señores do Partido Popular. Decía un compañeiro meu en moitas ocasións: ¡Alá vós! ¡Alá vós, efectivamente, co que está caendo, que cuestións considerades relevantes para traer aquí a este Parlamento! Nin vou facer o exercicio –non sei, non vou cualificarlo– que acaba de facer o señor Balseiro –que non está, ausente– de desvalorizarlle a iniciativa, porque leva presentada máis de oito meses. É vostede dono dela, e tráela aquí cando vostede considera. O que si xa me vai permitir, señor Santalices, é que lle cuestione que pretenda usar este Parlamento, cando menos, que pretenda usar o Bloque Nacionalista Galego, como coartada para avalar unha cuestión coma se fora novidosa, coma se fora un gran avance, cando é a nada, cando é, como xa acaban de dicir as dúas deputadas que me precederon, algo que está en vigor, con escasa efectividade.

de. E tamén me vai permitir que faga un xuízo a respecto de por que vostede o trae aquí, ¿non? Eu temo que non é para que se avance en que os doentes teñamos maior acceso a esa historia clínica, en que sexa máis democrática a sanidade; o que pretende vostede é unha cortina de fume, e pretende presentar aquí como unha gran democratización da sanidade o acceso á historia clínica para tapar precisamente o acceso que vostedes lles están facilitando a esa historia clínica, a eses datos, a entidades privadas.

Entón, o mesmo que fixeron con traer aquí a este Parlamento a Lei de prestación de garantías sanitarias, intentando presentalo como un avance, como unha democratización, como unha mellora, cando o que era era darlle carta de lei á privatización da sanidade, o que pretende vostede hoxe aquí é unha manobra de distracción, parecendo que a historia clínica é unha gran cousa para os doentes, cando pretenden agachar esa outra miseria. E eu o que lle teño que dicir, señor Santalices, é que ao BNG lle parece moi ben o tema de que no sistema sanitario público a concentración da información dos doentes, dispersa por diferentes centros, dispersa por diferentes formatos, se dixitalice, e que iso facilite o traballo fundamentalmente dos profesionais na sanidade pública. Xa lle dixen noutras ocasións que a historia clínica ten que ser fundamentalmente un instrumento ao servizo da mellora asistencial dentro da sanidade pública, e, efectivamente, debe de ser tamén un instrumento onde o propio doente poida ter esa información.

Pero, claro, tamén a miña sorpresa, señor Santalices, é que vostede aquí fixo unha relación de que con isto propoñemos..., e enumerou creo que cinco ou seis puntos que na súa iniciativa non están. Eu non sei se vai presentar outra para o seguinte pleno, claro, pero non veña aquí para que quede gravado como que acaba de presentar hoxe aquí unha iniciativa onde se di que se amplíe o acceso e os datos visibles e a consultar, que se facilite ao paciente incorporar información... Pero o que vimos votar aquí non é isto, o que vimos votar aquí é o que xa hai, que se vaia na senda de... Claro, ¡home!, a ver, as manobras de distracción están moi ben, pero un pouco de respecto. En todo caso, diga: imos xa traer outra iniciativa noutro momentito, onde fagamos esta proposta, pero non veña aquí enganarnos.

Por iso, insisto en que o BNG, dende logo, non se vai opoñer ao acceso dos doentes á historia clínica. Insisto en que

nós si que nos opoñemos a que intenten tapar con isto outro tipo de miserias. Ao que si nos opoñemos é a que esa historia clínica cada vez poida ser usada para outros fins para os que foi concibida, poida ser usada para que fondos de investimentos, bancos e outro tipo de empresas teñan acceso a todos eses datos incluídos no Ianus, para fins que, dende logo, non son a mellora da calidade asistencial dos doentes. E aí, dende logo, non nos vai encontrar, señor Santalices, porque a histórica clínica electrónica ten que ser iso, unha ferramenta de uso clínico, elaborada e xestionada por profesionais da sanidade pública e ao servizo fundamental da mellora da calidade asistencial, e non para favorecer o negocio e o control –e podíamos, e noutro momento o faremos– desa entrega ás mutuas con ese decreto que está o Goberno central...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...–que parece que vostedes non teñen nada que ver con iso–, onde lles queren entregar esa información ás mutuas, para maior control, para quitar prestacións, e non precisamente para mellorar a súa calidade. Co cal, vostede saberá por que trae esa iniciativa, pero dende logo nós sospeitamos que non é para mellorar o acceso.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Prado.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Santalices.

O señor SANTALICES VIERA: Grazas, señora presidenta.

Déanlle voz ao escano do señor Santalices.

O señor SANTALICES VIEIRA: Grazas, señora presidenta.

A proposición di o que di, é ben clara. Xa sei que o sistema está vixente, pero ¿podémolo mellorar? Si. Voten vostedes como queiran, eu o único que trouxen aquí é que se poida mellorar iso. Hai hoxe determinada información á que non poden acceder os pacientes, e eu quero que accedan a esa información validada polos profesionais. Voten vostedes como consideren oportuno.

Gustárame que saíra por unanimidade, por iso eu analicei moi en conciencia as emendas que vostedes me propoñen. Eu estou de acordo, señora Acuña, co que vostede di. ¿Responsable da custodia do sistema público? Si, por suposto, e poñerémolo no texto. ¿Garantir medidas para que sexa confidencial? Por suposto. ¿Responsables? Dificil. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, difícil. Vostede como profesional, ou eu, podemos incorrer nunha irresponsabilidade. O propio paciente tamén... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, diso responderían nos xulgados, ese é outro tema. Non me pida que fagamos unha cousa dese calibre. Podemos facer o que lle dixen: responsables da custodia e tamén garantir medidas para que sexa confidencial, pero non podemos nós garantir e ser responsables de que un profesional de forma irresponsable faga unha información que non debe, ou un propio paciente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, iso está claro e creo que é moi de sentido común.

Analicei a proposta de AGE e coincido con ela, pero vostede tamén estará de acordo comigo en que non debemos limitar o acceso, que sexa só para galegos ou para galegas. Será tamén –e vostede estivo moi de acordo con isto– para os inmigrantes. Aquí temos un plan especial. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, hai inmigrantes que non son galegos, señora, hainos; e hai moita xente que non é galega e está vivindo en Galicia e ten dereito á asistencia sanitaria. Entón eu propoño que accedamos a que esas persoas tamén poidan acceder a iso.

Non ten isto ningunha maldade, non estamos tratando aquí de ocultar nada. Cando haxa que falar doutros temas, con liberdade falaremos, pero neste caso non se fagan vostedes entelequias mentais sobre a privatización. Estou falando de acceso dos pacientes, non das empresas. Accede o paciente co seu código, non accede Caser, non acceden seguros privados. A ver se sabemos do que estamos falando. Entón, aquí o que se propón é algo razoable; canta máis información teña un paciente, moito mellor.

Eu, señora presidenta, presentareille agora mesmo –xa o teño redactada– unha proposta, un texto alternativo, que recolle o sentir da súa emenda e o sentir da súa emenda. Gustárame que isto saíra por consenso. ¿Por que? Porque beneficia os pacientes, nada máis que por iso.

Nada máis, señora presidenta. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas instalacións do aeródromo de Godos, no concello de Caldas de Reis

A señora PRESIDENTA: Non se presentaron emendas a esta proposición non de lei.

Ten a palabra para formular a proposición o señor Fajardo Recouso.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bos días de novo a todos e a todas.

Nós traemos aquí, ao Pleno da Cámara, unha situación que é suficientemente grave e que foi debatida en Comisión, pero sorpréndenos que o Partido Popular non asumise a nosa proposta, por iso queremos dar outra oportunidade para que se faga. Porque nun país onde hai pouco tempo sufrimos un accidente ferroviario que lle custou a vida a moitísima xente, non deberíamos consentir que os poderes públicos miren para outro lado cando todos os días se pon en risco a vida de centenas de persoas que utilizan o eixo atlántico para acudir aos seus postos de traballo, aos seus colexios, aos seus institutos ou ás súas universidades.

No concello de Caldas de Reis existe un aeródromo absolutamente ilegal que é un exemplo da conivencia das administracións con promotores de accións ilegais. Fixéronse modificacións legais á medida para que un aeródromo que se fixo sen ningún tipo de permiso fose pouco a pouco acadando posibilidades urbanísticas, pero a día de hoxe é ilegal por dúas cuestións fundamentais.

A primeira, é que existe unha orde da paralización de obras, e, a pesar de estar vixente a orde de paralización, continúa-se utilizando este aeródromo e, polo tanto, poñendo en risco a seguridade dos usuarios do tren do eixo atlántico deste país. E isto é tanto así que hai dúas actas da Policía Local, do 18 de marzo e do 6 de marzo que son, cando menos, para ter en conta por este Pleno. A primeira di textualmente que: “existindo o decreto de paralización de obras e actividade, infórmase a unha persoa que chamou á Policía Local de que

a través da nosa xefatura se fixo saber que hai unha orde verbal emitida polo alcalde que permite a utilización para a actividade”. Unha obra pechada, con autorización verbal dun alcalde para que se continúe poñendo en risco a seguridade da xente. E continúase poñendo porque hai tamén unha acta da Policía Local do 6 de marzo onde se explica que un helicóptero aterrou nesas instalacións. E cando a Policía Local acode, o que fai o señor do helicóptero é apartalo para un lado para despegar desde fóra do aeródromo.

Polo tanto, estamos poñendo en risco a seguridade dos nosos veciños e non facemos nada. E non é un tema que estea inventando a Alternativa Galega de Esquerda, existe un informe que de forma expresa avala que este proxecto é incompatible coa seguridade do tren do eixo atlántico; un informe de Adif di expresamente o seguinte: “La cota de las instalaciones ferroviarias sobre el terreno es superior a los 14 metros, marcados como gálibo vertical en el proxecto del aeródromo recibido. Por tanto, se considera que el proxecto actual con los gálibos marcados es inviable en términos de seguridad”.

¿Que queremos dicir con isto? Que temos os mecanismos suficientes para evitar un drama e os poderes públicos miran para outro lado. Non só miran para outro lado, senón que están consentindo a utilización deste aeródromo e, polo tanto, serán cómplices das futuras situacións que se poidan dar. É tanto así que o último responsable da seguridade ferroviaria do país, que é o delegado do Goberno (...) *(Por orde da señora presidenta e ao abeiro do disposto no artigo 106.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia, retírase esta expresión do Diario de Sesións.)*, que se opón a acudir a esta Cámara a dar explicacións, que manda os policías contra as traballadoras de Cuca, que persegue e fai unha carga contra os traballadores do cerco, ese mesmo é o responsable de controlar a seguridade ferroviaria deste país e non é capaz de poñer encima da mesa que se está utilizando un aeródromo ilegal e, polo tanto, poñendo en risco a vida dos veciños deste país todos os días. É máis, onte mesmo dous trens que circulaban por esa vía pararon na metade dese viaduto —descoñecemos a situación e o por que—, pero a realidade é que eses pasaxeiros tiñan perigo porque están convivindo cunha infraestrutura ilegal que ten perigo para as súas vidas.

Por se isto non fose grave, que un promotor privado fixese unha infraestrutura ilegal e perigosa para nós, tan grave

como iso é a utilización por parte das administracións públicas desta obra. Primeiro, administracións públicas que participan de forma oficial na inauguración dun aeródromo ilegal. A Deputación de Pontevedra, o señor Louzán, participa nunha obra ilegal, e négase a explicar agora como unha obra ilegal, que é perigosa para a seguridade dos veciños, recibiu cartos públicos; porque hai que dicir aquí que esa pista, na que foi ordenado levantar o seu asfaltado, recibiu posteriormente maquinaria da Deputación Provincial para facer obras. A Deputación Provincial mandou maquinaria que é de toda a xente deste país, que se paga cos impostos de todos, para facer obras nun aeródromo ilegal sen ademais ter nin sequera un proxecto de obra nin un orzamento. Como se pode observar na foto, maquinaria pública traballando nun aeródromo ilegal que pon en risco a seguridade da xente deste país. Estará preocupado polos pactos, pero eu estou máis preocupado pola vida da xente que se pon en risco con cartos públicos.

Pero non só iso, neste país temos a Axencia da Legalidade Urbanística, que está gastando moitísimos cartos públicos para dicir: non pechemos os ollos ante a ilegalidade e, polo tanto, actuemos contra a ilegalidade. Se fose a casa dun veciño, se fose unha chabola de alguén que non o pode pagar, estarían derrubando. Pero como é un aeródromo que ten o consentimento da Administración pública —de todas, por desgraza, deste país, dende a local á autonómica—, entón ese anuncio que di: non pechemos os ollos, non é capaz de ver que detrás hai un aeródromo ilegal que pon en risco a vida das xentes do noso país.

Polo tanto, señoras e señores do Partido Popular —plantexámosllo durante a Comisión—, vostedes non deberían durmir tranquilos esta noite se continúan consentindo que un aeródromo ilegal sexa utilizado de forma ilegal e, polo tanto, poñendo en risco os nosos veciños e as nosas veciñas.

A Alternativa Galega de Esquerda non está en contra dos aeródromos, non pretende que non se constrúan neste país. O que queremos é que se faga coa legalidade vixente; esa legalidade que non é a nosa e que en moitos casos non compartimos, pero que se faga coa legalidade vixente. E o que queremos tamén é que, se é tan necesario para ese contorno, como se di —nós non o compartimos—, o que debера de facer este país é plantexar unha alternativa. Porque temos uns gobernantes que poñen en risco o noso país por varias cues-

tións. Un aeródromo ilegal que non pode ser utilizado porque non ten as autorizacións oportunas da Axencia da Seguridade Aérea –unha licenza necesita os informes sectoriais oportunos, coma este, para ter licenza de uso, e non é o caso–, non pode ser que estea incluído no Plan territorial de emerxencias de Galicia.

¿Como se entende un país que fai un Plan territorial de emerxencias –que, polo tanto, será aquel que se ten que utilizar cando hai unha emerxencia neste país– que contempla no seu plano e nas súas infraestruturas dous aeródromos como o seguinte: un, en Caldas de Reis, que é ilegal e, polo tanto, non debiera existir, pero está nun informe oficial desta Xunta de Galicia; e, outro, como o da Lanzada, que agora é un aparcamento. Pero ¿que Goberno hai neste país que é capaz de poñer en risco a vida da xente e ademais fai un Plan de emerxencias onde contempla dous aeródromos, un ilegal e outro que non existe?

Pedímoslles que, dunha vez por todas, actúen e poñan encima da mesa os mecanismos oficiais oportunos dende a Delegación do Goberno, pero tamén dende a Axencia da Legalidade Urbanística, que ten o documento nas súas mans, para que actúe, e, dunha forma definitiva, se elimine este risco para a cidadanía. Porque neste país hai dúas normas, hai unha norma para o pobo, para a xente do común, que é de obrigado cumprimento e, se non se cumpre, mándanselle as forzas de intervención policial; e outra para aqueles que son amigos dos gobernos de turno, aqueles para os que vale todo, aqueles que poden facer un aeródromo nunha zona de concentración parcelaria, sobre o camiño portugués, sobre elementos patrimoniais importantes, que son capaces de modificar as normas urbanísticas dun concello *ad hoc* para que sexa legalizable o que é a pista, non así o seu uso, e que ademais teñen a capacidade de que cartos públicos sexan utilizados na propia obra. Creo recordar que ademais este país investiu e segue investindo na recuperación do río que pasa a carón desa infraestrutura centos de miles de euros. Porque despois do desastre de Brentag había que rehabilitar esa zona, e a rehabilitación desa zona pasa por un aeródromo ilegal que defenden, e ademais son capaces de ser protexidos...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...por parte da Administración galega.

Eu fago un chamamento moi sinxelo. Neste país vivimos un desastre brutal, un accidente que, evidentemente, ten responsables políticos que por aforrar catro pesos condenaron a moita xente deste país e de fóra deste país. Polo tanto, aprendamos desas cuestións e tomemos unha decisión política que non continúe poñendo en risco esa situación. Porque, se mañá hai un accidente, eu serei o primeiro en vir reclamarlles aos que hoxe non queren evitar esa situación de risco.

¿Con que cara poderemos mirar os accidentados ante unha situación de risco recoñecida pola Administración pública se dende este Parlamento non tomamos medidas, se desde o Goberno da Xunta seguimos mirando para outro lado simplemente porque alguén en Caldas *se quiere echar unos vuelos*? Non pode ser, temos que actuar de forma contundente, e, polo tanto, espero que o Partido Popular recapacite, aprove a iniciativa da Alternativa Galega e poña un mínimo de cordura a unha situación...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...que é absolutamente inasumible para o noso grupo e para o conxunto da cidadanía.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Señor Fajardo, pídolle que retire o cualificativo co que se dirixiu vostede ao delegado do Goberno, que penso que afecta ao decoro desta Cámara. Polo tanto, se vostede non o retira (*O señor Fajardo Recousos pronuncia palabras que non se perciben.*) vaino retirar esta Presidencia en virtude das atribucións que lle confire o Regulamento.

Recórdolle que ten vostede xa unha segunda chamada á orde (*O señor Fajardo Recousos pronuncia palabras que non se perciben.*), e sabe vostede o que significa unha terceira. Polo tanto, queda retirado o cualificativo. (*O señor Fajardo Recousos pronuncia palabras que non se perciben.*) Non lle estou a pedir agora ningún tipo de opinión... (*O señor Fajardo Recousos pronuncia palabras que non se perciben.*) polo tanto, xa está... (*O señor Fajardo Recousos pronuncia palabras que non se perciben.*) Ben, o único que lle digo é que se tranquilice porque ten dúas chamadas á orde e sabe o que significa a terceira.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Bueno, unha vez máis, desgraciadamente e infelizmente, temos que tratar nesta Cámara unha nova actuación da Administración ao servizo dos intereses privados en vez de actuar ao servizo dos intereses públicos. Decía un alcalde do Partido Popular, na corporación do concello no que eu fun concelleira, cada vez que se lle machacaba ese tipo de cuestións: para os meus inimigos a lei, para os meus amigos o favor. E no BNG vemos que anos despois segue sendo a tónica imperante no Partido Popular: para os inimigos, para a poboación, a lei, pero para os amigos o favor e facer que a lei se reinterprete ou simplemente estea na gabeta e nin se use.

A estas alturas aínda está por determinar cales son os intereses que están detrás do aeródromo de Godos no concello de Caldas, aínda que no BNG sospeitamos cales son estes; sospeitas derivadas das persoas e cargos de primeira orde do Partido Popular que van á súa inauguración, ou o uso de recursos públicos para facer esta infraestrutura, co cal, dende logo, parece que non se sabe con claridade, pero as sospeitas son máis que evidentes.

No BNG non chegamos a entender como, se non é un uso e un trato de favor descarado, que tamén é un xeito de corrupción, é un xeito de corrupción usar as administracións para favorecer os amigos, isto tamén é corrupción, á parte de meter a man na caixa e á parte doutro tipo de cuestións, esta é a corrupción con maiúsculas, porque é a corrupción usando o poder que lles dan os cidadáns para estar nas administracións, esta é a corrupción con maiúsculas. Insisto en que no BNG non chegamos a entender, se non é ese trato de favor, como é posible tanta deixadez –por ser suave–, tanto encubrimiento, tanta falla de actuación e tanta non-aplicación na normativa en vigor nunha infraestrutura deste calibre.

Estamos diante dunha auténtica convivencia de diferentes administracións, que, lonxe de velar polo cumprimento da normativa, o que fan é non aplicala. Deixadez de funcións permitindo usos incompatibles coa legalidade; consentimento dunhas instalacións nas marxes do río Umia; consentimento dun aeródromo no ámbito dunha concentración parcelaria

á que se adicaron recursos públicos –e lémbrolles aquí, señoras e señores do Partido Popular, por se non o saben, que son moitos os recursos públicos que se invisten nunha concentración parcelaria–, e, dende logo, o BNG non ten constancia de que houbera modificación de uso agrícola, nin petición nin autorización para cambiar a outro tipo de usos, pero parece que aquí iso dálles igual. Consentimento dunha infraestrutura cunha cercanía temeraria a unha gasoli-neira, cunha cercanía temeraria a vivendas, e dende logo, como xa se dixo por activa e por pasiva, situado a 100 metros do viaduto do ferrocarril. Cousa que, dende logo, parece cando menos non sospeitosa, senón temeraria e falta dun mínimo control do que é a seguridade das persoas e das infraestruturas.

Dende o primeiro momento o Bloque Nacionalista Galego estivo en contra desta infraestrutura. Cando tivemos responsabilidades, no ano 2007 esta infraestrutura foi paralizada e foi ordenada a eliminación das obras feitas. E pola parte que nos corresponde, tamén no Concello de Caldas, manifestamos a oposición a esta infraestrutura porque, primeiro, está por demostrar cal é a vantaxe socioeconómica que aporta, que iso sería a outra cuestión, e porque, dende logo, está feita con ilegalidades máis que manifestas: licenza municipal sen informes sectoriais; non ten autorización da Axencia de Seguridade Aérea, que é quen tería que darlla; e hai informe negativo do ADIF. Dende logo, con todas esas cuestións parece máis que obvio que aquí hai que dar explicacións de por que, a pesar de todo isto, se segue adiante cunha infraestrutura; por que, a pesar de poñer en risco a seguridade de persoas e a seguridade de infraestruturas, non se fai ningunha actuación; e por que con recursos públicos se fai unha actuación privada.

Por iso imos apoiar esta iniciativa, porque non pide...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...nada máis que que se cumpra a lei e que se garanta a seguridade das persoas e das infraestruturas, e parece que é o mínimo que se pode esixir, por iso apoiamos a iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra o señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas, señora presidenta. Moi bos días, señorías.

O Grupo Parlamentario Socialista hai determinadas consideracións nas que non vai entrar, sobre o problema dese presunto tráfico de influencias do propietario desas instalacións. Entre outras cuestións porque faleceu hai máis de tres meses, e falar da súa suposta influenza levaríanos a consideracións que se saírían bastante das competencias deste Pleno. Polo tano, no que nos imos centrar é na proposición non de lei que hoxe se nos trae aquí.

Esa proposición non de lei contempla dúas propostas de resolución. Empezamos pola segunda, que di así: “Instar os promotores a trasladar as instalacións do aeródromo a outra zona do Salnés”. Ben, nós o que interpretamos desta segunda conclusión, desta segunda proposta, non é outra cousa que un recoñecemento, e non implícito, senón explícito, dunha posible utilidade desta instalación. Seguramente desde o punto de vista turístico, desde o punto de vista da contribución á creación do emprego, desde o punto de vista da dinamización da actividade económica nesa zona. Temos que dicir que compartimos esta opinión, non así a proposta de trasladalo, salvo que se xustifique.

Pero ímonos centrar na primeira porque creo que é a máis relevante, e aquí dise: “exercer as competencias que lle corresponden por lei en materia de reposición da legalidade urbanística”, e a continuación segue dicindo: “ordenando o precintado do aeródromo de Godos por non contar coa preceptiva autorización da Axencia de Seguridade Aérea” Entendo que se refire á Axencia Nacional de Seguridade Aérea integrada no Ministerio de Fomento. E aquí contéplanse dous aspectos sobre os que me gustaría falar: primeiro, o aspecto puramente urbanístico, e, en segundo lugar, o aspecto que fai referencia á actividade desenvolvida.

Desde o punto de vista urbanístico, recóllese na propia proposta que o día 5 de maio de 2011 se aprobou definitivamente a modificación das normas subsidiarias que posibilita a autorización desa actividade e, polo tanto, a concesión da licenza de obras. O seu problema é que non ten a licenza de

actividade, porque esa está condicionada á obtención da autorización que expide, efectivamente, ou a Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio do Fomento ou a Agencia Nacional de Seguridad Aérea.

Tamén se nos menciona aquí que hai un informe que nós non coñecemos, aínda que xa se nos citou na comisión correspondente, do ADIF, é dicir do Administrador de Infraestructuras Ferroviarias, vinculado á Dirección Xeral de Ferrocarriles e dependente e integrado no Ministerio de Fomento. Polo tanto, co que realmente nos atopamos é cun problema de actividade que depende da concesión ou non dunha autorización que ten que outorgar o Ministerio de Fomento e que depende de dous órganos integrados neste Ministerio: a Axencia Nacional de Seguridad Aérea e o Administrador de Infraestructuras Ferroviarias; non é exactamente un tema competencia da Comunidade Autónoma nin responsabilidade directa da Comunidade Autónoma, independentemente de que non me parezan aceptables algunhas cualificacións que se verten aquí sobre o delegado do Goberno, é evidente que, se efectivamente hai un problema de seguridade e de interferencia coa seguridade do sistema ferroviario, é a Administración competente a que ten que tomar a decisión oportuna, xa sexa resolvendo, entre outras cuestións, a solicitude de autorización que está presentada na Agencia Nacional de Seguridad Aérea e en Aviación Civil, nun sentido ou noutro. Concedéndoa, coas limitacións ou condicionantes que estime oportuno; ou denegándoa polas razóns que vostede acaba de mencionar, e que, nese caso, daría lugar a ordenar a inmediata clausura da instalación. Pero non é esta Cámara, non é a Xunta de Galicia, o órgano competente en seguridade aérea nin nesta materia, nin o órgano competente á hora de conceder ou denegar este tipo de autorización.

Por esa razón, desde o noso punto de vista imos proceder a absternos na votación, tal e como fixemos na comisión.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Bugallo.

Grupo Popular, señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Moitas grazas, señora presidenta. Señorías.

Señor Fajardo, como vostede ben dixo, esta é a segunda vez que trae esta iniciativa a esta Cámara. A primeira foi na Comisión de Obras Públicas, e votamos en contra. Agora é en Pleno, e voltaremos a votar en contra. E créame que isto non nos vai xerar ningún problema para conciliar o sono porque o imos facer coa conciencia moi tranquila. O que quizais non pode ter a conciencia tan tranquila é vostede, porque utiliza politicamente o que seguramente son conflitos veciñais para obter réditos políticos.

Como ben dixo o señor voceiro do Partido Socialista, estamos a falar dunha promoción privada. O promotor, como ben dixo o señor Bugallo, morreu hai tres meses. Esperaremos a ver cal é o destino final desde o punto de vista persoal desa promoción privada en función dos seus herdeiros. Non obstante, vostedes utilizan esta cuestión para obter réditos políticos e para intentar desgastar politicamente neste caso –e así o focalizaron– o señor Louzán. É o foco de todas as críticas por parte do señor Fajardo. Non sei cal é o problema que ten co señor Louzán: se lle molesta que gañe as eleccións, se lle molesta que sexa o presidente da Deputación, se lle molesta que sexa o presidente provincial do partido máis votado na provincia de Pontevedra. O caso é que utiliza toda clase de argumentos para desgastar o señor Louzán, todo lle vale, e faino con absoluta falta de rigor.

Di con absoluta tranquilidade o señor Fajardo que o aeródromo é ilegal. Di con absoluta tranquilidade o señor Fajardo que a recualificación dos terreos está chea de irregularidades. E di que o estudo técnico de AESA omite datos esenciais relativos á realidade dos terreos e á seguridade das instalacións.

Mire, señor Fajardo, ante esta falta de rigor é importante clarear que os informes da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística din textualmente que os terreos sobre os que se levaron a cabo as obras non están sometidos a un réxime especial de protección e que será de aplicación o réxime de protección ordinaria. E o máis importante, señor Fajardo, que as actividades de carácter deportivo ou socio-cultural que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións que se precisen, constitúen un uso construtivo permitido por licenza municipal directa, tal e como establece a LOUGA. Polo tanto, vostede non pode dicir que esta instalación como infraestrutura é unha instalación ilegal, nin que a Xunta de Galicia cometeu ilegalidades. Ademais, vostede

tamén –que esixe informes medioambientais– debería ter claro que estes non son necesarios porque non son terreos de protección agropecuaria; na contorna non existen vivendas, como vostede afirma na iniciativa; a 500 metros está o núcleo de poboación de Reguengo e a 6 quilómetros o núcleo de Caldas. É máis, non están na Rede Natura 2000, e recibíronse informes, como corresponde, de Augas de Galicia, da Consellería de Medio Rural e da Cámara da Minería e a Asociación da Defensa Ecolóxica de Galicia.

Polo tanto, señor Fajardo, a Xunta de Galicia está a cumprir coa legalidade e a exercer as súas competencias, e vostede denuncia que a Xunta de Galicia non cumpre a legalidade e non exerce as súas competencias; e quere que exerza competencias que non lle corresponden e que son do Ministerio de Fomento, neste caso da Dirección Xeral de Aviación Civil.

Díxollo ben claro o señor Bugallo, o problema da instalación é que carece de licenza de actividade. E carece de licenza de actividade porque está pendente dun informe do organismo que si que é o competente para determinar que esa instalación ten autorización para que poida ser utilizada para a navegación aérea, que é a Axencia Estatal de Seguridade Aérea. Se vostede le a resposta remitida o 19 de marzo de 2014 desde o Congreso dos Deputados, por parte do secretario de Estado das Cortes, di que aínda non se levaron a cabo actuacións materiais de comprobación da situación do referido aeródromo, e que, polo momento, non conta coa autorización de apertura ao tráfico. Díxoo, por tanto, do xeito correcto o señor Bugallo: carece de licenza de actividade porque carece da autorización do organismo competente. E, ademais, a Xunta de Galicia, por moito que vostede se queira esforzar, non pode pronunciarse sobre a viabilidade ou non da utilización desas instalacións para a navegación aérea porque non temos unha lei de aeródromos; polo tanto, a competencia segue sendo de AESA, señor Fajardo.

E se a vostede non lle convencen os nosos argumentos, pois o que ten que facer é denunciar o tema...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: ...nos xulgados. E se non denuncia o tema nos xulgados, ata que se pronuncie AESA, voulle dar

un consello. Como dicimos os de Forcarei, non poña o carro diante dos bois.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Gómez Alonso.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Fajardo.

Déanlle voz ao escano do señor Fajardo, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: Señor Gómez Alonso, espero que vostede non se teña que arrepentir das dúas desastrosas intervencións perante esta Cámara xustificando o inxustificable.

Mire vostede, hai unha cuestión que vostede obvia. Eu acabo de demostrar aquí que se está utilizando un aeródromo que non ten licenza para ese uso, un aeródromo que, segundo a propia policía, ten decreto de paralización de obras e de actividades. E a propia policía di, ademais, que o alcalde –por certo, compañeiro de partido do señor Bugallo– di que ten autorización verbal para que se use. ¿Como se lle chama a iso? Burlar a legalidade.

Fronte a iso, nós preocupámonos pola seguridade da xente, e non é competencia nosa preocuparse pola seguridade da xente, pero nós preocupámonos. Vostedes, baixo a escusa das competencias –que ten esta Administración, por moito que digan que non–, miran para outro lado. Como non miran para outro lado cando falamos de mandar os corpos e forzas de seguridade do Estado contra os traballadores. Pero neste caso, si. E ademais utilizan un tema que ten que ver coa humanidade da xente, negando unha realidade. O promotor, o titular da infraestrutura, agora é unha empresa, un consorcio de empresas, con sede en Portugal. Polo tanto, estamos falando de cousas distintas. E aquí estamos falando dunha infraestrutura que ten un informe de Adif que di que é incompatible coa seguridade ferroviaria. E ese informe –por certo, respecto do que se lle nega o acceso a este grupo pero que coñecemos porque temos o texto e porque falamos con quen firma ese informe–, ese informe que o Goberno central lle nega ao noso grupo e a cada un dos compoñentes da nosa coalición, porque saben que ese informe está á disposición xa do delegado do Goberno, di que ese uso actual é incom-

patible coa seguridade. E, polo tanto, cada vez que se usa o aeródromo ponse en risco a vida das xentes que pasan polo viaduto. Iso está aí, iso está aí, e vostedes miran para outro lado.

Por desgraza, neste país fanse as cousas *ad hoc* cando é un amigo dos que gobernan, e este é un caso moi claro: un aeródromo que se empezou a construír cando aí non se podía facer nada, e, en vez de sancionar, modificouse a norma para que se puidese facer. E agora que hai unha situación de inseguridade, vostedes serán capaces de anular a vía férrea para que un amigo saia beneficiado. É absolutamente lamentable, absolutamente lamentable. Pero logo, cando haxa unha desgraza, dirán que non é responsabilidade súa, igual que o dixeran cos sistemas de seguridade da velocidade alta de Galicia.

Por iso, se teñen un mínimo de decencia, lles pido que actúen; se non, sigan facendo outra cousa. Pero é que, ademais, é neste momento cando a Xunta de Galicia está gastando medio millón de euros en anuncios, porque di...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...que hai que denunciar os veciños que levanten un galpón, cando vostedes non fan nada cando un levanta un aeródromo. Neste país non se poden facer galpóns para as galiñas, pódense facer aeródromos que poñan en risco a vida da xente. Absolutamente lamentable. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fajardo.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Hipólito Fariñas Sobrino e seis deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa pobreza enerxética da poboación en risco de exclusión social

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Socialista e do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

(*O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada María do Carme Adán Villamarín, ao abeiro*

do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Ao final do primeiro parágrafo, engadir:

“Entre as que figurará o eliminación dos cortes de luz por impago de recibo cando as condicións económicas non permitan facer fronte ao mesmo.”

Emenda de substitución.

Débese substituír o segundo parágrafo polo seguinte:

“O Goberno galego modificará a Lei 2/2012 de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias co obxectivo de definir a figura de persoa consumidora vulnerábel para adoptar as medidas axeitadas que garantan o subministro eléctrico.”)

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación do punto 1.

Débese modificar o punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“– A habilitar unha liña de axudas sobre un servizo mínimo de subministro de enerxía (electricidade e gas), que garanta que ningún fogar poda ser privado dun mínimo de cobertura enerxética de subsistencia entre o 1 de novembro e o 31 de marzo, que permita garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza enerxética.

– A reclamar ao Goberno de España que modifique a Lei 8/2013 de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, incorporando unha restrición ás empresas subministradoras, que non poderán suspender o servizo de abastecemento de auga a unha familia por razóns económicas, cando os recursos familiares non permitan cubrir o seu pago.”

Emenda de adición ao punto 2.

Débese engadir ao final do punto 2 da parte resolutiva o seguinte contido:

Engadir in fine: “...Para que estea plenamente en vigor antes do outono deste ano.”)

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa da súa deputada e portavoz Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte dispositiva da iniciativa polo seguinte texto:

“1. Ao efecto de paliar a situación de pobreza enerxética que sofren as familias en Galicia formularase unha Modificación de Crédito consignando un importe orzamentario suficiente para sufragar o pago dos recibos de electricidade das persoas afectadas por pobreza enerxética.

2. Demandar do Goberno central a realización da modificación da Lei de liberalización do sector enerxético de xeito que a enerxía sexa considerada un servizo básico fundamental, introducindo modificacións lexislativas que impidan que as Compañías privadas de enerxía, podan cortar os suministros ás familias que atravesen dificultades económicas.

3. Realizar un Plan galego contra a infravivienda e de rehabilitación dirixida a persoas con escasos recursos onde se inclúa a realización dos proxectos necesarios para paliar a situación das vivendas e as axudas para a súa execución.”)

A señora PRESIDENTA: Para formular esta proposición ten a palabra o señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señora presidenta.

O Grupo Parlamentario Popular quere empezar este turno de intervención nesta proposición non de lei manifestando a súa solidariedade con todas as persoas que sofren carencias enerxéticas nas súas casas, como xa manifestou o consellei-

ro, señor Conde, no pleno pasado, e tamén o noso compromiso para resolver os problemas destas persoas.

Presentamos hoxe esta proposición non de lei para cumprir cunha obriga adquirida diante desta Cámara cando non foi posible acadar un acordo cunha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego noutra ocasión que debatíamos do mesmo asunto por non acadar consenso respecto dunha emenda que presentou o Grupo Municipal do Partido Popular.

O Goberno galego, como xa dixen na outra intervención, é moi consciente de que hai persoas, demasiadas persoas, que sofren carencias respecto do que se chama “pobreza enerxética”. ¿E que entendemos por pobreza enerxética? Pois entendemos por pobreza enerxética, segundo nos manifesta, por exemplo, a Enquisa de Orzamentos Familiares nunha dobre vertente, aquelas persoas que non son capaces de facer fronte á súa factura por consumo enerxético, ou, no mesmo eido, para as que supoña unha porcentaxe moi alta dos seus ingresos facer fronte a estes pagos. E tamén temos outra definición –por chamala así– que nos fai a Enquisa de Condicións de Vida, que se refire á vellez do noso parque de vivendas, no que máis do 50 % ten máis de 50 anos, no que o 56 % están construídas sen ningún criterio de eficiencia enerxética, no que o 18 % teñen humidades, goteiras e, en calquera caso, están sen illamento.

O Comité Económico e Social da Unión Europea reconece que non hai unha política europea común aplicable a todos os Estados membros nin unha normativa que a regule. É certo que non hai. Polo tanto, cada un dos Estados acada un acordo ou redacta unha normativa para actuar de forma individual respecto desta problemática. E nós consideramos que debe ser o Estado quen ten que facer fronte á normativización territorial desta lacra social que afecta a tanta xente. Cremos que ten que ser o Estado, mesmo reconecendo o común dereito do consumidor, probablemente si, pero que ten que ser o estado. E tamén consideramos moi oportuno que non quede en mans das comunidades autónomas, porque, dado como está o panorama social e político das comunidades autónomas hoxe, non sería garante de nada absolutamente respecto da uniformidade da adopción de criterios en cada unha delas.

É certo que hoxe as comunidades non están a atravesar o seu mellor momento, pero os cidadáns teñen que ser obxecto das

políticas que poidan amparalos a todos, e non uns un pouco e outros nada.

Pero mentres non é posible acadar este consenso para que o Estado asuma as súas competencias, cremos que hai que tomar medidas. Así se recolle respecto do consumidor vulnerable na Lei 24/2013, no seu artigo 45.1, a súa definición, ou polo menos a súa nomenclatura como consumidor vulnerable. A disposición transitoria décima da mesma lei tamén dispón as condicións que ten que cumprir cada unha das persoas para poder acceder ao bono social enerxético, un bono social e enerxético que vai ser dun montante de máis de 220 millóns de euros este ano e que van asumir nun 94,1 % as tres grandes empresas eléctricas do país, e, no restante, o resto das 27 empresas de menor rango que se van facer cargo, como dixen, deste bono social, un bono social enerxético que palia, pero non absolutamente, estas necesidades.

O Goberno galego reconece a urxencia –por dicilo así– de definir cal é a condición que se debe de ter, os criterios que se deben de reunir, para poder acceder ao termo de consumidor vulnerable. É un recoñecemento concreto –que por iso se presenta esta proposición non de lei– para dar solución a un problema tamén concreto.

O Goberno galego, por outra parte, ten demostrado a súa solidariedade tamén e o seu compromiso cos máis desfavorecidos. E este compromiso quérese manifestar aquí hoxe a través desta proposición non de lei. Pero mentres isto non é posible, mentres o Estado non adopte as medidas que nós consideramos obrigatorio que ten que adoptar, non se está parado, non se está quieto. Estanse adoptando medidas a expensas de que a Consellería remate ese estudo rigoroso que está facendo respecto do número de persoas que teñen a condición de consumidores vulnerables. Así, a Consellería, por exemplo, de Traballo e Benestar está tamén actuando na liña que nós consideramos que é a mellor política social, a mellor política económica e a mellor política enerxética, que é tratar de traballar polo emprego, e que todas as persoas que perderon o seu poidan volver recuperalo. É dicir, que poidan acadar un nivel de ingresos que lles permita non recorrer á axuda social para poder pagar as súas facturas.

A Lei 8/2012 tamén recollía, no seu artigo 91, adoptar medidas para paliar as deficiencias enerxéticas das vivendas de Galicia. O plan estratéxico, recentemente aprobado o pasado

25 de febreiro no Consello da Xunta, de rehabilitación de vivendas tamén recolle especificamente a deficiencia dos edificios e axudas para a súa corrección por un valor montante de 56 millóns de euros.

A nivel nacional, o Real decreto 12/2003 tamén recollía medidas para mellorar, mellor dito, as deficiencias enerxéticas dos edificios, ao mesmo tempo que as melloras das caldeiras. O Plan de vivenda aporta 627 millóns de euros ao plan nacional para esta mesma cuestión; e o Plan nacional de integración, 136.000 millóns de pesetas, no que terán que aprobar as distintas comunidades autónomas o convenio para aplicar en cada unha delas, e que inclúe tamén as ONG, ou inclúe as corporacións locais ou inclúe tamén as propias comunidades autónomas.

Señorías, en calquera caso, estase aplicando a política do posible nuns momentos de restrición orzamentaria. Nuns momentos de crise profunda tamén se está facendo a política do posible. Estas políticas do posible son as que se puideron ter feito noutros momentos e non se fixeron. O INE, o Instituto Nacional de Estatística, reconece as actuacións neste sentido. A día de hoxe podemos dicir: algo terá de bo a política que está a desenrolar o Partido Popular, porque hai menos persoas endebedadas a día de hoxe, hai menos fogares con temperatura non axeitada que no ano 2007. Porque este non é un problema que xeráramos nós, o pesadelo da deficiencia enerxética nos domicilios non é un problema que xerara o Partido Popular. Xa o Instituto Nacional de Estatística tamén en 2007 reconecía a figura non trasposta a través das normativas, por exemplo, da Directiva Europea 72/2009, que obrigaba os concellos a aplicar a pobreza enerxética na súa lexislación. E na famosa Lei 2/2011 non se incorporou, non se incorporou –gobernaba quen gobernaba, non o imos dicir–, ata que o Decreto 13/2012 –que gobernaba quen gobernaba tamén– pois traspuxo esa directiva e reconeceu expresamente esta condición.

Nós esperamos un apoio á nosa iniciativa, cremos que vai encamiñada directamente a incidir sobre esta necesidade. E, señorías, sen máis, moitas grazas a todos. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Mixto, ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bos días a todas as persoas que están neste hemicycleo.

Moitas grazas, señora presidenta.

Paréceme moi loable e solidario por parte de vostedes que consideren un gravísimo problema a pobreza enerxética, e que insten o Goberno do PP, do cal forman parte, que goberna con maioría absoluta, para a súa solución con medidas entre as que se atopa que se defina o que é a figura do “consumidor vulnerable”. Eu creo que é moi fácil de definir. Figura que recolle a Lei do sector eléctrico, lei que xa parte con mal pé, porque, segundo o movemento ecoloxista, prexudica a cidadanía e o medio ambiente.

A cidadanía prexudícaa porque está baseada en garantir o pagamento do déficit de tarifa e preparouse ás costas dos cidadáns, e tramitouse polo procedemento de urxencia. O medio ambiente tamén, porque penaliza a produción de enerxías renovables. Señoras e señores do PP, vostedes están no Goberno e os bos desexos non son quen de solventar esta cuestión, fai falta facer política social, escoitar o pobo e tamén as iniciativas dos grupos da oposición, que vostedes rexeitan sistematicamente.

O primeiro rexeitamento que vostedes fan chegou no Congreso dos Deputados do Estado. Esquerda Plural presentou un plan baseado nas recomendacións do citado anteriormente Comité Económico e Social Europeo, co fin de aplicar treguas invernaís, ou sexa, limitar o corte da subministración nos meses fríos.

Tamén no Parlamento de Galicia, o BNG e AGE presentaron iniciativas neste sentido, pero vostedes votaron outra vez en contra. E a Xunta responde que está a estudar a maneira de habilitar algunha axuda en concepto de subsidio eléctrico e social, pero non o fan. Non o fan e argumentan que están á espera de que se definan claramente os parámetros necesarios para que un cidadán ou unha cidadá acade a categoría de consumidor vulnerable.

E, señoras e señores deputados, entre dimes e diretes, o inverno rematou.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Bo día de novo.

Esta mañá estamos que damos todo, porque eu anotei literalmente que o Partido Popular dicía que neste momento existía menos pobreza enerxética. Eu agardo que sexa unha mala comprensión da persoa que fala; e, dende logo, lerémolo nas actas deste pleno. Porque que existía pobreza enerxética antes do 2008, efectivamente; que se incrementou de xeito alarmante é un dato dado por todos os analistas e por todas as investigacións a respecto da pobreza enerxética. Eu teño diante, por exemplo, o estudo que se presentou no 2012 a respecto da situación da pobreza enerxética nos anos 2009, 2010 e no 2011 por parte de profesorado de ciencias aplicadas en economía, que mañá tamén volven presentar un novo estudo a respecto do incremento dende o 2011 até o 2013. Polo tanto, non nos diga que a pobreza enerxética está estancada ou que non creceu. Creceu, e vostede sabe moi ben por que. Primeiro, pola diminución drástica dos ingresos dos fogares. Segundo, polo incremento de todas as fontes de enerxía: a luz, o gas... E, terceiro, efectivamente, porque existe pouca eficiencia enerxética na vivenda, e cada vez menos, en canto que os fogares están empobrecidos e non van poder dedicar recursos para mellorar esa eficiencia enerxética se as administracións públicas retiraron tamén os recursos para contribuír a eficiencia enerxética. Polo tanto, estamos nunha situación na que un concepto que podían utilizar aqueles economistas experimentados o utiliza a poboación en xeral, que é a pobreza enerxética, persoas, fogares, que non poden pagar a factura da luz.

E vostede, despois de ter votado en contra de diferentes iniciativas ao respecto, unha vez empezado este período de sesións, na Comisión 6ª e tamén despois de ter votado en contra no Pleno do Parlamento, hoxe o que nos propón é exactamente estudar medidas máis adecuadas para paliar as necesidades enerxéticas da poboación en risco de exclusión social. É dicir, que se estude, iso é o que vostede propón, que o Goberno galego estude as medidas máis adecuadas. E tamén lle pon deberes ao Goberno do Estado. Di: “Ínstase a

demandar do Goberno do Estado a definición de consumidor vulnerable, á que se refire na nova Lei do sector eléctrico”. É dicir, que o Estado defina, pero é que o Goberno galego pode definir. Porque o Goberno galego ten unha lei –tal e como nós recolleemos na nosa iniciativa–, unha lei aprobada en marzo de 2012, na cal se fai referencia á protección das persoas consumidoras e usuarias. Na lei galega pode recollerse unha definición, cos parámetros que considere o Goberno ou escoitada a oposición, a respecto de qué é persoa consumidora vulnerable no ámbito da enerxía. Iso pódoo facer o Goberno, non ten por que poñerlle deberes ao Goberno do Estado.

Vostede sabe perfectamente que vén de publicarse a definición, segundo os parámetros de renda, de consumo e de ineficiencia enerxética, por parte da Comunidade Autónoma de Cataluña na que se define o concepto de persoa consumidora vulnerable, tendo presente determinada lexislación no ámbito europeo –por exemplo, a británica, que neste momento é a que ten máis desenvolvido ese concepto de persoa consumidora vulnerable–.

Nós o que lle demandamos ao Goberno de Galiza son dúas cousas claras: primeiro, que tome as medidas para frear os cortes de luz en Galiza ás persoas que non poden facer fronte ao recibo da luz, e que as tome o Goberno galego; e, segundo, que defina o Goberno galego, e que inclúa na Lei para a defensa dos dereitos das persoas consumidoras a definición de “persoa consumidora vulnerable” no ámbito das enerxías. Pode facelo, é a súa vontade. Agora, que vostede nos traia aquí unha iniciativa que non di absolutamente nada, que non mellora a calidade de vida das persoas que sofren exclusión enerxética, parécenos simplemente falar por falar.

O Goberno ten capacidade, o Goberno debe gobernar e, polo tanto, o que pedimos é que se lexisle para definir a figura e sobre todo –o máis importante– que non se corte a luz ás persoas que non poden pagala.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor Fariñas, eu agradézolle o ton e a humildade, porque, despois do que temos escoitado pola mañá das verbas do presidente da Xunta de Galicia, que mesmo semellaba que viviamos en Suecia, pois, efectivamente, o seu ton é, cando menos, de agradecer.

Pero si que non queriamos introducirmos nunha especie de termidor social no que o Partido Popular nos está incorporando a través das distintas lexislacións que regulan o mercado enerxético e substancialmente unha ferramenta tan vital como é dotarnos de enerxía, de electricidade, de gas, de butano e demais nos fogares do noso país. E ¿por que digo isto? Porque estamos, digamos, diante do goberno das eléctricas. Debemos de ser o único Estado que tivemos a sorte de ter a dous ex presidentes en consellos de administración relevantes. Dimitiu un, pero é certo que o señor Aznar, supoñemos que para dirixir e para planificar ben os intereses das eléctricas, aínda segue cunha cadeira nun consello de administración.

E, efectivamente, isto trae causa da liberalización dos sector enerxético coa Lei 54/1997 –que xa coñece mellor ca min– e na que efectivamente nos vendían a moto de que liberalizar o sector enerxético ía levar consigo inmediatamente unha rebaixa, unha baixada, da factura da electricidade. Non soamente non foi así, foi unha grande trampa. E non soamente non foi así senón que foi unha grande estafa, unha grande estafa, outra máis para este país, que permitiu que nesta economía de casino, na que pasaron do cemento á enerxía, as grandes multinacionais do noso país e do noso Estado, efectivamente, tiveran beneficios obscenos. E así hai datos que son profundamente preocupantes. Por exemplo, dende o ano 2001 ata o ano 2012, o prezo da factura da electricidade, non por graza de Deus, senón grazas á lexislación feita por e para as eléctricas, o prezo da factura da electricidade incrementouse nun 105 %, nada máis e nada menos.

Pero non só iso, é que os datos tamén reflicten que dende o ano 2009 ata o 2012 o incremento foi do 49 % –2009-2012–. Claro, é unha cousa tremenda. Pero non soamente iso. É que nos gustaría saber por que o Estado español, despois de Malta e Chipre, se atopa nunha situación na que as empresas pois teñen uns beneficios empresariais que destacan no conxunto da Unión Europea; particularmente do 6,7 %, fronte á

media europea, que se sitúa no 2,6 %. É dicir, aquí estase facendo un negocio tremendo. Pero esta norma liberaliza e, polo tanto, privatiza un recurso que sería estratéxico –e, polo tanto, Alternativa Galega de Esquerda, xa que o define como estratéxico, pensa que debería de radicar nas mans públicas–. Se cabe, tivo unha oportunidade magnífica o Partido Popular de mudar esta situación na recente lexislación que se aprobou o 26 de decembro do pasado ano, a Lei 24/2013.

Non soamente non aproveitaron esta oportunidade para lexislar cara aos de abaixo, non, non, non fixeron iso. Seguiron introducindo e garantindo ese suculento negocio para os de arriba. Efectivamente –xa o dixo a compañeira antes–, esta norma fundaméntase nunha grande estafa, que é o déficit tarifario, que nós, dende logo, nos negamos a pagar. É a grande estafa desta norma. Pero non soamente iso, é que esta norma penaliza, por exemplo, o autoconsumo. Esta norma, ademais, invade competencias propias deste país. E o que é máis grave, efectivamente: estamos diante dunha grande estafa, dun gran roubo. E a vostedes, que tanto lles gusta o texto constitucional –e mesmo nestes días, coa morte de Suárez, estamos facendo, construíndo, un mito, como dixo alguén, neste país, un señor moi importante cuxa historia parece que mudou a nosa realidade– pódolles ler o artigo 128 da Constitución española, porque fala, claro, da intervención na economía, sobre todo cando hai prácticas que semellan ser monopolísticas, como é o caso no que estamos. Por tanto, vostedes, diante desta grande estafa, o que tiñan que facer era aplicar de facto o artigo 128 da Constitución española. Eu xa sei que non o van facer, pero consta no frontispicio dos principios reitores da política económica e social do noso texto constitucional. Aí, por suposto, está, e aí poderían facelo.

E remato cunha cousa. Efectivamente, nós, claro, poderíamos dicirlle que si a isto. O problema é que están gobernando, señor Fariñas, e o problema é que, namentres, non se trata de definir quen é un consumidor vulnerable, trátase de arranxar os problemas das persoas, catro millóns de persoas, o 10 % da poboación española, que non pode encender a electricidade ou non pode subministrar calefacción.

Efectivamente, por exemplo, un dato recente que se acaba de publicar, o informe da propia defensora do pobo...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...e remato xa—, da señora Becerril. Unha vez máis está dicíndolle ao Goberno do Partido Popular que introduza garantías antes de cortarles a electricidade ás persoas que son vítimas da pobreza enerxética. Fáganlle caso á señora Becerril, adopten medidas, gobernen, efectivamente, materialicen os feitos. E se non son capaces de definir quen é un consumidor vulnerable, como xa está definido na lexislación europea e mesmo, ademais, como temos presentado no Congreso dos Deputados en distintas iniciativas, seguro que calquera técnico lles pode dicir qué é un consumidor vulnerable.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

A señora DÍAZ PÉREZ: Por tanto, se nos admiten a emenda que formulamos, con tres puntos, votariamos a favor; en caso contrario, o voto é negativo.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Díaz.

Grupo Parlamentario Socialista.

Señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, parece que agora si que podemos falar xa de pobreza e de desigualdade, creo que estamos no tema; e, polo tanto, estou seguro de que non terei ningunha chamada de atención da dirección neste debate.

Eu, a verdade é que estou en preshock esta mañá, porque llo escoitei por dúas veces ao presidente Feijóo —a verdade é que o crédito que me ofrece cando fala de números é escaso—, pero acabo de volver escoitalo dicir que neste país hai menos pobreza hoxe que no ano 2008; é unha mezcla de *El mago de Oz* e, o que é máis grave, de *Un mundo feliz*, que, se recordan o que facía, era darlles *soma* a aqueles escravos para telos literalmente alienados, porque é radicalmente falso, e estou seguro, señor Fariñas, que vostede, que é unha persoa rigorosa, o sabe.

Comezou falando de solidariedade. Mire, a solidariedade, cando se está nun partido que apoia con maioría absoluta un goberno, móstrase votando, non se mostra con discursos. Tamén axudan, pero móstrase fundamentalmente votando, e

móstrase presentando propostas fortes, en termos políticos. E, vaime permitir, o que vostedes presentan aquí —con todos os respectos, por suposto— é un auténtico lavado de cara, é unha declaración de intencións, porque que a Xunta de Galicia estude as medidas máis adecuadas... Mire, está estudado, saben perfectamente que está estudado, e, por certo, tamén está tan estudado como que hai xa un mes, nunha destas noticias que a Xunta xera no seu departamento de publicidade e propaganda, xa dixeron que estudaban crear un bono social para axudar a pagar a luz a persoas sen recursos. Dous centos vinte mil galegos padecen pobreza enerxética, segundo os datos da propia Xunta, iso é un 9,5 %. Eu intúo que son máis, pero imos deixalo nun 9,5 %, que non está nada mal, señor Fariñas.

Pero, mire, aquí mesmo di, citando a enquisa de condicións de vida das familias do Instituto Galego de Estatística, que o número de persoas afectadas por esta síndrome —por chamarlle dalgunha maneira— de pobreza enerxética aumentou no ano 12 un 12 %. Eu creo que no ano 11 aumentou, eu creo que no ano 10 aumentou e eu creo que no ano 9 aumentou. Polo tanto, de verdade que vir aquí dicir que a pobreza enerxética, ou que a pobreza en xeral está diminuindo neste país... Por certo, ¿pódenme explicar como está diminuindo? Porque a renda cada vez se distribúe máis desigualmente, e o produto interior bruto baixa e a pobreza baixa. Isto é *El mago de Oz* literalmente, atenta contra calquera lóxica económica e social que se pretenda facer nun discurso minimamente razoable.

Falan vostedes tamén dos consumidores vulnerables. Efectivamente, na disposición transitoria décima da lei estatal fábase diso; fábase de desempregados, de pensionistas con pensións baixas, e logo, como sempre, inoculan ideoloxía do Partido Popular: consumidores que acrediten ser familias numerosas... Aquí si que non hai diferenza por renda, ¿verdade? Vostedes, que están sempre falando de que os libros hai que pagalos por renda, etc., etc., ¿no tema das familias numerosas non hai que pagalos por renda? ¿As familias do Opus Dei de Somosaguas poden ser consumidores vulnerables? ¡Home!, un pouco de seriedade, unha mínima dignidade para as persoas —insisto— que teñen verdadeiros problemas para pagar a enerxía.

Falou vostede tamén dos programas de vivenda e da situación da vivenda: programa 451A, fomento da rehabilitación

e da calidade da vivenda. Desde que goberna o señor Feijóo, a redución, o 93 %, e, se iso fose pouco, insisto, a redución do 93 %, de 77 millóns a 5,5 millóns. E, se iso fose pouco, a execución desa auténtica fame orzamentaria do 13,7 %. Oia, ¿de verdade que poden vir aquí falar de calidade de vivenda? Revise os datos, home, porque eu creo que hai cuestións nas que convén, en fin, gardar polo menos un pouco as formas.

Mire, este optimismo infundado que intenta inocular o Partido Popular e os gobernos tanto de Madrid como de Galicia é radicalmente falso; é falso. Dáme igual que o PIB se incrementa un 0,2 %. Vostedes saben perfectamente que eses datos, en termos macro, non significan en absoluto mellores condicións de vida para as persoas, e xa non digo para as persoas de renda media ou baixa, señor Fariñas, digo para as persoas. E sabe perfectamente a que me estou a referir.

Por certo, os xornais non os escribe a esquerda, case ningún. Dous titulares de onte, complementarios: “*Los beneficios se libran de la devaluación*”. E “Os salarios teñen o volume do seguro do paro nun 25 %”.

Polo tanto, diso é do que estamos falando. Estamos falando exactamente de que o 25 % dos traballadores deste país ganan menos que o que cobrarían cun seguro de desemprego, e estamos falando de que a distribución do produto interior bruto entre rendas do traballo e do capital é cada vez máis asimétrica...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente—. Iso soluciónase con fiscalidade, como vostedes ben saben, e de fiscalidade xa se falou algo neste pleno, e imos, lamentablemente, cara a onde imos.

Eu lamento moito, señores do Partido Popular, que vostedes, tan preocupados polos dereitos dos non nacidos, estean aínda tan pouco preocupados polos nenos que teñen frío e fame no país no que gobernan. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario autor da proposición, señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señor presidente.

Algunhas aclaracións antes de nada.

Señora Adán, eu ao que me referín é a que en España, aínda que pouco, lixeiramente baixou a taxa de pobreza. Iso foi o que dixo este portavoz, e manteño que baixou a taxa de pobreza lixeiramente, pero baixou, igual que subiu o aforro das familias, pouco pero subiu. E sigo mantendo o mesmo que dixen antes: que este ano hai menos fogares con temperatura non axeitada que no ano 2007; do ano 2008 falou soamente o señor Losada.

E respecto de que sexan moitos ou sexan poucos, pois iso non é cuestión miña evalualo, simplemente é resolvelo. Porque para vostedes, cando gobernaban aquí en Galicia, 600.000 eran poucos, díxovostede nunha das súas iniciativas. Ningunha medida, porque non é estimable; 600.000 son poucos.

No ano 2010, señor Losada, máis dun millón en España; medidas, ningunha, nin sequera a transposición obrigatoria que tiñan que facer dunha directiva europea. Ningunha. No ano 2011 sobe a cifra, 1.200.000. ¿Medidas que tomaron vostedes? Ningunha, ningunha.

¿E onde estaban vostedes entón, cando agora desde a oposición veñen reclamar que non foron capaces de mover nin un dedo desde o Goberno?

E, señora Iglesias, con todo o cariño, claro que pasou o inverno, tamén pasou o inverno en Andalucía, que no mes de marzo de 2013 empezaron a estudar o problema da pobreza enerxética e disque van acabar en xuño deste ano. ¡Oxalá acaben! E van —disque— reclamar 22 millóns de euros. Aquí, en Galicia, AGE reclamaba hai quince días un millón nada máis. Ese é un recoñecemento bastante solidario.

E respecto das definicións, pois si é necesario unha definición, ¿non quere vostede que pase como coa TUR, ¿verdade?, que todos eran vulnerables; ¿ou non quere vostede que pase como pasou coa dependencia?

Pero, en calquera caso, señora Díaz, con todo o respecto, fala vostede da Lei 54 de 1997. Si, señor, lea vostede a incorporación que se fai nesa lei da Lei 40/1994, que é onde se

recoñecen por moratoria nuclear as incorporacións por suspensión de actividade e a suspensión tamén das licenzas a tres centrais nucleares, e onde se incorporan 4.500 millóns de euros á tarifa de todos os españois durante vinte e cinco anos. Lea, lea; lea, que é recomendable.

Manipular, señor Losada. Vostede neste tema, vendo a súa emenda, non ten razón nin sequera intelectual nin técnica nin política nin formal. Vaia dicirlle ao alcalde de Lugo, como lle reconveu o seu socio do BNG, que non lles corte a auga aos seus veciños, e despois diso dea vostede leccións aquí do que queira, porque, mentres gobernan, non dan ningunha. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fariña.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Beatriz Sestayo Doce e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas xudiciais referidas ao pagamento das pagas extraordinarias detraídas aos empregados públicos, así como as políticas de recortes e privatizacións do sector público

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Sestayo.

A señora SESTAYO DOCE: Grazas, señor presidente.

Nesta realidade virtual que vivimos no Parlamento de Galicia, completamente afastada da realidade social que se vive portas a fóra e á que parece que vostedes son alleos, o Grupo Parlamentario Socialista trae unha iniciativa parlamentaria na que en cambio cremos que imos estar de acordo, porque cremos que nos vai votar a favor o Grupo Parlamentario do Partido Popular, toda vez que, como é sobradamente coñecido, o señor Feijóo cumpre sempre a súa palabra e os seus compromisos electorais. Polo tanto, é fácil recoller a hemeroteca e o *Diario de Sesións* desta mesma Cámara para ver que vai acatar sempre as sentenzas xudiciais, que vai acatar sempre todas as decisións da xustiza e ademais que vai respectar os dereitos dos empregados públicos.

Efectivamente, entre centos de afirmacións do señor Feijóo, podemos ver que dicía o 20 de xullo de 2012 que “xa non

lles podemos pedir máis sacrificios aos empregados públicos” –presidente da Xunta *dixit*–.

O 21 de decembro do 2012 Feijóo admitía que en 2013 –retractándose a si mesmo– “recortará a paga de Navidad aos funcionarios”. Exactamente, xa pasara a campaña electoral e as eleccións xerais, que é o que fai mudar de forma moi sinxela os compromisos do presidente da Xunta.

Pero despois, no 2013, o 13 de setembro do 2013, Feijóo dicía que a Xunta manterá no 2014 o recorte das extras aos funcionarios. E despois volve emendar: “Afirma o señor Feijóo que os empregados públicos recuperarán a súa paga extra” –recollo a literalidade das frases do presidente da Xunta para que non haxa lugar a interpretacións– “cando mellore a situación económica.”

Hoxe, neste país das marabillas, viamos que o presidente da Xunta, en resposta ao noso portavoz do grupo parlamentario –o señor Méndez Romeu–, na sesión de control, afirmaba que a situación económica de Galicia mellorara e que ademais era boa. Iso dicíao hoxe mesmo o señor Feijóo nesta mesma sesión plenaria.

Polo tanto, hoxe sabemos que na situación de Galicia –esa mesma que acaba de ser descrita polo señor Fariña– hai menos situacións dramáticas con respecto á pobreza enerxética –esa que se vía por parte do Partido Popular no debate social– e que existen menos familias na pobreza –esa que durante toda a sesión plenaria foron vostedes desgranando, señorías do Partido Popular–, afirmando que hoxe se está –en calquera dato que escollamos– moitísimo mellor que antes e que a situación económica remonta, como di tamén o señor De Guindos, a señora Cospedal, o señor Rajoy, a señora Soraya Sáenz de Santamaría, o señor Rueda e o señor Feijóo. Ben, pois poderán cumprir xa esa promesa: recuperarán a súa paga extra cando mellore a situación económica.

E seguramente por iso no propio informe das transferencias de crédito –se queren, poden comprobalo na referencia da Compañía da Radio-Televisión de Galicia e as súas sociedades–, en xaneiro do 2013 –como vostedes dirán que é mentira, pois aquí está a documentación que vostedes poden sacar–, facíase unha reserva de crédito ante as condenas que estaban caendo –o cen por cento, señorías– por parte de sentenzas xudiciais de todos os tribunais de Galicia, de todas

partes de Galicia, condenando a Xunta de Galicia respecto do impago das pagas extras.

Podería traer aquí as sentenzas, pero é obvio que no tempo limitado que temos non podemos lelas todas. En todo caso, si que se recolle, como motivo argumental de sempre nas mesmas, o que este grupo parlamentario recolleu nunha proposición de lei que tamén virá a este pleno, que é a interpretación que estableceu a Administración autonómica en relación co artigo 2 do Real decreto lei 2012, que non garda harmonía con tal precepto. Efectivamente, señorías, saben perfectamente cando se devengan as pagas extras, que non é precisamente no momento do pago.

Coñecen as súas señorías, porque están suficientemente informadas, como están sentenciando os máis altos tribunais do noso país, ata os primeiros tribunais do contencioso-administrativo, e como rexeitan as decisións do Goberno da Xunta de Galicia; unhas decisións que –como dicía, e agora recollo o informe da RTVG– recolle a propia compañía da RTVG dicindo que, tendo en conta as distintas sentenzas ditadas polos tribunais superiores de xustiza respecto da redución das retribucións, se propón por parte da compañía a dotación dunha provisión polo importe de 1.226.693,49 euros, coa desagregación que figura na proposta; é dicir, o pago das pagas extras.

A Compañía da Radio-Televisión de Galicia, iso si, non paga o que debe, pero reconece en informes de transferencia de crédito da Xunta de Galicia que debería pagalas. Isto é o que vostedes fan. Internamente cren que deberían pagalo, as sentenzas xudiciais din que deberían pagalo, o señor Rueda –que é o máximo responsable en materia de xustiza desta comunidade– non vai acatar ou non leva acatando as resolucións do Tribunal Superior de Xustiza, e hoxe teñen a posibilidade, en vista do discurso do presidente da Xunta de Galicia, de acatalas.

Pero, miren, é que, ademais, lles imos axudar sobre ese discurso da austeridade que vostedes teñen. Efectivamente, vostedes evitan, como non, o despilfarro; vostedes son os que queren facer máis con menos. Pois, miren, máis con menos: ¿saben cal é o custo medio –como asinan todos os sindicatos, como ademais informan e se pode comprobar nos custos xudiciais que vostedes coñecen, a pesar do taxazo xudicial; efectivamente, o taxazo–? Pois os gastos medios de

reposición da paga extra por empregado público en cada proceso xudicial son de 300 euros. Esta é a media de todos os procesos xudiciais que se están levando a cabo, dos centos e miles de procesos xudiciais que se están dando en Galicia. Os custos xudiciais que ten que pagar a Xunta de Galicia –é dicir, co orzamento de todas e todos os galegos– por cada proceso xudicial –por decisións propias incluso de Xustiza e das súas taxas– son de 400 euros por sentenza. É dicir, vostedes perden alomenos 100 euros en preitear contra empregados públicos aos que reiteradamente a xustiza lles está dando a razón. E, señorías, ademais están vostedes organizando un colapso xudicial.

Resulta, ademais, sumamente..., bueno, que o outro día un representante da Xunta de Galicia afirmara que, efectivamente, non se podían aumentar prazas nos xulgados, nos tribunais, nin no Tribunal Superior de Xustiza, porque se debía a momentos conxunturais, como eran estas reclamacións que se lles dá por facer aos empregados e empregadas públicos para reclamar as pagas extras. Estes son os caprichos que temos os cidadáns, que se nos dá por reclamar o noso dereito a unha sanidade pública, que se nos dá por reclamar o dereito a unha educación pública, que se nos dá por reclamar respecto aos dereitos das persoas dependentes; ou que se lles dá aos empregados públicos por reclamar o que sexa. Caprichos do destino que fan un pouco máis incómoda a vida das súas señorías e do presidente da Xunta, co cómodos que están nesta realidade virtual na que vostedes debuxan no Parlamento de Galicia.

Pois ben, nós o que pedimos, señorías, é simplemente que acaten as sentenzas. E ademais pedimos que acaten e que respecten os seus propios compromisos: os compromisos do señor Feijóo, o compromiso do señor Rueda, o compromiso do director xeral. Polo tanto, estamos convencidos e convencidas de que non cabe outra decisión, pola súa banda, que acatar, efectivamente, o cen por cento –insisto, non é unha porcentaxe que poida ser discutida– das sentenzas xudiciais –como saben, xa moitas firmes–, que respaldan e que piden por unanimidade todos os sindicatos, e, como saben, unha proposición de lei rexistrada por este grupo parlamentario foi apoiada por todos os sindicatos neste mesmo sentido, e ademais recolle –como dicíamos– este expediente para o acordo da transferencia de crédito da Compañía da Televisión de Galicia –como saben, non allea, dende logo, ao Goberno da Xunta–.

E se a isto lle engadimos, señorías, o seu discurso de evitar o despilfarro —e aquí están os custos de restitución e os custos do pago das taxas xudiciais e dos custos xudiciais do propio litixio—, creo que é evidente, señorías, que imos aforrar gastos aos cidadáns para que se poida investir ese diñeiro, que vostedes están perdendo pola súa prepotencia, por exemplo, en combater a pobreza enerxética, como antes se falaba.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora SESTAYO DOCE: Nada máis, señor presidente, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Sestayo.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, señor presidente.

Cando eu era unha nena non existían as pagas extras. A clase traballadora recibía, co gallo do Nadal, un agasallo da empresa ou da Administración en forma de sobre, lotaría ou alimentos; coñecía-se co nome de “aguinaldo” e tiña unha connotación caritativa. Por certo, un coñecido empresario de Ourense —o señor Domínguez, don Adolfo—, ao amparo das leis laborais actuais, entregoullelo —o agasallo— aos seus traballadores e traballadoras en forma de tarxeta, na cal se puña que lles desexaba un bo ano e que foran moi felices porque a inseguridade laboral xera esforzo e ilusión.

Cando a paga extraordinaria se fixo realidade e dereito, a clase traballadora empregaba estes cartos para gastos extra, para tapar buratiños —dentistas, arranxo da vivenda, unha viaxe...—. E non podemos esquecer que no funcionariado a maioría son soldos mileuristas e que xa foron recortados en diversas ocasións. Funcionarios e funcionarias son o persoal sanitario da pública, as varrendeirás, as carteiras, as mestras.

O derradeiro sábado houbo unha gran e pacífica manifestación de 1.500.000 cidadáns e cidadás que na capital do Estado reclamaron dignidade, teito, pan e traballo. Señoras e señores do PP, o pobo está chegando a se fartar de que os gobernantes fagan oídos xordos ás súas demandas, fartos de

que lles rouben os cartos públicos, fartos dun xefe do Estado nomeado polo golpista Franco e que non foi elixido, fartos de que a xustiza non sexa igual para todos, fartos e fartas das desigualdades, fartas das prebendas da Igrexa, fartas da corrupción nos partidos políticos, fartas do enchufismo, de que os nosos fillos teñan que emigrar para ter emprego, fartas do asoballamento da Troika, das partidas económicas que recibe o Ministerio de Defensa —que aí si que non recorran—, fartas de que os que realmente gobernan sexan a banca e a gran patronal, incrementado a brecha entre superricos e superpobres. E o pobo —que non é parvo— sabe que esta situación carece de vontade política e que non é debida a herdanzas de gobernos anteriores.

Para rematar, señoras e señores que están no Goberno, exerzan o mandato que lles outorgou o pobo nas urnas e gobernen para a cidadanía. É a súa obriga e o seu traballo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Cando no ano 2012 o Goberno do señor Rajoy decidiu que parte do déficit —no que se incorrera fundamentalmente pola economía de casino na que estabamos instalados— se ía facer recaer sobre os ombreiros da clase traballadora, empezando polos empregados públicos, desde o Bloque Nacionalista Galego xa manifestamos que nos opoñiamos a ese tipo de medidas, primeiro, porque eran manifestamente inxustas e, segundo, porque ían non só prexudicar directamente os empregados públicos senón o conxunto da sociedade, na medida en que ían redundar no consumo, pero tamén que eran o primeiro paso para atacar os traballadores e as traballadoras no seu conxunto, que se empezaba por devaluar as condicións salariais e laborais dos empregados públicos como paso previo para degradar as condicións salariais e laborais do resto da clase traballadora. E creo que o paso do tempo nos deu a razón.

Diciamos tamén que era, ademais, unha medida manifestamente ilegal, non só polo que agora veñen dicir as sentenzas senón porque nós seguimos considerando que as pagas chamadas “extraordinarias” non son ningún agasallo –como ben se dixo xa anteriormente– senón que forman parte das retribucións básicas dos traballadores, neste caso dos empregados e empregadas públicos.

Por iso desde aquel momento desde o Bloque Nacionalista Galego viñemos reclamando que se restituísen as pagas extraordinarias e, no seu conxunto, o poder adquisitivo aos empregados públicos. Por iso teño que dicir que nos sorprendeu rotundamente que a semana pasada o director xeral da Función Pública, a preguntas deste grupo parlamentario nunha comisión, reiterase a posición do Goberno galego de declararse en insumisión e de declararse en rebeldía fronte á Administración de xustiza, que en todas as ordes xurisdiccionais nas que se teñen presentado demandas por parte dos traballadores, tanto no ámbito social como no contencioso-administrativo, sen ningún tipo de excepción, lles vén dando a razón aos empregados públicos en que foi unha ilegalidade a retirada desas pagas extraordinarias. E cando presentamos esas iniciativas estabamos seguramente falando só de sentenzas referidas ás pagas extras do ano 2012, pero é que agora tamén xa empeza a haber sentenzas dándolles a razón aos empregados públicos en relación coas pagas extraordinarias do 2013.

Por iso, señoras e señores do Partido Popular, nós pedímoslles aos deputados do PP algo máis de responsabilidade que aos membros do Goberno do Partido Popular, porque ese mesmo director xeral tamén dixo –sen enrubiar nin un chisco a súa faciana– que lle era absolutamente indiferente o quebranto económico que lle puidese producir ao erario público esta actuación da Xunta de Galiza, empecinada en manter a súa posición política, porque isto, ademais, demostra que retirar a paga extra aos funcionarios non era unha imposición que lle facía o Goberno do Estado senón que o Partido Popular de Galicia é confesional dese tipo de medidas, pois o Partido Popular, empeñándose en recorrer as sentenzas –cando todas, absolutamente todas, van na mesma dirección–, pon ademais en grave risco de quebranto o erario público galego. Porque, efectivamente, se se acaba obrigando a todos e a cada un dos empregados públicos deste país a presentar pola súa conta unha demanda, ben sexa polo social ou polo contencioso-administrativo, contra a Administración pública, entre custas e taxas xudiciais pode acabar

supoñendo un incremento do que ten que desembolsar a Administración pública de máis de 25 millóns de euros. Pero parece que ao Goberno da Xunta de Galiza malversar deste xeito 25 millóns de euros lle resulta indiferente.

Hoxe, nesta especie de hipnopedia que estamos vivindo neste Parlamento –dígoo por continuar coa alusión feita polo señor Abel Losada a Aldous Huxley–, xa nos quedou a todos claro que os empregados públicos gañan moito máis hoxe que no ano 2008, non nos cabe ningunha dúbida; hai moitos menos pobres de todo tipo hoxe que no 2008, pero, aínda así, señoras e señores do Partido Popular, por moito que sigan mantendo esa hipnopedia, creo que vai ser difícil que convenzan a cidadanía galega de que as súas políticas non van en contra premeditadamente dos máis débiles.

Por iso nós o que lle dicimos é: non sigan malversando os cartos...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...de todos os galegos e galegas e por unha vez fagan caso do que lles está dicindo a xustiza por unanimidade; dá igual de en que lugar, dá igual de en que orde xurisdiccional. Todos os xuíces de Galiza e tamén do resto do Estado están dicindo que vostedes non tiñan a razón, que a decisión, ademais de manifestamente inxusta...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...era manifestamente ilegal.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Boas tardes xa, señor presidente.

Efectivamente, por este lado tamén lemos; está claro, ¡vamos!

Respecto do que está pasando, señor presidente... Trátase de ler e de comprender, Agustín; de verdade que comprende-

mos. E, ademais, cando lemos as sentenzas que ditan os tribunais do noso país, temos creio que a sorte de entendelas. E eu vou citar unha para que vexan que a linguaxe rompedora ás veces non só é do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda. Esta, por exemplo —é dun tribunal galego—, fala da medida aplicada polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia, de “ablación social”, nada máis e nada menos, e non é un revolucionario este maxistrado. “Ablación social”, así é como cualifica esta sentenza, o que vostedes teñen feito respecto da aplicación dun dos preceptos do Real decreto 22/2012, do 13 de xullo. ¡Lamentable! Ese decreto realmente é para enmarcalo, é o decreto das pagas extras, é o decreto da supresión da asistencia sanitaria a inmigrantes, parados, pobres e demais, os tres pes dos que falamos no dereito. Suma e segue.

O certo e verdade é que son prácticas por parte do Goberno popular temerarias, pero temerarias, primeiro, polo que poden supor nas arcas públicas da Xunta de Galicia, e, en segundo lugar, porque é certo o que di a señora Paz: que despois da comparecencia do señor director xeral da Función Pública deste país semella que se vai revelar a execución destas sentenzas. Bueno, imos ver se imos acabar con delitos por desobediencia, porque é o que nos queda. É dicir, diante da aplicación temeraria das sentenzas do Partido Popular, supoño que acabaremos condenados por desobediencia e inaplicación das sentenzas xudiciais.

Por tanto, señora Sestayo, claro que imos apoiar esta iniciativa, ademais está moi ben. Dá un pouco de vergoña dicir lle a un goberno que cumpra coas sentenzas, que as acate e as cumpra, pero lamentablemente vese que neste caso hai que dicilo. E, efectivamente, era temerario por varias razóns, e é que estamos diante do que doutrinalmente se chama un caso de retroactividade auténtica; é dicir, o artigo 9 da Constitución española, como todo o mundo sabe, permite a aplicación retroactiva das normas sempre e cando haxa unha disposición legal que así o permita. Calquera que lea ese real decreto lei verá como ao longo do seu articulado, disposicións adicionais, transitorias e demais, non aplica a cláusula de retroactividade. Por tanto, o que están a facer neste caso das pagas extras, pero tamén o que están a facer co artigo 35 da subsidiación dos préstamos hipotecarios —que xa trouxemos aquí a debate en case todos os plenos e privándolles vostedes das axudas a milleiros de galegos e galegas que teñen dereito ás mesmas— é, efectiva-

mente, temerario. Sabían perfectamente o que estaban a facer, o que pasa é que sabían que o sistema está montado de tal xeito que, coa introdución das taxas, a dificultade que supón o desembolso de recursos públicos claro que ía dificultar de maneira extrema o acceso á xustiza por parte dun colectivo importante de persoas. Pero non soamente iso, o grave é que o señor Feijóo, en campaña electoral, nun programa, nunha televisión deste país, pois non soamente chegou a dicir que non ía volver aplicar máis retalladas aos traballadores e traballadoras públicos deste país, senón que mesmo chegou a criticar a decisión de Mariano Rajoy, porque dicía que era profundamente inxusta. El dicía que, ademais, o persoal público coas pagas extras aproveitaba para pagar os seguros do coche, os seguros do fogar..., esas cousas mundanas.

Pero hete aquí que xa non é cuestión de que estivera tan en contra. Efectivamente, foi unha campaña electoral, foi unha magna entrevista en tempo récord para presentarse ás eleccións, pero agora xa non soamente é que non estean en contra desta medida, senón que a fan dogma, e ademais con capaces de dicir que se van rebelar fronte á Administración de xustiza. É profundamente inxusta, porque vostedes saben, como sabemos todos e todas, que os funcionarios, o persoal público deste país, igual que o conxunto do Estado, leva unha redución salarial, entre unhas e outras, dun 30 %. E vostedes saben ademais —que é o máis grave, e viñemos de falar agora mesmo de estafas ou burbullas enerxéticas— perfectamente que o persoal público deste país non é o causante da crise desta estafa. Os causantes da crise son eses dos que acabamos de falar, os amigos dos gobernos do Partido Popular, que están dirixindo dende as eléctricas os designios deste país e deste Estado. Aí vostedes non retallan nada; non soamente non retallan, senón que lle poñen a alfombra vermella para que se paseen alegremente.

Por tanto, sexan exemplares, deixen de ser rebeldes fronte a actuacións, dende logo, que son máis que cuestionables, e esperemos que non acabemos, non acaben vostedes, sendo denunciados por un caso de desobediencia. Sería xa o último que nos faltaba.

En todo caso, o resumo da súa política de persoal é que van acabar dilapidando e facendo un ERE masivo en toda a parte pública da nosa Administración. Efectivamente, amortizan prazas, non cobren as vacantes que temos...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...están producindo en sectores básicos como o benestar xornadas exhaustivas, extenuantes, e tamén con sentenzas contundentes. E aquí resulta que, como son traballadores e traballadoras, non pasa nada, que se merecen o que lles están facendo.

Imos votar a favor da iniciativa. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Díaz.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Trae hoxe o Partido Socialista unha iniciativa con dúas peticións: por unha banda, que o Goberno galego acate as resolucións xudiciais que exixen o aboamento das cantidades inxustamente detraídas nas pagas extras dos empregados e empregadas públicos, negociando con eles a extensión dos efectos xudiciais das devanditas sentenzas.

Pois ben, dende o Grupo Parlamentario Popular, señorías, estamos convencidos de que a Xunta de Galicia –por suposto que como regra xeral– cumpre as sentenzas e resolucións xudiciais. Creo que non hai ningún exemplo de incumprimento, e, se así fora, gustaríame que alguén o puxese de manifesto, pero en particular, en relación co cumprimento da sentenza recaída relativa á supresión da paga extra de decembro de 2012, cómpre advertir con carácter previo que a Xunta de Galicia, a través dos seus servizos xurídicos, se personou nos correspondentes preitos argumentando a aplicación dese Real decreto do que xa se ten falado aquí, 20/2012, do 13 de xullo; norma de alcance xeral para todos os empregados do sector público e que é de obrigado cumprimento para todas as administracións públicas, tanto a estatal como a autonómica como a local. A maior abundamento, cabe manifestar que os pronunciamentos xudiciais que se van coñecendo ata o momento, maioritariamente, non en todos os casos, xiran en torno ao devengo da paga extra e á retroactividade da medida, e sobre ese particular os Servizos Xurídicos da Xunta teñen argumentado xuridicamente conforme, por exemplo, as sentenzas do alto tribunal,

do Tribunal Constitucional ou do Tribunal Supremo, concluíndo –o alto tribunal, señora Díaz– que sempre que a norma entre en vigor antes da remuneración da retribución non se vulnera o artigo 9.3 da Constitución. Segundo o Tribunal Constitucional, en relación coas gratificacións extraordinarias, na medida en que a paga extraordinaria non se incorpora no patrimonio dos suxeitos, senón no momento do seu vencemento, non cabe falar de retroactividade e menos aínda de retroactividade auténtica ou máxima, señora Díaz, única constitucionalmente vedada no artigo 9 da Constitución.

Por tanto, lonxe do que vostedes manifestan no encabezado da proposición, non hai falta de acatamento das devanditas sentenzas, xa que a actuación da Xunta obedece ao máis escrupuloso cumprimento do ordenamento xurídico, porque, de non cumprir ese real decreto, estaría incumprindo unha norma de obrigado cumprimento para as administracións, como antes lles acabo de explicar. E, ademais de cumprir a normativa e de acatar as resolucións xudiciais, tamén ten que velar polo interese xeral, e por iso é importante evitar que se produzan situacións de desigualdade.

E, en canto ás sentenzas recaídas, o percorrido xudicial das distintas demandas presentadas en torno á paga extra de decembro de 2012 non é homoxéneo. Señora Paz, non todas van na mesma dirección, e, por tanto, a Xunta tamén ten a obriga de velar por que se cumpra escrupulosamente a igualdade e por homoxeneizar criterios. E por iso o recurso ao Tribunal Constitucional é importante, porque é importante que o alto tribunal se pronuncie sobre este tema para ter un criterio homoxéneo para todos os casos. Estas cuestións de inconstitucionalidade que se teñen presentado ante o Tribunal Constitucional, como ben saben, suporán a suspensión das vistas en espera dese pronunciamento.

Señorías, tamén a interposición de recursos é unha cuestión que está obrigada por lei. Como vostedes ben saben, o Decreto 343 do 2003, do 11 de xullo, onde se aproba o regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta, prescribe con carácter xeral no seu artigo 40 que os letrados da Xunta de Galicia interporán os recursos ordinarios procedentes contra as sentenzas e autos que sexan adversos ás administracións autonómicas. Acatar si, pero tamén recorrer, se hai posibilidade, porque a norma así o exige.

Por tanto, señorías, creo que pedir que se acaten resolucións xudiciais sen ter esgotada a vía de recurso parece razoable. Esperemos a que se pronuncie o alto tribunal ante o que se está ventilando un recurso de inconstitucionalidade.

E dicirllas tamén, que falaban vostedes dos custos, que respecto das custas impostas nas demandas coñecidas de momento só un proceso en vía contenciosa ten imposto as correspondentes custas, xa que nos conflitos colectivos, que son ata o de agora os maioritarios, non existe tal imposición.

Por tanto, señorías, o exercicio de responsabilidade que exerce o Grupo Parlamentario Popular nesta proposta de resolución...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...é non votar a favor, porque entendemos que aínda está aberta a vía do recurso. A Xunta de Galicia, ademais, está obrigada a exercer en aras de velar polo interese xeral, por evitar desigualdades e por manter un criterio homoxéneo en todo este asunto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Sestayo.

A señora SESTAYO DOCE: Si, presidente.

Xa dicía Esopo que cando o lobo se empecina en ter razón, ¡pobres cordeiros!

Bueno, resulta increíble, sorprendente, que neste pleno agora o Partido Popular diga todo o contrario ao que dicía o presidente Feijóo. Se empezamos a emendar a plana ao señor Feijóo, supoño que non se deberá a problemas internos nin seguramente á falla de credibilidade da palabra do presidente da Xunta, sempre el tan rigoroso cos seus compromisos electorais, porque o certo é que o que está escrito está escrito, tanto na hemeroteca como no *Diario de Sesións*.

Mire, algunhas sentenzas, efectivamente –ademais da que falaba a señora Díaz de “ablación social”–, falan, por exem-

plo, de incumprimento flagrante dos dereitos laborais dos empregados públicos. Supoño que o exercicio de responsabilidade do que fala a señora Prado fai referencia á vulneración de dereitos laborais dos empregados públicos. Ou, por exemplo, outra sentenza di que é obvio que o principio de retroactividade das disposicións sancionadoras e non favorables está vulnerado por parte do Goberno da Xunta de Galicia.

Polo tanto, isto é o que din as sentenzas xudiciais, esas sentenzas que... Señora Prado, recórdolle que, efectivamente, o lexislativo e o executivo poden ditar normas de obrigado cumprimento; pero de obrigado cumprimento ata que as tiran os tribunais. Porque, claro, sei que vostedes se cren por riba de todo, por riba da xustiza, cren que poden incumprir e desacatar as sentenzas xudiciais, pero non esquezan que é certo que tamén podería pasarlles pola cabeza eliminar calquera control; xa levan eliminando todos os controis democráticos e mutilando todos os órganos democráticos para que non lles poidan facer control, e seguramente se lles pasará tamén pola cabeza establecer algún tipo de mecanismo que recorte os dereitos da cidadanía. Bueno, empezaron polos taxazos, esperemos que non queiran eliminar tamén os tribunais. Pero, mentres, as sentenzas teñen que acatalas, e un goberno, señora Prado, máis ca ninguén.

Eu entendo que nese país da abeja Maya, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) en que, bueno, xa se sabe que no lugar era famosa “*por su alegría y por su bondad*”, os dereitos dos traballadores son absolutamente amparados pola Xunta de Galicia, neste país en que os dependentes son máis atendidos que en ningún sitio do conxunto do Estado, neste país en que os dereitos sociais se respectan, bueno, entendo que vostedes tamén poidan dar calquera discurso, pero só existe un discurso posible. E o certo é que vostedes se comprometeron a pagar as pagas extras; o certo é que o señor Feijóo se comprometeu en campaña electoral a que non se imporía ningún sacrificio máis aos empregados públicos; o certo é que o cen por cento –señora Prado, non se esqueza– das sentenzas que están recaendo en Galicia nos tribunais galegos están dando a razón aos traballadores e traballadoras para a recuperación da paga extra; o cen por cento o certo é que ademais condena a Administración da Xunta; o certo é que a propia Administración autonómica –é certo que a través dunha compañía– reconece que é deber de previsión pagar esas pagas extras...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora SESTAYO DOCE: ...e aquí está documentado—, e o certo é que, unha vez máis, como sempre, volven incumprir todo o que prometen.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Sestayo.

Suspendemos o pleno ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e nove minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

A señora PRESIDENTA: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión.

Antes de comezar, aínda que son coñecedores os grupos...
(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Escóitaseme? *(Murmurios.)*

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA: Ben, antes de comezar, aínda que xa son coñecedores os grupos e os autores das iniciativas, unicamente comentar que as interpelacións números 17278 do Grupo Socialista e 17972 do Grupo da AGE se substanciarán conxuntamente e que as preguntas números de orde 7.5 do BNG e 7.6 do Grupo Socialista se substanciarán a continuación como puntos primeiros das preguntas.

Reiniciamos entón a sesión.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos González Santín e tres deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción da estación intermodal de Lugo

A señora PRESIDENTA: A esta proposición presentáronse emendas do Bloque Nacionalista Galego, da Alternativa Galega de Esquerda e do Grupo Popular.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Ana Belén Pontón Mondelo e do seu deputado Cosme Pombo Rodríguez, a través da portavoz suplente e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo punto:

“3º bis. O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a iniciar unha ofensiva institucional en defensa do Ferrocarril, reclamando con firmeza ante o Goberno central que desista do proceso de desmantelamento e privatización de servizos ferroviarios en Galiza, e unha mellora dos servizos e frecuencias de cercanías e media distancia que se veñen prestando en territorio galego, nomeadamente nas liñas Ourense-Monforte- Ponferrada e A Coruña- Lugo- Monforte.”)

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do seu deputado Ramón Vázquez Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir na parte dispositiva da proposición non de lei o seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno de Galicia a establecer un Plan de Modernización da Rede Ferroviaria da provincia de Lugo de xeito que se proceda á súa progresiva electrificación, se acometan os investimentos necesarios no trazado e se melloren as conexións internas entre as vilas e cidades da provincia así como co resto de cidades de Galicia.”)

(O G.P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Alejandro Gómez Alonso, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno central co fin de que manteña a provincia de Lugo e a súa capitalidade nas previsións de programación da rede de alta velocidade, así como que execute as infraestruturas e programe as actuacións precisas para axustar a estación ferroviaria ás necesidades, de acordo coa planificación do resto das cidades españolas.”)

A señora PRESIDENTA: Para formular a súa proposición non de lei ten a palabra o señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidenta.

Moi boas tardes a todos.

Primeiro de nada, quería dicirlles por que se trae aquí...
(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Non se escoita?

A señora PRESIDENTA: Perdón. Espere un momento, non sei que pasa. (*Murmurios.*) (*Pausa.*)

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Ben, moitas grazas.

Dícialles cal era a causa de traer esta iniciativa aquí a esta Cámara, unha iniciativa que fala da estación intermodal de Lugo.

Eu quírolles dicir que creo que hai consenso por todos os cidadáns de Lugo, da provincia de Lugo, da capital de Lugo, que é necesaria unha remodelación das nosas estacións, tanto de tren como de autobuses, dado o seu estado de deterioración.

Pero vimos hoxe aquí porque ao noso entender houbo un incumprimento, un incumprimento por parte do Ministerio de Fomento. No ano 2010 firmouse un protocolo, un protocolo a tres partes entre o Ministerio de Fomento, o Concello de Lugo e tamén a Xunta de Galicia –agradézolle ao seu conselleiro que estea hoxe aquí nesta intervención–. E ao

noso entender produciuse un engano e intentarei explicar por que. E o que me preocupa máis: entendo que foi un engano deliberado, feito por Fomento de forma deliberada, segundo se pode comprobar na documentación que se nos facilitou no Senado por parte do propio Ministerio de Fomento. Certo é que se non fose polo traballo que os nosos compañeiros fixeron todavía estaríamos metidos neste engano.

Esta decisión do Goberno, como lles dicía, supón borrar a Lugo do mapa da alta velocidade de Galicia. É unha decisión que hipoteca, ao noso entender, o futuro da cidade e da provincia de Lugo. Non nos parece de recibo paralizar un proxecto que xa está en marcha. Non estamos a pedir algo novo, senón que se cumpra o que está firmado.

Teño que sinalarlles, con respecto aos proxectos de obra de Fomento, que ultimamente na provincia a verdade é que nos sentimos bastante enganados. Pero o Partido Popular díxonos nos últimos días que estes proxectos non estaban perdidos, senón que só estaban pospostos. Bueno, o certo é que o horizonte para que se convertan en realidade vémolos cada vez máis lonxe.

Certo é que os socialistas algo viñamos sospeitando deste tema desde hai algún tempo, sobre todo cando Fomento suspendeu os traballos iniciados no ano 2007 na variante da Pobra de San Xiao, onde o Partido Socialista xa investira 60 millóns de euros. Sobre este asunto a última noticia que temos é que o Ministerio xa avisou a empresa para que suspenda as obras. Quedan alí oito persoas, que o que están a facer é valar as instalacións e quitar as sinalizacións que alí hai. Aquí supoño que non nos recordarán o tema da herdanza. Repítolles: 60 millóns de euros xa investidos. O máis chamativo é que o Goberno remitiu en outubro unha carta ao Concello asegurando que o AVE se atopaba en execución e que nos orzamentos do 2014 se contemplaban máis de catro millóns de euros para esta variante, dentro do Plan de supresión dos pasos a nivel.

Señorías, –repito– ao noso entender, o Goberno mentiuunos porque a realidade é que a pasada semana distintos medios de comunicación corroboraron a paralización destes traballos.

Pero quero volver ao tema da estación intermodal. Resulta sorprendente que o propio voceiro do Partido Popular no

Concello de Lugo, a semana pasada, recoñecera que non coñecía esta decisión de Fomento, esta decisión unilateral de Fomento. Créanme que, cando menos, isto resulta curioso, pois estamos a falar da infraestrutura máis importante para a cidade no próximo século. Esta circunstancia non é menor e denota un certo ninguneo por parte do Ministerio de Fomento tanto aos veciños de Lugo como, por que non dicilo tamén, ao Partido Popular de Galicia e ao Partido Popular de Lugo.

A intermodal era un proxecto que supoñía a ordenación territorial de Lugo e constituía unha actuación directa á recepción da alta velocidade, pero coa decisión da señora Ana Pastor isto rematou. A documentación que nos presentaron no Senado demostra que estes proxectos están sendo paralizados. Aquí acábase a esperanza, o sonho, que sabíamos que era difícil, pero no que confiábamos e tiñamos esperanza.

O Partido Socialista, cun goberno comprometido, puxo en marcha en 2010 o proxecto para comezar a andaina do AVE, deixando este documento adxudicado por 630.000 euros de investimento. O presidente de Adif dicía —e leo textualmente—: *“Este será un elemento arquitectónico de referencia y un primer aperitivo para los visitantes a la ciudad”*. Tamén dicía que isto servía para que vísemos o compromiso do Ministerio de Fomento coa cidade de Lugo, estámolo a ver... E o propio conselleiro de Infraestruturas, o señor Hernández, que hoxe nos acompaña, dicía —e tamén leo textualmente—: *“A estación intermodal está chamada a ser a central de comunicacións da provincia.”*

Co protocolo subscrito en agosto dese ano 2010, un ano antes de que se puxese en marcha o estudo de construción, dábase o primeiro paso para a execución desta infraestrutura; o que impulsaba a incorporación de Lugo á rede ferroviaria de alta velocidade e constituía unha iniciativa estratéxica para o desenvolvemento territorial e económico de Galicia, garantindo a mobilidade dos cidadáns.

Este proceso de redacción, que supuxo un investimento de 160.780 euros, tiña un prazo de execución de vinte e sete meses. Este prazo rematou o 8 de setembro do ano 2013, do ano pasado. Posteriormente o Goberno acordou no 2011 poñer en marcha o estudo para a construción da obra no concello de Lugo. Esta decisión viña motivada por unha dobre razón: por unha banda, habilitar unha estación de ferrocarril

adaptada e adecuada para o tren de alta velocidade e, por outra banda, concentrar nun só punto as instalacións de transporte de viaxeiros dispersas na actualidade na cidade de Lugo, facilitando en boa medida a eliminación do tallo que hoxe supón a estación de Renfe en Lugo e en toda a zona norte.

A estación intermodal daría resposta así ás necesidades de interconexión co resto dos nós de transporte para garantir a plena mobilidade no seu contorno. Na intermodal estaba previsto a integración da estación ferroviaria de alta velocidade cos demais sistemas de transporte urbano e interurbano para facilitar o intercambio entre os usuarios do ferrocarril e outros medios de transporte.

Así mesmo, o protocolo, respectando a ubicación estratéxica no espazo urbano da actual estación ferroviaria de Lugo, determinaba a necesidade de optimizar recursos integrando distintos servizos: hostalería, aparcadoiro, equipamento de oficinas e zonas comerciais. Máis concretamente o documento asinado establecía, por un lado, a remodelación do feixe de vías existentes para a súa adaptación á chegada da alta velocidade; por outro lado, a construción dun novo edificio de viaxeiros que se integrase no actual, e ademais a remodelación do conxunto de instalacións ferroviarias para favorecer a intermodalidade cos demais sistemas de transporte. Neste senso tamén se prevía a construción dun novo edificio para a estación de autobuses. Ademais tamén era intención das partes a integración na trama urbana dos terreos colindantes.

No protocolo que se estableceu, como lles dicía —e está firmado no ano 2010 a tres bandas—, estaba incluso definido o que se ía pagar por cada unha das partes: por parte do Ministerio de Fomento establecíase o pago da nova estación de alta velocidade e o 50 % das actuacións de reurbanización do contorno que fosen necesarias para a loxística da estación intermodal; por parte da Xunta de Galicia asumírase o custo da nova estación de autobuses, así como o 50 % das actuacións de reurbanización do contorno, e o Concello de Lugo asumiría o importe das actuacións restantes.

Desde que se produciu o cambio no Ministerio de Fomento, e tendo en conta que se trataba dunha iniciativa estratéxica para a cidade e para a provincia, os socialistas realizamos un exhaustivo seguimento desta infraestrutura, pero o que com-

probamos é que só había silencios, reticencias e escapismo nas respostas.

Precisamente o noso senador, o senador por Lugo, o señor Ricardo Varela, no mes de decembro exixiu ao Goberno central a presentación de forma inmediata do proxecto para a construción da estación intermodal, así como a fixación dos prazos de execución e data de remate da dita obra. Como non eramos capaces de obter a información, solicitamos tamén no Senado, a través do artigo 31, o conxunto de informes para termos acceso ao expediente, e aquí foi cando descubrimos que todo isto estaba paralizado.

En xuño de 2012 prodúcese unha ampliación no prazo de execución, pero en outubro dese mesmo ano o Goberno asinaba con Adif a suspensión do contrato. Recórdolles que estamos no ano 2014, é dicir, que dous anos despois non sabiamos nada. A partir dese momento comezou a ocultación absoluta. Proba delo é que o Concello non recibiu ningunha comunicación, nin cando presentamos a moción tampouco se nos comentou nada por parte do Partido Popular. Supoño que se nos dará algunha explicación hoxe nesta Cámara. Mentres, a sede intermodal alonxábase e a terminal ferroviaria segue na situación na que estaba, é dicir, invadida de maleza, con varias naves abandonadas e os teitos ameazando con caer. A estación de autobuses tamén precisa un lavado de cara porque non está nunha situación digna para recibir os viaxeiros.

É moi importante que hoxe nesta Cámara se contesten varias preguntas. A primeira: ¿era coñecedora a Xunta de Galicia da decisión unilateral do Goberno de Rajoy para deixar a Lugo fóra do mapa da alta velocidade? Polo que sabemos, a ministra de Fomento dicía que isto estaba garantido, se ben é certo que xa o pasado...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: ...—si, xa remato— o pasado 22 de febreiro dicía unhas declaracións que leo textualmente: “Lugo disporá de estación cando as condicións técnicas e económicas o permitan.” Vamos, o que é o mesmo que non dicir nada.

Tamén é importante saber se a Xunta ten previsto medidas para que o Executivo estatal cumpra o compromiso asumido

a tres bandas polo Goberno do Estado. E tamén se tería que concretar por parte da Xunta as actuacións que vai levar a cabo para evitar que Lugo non desapareza do mapa ferroviario da alta velocidade, converténdose na única capital de provincia da comunidade sen AVE.

Agardamos sinceramente que os cidadáns de Lugo teñan unha estación intermodal como se merecen e esperamos tamén que este engano, que —repito— ten dúas consecuencias: primeiro, un engano de carácter político, pois enganouse deliberadamente a un representante dos cidadáns de Lugo, a un senador; pero outro aínda moito máis grave, que é que se enganou aos cidadáns da provincia de Lugo.

Por iso creo...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Santín, por favor.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: ...que todos os grupos teremos que pedir unha explicación ao Ministerio de Fomento do que está a pasar con esta estación intermodal.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boa tarde.

Discutimos hoxe sobre o ferrocarril e certamente a situación que temos no noso país, e máis concretamente en toda a zona interior —que hoxe oficialmente está denominada como a provincia de Lugo—, é unha situación realmente calamitosa.

Nós, desde logo, entendemos que o ferrocarril é un eixo básico na articulación de calquera política de desenvolvemento dun país, que Galiza ten e tiña aínda máis un atraso moi importante e sufría a discriminación de diferentes gobernos de diferente cor política por parte do Estado. E iso lévanos a termos unha situación que realmente é gravosa.

Coincidimos en que hai unha clara discriminación non só na capital de provincia, senón na articulación do ferrocarril en todo Lugo, e eu diría en toda Galiza; fóra do que é o eixo atlántico e o cinto de saída por Ourense, que, basicamente, é onde se están concentrando as actuacións e as obras.

A nós desde o BNG preocúpanos o parón da modernización da rede ferroviaria. Porque realmente eu creo que, despois do que vivimos coa traxedia de Angrois, debería de eliminarse a terminoloxía sobre o AVE e o que nos debería de preocupar é a modernización da nosa rede ferroviaria, que teñamos uns servizos que permitan poder prestar, nunhas condicións de igualdade, nunhas condicións dignas, uns servizos de ferrocarril modernos no noso país. Hoxe tomei a liberdade de ver onde podería ir eu en tren se estivera en Lugo. Entón, un pode ir a Madrid varias veces. Non sei cantos dos cidadáns de Lugo teñen necesidade diaria de ir a Madrid, mais supoño que haberá maior demanda de mobilidade entre A Coruña, Sarria, Monforte, Ourense... É dicir, eu lembro cando era cativa pois que desde Oural podía ir a Sarria en tren e mesmo podería ir a Lugo. Hoxe realmente é unha misión imposible, e non hai unha oferta de servizos digna. Nós hoxe podemos ir de Lugo á A Coruña ás oito e media da mañá, e lévanos nada máis e nada menos que dúas horas. Podemos tamén coller un tren ás nove e cuarto que nos vai levar unha hora e corenta e dous minutos. E ata as sete da tarde non volvemos ter ningún outro servizo de ferrocarril. A este lévalle un pouquiño menos, hora e media. A verdade é que estamos nuns tempos nada competitivos.

Para ir da Coruña a Lugo tamén temos unha oferta moi similar, e, por exemplo, se quero ir de Lugo a Ourense, ou utilizar ese tren para ir, por exemplo, até Sarria, pois hai un tren ás nove da mañá. Logo, curiosamente, temos dous servizos á mesma hora, porque son un Alvia e un media distancia; en concreto, ás once. Vemos que a coordinación de Renfe é asombrosa. Ou sexa, de tres trens que pasan pola mañá, temos dous que circulan á mesma hora co mesmo destino. A verdade é que é un auténtico sensentido.

E isto é o que nós queríamos tamén hoxe recoller na nosa emenda, que a preocupación fundamental que deberíamos de ter é que o noso país na súa articulación interna non quede desvertebrado, que son necesarias obras de mellora da rede de ferrocarril. E, singularmente, preocúpanos que se paralicen actuacións que xa estaban en marcha en puntos

como A Pobra de San Xulián, que sabemos que é un punto negro onde demasiadas persoas perderon a súa vida, algunhas delas moi recentemente, e que se deberían de facer obras que eliminen pois esas vías polo centro dos nosos pobos e que despois non teñamos que chorar as vítimas, que nos parece que sempre, desde logo, iso debería de formar parte das cuestións que nós reivindicamos.

É evidente que hai unha paralización das obras de modernización do ferrocarril, mais tamén é evidente que isto se está facendo coa complicidade deste goberno. Permítannos unha anécdota. Cando denunciámos a paralización das obras de modernización do ferrocarril A Coruña-Ferrol, o que nos dixo a directora xeral de mobilidade é que era normal porque estabamos en crise. Estou convencida de que se o Goberno que hai en Madrid non tivera detrás de si as siglas do Partido Popular a resposta da directora xeral e do conselleiro de Medio Ambiente non sería a complicidade de novo coa discriminación do ferrocarril no noso país. Mais xa sabemos que este non é un goberno que estea aquí para servir aos galegos e ás galegas.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora PONTÓN MONDELO: Está para servir fielmente aos seus xefes de Madrid. Mais ese, dende logo, é un fraco favor que lle fan a Galiza, que máis unha vez fica discriminada e que máis unha vez fica esquecida por estes gobernos do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Señor Vázquez Díaz.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Boa tarde a todos e a todas.

Señores deputados, señoras deputadas, supoño que non lles descubro nada novo se digo que as infraestruturas ferroviarias de alta velocidade son frecuentemente obxecto de debates populistas e alonxados das necesidades reais da cidadanía. Eu hoxe, pola miña banda, procurarei non caer nese exercicio.

As previsións son que o Estado español alcance no ano 2020 os 10.000 quilómetros de liñas de alta velocidade cun gasto estimado de 82.000 millóns de euros. Pensemos, por exemplo, que a conxelación das pensións no seu día aportou 1.500 millóns de euros ás arcas do Estado e que o recorte dos salarios dos empregados públicos aportou 2.300 millóns por ano. Pero, ademais, temos que engadir e temos que ter en conta que o máis difícil non é construír unha infraestrutura de alta velocidade senón o seu propio mantemento, que alcanza os 33.000 euros por quilómetro construído e ano. España é neste momento o segundo país do mundo con máis quilómetros en liñas de alta velocidade, moi por diante de países como Francia, por diante de países como Xapón, por diante de países como Alemaña, con máis habitantes e non precisamente peor vertebrados.

As liñas de alta velocidade trasladan 113 millóns de pasaxeiros ao ano en Francia, 300 millóns de usuarios en Xapón. España a duras penas alcanzou os 25 millóns de usuarios no ano 2013, unha cifra que se ve superada por si soa pola liña París-Lyon. Unha soa liña en Francia ten máis usuarios que todas as liñas de alta velocidade de todo o país.

Se digo isto é porque semella claro que os multimillonarios investimentos en liñas de AVE non situaron o país en mellores condicións económicas, nin en mellores condicións sociais, nin tampouco melloraron as condicións de vida das clases populares, moito menos se o comparamos co resto dos países do noso entorno. Non melloraron as condicións de vida da cidadanía pero si as contas de beneficio das grandes empresas de construción que actúan como *lobbies* de presión, influencia e financiamento dos partidos do réxime, *lobbies* interesados, dende logo, en botar gasolina a esta louca carreira do AVE. Fálase decotío do pelotazo urbanístico, pero con menos frecuencia se fala do pelotazo das infraestruturas viarias, moi abundante nos últimos tempos nas autoestradas, portos exteriores, aeroportos e no propio AVE incluído. Dito doutro modo, o AVE non é a panacea, a alta velocidade non é a panacea, non vai resolver todos os males do noso país. Caer nos mesmos vellos erros non vai resolver os nosos vellos problemas.

Cando se di que a provincia de Lugo é marxinada polos investimentos realizados nas liñas de alta velocidade é unha grande verdade, pero o que resulta máis grave é que a rede ferroviaria da provincia de Lugo data do século XIX e per-

manece aínda hoxe sen electrificar. A realidade é que viaxar dende Lugo á Coruña ou Ferrol implica máis de dúas horas de viaxe e cunhas escasísimas frecuencias. Viaxar a Pontevedra ou Vigo supera as cinco horas de viaxe. Non existe unha frecuencia nin uns tempos de viaxe asumibles para conectar nin tan sequera a capital da provincia coas principais vilas, como Sarria, Vilalba, Monforte, Viveiro ou Ribadeo. A rede ferroviaria da provincia de Lugo ten unha velocidade media de apenas 50 quilómetros/hora. Iso imposibilita na súa práctica a prestación dun servizo minimamente eficaz. Esa é a realidade e ese é o problema real.

Por iso nosoutros imos solicitar unha votación por puntos, e por iso presentamos unha emenda de adición coa que se pretende establecer un plan de modernización da rede ferroviaria da provincia de Lugo, de xeito que se proceda á súa progresiva electrificación, se acometan os investimentos necesarios no trazado e se melloren as conexións internas entre as vilas da provincia así como co resto das cidades de Galicia. Algo, por outra banda, semellante ao Plan director de infraestrutura ferroviaria de Galicia presentado polo Partido Popular no ano 1997, aprobado, se non estou equivocado, por unanimidade nesta Cámara e que implicaba unha importante modernización da rede de ferrocarril, da rede de ferrocarril galega, e que quedou no limbo dos investimentos xustos sen realizar.

E, neste sentido, consideramos, sen dúbida e de utilidade, a construción dunha estación intermodal. Estamos absolutamente de acordo, porque permite mellorar a interconexión do ferrocarril.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Vázquez, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Xa remato.

Permite conectar o ferrocarril co resto dos medios públicos de transporte e favorece unha mellor coordinación e ordenación do sistema viario. Algo, por certo, que o Goberno prometeu, que o Goberno do Partido Popular prometeu de xeito continuado á veciñanza lucense. Esperemos que agora cumpra esa promesa. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra don Alejandro Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Grazas, señora presidenta.

Señorías, se analizamos a historia recente dos debates parlamentarios e dos discursos políticos que leva mantido o Partido Socialista nestes últimos dez anos, poderemos claramente diferenciar dúas etapas. Na etapa do ex secretario xeral e ex presidente da Xunta de Galicia, don Emilio Pérez Touriño, este utilizaba a alta velocidade no noso país como unha ferramenta para acadar réditos electorais, utilizaba a alta velocidade para facer anuncios grandilocuentes nesta Cámara galega. Non sabemos se era porque non había un compromiso por parte da ex ministra de fomento e el tiña que dar a cara. O que si está claro e quedou constatado, señorías, é que todas esas famosas promesas que fixo aquí o ex presidente Touriño foron incumpridas sistematicamente pola ex ministra de Fomento. Por iso nos chama a atención que a voceira do Bloque Nacionalista Galego veña aquí a falar de que nós estamos ao servizo dos nosos xefes en Madrid, cando foron precisamente os nacionalistas os que salvaron a reprobación da ex ministra de Fomento tanto en Galicia como en Madrid, sendo do Partido Socialista e eles sendo nacionalistas. (*Aplausos.*) Iso si que é salvarlle a cara aos demais, señora Pontón.

E a partir do 2009 o Partido Socialista entrou nunha nova etapa discursiva, entrou nunha nova política no tocante á alta velocidade. Eu describiríaa como “a política bipolar”. Esta política bipolar do Partido Socialista veu marcada en función dos intereses políticos dos seus secretarios xerais. Co señor Pachi Vázquez, hai que recoñecelo, os intereses políticos do Partido Socialista chocaban cos do ex ministro Blanco, porque lle molestaba o pacto do Obradoiro. Pensaban que o pacto do Obradoiro lle beneficiaba máis ao Partido Popular e que era un éxito do señor Feijóo. Chocaban os intereses do señor Pachi Vázquez cos do ex ministro Blanco polo enorme protagonismo político que tiña o señor Blanco na nosa comunidade. E eu supoño que iso sería por intereses internos do partido, porque o señor Pachi Vázquez tería medo de que o señor Blanco quixera ser o candidato a presidente da Xunta de Galicia ou o secretario xeral do Partido Socialista en Galicia. E, claro, como o señor Pachi Vázquez é de Ourense, a única preocupación que tiñan os socialistas era a integración ferroviaria en Ourense e a chegada do AVE a Ourense.

Agora a cousa mudou. Teñen un secretario xeral de Lugo, o señor Besteiro, o señor ex ministro Blanco é o candidato ás eleccións europeas. E cinco anos despois acórdanse da integración ferroviaria do AVE en Lugo e do AVE en Lugo. (*Aplausos.*) Señor Santín, as únicas iniciativas que foron presentadas aquí ao longo de catro anos foron por autoría deste Grupo Parlamentario Popular e defendidas polo señor Daniel Varela. A vostedes non lles escoitamos unha soa reivindicación nin unha soa preocupación en relación co AVE da cidade de Lugo. E cinco anos despois, cando hai unhas eleccións, acórdanse de Lugo. É dicir, vostedes acórdanse de Lugo cando hai eleccións, vostedes acórdanse de Lugo cando teñen que facer campaña electoral, vostedes só se acordan de Lugo cando teñen que pedir o voto. (*Aplausos.*) E tendo un ex ministro socialista de Lugo, que vostede agora veña aquí a defender a integración ferroviaria e a chegada do AVE cando se iniciou a variante de San Xulián no ano 2006 e non foi capaz de rematala, ¿que escusa lle pon vostede a esa situación? ¿A quen lle bota vostede a culpa de que non estivera o AVE en Lugo? ¿Por que non o licitou o señor Blanco? Tiña o compromiso de que a chegada do AVE a Lugo fora no 2015, tiña o compromiso de iniciar Ourense-Lugo para a conexión directa coa Meseta antes do ano 2012. ¿Fíxoo o señor Blanco? Non.

Vostedes agora preocúpanse da integración ferroviaria, nós tamén. Pero co que non estamos de acordo, señor Santín, é con licitar obras faraónicas. E do que tamén temos serias dúbidas é de se vostedes están máis preocupados pola intermodalidade ou polas preocupacións...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor GÓMEZ ALONSO: ... do señor Orozco, que quería recualificar os terreos da estación de autobuses para facer tres grandes edificios de nove plantas e obter beneficios, réditos e plusvalías urbanísticas. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Gómez Alonso, por favor.

O señor GÓMEZ ALONSO: ¿Cal é a verdadeira preocupación de vostedes en Lugo, as plusvalías urbanísticas ou a integración ferroviaria? A nosa, a integración ferroviaria, non teña dúbida. Vaise levar a cabo.

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Estamos dispostos a chegar a acordos e, é máis, igual que o fixo un grupo parlamentario, a solicitar a votación por puntos para apoiar algún deles.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo autor da proposición non de lei.

Ten a palabra o señor González Santín. Déanlle voz ao escano, por favor.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, quero facer constar aquí que tanto a proposta do Bloque Nacionalista Galego como a proposta de Alternativa Galega de Esquerda nos parecen ben; é unha proposta que, desde logo, nosoutros apoiaremos. Se ben é certo que teño que dicir que non imos aceptar as súas emendas, e non as imos aceptar porque non queremos que se disipe cal é o fondo desa iniciativa, porque non estamos a falar doutra cousa máis que dun incumprimento dun documento firmado.

A min, desde logo, dicindo que comparto, por exemplo, o que dixo a señora Ana Pontón sobre a modernización da rede ferroviaria, dígolles que non quero que poidan ter desculpa os señores da bancada do Partido Popular para non apoiar esta iniciativa; quérrolles facilitar o apoio desta iniciativa.

E, miren, dígolles unha cousa. Cando escoitei o señor Gómez na súa intervención, eu cheguei á conclusión de que non me debín explicar ben no meu primeiro turno. Non se trataba aquí de falar de accións políticas dos distintos representantes do Partido Popular. Vostede falou do señor Touriño, do señor Pachi. Mire, aquí trátase dun documento firmado, dun documento firmado no ano 2010, firmado a tres bandas: por un lado, estaba o Concello de Lugo, por outro lado, estaba a Xunta de Galicia, e, por outro lado, estaba o Ministerio de Fomento.

Ademais, había un proxecto que estaba licitado e que se tiña que poñer en marcha e ter finalizado o ano pasado.

E resulta que non hai nada. E, á parte de non haber nada, o que hai é que se enganou a todos os lucenses e tamén os representantes dos lucenses, desde logo, no Concello de Lugo. O alcalde de Lugo e a corporación de Lugo non saben nada desa paralización; non sei a Xunta de Galicia –que eu esperaba que vostede me dixera algo– non o sei. Repito, un documento escrito e firmado.

E, desde logo, todos, todos os cidadáns de Lugo, foron enganados, e do que se trata aquí é de que digan vostedes se queren ou non queren unha estación intermodal. ¿Quérena? Pois, se a queren, téñeno vostedes moi fácil: o que teñen que facer é apoiar esta iniciativa para pedirlle ao Ministerio de Fomento que cumpra co que ten firmado, que faga o que ten que facer e que ten firmado nun papel a tres bandas. E non nos dediquemos a falar do tempo e a falar do que dicía o señor Touriño hai dez anos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución do proxecto denominado “Adecuación da canle e ordenación dos ríos Sarria e Celeiro (1^a fase)”

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Jaime Íñiguez Martínez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a defender, a través da súa representación na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a inclusión de axustes para mellorar as

condicións de execución da obra “ Adecuación da canle e ordenación dos ríos Sarria e Celeiro (1ª fase)”, nos que se conxugue a diminución dos riscos de enchente coa minora- ción de impactos ambientais na illa do Toleiro e nas árbores de ribeira e a facelo co maior consenso posible e co máxi- mo respecto ao patrimonio histórico-artístico, etnográfico, cultural, ambiental e paisaxístico de Sarria”.)

A señora PRESIDENTA: Para formular a súa proposición ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas de novo, señora presidenta.

Eu quixera hoxe empezar por agradecer aquí a presenza de determinados membros da Plataforma Sarriá en Defensa do Río, a quen quero facer, en nome propio e tamén do Bloque Nacionalista Galego, o meu recoñecemento, porque levan moito tempo –pero creo que nos últimos trinta días– dando un exemplo de civismo, de participación, tamén de defensa do sentido xenuíno da palabra democracia. E considero que como representantes dos cidadáns deberíamos de darlles as grazas e non ver actos como os que vimos onte mesmo no Concello de Sarria, que realmente a quen poñen nunha situa- ción en entredito é ao propio Concello, á propia Xunta de Galicia e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, que, na vez de respectar os cidadáns que están reivindicando e defendendo unha actuación xusta por parte dos poderes públicos, o único que intentan é criminalizalos –que vemos que claramente esa é a estratexia que leva nestes momentos o Partido Popular–.

Quero sumar a miña voz, e a voz tamén da organización á que hoxe represento aquí, á voz que levan durante todo este tempo levantando en Sarria, e cremos que é xusta a petición que trasladan. O que nos están trasladando é que hai que repensar un proxecto, un proxecto posto en marcha para os ríos Sarria e Celeiro, que realmente non ten ningún sentido. Porque non ten ningún sentido en ningún contexto, pero menos nun contexto de crise económica, enterrar 5 millóns de euros nunha actuación que non vai solucionar os proble- mas das enchentes; por certo, algo recoñecido pola propia Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Non ten sentido enterrar 5 millóns de euros para destruír unha parte do patri- monio desta vila e do patrimonio que se construíu no entor- no do río, nin moito menos enterrar 5 millóns de euros para

desfacer unha parte do que se conserva do entorno natural dun río, que xustamente no malecón é onde máis afectado está. Mais a actuación que se prevé, na vez de actuar sobre o tramo que está claramente agredido –porque aí si que hai unha parede de formigón–, o que pretende é destruír unha parte do entorno natural.

Nós cremos que esta é unha actuación que hai que reconsi- derar e que a obriga dos poderes públicos é atender deman- das cidadáns como as que estamos tendo neste momento en Sarria.

E digo con voz clara tamén e amoso a nosa repulsa polo acontecido no día de onte, que cremos que é unha resposta inmoral, unha resposta covarde e unha mostra máis –teño que dicilo así– da mediocridade e da podredume que hai nal- gunhas institucións. Mais tamén estou convencida de que non existe nin suficiente policía nin suficientes mentiras como para frear a vontade dun pobo, a vontade de veciños e veciñas, que teñen claro que queren defender o río e que non están dispostos a amedrentarse.

Quero tamén agradecerlle a presenza ao conselleiro, e lem- brarlle que teño aí, no meu escano, unha carpeta que esque- ceu durante a sesión plenaria pesada. Considero que voste- de, por respecto a esta plataforma, debería de recoller e ler a documentación que lle querían trasladar directamente, por- que penso que lle atinxe directamente.

Polo tanto, señoras e señores do Partido Popular, hoxe do que se trata é dun debate no que este Parlamento debe de decidir se quere atender unha petición e unha demanda cida- dá que o que está defendendo é precisamente a defensa dos ríos Sarria e Celeiro, e que está defendendo que os fondos públicos se utilicen dunha maneira racional. Mais tamén, como veremos con posterioridade, está reclamando que neste Estado se cumpran as leis, e que os poderes públicos non se salten á toreira nin á lixeira o que está establecido nas leis única e exclusivamente por un capricho non sei se dun alcalde ou dun goberno municipal.

Débese tamén, desde logo, ter en conta e valorar que esta- mos aquí tratando unha petición que non só formulan os integrantes desta plataforma, senón que hai 5.000 sinaturas recollidas, nunha vila que non chega aos 13.000 habitantes, que hai tamén moitas persoas fóra desta vila que solidaria-

mente se puxeron do lado desta reclamación e tamén que esta é unha solicitude que, agás os membros do Goberno, todos os grupos da corporación municipal de Sarria tamén teñen trasladado nese ámbito.

E o que temos claro é que o problema non está solucionado, e que non está solucionado por un anuncio que sae publicado nos medios de comunicación no pasado luns e no pasado martes, porque, se o problema estivera solucionado, non teríamos a mobilización que tivemos onte en Sarria nin tampouco teríamos hoxe activistas desta plataforma intentando paralizar as obras para que non se destrúa unha ponte centenaria, porque, desde logo, se o problema estivera arraxado, esta situación non a estaríamos vivindo neste momento.

Consideramos que a actuación que tiveron no día de onte e no día de antonte os diferentes gobernos, as administracións implicadas nesta obra, o único que fai é incrementar a desconfianza. Seguen existindo preguntas ás que non se lles dá resposta, e, desde logo, cando alguén non responde ás preguntas que se formulan, como fixo o conselleiro neste mesmo Parlamento, o único que fai é incrementar a desconfianza. Nós seguímonos preguntando por que a Xunta de Galiza aínda no respondeu ás diferentes denuncias que estas plataformas teñen... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, eu...

A señora PRESIDENTA: Intente...

A señora PONTÓN MONDELO: Eu inténtoo, pero non sei se agora se escoita. ¿Escóitase?

A señora PRESIDENTA: Si, agora si.

A señora PONTÓN MONDELO: Pois, moi ben, despois deste *Kit-Kat*, retomamos a sesión.

E o que viña dicindo é que nós entendemos que segue habendo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non? Eu o ton de voz non o cambiei, non sei...

A señora PRESIDENTA: Inténteo de novo.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, probando. ¿Escóitase? ¿Si?

A señora PRESIDENTA: Si, agora si.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, a ver se non temos máis interrupcións.

A señora PRESIDENTA: Achéguese un pouco máis.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu, se me achego máis, é que como o... A ver se algún día solucionamos os problemas técnicos deste Parlamento, pero agora imos ver se solucionamos os problemas do río Sarria e do río Celeiro. *(Murmuros.)*

Como lles ía dicindo, a nós o que nos preocupa, e o que nos preguntamos é por que a Xunta de Galiza non responde ante as demandas e ante as denuncias que ten formuladas; denuncias que din que se está incumprindo a Declaración de avaliación ambiental. Preguntámonos por que hai dous informes da Xunta que son absolutamente contraditorios.

Pregunteille, señor conselleiro –pode agora pedir a palabra e aclarárnolo, que pode, segundo o Regulamento–, por que non hai un calendario de obras; se é legal facer as talas que se fixeron nun período de nidificación –que, por certo, é algo que prohibe expresamente a avaliación de impacto ambiental–; e se existe o informe de eliminación de obstáculos que estaba recollido e que tiña que facer a Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Tamén agora mesmo xa non se di que esa masa arbórea non ten ningún tipo de valor, agora xa se reconece. Ao principio dicíase que non se podía facer, mesmo tiveron que intervir expertos da Universidade de Santiago de Compostela desmentindo algunhas das cousas que se estaban dicindo de que estaban enfermas todas as árbores, de que había que talalas obrigatoriamente... Xa vemos como as mentiras pouco a pouco van caendo, e, polo tanto, se van descubrindo.

Tamén nos preguntamos por que a Dirección Xeral de Patrimonio non deu resposta á demanda e á denuncia que se ten feito en relación co incumprimento da Lei de protección do Camiño de Santiago e do propio decreto que se publicou no ano 2011, que o delimita como un ben de interese cultural, e que establece unha serie de especificacións á hora de poder actuar, sobre todo neste entorno. Desde logo, nós non entendemos como hai persoas ás que non se lles permite nin pin-

tar un muro, e, no caso do Concello de Sarria, se vai permitir acabar cunha parte do patrimonio, xa que algún ten máis de cincocentos anos. Desde logo, é sorprendente esta dobre vara de medir.

Tamén, desde logo, entendemos e nos parece que é, polo tanto, absolutamente xusto o que hoxe nós estamos aquí trasladando, porque entendemos que unha das funcións fundamentais que temos como representantes dos cidadáns é trasladar a este Parlamento preocupacións e trasladar a este Parlamento aquelas cuestións que nós consideramos que son xustas, porque cremos que o xusto é que se solucionen os problemas do río Sarria, o xusto é que se solucionen os problemas das enchentes; pero as enchentes non se solucionan cunha actuación que o único que pretende é unha remodelación dunha zona, como é a zona do malecón. Desde logo, iso si que é desviar e distorsionar a función que deberían de ter os recursos públicos. Insisto, os propios técnicos da Confederación Hidrográfica, nunha xuntanza que tiveron o 30 de xaneiro en Sarria, recoñeceron que con esta actuación non se ía solucionar o problema das enchentes.

Tamén agardo que non veñan aquí dicirnos que todo é culpa dos que estiveron antes, porque ese é un discurso cansino e inútil.

E remato, señorías, lembrándolles algo que me dicía no meu *Facebook* Marica Campo e que me parece moi atinado, que é a historia do rei Midas. O rei Midas recibiu un día unha visita duns labregos que lle levaban un vello; un vello que ía bébedo, que estaba perdido e que atoparon nun dos camiños do reino. Midas recoñeceu o vello, que era Sileno, mestre e pai de Baco, Midas coidouno e levoullo a Baco...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Baco, en agradecemento –remato, señora presidenta–, concedeulle un desexo ao rei Midas, e este, sen pensalo moito, pediu que todo o que tocara se transformara en ouro.

Midas volveu moi contento para o seu reino e foi tocándolles ás árbores, tocándolles aos froitos, tocándolle á natureza, e todo se convertía en ouro. Ao chegar á casa pediulles aos seus criados que lle serviran unha gran cea, mais, ao intentar comer, a comida tamén se transformaba en ouro, o

viño que intentou beber tamén se transformou en ouro, e, cando a súa filla foi intentar consolalo, a súa filla tamén quedou transformada en ouro.

Midas deuse conta da barbaridade que acababa de facer, e pediulle a Baco que lle retirara o seu desexo, porque realmente era unha maldición.

Nós non queremos este tipo de maldicións...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...nós non queremos ser rei Midas, queremos defender os nosos ríos, o noso medio ambiente, e, neste caso, os ríos Sarria e Celeiro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Íñiguez.

O señor ÍÑIGUEZ MARTÍNEZ: Presidenta, boas tardes a todos.

Quero dar a benvinda aos veciños de Sarria presentes nas bancadas da tribuna deste Parlamento.

Hoxe trae o Bloque Nacionalista Galego a este Parlamento unha proposición non de lei para pedir a paralización das obras de encauzamento dos ríos Sarria e Celeiro na súa primeira fase.

Esta obra leva moito tempo no candeiro na vila de Sarria, sobre todo a partir das enchentes que aconteceron en xaneiro de 2001; houbo outra no ano 2011, aínda que non alcanzou os niveis de gravidade da anterior. Dende aquelas datas, os diferentes gobernos municipais fixeron estudos de viabilidade para conseguir resolver os problemas que ocasionaba o río ao seu paso pola vila. Quero resaltar o esforzo e as viaxes que fixeron a Oviedo e a Ourense para conquistar que o plan chegase a bo porto.

Por fin, no ano 2008, no mes de xullo, aprobouse en pleno o proxecto do plan proposto polo Goberno do Concello, for-

mado nese momento polos socialistas, BNG e independentes. Ao finalizar o pleno recordo as declaracións do concelleiro de Medio Ambiente, que manifestou: “É un plan sostible que vai promocionar e facilitar o desenvolvemento da vila grazas a este plan”. Tamén o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego manifestou: “Grazas ao Bloque conseguimos desatascar un problema esencial para Sarria e que vai posibilitar o seu crecemento, como é este proxecto de encauzamento”.

Este proxecto finalmente viu a luz no BOE, foi publicado o 30 de xullo de 2010, e di no seu preámbulo que o proxecto cumpre os criterios ambientais segundo o anexo III do Real decreto 1/2008, do 11 de xaneiro. Este proxecto fai unha descrición das características de como debe desenvolverse: a lonxitude do tramo afectado –que vén sendo sobre 430 metros–, o mantemento do cauce actual, a eliminación de obstáculos de fluxo, a remodelación das pontes e a reposición de servizos afectados. Tamén fala de como ten que facerse a tramitación de consultas, de permisos e informes. Solicitouse informe á Dirección Xeral do Ministerio de Medio Ambiente, á Dirección Xeral de Conservación da Natureza de Medio Ambiente –de aquí, da Xunta–, á Dirección Xeral de Montes –dependente de Medio Rural–, á Dirección Xeral de Sostibilidade da Paisaxe, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e Turismo –dependente da Consellería da Xunta, do Consello de Cultura–, ao Iludus –organismo dependente da Deputación Provincial de Lugo– e ao Concello de Sarria, ademais de á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente. Todos contestaron afirmativamente e deron o seu permiso.

O propio proxecto –e, se o ve, está publicado, xa digo, no *Boletín Oficial do Estado* do 30 de xullo do 2010– contempla que para o seu desenvolvemento pode ser necesario eliminar parte da vexetación que circunda o río, co compromiso de reforestación, unha vez finalizadas as obras. Este proxecto estivo exposto en xaneiro do ano 2011 na Casa da Cultura de Sarria e só se presentaron dúas alegacións. Habería que preguntarse por que ninguén presentou nese momento ningún tipo de alegación. ¿É que non se lle vían defectos? Parece ser que non.

Os últimos acordos valorados pola Confederación Hidrográfica aceptan algunhas propostas da Plataforma do Río. Unha

delas é que non se tirará a barandilla que circunda o río nin a illa que hai no medio do río, que ten unha importante masa arbórea. E, de feito, só se van recortar sete árbores que están inclinadas sobre o cauce e que poden supoñer un perigo, fronte ás 180 que se dicía que se ían tirar.

A última semana de febreiro celebrouse un pleno extraordinario a petición da oposición do Concello, solicitando a paralización da obra, na que PSOE e BNG votaron en contra, cando foran eles os que a propuxeran. O resultado desta votación foi de 9 a 6 a favor de seguir co encauzamento. Non se pode entender, despois do esforzo que fixeron indo a Ourense e a Oviedo para levar a cabo o plan de encauzamento, que agora propoñan paralizalo.

Para rematar, quero resaltar que, como Estado democrático do que formamos parte, a min paréceme lexítimo que a xente que non está de acordo se manifeste, igual que a que está de acordo en levar a cabo o encauzamento. Hai moita xente que sofre en silencio os vaivéns do río e non o manifestan nin saen na prensa. Eu mesmo fun testigo –cando vivín en Sarria, que vivía preto do río– dos problemas que había. No meu edificio enchíanselle moitas veces os fosos de auga...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor ÍÑIGUEZ MARTÍNEZ: ...e non funcionaban os ascensores nin os sótanos. E non digamos da crecida do 2000, que houbo 1 metro de auga no centro de saúde, que houbo que suspender as consultas e habilitar un local para poder levar só a cabo consultas de urxencias. Afortunadamente, non houbo desgrazas persoais...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor ÍÑIGUEZ MARTÍNEZ: ...só houbo danos materiais: máis de 350 veciños se viron afectados e os danos valorados nesa ocasión están cercanos aos 5 millóns de euros, segundo o Consorcio.

Nós o que queremos é pedir, solicitar, unha emenda de substitución na que si pedimos á Confederación...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Íñiguez. A emenda xa está feita por escrito e pódese ver.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Súmome co meu recoñecemento á xente que está pelexando contra este proxecto. E penso; ¿que clase de persoas se encadean a árbores durante un mes á beira do río, pasan fame, perden o seu tempo, dedican esforzos, etc.? Eu creo que iso é o que pasa polas cabezas do alcalde de Sarria e polas cabezas de moita xente do Partido Popular, que non entenden que haxa xente que defenda o ben común sen máis interese que ese; sen sacar tallada para un e sen sacar tallada para os amigos. E, vendo o que vemos estes días na prensa, comprendemos o que digo: Pokemon, Gürtel, Bárcenas, etc. Este é o xeito de facer política do Partido Popular, e iso que está detrás de proxectos coma este.

Non lles entra na cabeza e, entón, pensan: serán de Resistencia Galega, estarán pagados polo ouro de Moscú. Non chegan a tanto, porque Resistencia Galega non se pode escindir tantas veces. Entón, incluso os acusan de ser radicais e violentos, como fixo o alcalde de Sarria onte. Intentan descualificalos vostedes, pero non hai por onde atacalos porque están loitando con argumentos razoables, porque non están buscando beneficio persoal, porque son cidadáns exemplares que queren que se xestionen as administracións públicas na procura do interese xeral e que se gasten os carcos de xeito racional e transparente.

¿Por que lle damos tanta transcendencia a esta loita veciñal? ¿Por que ten tanta transcendencia incluso a nivel estatal? Porque é a loita da cidadanía máis consciente contra un sistema que saquea as arcas públicas a través de infraestruturas de dubidosa utilidade social, porque simplemente o fin destas infraestruturas non é prestar un servizo ou dotar a sociedade dun ben, senón que o fin é o saqueo en si mesmo. Funciona así, nestes proxectos, primeiro trátase a comisión e despois vese que proxecto se fai.

Teño repetido en varias ocasións un informe da Comisión Europea onde se manifesta que no Estado español hai que

facer, antes de afrontar calquera inversión, unha análise de custo-beneficio que teña en conta o custo de oportunidade. Si, señores do Partido Popular, non creo que hoxe poidan vostedes falar e rebater estes argumentos. O *modus operandi* deste sistema estaba xeneralizado nas concesións de servizos –de abastecemento, saneamento, etc., non me fagan falar– con corruptores, con cómplices dos corruptos, coa opacidade necesaria para facer estes chanchullos e non dar conta diante da cidadanía. ¿Ou acaso é casualidade que unha empresa de construción civil pagase chofer e coche ao presidente da Confederación Hidrográfica? *(Interrupcións.)* ¿Ou é casualidade... *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Eu creo que vostedes...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señores do Partido Popular, eu sei que vostedes son moi do código binario, e nós cremos que xa pasou o tempo de botarse a culpa os uns aos outros. Eu estou falando dun sistema... *(A señora Romero Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Romero.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...no que participou moita xente, ¿enténdeme? –non sei se queren entender en que mundo viven–, e vostedes entre eles –e moito–, saqueando. *(Murmulios.)*

¿É casualidade que as grandes construtoras sexan donantes de diñeiro negro para as campañas do Partido Popular? ¿É casualidade isto? ¿É casualidade que durante trinta anos vostedes se estean financiando con diñeiro negro para pagar os sobresoldos en Génova? ¿É casualidade? Non é casualidade. E esta loita é transcendente porque é unha proba máis de que a cidadanía xa non traga con este xeito de facer política.

Negocio para as construtoras, mentres se reducen dereitos sociais. Cada vez temos máis claro que isto ten que cambiar, señores do Partido Popular. O sistema podre que vostedes representan ten que cambiar. Gamonal, Sarria, Portosín..., algo está cambiando. A solución é a participación da cidadanía no Goberno, a transparencia, a democracia radical, esca-

pando dos ámbitos escuros e opacos onde se pode gobernar contra o interese xeral, dotando de mecanismos de decisión desde o principio, deseñando o proxecto desde o principio, que é precisamente o que pide a plataforma: participar no Goberno para que vostedes non poidan manexar por detrás. A vostedes non lles interesa este modelo.

Vostedes falan destas obras porque hai xente que cre de boa vontade que isto é progreso, que o cemento é progreso, que facer política é facer a política do cemento. E fano de boa vontade porque hai moita publicidade para convencer esta xente. Pero esta idea do progreso nunca se mantén con argumentos e con datos...;

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Sánchez, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...nunca se fai un estudo serio e previo das alternativas, unha análise de custo-beneficio.

E xa para ir rematando, señora presidenta, nós cremos que é preciso mudar cara a outro país onde se respecte o patrimonio, onde se goberne para todos, onde nas institucións entren os cidadáns e se expulse os corruptores e os corruptos. Queremos máis alamedas e menos Pokemon; estamos cos que se encadean para ser libres.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Socialista, señora Vilán.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio, por favor.

Señora Vilán, ten a palabra.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidenta.

Boa tarde. Boa tarde aos deputados, boa tarde aos membros da Plataforma en Defensa dos Ríos, en Sarria. Eu saúdoos en nome do Partido Socialista, dos socialistas.

Eu non son de Sarria, nin sequera son da provincia de Lugo, pero, como son de Pontevedra, lembro tamén uns membros

dunha plataforma que, para evitar xustamente tamén as inundacións en Caldas de Reis, sufriron os ataques por parte da Garda Civil no seu momento, cando gobernaban vostedes, o Partido Popular. E a sensación que teño agora mesmo é exactamente a mesma que teño respecto dos veciños de Sarria. Os cidadáns de Caldas de Reis naquel momento –agora os cidadáns de Sarria– actuaron de maneira absolutamente cívica en defensa dos seus dereitos. E, é máis, conselleiro –non menee a cabeza–, os propios tribunais déronlles a razón aos cidadáns de Caldas de Reis; e polo de agora, polo menos de maneira cautelara, o mesmo está sucedendo en Sarria.

É necesario facer memoria. No ano 2007 existiu unha proposta de plan de encanamento dos ríos Sarria e Celeiro aprobada polo Concello de Sarria. Someteuse á información pública e alí dicíase que existía –e existe– un grave problema coas inundacións no núcleo urbano de Sarria. A aprobación definitiva desa proposta no Concello fixose no ano 2008 e, como consecuencia, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil autorizaba a construción do Centro de Saúde de Sarria nunha das orillas do seu río. O proxecto técnico presentouse no ano 2011, cun orzamento de execución de máis de 20 millóns de euros, financiados nun 80 % con fondos Feder e nun 20 % a través de Augas de Galicia. Había catro zonas: zona de Sarria-río Sarria, tramo natural; río Sarria, tramo urbano; confluencia dos ríos Sarria e Celeiro, “o río Pequeno” –que din os de Sarria–; e o propio río Celeiro. Máis ou menos 5,8 quilómetros. En toda a documentación do proxecto non se recollía ningún estudo técnico para unha posible execución en partes ou en fases.

O 31 de marzo de 2011 o Concello de Sarria acordaba por unanimidade –e tamén, polo tanto, polo Partido Popular– instar a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil a modificar o plan de encanamento e a aplicar aos dous ríos o mesmo cálculo de caudal de auga de avenida previsible nun prazo non de cincocentos anos –como se fixera ata ese momento– senón de cen anos. E así se trasladou á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Non teñen resposta ata o día de hoxe.

Despois de gañar o Partido Popular as eleccións municipais en Sarria e as autonómicas na Xunta de Galicia, sométese á información só unha fase, esa primeira fase, e non o proxecto na súa totalidade, e restrínxese ademais o orzamento a unha cantidade que non chega nin a 6 millóns de euros. Con vén recordar que o obxectivo principal daquel proxecto ini-

cial total era solucionar o risco e a grande perigosidade de inundacións en todo o núcleo urbano de Sarria, non só nunha parte, non só nesa parte central do Malecón, para que se poida mirar no momento das eleccións municipais, que ese é o obxectivo, xustamente, do Partido Popular.

A xustificación que dá a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil plantéxanos varias preguntas. Fala da imposibilidade de acometer as obras proxectadas no seu conxunto. Preguntamos ¿que tipo de imposibilidade é?, ¿unha imposibilidade económica ou outro tipo de imposibilidade? Di que é necesario facer as actuacións máis urxentes. Non se sabe cales son, preguntamos cales. Non di por que motivos só se concentra nunha fase, obviando a posible protección fronte ás inundacións do resto de zonas, que quedarán co mesmo risco e perigo, incluso incrementado despois desta actuación, desta primeira fase que se pretende executar. E planteámonos que quizais poida ser porque existen esas futuras eleccións municipais.

O obxectivo do Partido Popular é exclusivamente político. Antepón un interese estético e de imaxe ao interese pola solución definitiva do risco das inundacións e, polo tanto, ao interese pola solución dos verdadeiros problemas dos veciños de Sarria.

Imos votar a favor da proposición non de lei do BNG. Entendemos que é necesaria a paralización do procedemento...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...iniciado –grazas, presidenta–, e o inicio dun período de consulta e debate para saber se o documento de referencia, aquel proxecto total, se pode fraccionar en fases ou é necesario remodelalo e facer un novo, tendo en conta dous documentos que temos solicitados nesta Cámara, que son as copias dos informes sectoriais da súa consellería, conselleiro, polas árbores de ribeira, e da de Cultura pola zona BIC protexida, esa zona por onde pasará esa fase. Así o pediron os nosos compañeiros de Sarria e así o pedimos nós, para rematar así coas inundacións...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: ...–si, remato, presidenta– en Sarria.

Non entendemos que os gardas civís, amparados e coreados por vostedes, polo Partido Popular, en Sarria, e tamén –parece ser– polo subdelegado do Goberno, se dediquen a defender non aos cidadáns e si ás pás.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Vilán.

Grupo autor da proposición non de lei.

Ten a palabra a señora Pontón Mondelo. Déanlle voz ao escano da señora Pontón, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Quero empezar por agradecerlle... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Isto parece un boicot. Non vou pensar mal. ¿Escóitase agora? ¿Escóitase? ¿Non? ¿Si? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu creo que si.

Ben, eu dicía que quero, en primeiro lugar, agradecerlle tanto ao Grupo de AGE como ao Grupo Socialista que vaian votar a favor desta iniciativa. E sobre a intervención que tivo aquí o representante do Grupo Parlamentario Popular, dicirlle que perdeu unha oportunidade de ouro. Perdeu unha oportunidade de ouro para responderlles tanto ás persoas que están hoxe aquí, escoitando este debate directamente, como ás persoas que poidan ter algún tipo de interese en velo a través de Internet, e para explicarlles que realmente este é un proxecto que mellora e que cumpre unha función social. Realmente os seus argumentos o único que fan é reforzar a proposta que nós hoxe traemos, que entendemos que non é unha proposta nosa, é unha proposta que se nos traslada desde unha plataforma cidadá, para que se paralicen unhas obras e se reconsidere un proxecto.

Nós temos moi claro que en Sarria hai un problema, un problema que hai que solucionar, derivado das enchentes, pero ese problema non se soluciona con estas obras. E estes 5 millóns de euros, en vez de enterralos dunha maneira, ademais, destrutiva para o propio hábitat natural que se conserva nese ámbito, o lóxico sería investilos en actuacións que realmente solucionaran o problema, e ademais facelo dunha maneira participativa, sendo un exemplo de que se escoita a sociedade, de que se escoitan os veciños e veciñas e de que

se está disposto a un debate con todo o mundo para facer unha obra que realmente responda ás necesidades que neste momento hai. E creo, señorías, que deberían de pensar ben o que van votar porque a súa emenda non recolle para nada o que nós estamos propoñendo, e deberían pensar que detrás desta loita hai moito máis.

Quero facer uso dunhas palabras de María Reimóndez nun libro que acaba de publicar “A alternativa está aquí”, que di: ¿En que se parecen as persoas ás árbores? Esta pregunta fíxoma hai non moito tempo un xornalista. Daquela matinei que podía ter dúas respostas totalmente antagónicas: unha, que dixese que nos parecemos moito, pois as persoas, igual que as árbores, precisamos terras e raíces para vivir; mais a outra é que non nos parecemos en nada, e ¡que ben nos viría parecernos! A cuestión fundamental ten que ver coa perspectiva. Unha árbore ten unha perspectiva moi longa de tempo. Os seres humanos precisamente todo o contrario. E as nosas decisións tenden a tomarse en marcos temporais ridículos para un ente como unha árbore. Cumpriríanos –argumentaba– ser algo máis coma árbores e tentar cambiar a nosa perspectiva, non só a temporal”. Pois eu digo que deberíamos, efectivamente, parecernos máis ás árbores e tamén ter máis raíces e defender esta terra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Proposición non de Lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Yolanda Díaz Pérez e D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa desigualdade e coa precariedade laboral das mulleres

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non se presentaron emendas. Para formulala ten a palabra dona Consuelo Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Boa tarde a todas e a todos.

Logo de seis anos de crise económica, a situación das mulleres no eido laboral caracterízase polo incremento da desigualdade de xénero. A taxa de actividade das mulleres é un 13% menor que a dos homes. A taxa de ocupación, 10 puntos menos. A reforma laboral foi unha agresión brutal aos

dereitos da clase traballadora, pero sobre todo aos dereitos da clase traballadora feminina. O descolgue dos convenios fixo que se perderan moitas melloras en conciliación da vida laboral e familiar e o despedimento máis barato para as mulleres que xa temos salarios máis baratos. Unha flexibilidade horaria que fai incompatible a vida normal, a vida familiar, o coidado e atención dos fillos, co desenrolo do traballo. E unhas prebendas á patronal sobre as reducións de xornadas maternal e paternal que fixeron que perdera a lexislación todo o seu sentido, ao poñer en mans da empresa a elección de como se ten que conciliar ou como o traballador e a traballadora deben conciliar a súa vida familiar e laboral.

Pero tamén hai máis precariedade, porque se nos homes os contratos a tempo parcial supoñen o 6,3% dos contratos realizados, son o 22,8% as mulleres que teñen contrato a tempo parcial. Unha de cada catro mulleres acepta un contrato a tempo parcial porque non lle ofrecen outro. Porque, señores do Partido Popular, ás mulleres cóbrannos igual cando imos mercar a comida, cóbrannos igual polos alugueiros das casas, cóbrannos igual pola electricidade, ¿por que as mulleres temos que cobrar menos, cando ademais está demostrando que son moitas máis as mulleres que quedan co coidado dos fillos nos casos de separación que os homes que quedan cos fillos? ¿Por que se castiga desta maneira tan brutal e tan inxusta as mulleres?

A taxa de actividade das mulleres é dun 49%, fronte ao 60,8% dos homes, e os seus salarios un 23,3% menos que os dos homes. En concreto, en Galiza, unha muller cobraba no ano 2012 4.600 euros menos que un home por realizar o mesmo traballo. Pero, evidentemente, a menor salario, menores prestacións de pensións e de desemprego. As mulleres cobramos tamén as pensións máis baixas que os homes, e en Galiza as pensións máis baixas do Estado, pero en cambio somos as que temos unha esperanza de vida máis longa; é dicir, ás mulleres condénasenos a vivir na miseria, cando somos novas e cando xa non somos novas, vivindo sempre na miseria.

A isto contribúe con enerxía e con ganas a Xunta de Galicia, destruindo masivamente emprego feminino. A taxa de reposición na Administración do 10 % afecta fundamentalmente a mulleres, posto que onde se destrúe emprego é en áreas moi feminizadas, como ensino, sanidade ou servizos sociais. As mulleres, ademais, tamén temos impedimentos graves

por culpa dunha sociedade machista e dos gobernos, tan machistas ou máis que a sociedade, cando non temos practicamente representación nas direccións e xerencias de empresas, nos consellos de administración, no Tribunal Constitucional. Por exemplo, as mulleres son o 17%, mentres que representan o 57% dos membros do sistema xudicial. Non falemos xa das reais academias.

Contra as mulleres instáurase unha violencia de Estado, unha violencia institucional. O Goberno dedícase a manter a discriminación das mulleres no acceso ao traballo, nos salarios e no acceso a unha vida digna. Leis como a contrarreforma da Lei do aborto, a educación segregadora, os recortes en dependencia. En Galicia os recortes en dependencia leváronnos a pasar de estar no ano 2012 entre as cinco comunidades que máis dedicaban ao gasto social a estar entre as seis que menos dedican ao gasto social, a pesar das mentiras repetidas do señor Núñez Feijóo.

As mulleres nun 95% somos as coidadoras; un 95% dos coidadores son mulleres. Polo tanto, os recortes en servizos sociais afectan fundamentalmente ás mulleres e á súa posibilidade de acceder ao mundo do traballo, a ese precario mundo do traballo feminino. Pero tamén os recortes na sanidade. O Decreto 16/2013, do 20 de decembro, que permite un extraordinario incremento das horas complementarias e reduce a menos da metade os días de preaviso.

O Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2014-2016, que se anunciou a bombo e platillo polo Partido Popular do Estado, fala de que vai traballar fundamentalmente en conciliación, emprego, discriminación salarial e violencia de xénero. En emprego e discriminación salarial e conciliación vai o 70% dun orzamento de 3.127 millóns anunciado, ¡increíble!, pero pasará como con todo, que despois non aparecen os millóns por ningún sitio. Pero chaman a atención as medidas tan a bombo e platillo que van solucionar a vida das mulleres.

Políticas de emprego e contra a discriminación salarial, 650 millóns, para a reincorporación de mulleres ao traballo tras o coidado de fillos, dependentes e maiores; é dicir, a propia lei instaura que a muller é a coidadora, e dille: vai coidar, e despois veremos como te volvemos meter no mundo laboral. Claro que, despois, eses anos non lle van cotizar para a súa pensión xa mísera.

Para a empregabilidade das mulleres vulnerables e para o emprendemento feminino. Están moi preocupados no Partido Popular polo emprendemento feminino, pois o 70 % dos nomes de emprendedores son mulleres. Creo que non é para preocuparse, o problema é o de sempre. Moito emprender, pero despois non hai apoio para que os negocios poidan seguir.

En canto á discriminación salarial, o único que din é información e inspección, información e inspección. Pero ¿é que aínda non están informados de que as mulleres cobramos un 23,3 % menos que os homes? Estannos tomando outra vez o pelo.

Para conciliación, unha ampliación da redución de xornadas para pais e nais con fillos enfermos graves. Evidentemente, custo cero, porque vai a conta do salario dos pais e das nais. Non sei onde van meter o diñeiro.

Emprego público, flexibilidade horaria. ¿Que pasa coas empresas privadas? Fan unha reforma laboral que permite que a empresa privada flexibilice o horario das traballadoras e dos traballadores en función dos seus intereses, e agora nos veñen vender aquí unha flexibilidade horaria en función dos intereses do traballador só para a Administración pública. ¿É a empresa privada?, ¿que pasa coas mulleres que traballan na empresa privada?

Regular os horarios dos medios de comunicación. Tampouco vexo eu que teña ningún custo.

Plan de apoio á maternidade. Iso si, quérennos poñer a parir a todas. É que o Partido Popular, se non nos poñemos todas as mulleres a parir como coellas, non está feliz. Pero para poder parir hai que ter diñeiro para manter os fillos. Non se pode traer fillos a este mundo para matalos de fame. Se que ren que en Galiza nazan nenos, terán que procurar que os seus pais e as súas nais teñan traballo, vivenda e que poidan darlles de comer. E por moito que o señor Núñez Feijóo negue que en Galiza os nenos pasan fame, os nenos en Galicia pasan fame, e as persoas galegas non estamos dispostas a traer fillos ao mundo para que o Partido Popular os poida facer escravos e para que os seus amigos os poidan explotar.

Polo tanto, na nosa iniciativa o que pedimos é que o Parlamento galego inste a Xunta a desenvolver actuacións

oportunas para combater de maneira efectiva a desigualdade en materia laboral. A desigualdade en materia laboral das mulleres é unha violencia exercida polo Goberno contra as mulleres. Polo tanto, o que pedimos é que se acabe a violencia institucional contra as mulleres, igualando salarios e dereitos dunha forma real; que se tomen as medidas para...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...que os servizos públicos poidan atender as necesidades das persoas con dependencia; servizos públicos para atender os nenos e as nenas; orzamentos suficientes para a conciliación da vida laboral e familiar; modificar as condicións do Decreto 3/2012, sobre a conciliación, e instar o Goberno a reclamar a derogación da contrarreforma laboral, que se condena á clase traballadora á miseria, ás mulleres condénanos á fame e a non ter eses fillos que tanto lle interesa ao Partido Popular.

Déixense de propaganda e publicidade, déixense de enchufes. As únicas mulleres que traballan en Galicia dentro de pouco van ser todas as enchufadas do Partido Popular, porque non hai máis. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Bueno, non, señora, Emersa, Semarsa, Vendex...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ¿Seguimos?, ¿seguimos?

Corrupción é o único que saben facer, corrupción. *(Murmurios.)* Son o Goberno da corrupción e son a vergonza deste país.

A señora PRESIDENTA: Señora Martínez, faga o favor. *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

¡Señora Martínez! *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, pero vostede non ten por que descualificar gratuitamente porque me parece que tampouco é... *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Pero non, estaba vostede na tribuna, non hai porque descualificar de xeito gratuito. E pídolle, por favor, que non descualifique. *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Que me parece que xa atenta contra o decoro desta Cámara, pero non só contra o decoro da Cámara, contra o decoro dos deputados e das deputadas. E paréceme que hai cuestións *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)* que non hai que descualificar.

Ben, moitas grazas, señora Martínez, non vou discutir con vostede. *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Retirarei eu o que entenda que teño que retirar.

Polo Grupo Mixto ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Boa tarde.

Grazas, señora presidenta.

O ideal sería que nos tempos que estamos non houbera que facer discriminación de cotas femininas e masculinas, senón que todas e todos tiveramos as mesmas oportunidades. Pero as cousas non están así.

O Grupo Mixto vai apoiar esta iniciativa de AGE por varios motivos, que vou expoñer seguidamente.

En Galicia e no conxunto do Estado estamos a vivir o que a prensa estranxeira referíndose a España cualifica como unha emerxencia social. Os recortes ao que eu chamo o Estado de regular estar dos últimos gobernos supoñen unha coitelada máis para os sectores máis desfavorecidos da sociedade, e un destes sectores máis desfavorecidos somos as mulleres traballadoras, da clase traballadora. A pobreza no día de hoxe ten rostro de muller, é o que se coñece como a feminización da pobreza, que afecta o 70 % da poboación mundial. E fállase de feminización da pobreza por varios motivos:

O primeiro, o crecemento da proporción de mulleres en situación de pobreza aumenta día a día.

Homes e mulleres temos roles e posicións diferentes na sociedade, e isto inflúe desde sempre nunha maior precarie-

dade laboral para o conxunto das mulleres, dada a súa natural dedicación á prole e ás tarefas do fogar.

O terceiro punto que constitúe a feminización da pobreza é a inseguridade, a precariedade, a vulnerabilidade provocada pola súa posición de subordinación ao macho, determinada polo sistema heteropatriarcal de relacións de xénero. Este é outro factor importante a ter en conta.

Catro son os escenarios en que os efectos da reforma económica neoliberal máis inflúen na feminización da pobreza. Primeiro, na reprodución, volta aos fogares, volta ao embarazo non desexados, é dicir, volta ao traballo non remunerado. As mulleres queremos emprego, traballo xa temos. No traballo remunerado os sectores máis afectados polos recortes son os que máis traballo feminino xeran: o ensino, a sanidade, servizos, dependencia.

Outro punto que inflúe na feminización da pobreza é a dotación de capital social ou activos sociais. Os vínculos sociais e os activos culturais permiten a unha persoa desenvolverse satisfactoriamente no seu contorno. É evidente que os activos das mulleres están dirixidos aos coidados, ao fogar, polo que o seu capital social e cultural queda claramente mermado. E por non falar xa das políticas gobernamentais, tema que está moi manido neste hemiciclo, neste Parlamento; refírome aos recortes laborais, civís, en sanidade, en dereitos.

A todo isto temos que engadir que os informes de desenvolvemento humano dos programas de Nacións Unidas para o desenvolvemento amosan de maneira exhaustiva que non existe xustiza distributiva dentro dos fogares, pois o acceso a alimentos, educación, saúde e recreación é diferente en prexuízo das nenas. ¿Cantas familias din que estude o neno, o neno vai á universidade, a nena que aprenda a coser, etc.?

É por todo isto, e para non estenderme máis, polo que o Grupo Mixto vai apoiar a iniciativa de Alternativa Galega de Esquerda.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán Villamarín.

Prego silencio, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Está claro que estamos vivindo unha revolución dos medios audiovisuais deste Parlamento.

A verdade é que volvemos tratar o tema da desigualdade das mulleres dentro da desigualdade crecente desta sociedade. E eu quería comezar cunha cita da directora da Oficina Internacional do Traballo no ano 2009, na cal dicía “taxas de emprego feminino máis baixas, un control máis débil sobre a propiedade e os recursos, a concentración en tipos de emprego informais e vulnerables con ingresos máis baixos e unha menor protección social, todos estes factores colocan as mulleres nunha posición máis débil que os homes en tempos de crise”.

Este parágrafo tan clarificador dunha persoa, que ademais non se pode considerar que estea na ideoloxía da esquerda, foi corroborado con datos a respecto da situación das mulleres galegas por tres informes publicados polos sindicatos UXT, Comisións Obreiras e CIG, cada un pola súa respectiva Secretaría da Muller, a respecto deste 8 de marzo. Neles podemos ver como a fenda salarial segue crescendo entre os salarios do grupo das mulleres e do grupo dos homes; como as mulleres son as que soportan os traballos a tempo parcial, os traballos máis vulnerables; como a situación da vida das mulleres e do emprego está cada vez nunha peor situación.

E quixeramos facer, apoiando a iniciativa que hoxe nos presenta AGE, que é moi xeral a respecto das cuestións de conciliación, a respecto das reformas do marco laboral que estableceu o Partido Popular, unha pequena reflexión nos minutos que me quedan.

Realmente estamos asistindo a unha quebra ou a unha desaparición das políticas de igualdade, ata agora sustentadas en dúas nocións básicas: a necesaria redistribución dos espazos do público e do privado entre homes e mulleres, e a redistribución dos tempos, fundamentalmente dos tempos do coidado, en mans maioritariamente das mulleres durante séculos, pero tamén hoxe en día.

Vemos que a redistribución de espazos non é tal, que as mulleres neste momento teñen dificultades para accederen en igualdade de oportunidades ao espazo laboral. Soamente en cinco anos se acrecentou esa fenda. Pero poderíamos ir

por sectores, dende os traballos menos remunerados ata traballos máis remunerados, por exemplo, nas empresas que se dedican ao I+D+i, por coller un exemplo de empresas que podíamos considerar onde neste momento deberían estar completamente superadas esas diferenzas salariais.

Pois ao mesmo tempo que as mulleres teñen máis dificultades para estar no ámbito do emprego, os tempos de conciliación non mudaron, todo o contrario. As políticas do Partido Popular eliminaron a palabra “corresponsabilidade”, unha palabra necesaria, porque é que o Estado pero os homes e as mulleres deben ser corresponsables nos esforzos do coidado, tanto de nenas e de nenos como de persoas maiores. E ao mesmo tempo os recursos para a conciliación nas empresas, nos servizos sociais están reducidos, son cada vez menores e ese é un dato obxectivo que non podemos entrar á súa valoración.

Polo tanto, o sentido das políticas de igualdade eu digo que está posto en cuestión polos feitos, polos propios feitos. En cinco anos as diferenzas no ámbito laboral, no ámbito social, no ámbito dos dereitos entre homes e mulleres acrecentáronse, mentres que seguíran ata agora unha tendencia constante a diminuír. Polo tanto, e eu quero facer miñas moitas das palabras que os sindicatos recollían diante deste 8 de marzo, temos que as políticas que se aplicaron, as políticas económicas aplicadas nos últimos cinco anos nesta crise económica mostraron a vulnerabilidade das políticas de igualdade e mostraron como era simplemente un verniz ou un remendo desta sociedade, como realmente non estaban implementadas de xeito transversal en todos e cada un dos departamentos.

Eu, sinceramente, por rematar, recomendaría unha lectura, xa que levamos un pleno no cal recomendamos moitas lecturas, un libro de principios dos noventa, de 1993, dunha estudosa sueca Jónasdóttir que se plantexaba se lle importa o sexo á democracia. E mantiña a tese de que, efectivamente, algo que todos e todas entendemos, hai unha parte moi importante do traballo que se fai gratuitamente, que é o traballo que se fai nos fogares. Toda ideoloxía que está destilando neste momento –unha parte importante da mediática...,

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...unha parte importante... escoitábamolo o luns, por exemplo, a Conferencia Episcopal

e unha parte importante da lexislación do Partido Popular– quere convencer as mulleres e a sociedade de que, efectivamente, coidar por amor é gratis. Mais iso o único que significa é...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...axudar á desigualdade entre homes e mulleres.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo Socialista, señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Grazas, señora presidenta.

Boas tardes.

Volvemos falar de emprego. Desgraciadamente, para o Goberno de Galicia parece que non é un tema importante, xa non o foi á mañá e, sobre todo, as declaracións do presidente, que vive *en este país de Yupi y que todo el mundo trabaja* e que estamos todos estupendamente, pois bueno.

O mercado laboral neste país estase a deteriorar entre, en xeral, homes e mulleres, pero si é, como en todos os casos, especialmente cru para as mulleres. As mulleres asinan cada vez menos contratos a tempo completo, o que implica unha situación absolutamente precaria. Das mulleres que inician unha relación laboral case a metade fixérono a tempo parcial; só o 4 % dos novos contratos femininos foron de carácter indefinido. Por tanto, non soamente ocorre unha precariedade laboral importante, senón unha perda de dereitos para toda a poboación, pero especialmente para as mulleres.

Se engadimos a isto unha contratación por menos horas das que se traballa –son contratos a tempo parcial, pero esa marabillosa reforma laboral da que tan orgulloso está o Partido Popular fai que moitas das horas non se aboen, incluídas as horas extras– o resultado é unha dobre explotación: unha explotación laboral, pero sobre todo unha explotación vital. A cifra de mulleres tamén en paro de longa duración duplica o número de homes en paro de longa duración. Deberíamos ter presente que as sociedades máis desenvolvidas son as sociedades máis iguais, pois a maior igualdade

maior calidade de vida, pero dende logo iso non está no programa do Partido Popular. No programa do Partido Popular, os recortes, as reformas laborais, etc., encamiñan a cambiar unha estrutura social e a que –como xa se dixo aquí– os ricos sexan triplemente ricos e os pobres sexan cada vez máis pobres. Están facendo desaparecer con todas as súas reformas, coa subida do IVE, coa subida absolutamente de todo, coa precariedade das pensións, están converténdoa nunha sociedade absolutamente desigual.

Definitivamente, as políticas do PP van por eses derroteiros, non van polos derroteiros de sentarse e de planificar, de mellorar o emprego e de mellorar a integración. Radicalmente o Partido Popular está, estivo e parece que estará polas políticas que desenvolve en contra da igualdade.

A participación feminina no mundo laboral foi un elemento importante para o crecemento e a estabilidade económica do país, pero iso estase a rachar. Os efectos da crise e as medidas regresivas adoptadas por parte do Partido Popular –como acabo de relatar– están non soamente sometendo o país a unha crise profunda, pero sobre todo xerando maior desigualdade.

A taxa de paro das mulleres na Unión Europea incrementouse en 3,3 puntos de media, mentres que en España se incrementa en 14 puntos. Neste escenario, en 2010, a media de gasto social da Unión Europea ascendeu ao 29,4 % do produto interior bruto, rozando o 30 % en Francia, Dinamarca, Finlandia, Alemaña, Austria e Suecia, mentres que en España tan só se dedica un 25 % do produto interior bruto.

Polo tanto, a solución do Partido Popular é cando máis crise hai, cando máis exclusión social hai, pois a intervención do Estado no gasto social é todavía menor. É dicir, non soamente son capaces de xerar oportunidade de desemprego, pero si están xerando coas súas políticas exclusión social.

O 64,68 % das contratadas nos dous últimos anos teñen contratos temporais. E Galicia, con 132.200 desempregadas, iso reflexa un dato terrible...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...pero sería incluso moitísimo máis alto de non diminuír a poboación activa.

Dramaticamente, nesta situación de crise, de paro, as mulleres máis expostas son aquelas entre 16 e 24 anos. Non soamente vostedes xeran desigualdade, senón que están acabando cunha xeración. Nese escenario, máis de 60.000 mulleres galegas –dicíao á mañá– de entre 15 e 34 anos tiveron que saír...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Quintás.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...do país.

En fin, as políticas do Partido Popular prexudican gravemente os dereitos dos cidadáns, pero fundamentalmente prexudican gravemente a metade da poboación. E cando un Goberno non conta coa metade da poboación é un Goberno que non debería de seguir gobernando. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Quintas. Moitas grazas.

Grupo Popular, señora Oubiña.

A señora OUBIÑA SOLLÁ: Grazas, señora presidenta.

Vou intentar dar resposta ao que se plantexa na parte resolutiva desta proposición non de lei presentada por AGE, pero antes quero dicir, señora Martínez, que o Partido Popular non creou o problema do paro neste país, o Partido Popular cando gobernou foi e non lle caiba ningunha dúbida que volverá ser a solución *(Aplausos.)*. Polo tanto, cando vostede fala de violencia laboral do Partido Popular, que aquí escrito pon “golpe de Estado laboral”, será das políticas da esquerda –digo eu–, as políticas que gobernaron este país vinte e tres anos dos últimos trinta e tres. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Si, si, non, non, é que deixaron máis parados cando se foron do Goberno que cando chegaron a el. *(Aplausos.)*

E dito isto, señora deputada, non imos apoiar esta proposición non de lei na que pide que en materia laboral todo siga igual; en materia de emprego cremos que non pasou o tempo suficiente para avaliar o resultado das reformas.

Señor Beiras, ¿quere intervir vostede? *(O señor Beiras Torrado: Non.) (Interrupcións.) (Murmurios.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Oubiña.

A señora OUBIÑA SALLA: As reformas teñen a facilidade de facilitar a creación de emprego, ofrecendo alternativas...

A señora PRESIDENTA: Señor Beiras, non ten vostede a palabra, faga o favor.

Señora Oubiña, pode continuar.

A señora OUBIÑA SALLA: ...ofrecendo alternativas que son menos traumáticas ao despedimento. E grazas a iso, señores deputados, en Galicia o 90 % dos traballadores afectados por un ERE no último ano non sufriron perda do seu contrato, sendo o ano 2013 o ano dende o inicio da crise que rematou cun menor número de parados. Polo tanto, é falso que no último ano non se contivera a destrución de emprego.

Cando fala vostede de actuación para combater a desigualdade e a precariedade laboral, a Consellería de Traballo ten un programa específico –ao que vostede xa fixo mención– da implantación de plans de igualdade na empresa e colabora –iso si– coa Inspección de Traballo no control da discriminación no acceso ao emprego, da discriminación salarial e do cumprimento dos dereitos en materia de conciliación e desigualdade, así como tamén un plan específico dos contratos a tempo parcial, que permiten aflorar o emprego somerxido e que están contemplados no Real decreto lei 16/2013, de medidas para favorecer a contratación, e que vostede casualmente pide a súa derogación.

Se falamos de paro feminino, señora Martínez, fala vostede do fracaso das políticas do Goberno da Xunta, que teñen unha taxa do 21,6 %. E, certamente, gustárame que fora máis baixa. Pero, ¿cal é o seu modelo, señoría?, ¿cal é o seu modelo? ¿O modelo é Andalucía, que cun Goberno de esquerdas ten o paro feminino no 39 %?, ¿ou é o seu modelo Andalucía, onde a taxa de contratación indefinida das mulleres descendeu un 26 %? Espero que esa non sexa a referencia para Galicia.

Porque con outro modelo a contratación indefinida de mulleres medou en Galicia un 10,5 % nos últimos seis anos, sendo a única comunidade autónoma, seguida de lonxe do País Vasco, onde a contratación indefinida das mulleres medra nesta modalidade. E se vostede leu o Informe 100/2012 ou

se non o presentado polo BBVA –que hoxe se falou del aquí–, sitúa a Galicia como unha das comunidades españolas que máis medrará nos próximos dous anos. É froito de ser os primeiros en tomar medidas, en tomar medidas que incluso máis tarde tomaron outras comunidades nas que non está gobernando o Partido Popular.

Fala de reforzar os servizos públicos de menores e dependentes. Eu non vou ter tempo suficiente aquí, pero dicirille que este Goberno sempre apostou polas políticas sociais. E en dependencia que vostede fala, esa lei que un Goberno de esquerdas non dotou de orzamento, con este Goberno no 2009 tivo un orzamento de 137 millóns de euros e no 2014 foi de 278 millóns de euros. Polo tanto, a diferenza é clara, e aumento de escolas, con máis prazas públicas en residencias, centro de día, máis centros de Alzheimer, máis prazas para maiores con discapacidade...

A señora PRESIDENTA: Vai rematando.

A señora OUBIÑA SALLA: ...–vou rematando, señora presidenta– que xa foron expostas aquí esta mañá polo señor presidente da Xunta.

Polo tanto, dicir que en plena crise económica, este Goberno reforzou as políticas sociais. Polo tanto, non imos apoiar unha proposición non de lei na que vostedes o único que piden é que en materia laboral todo siga igual, que non se faga nada, que non se tomen medidas e que non se favoreza a creación de emprego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Martínez.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Resulta realmente increíble con que desfachatez o Goberno do Partido Popular di que non gobernou neste país. Cando lle interesa non gobernou, leva vinte e seis anos gobernando pero eles non teñen responsabilidade, a culpa é do bipartito, que antes e despois marcou aquí para toda a vida e xa non hai nada que facer.

Mire, ¿que dentro de dous anos Galicia vai ser a comunidade que máis medre? Tamén só hai que dicirlles aos galegos e ás galegas que teñen que aguantar dous anos sen comer. Pero igual lles pasa como ao burro do xitano, que cando se acostuma a non comer resulta que morre.

Mire, si hai ideas e hai cousas que se poden facer, o que pasa é que cando non hai interese político en facelo non se fai. Vostedes non teñen ningún interese en igualar as condicións de vida das mulleres e dos homes, porque a vostedes lles interesa esa discriminación, porque vostedes son un goberno machista e conservador e, polo tanto, non lles interesa que a metade da poboación teña os mesmos dereitos. Polo tanto, isto non é unha democracia real cando a metade da poboación está discriminada.

Pero hai cousas que poden facer, e como vostedes non saben, porque está claro que sempre lle preguntan á oposición que hai que facer, voulo dicir: ampliar o permiso por maternidade —aí ten por parto— de catro meses a un ano; facer os horarios das traballadoras e traballadores compatibles cos horarios escolares; manter os centros de día e os centros de dependencia de día abertos ata a noite para poder ter alí as persoas e que os traballadoras e traballadores non teñan que perder xornada de traballo para atender os seus maiores; manter o 065 e amplialo e non acabar con el; complementar as pensións das mulleres galegas ata que sexan iguais ás pensións dos homes, porque temos as pensións menores, igual que as pensións por desemprego; acabar coa discriminación salarial atendendo os convenios colectivos ao que se asina e atacala dende o convenio colectivo, e non aceptar convenios colectivos que recollan discriminacións salariais.

A crise non é unha excusa. Vostedes utilizan a crise para excusar unha política que vai dedicada a manter pobres, porque vostedes necesitan pobres para manter aos seus amigos ricos, e para iso necesitan mulleres pobres. E non se poden traer fillos ao mundo —e vólvoos dicir— para matalos de fame e que sexan escravos do Partido Popular e os seus amigos. Queremos fillos con dereito á educación, pero para iso necesitamos educación pública. Queremos fillos sans, pero para iso necesitamos unha sanidade pública. E vostedes están acabando coa oportunidade das mulleres de teren fillos. Vostedes o que queren son escravos e na oposición non lle imos dar escravos. *(Aplausos.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Señora Martínez, a min gustárame sinceramente que vostede se dera de conta que está empregando cualificativos e comparacións que son ofensivas e creo que llo dixen antes e dígollo agora. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Beiras, con vostede non estou a falar. Señor Beiras, con vostede non estou a falar, estou a falar coa señora Martínez.

(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Beiras, chámoo á orde e sente, porque acaba de chegar e xa o teño que chamar á orde. Faga o favor de sentar. Ten unha chamada á orde, ¿quere que o siga chamando á orde?

(Interrupcións.) (Murmurios.)

Paréceme moi ben.

Entón, o que lle estaba a dicir, señora Martínez: leva vostede toda a tarde facendo descualificacións e agora creo que nesta última intervención fixo tamén vostede descualificacións que lle pido que retire. *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non lle vou dar a palabra, supoño que me poderá dicir que o retira, e se non o retira... ¿perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, entón ten vostede unha segunda chamada á orde e retiro eu os cualificativos que vostede empregou, que me parece que atentan contra o decoro desta Cámara.

Imos proceder á votación. Pechamos as portas.

Votación das proposicións non de lei

A señora PRESIDENTA: Comezamos coa votación da primeira das proposicións non de lei do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Rodas Chapela, á que non se lle presentaron emendas.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela,

sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual modelo de repartición de cotas da pesqueira da xarda adoptado polo Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, coa multa imposta ao Estado español, así como coa aplicación da política de cotas nas augas interiores galegas e coa representación de Galicia nese consello.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa do señor Santalices, que coido que non houbo acordo e non acepta as emendas. Votamos a proposición.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e seis deputados máis, sobre a mellora da accesibilidade do cidadán á información da propia historia clínica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 33; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa da señora Martínez, á que non se presentaron emendas.

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas instalacións do aeródromo de Godos, no concello de Caldas de Reis.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 40; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa do señor Fariñas, que coido que dixo que non aceptaba as emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Hipólito Fariñas Sobrino e seis deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa pobreza enerxética da poboación en risco de exclusión social.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da señora Sestayo, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Beatriz Sestayo Doce e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas xudiciais referidas ao pagamento das pagas extraordinarias detraídas aos empregados públicos, así como as políticas de recortes e privatizacións do sector público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do señor González Santín, que coido que hai dous grupos parlamentarios que pedi-

ron a votación por puntos, paréceme que o Grupo de Alternativa Galega de Esquerda e o Grupo Popular.

¿Acepta vostede a votación por puntos? (Negación.)

Ben, entón votamos conxuntamente a proposición non de lei.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos González Santín e tres deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción da estación intermodal de Lugo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 40; abstencións, 8.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Pontón Mondelo, que coído que non acepta a emenda do Grupo Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución do proxecto denominado “Adecuación da canle e ordenación dos ríos Sarria e Celeiro (1^a fase)”.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos, por último, a proposición do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Yolanda Díaz Pérez e D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa desigualdade e coa precariedade laboral das mulleres.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Continuamos coa orde do día co punto 3, de interpelacións.

Interpelación de D. José Ramón Val Alonso e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o acordo para a repartición da cota da xarda e xurelo no sector do cerco para o ano 2014

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Val.

O señor VAL ALONSO: Moitas grazas, presidenta, moi boas tardes a todas e a todos.

Señora conselleira, outra vez máis – e xa leva vostede unhas cantas– vén de demostrarlle aos cidadáns deste país moi pouco respecto e moi pouca sensibilidade. Vén comparecer hoxe a este Parlamento forzada por unha interpelación do Grupo Parlamentario Socialista. Podería telo feito vostede a través dunha comparecencia a petición propia, pero, claro, este tema é un tema que afecta a máis de 1.500 persoas, parece que non lle resulta a vostede importante; nin a vostede nin ao Grupo Popular, que tamén vetou unha petición de comparecencia solicitada por este grupo.

Sinceramente, con todo o que leva acontecido nestes últimos vinte días, parécenos vergonzoso que non teña vostede a iniciativa nin a decencia de vir explicar o que ten acontecido á Cámara de representación do pobo galego. E non o fai porque tivo, e teñen que facer vostedes, un papelón con todo este asunto.

Hai xa máis dun mes que este grupo vén alertando do inxusto deste reparto, que naquel momento era unha proposta por parte da Secretaría Xeral de Pesca e que hoxe é xa unha realidade. Un reparto a todas luces inxusto cos nosos profesionais do cerco, que vostede e o seu gabinete defenderon e defenden dende o minuto un, algo totalmente incompresible.

Vostede ten que explicar aquí por que tivo tanto empeño en defender unha proposta que dá o 50 % do total da cota da xarda ao País Vasco, e o outro 50 % hai que repartilo entre as outras tres comunidades do Cantábrico noroeste. A nós —aos galegos—, con máis de 150 barcos, correspóndenos escasamente o 25 %. Xa sei que o seu argumento, o que vostede vén dicindo dende hai días, é que o sector estivo de acordo naquela famosa reunión do 20 de decembro. Pero non é certo, e aínda que así fose ¿cal é o seu papel e o do gabinete da Consellería? Terán vostedes que asesorar, terán vostedes que dar alternativas, terán vostedes que advertir do que significa aceptar estes criterios para a frota galega.

Vostede me dirá como se lle pode dicir a un barco, a calquera do listado inicial,... e voulle poñer algún exemplo: ao *Sempre Adrián* da Coruña, con 4.100 quilogramos de xarda; ao *Apóstol* de Camariñas, con 6.100; ao *Praia Maior* de Malpica, con 7.000 quilogramos; ao *Cruceiro de Pazos* de Sada, con 13.000; estes por poñer algún exemplo; pero o 80 % dos 150 barcos galegos movíanse no reparto inicial nunhas cifras moi parecidas.

¿Vostede, realmente, non advertiu isto? ¿Vostede cre que un barco pode, con 6.000, 8.000 ou 10.000 quilos de peixe, subsistir durante todo o ano?

Este, señora conselleira —e non outro— é o detonante de todo o que aconteceu despois, despois dun reparto no que sae mal parado o 80 % da frota galega, comparada xa entre si mesma, e non digamos se a comparamos coa cántabra ou, sobre todo, coa do País Vasco.

Este é o motivo fundamental e non outro, e tamén están logo as súas declaracións. Vostede, en sede parlamentaria, a unha pregunta do Bloque Nacionalista Galego, respostou dicindo que as manifestacións eran provocadas por catro exaltados que non representaban a ninguén. ¿Parécenlle a vostedes palabras axeitadas para a máxima representante da pesca galega?

Os que non representaban a ninguén son os que mandou vostede a negociar a Madrid. Desta volta non lle saíu ben a xogada, señora Quintana, tiña vostede moi errado o mapa de representación do sector do cerco en Galicia.

E logo, claro, a partir de todo isto, xa sabemos o que aconteceu: vostede enrocada defendendo unha posición que non convencía a ninguén; o sector manifestándose; cargas políticas totalmente desproporcionadas; menosprezo aos representantes do sector, ninguneo, provocacións... En definitiva, unha actitude altiva e prepotente por parte súa e do Goberno galego.

Señora conselleira, a súa incapacidade fixo que este asunto se convertese nun problema de orde pública, que rematou coas cargas e coa represión a que ultimamente nos teñen acostumbrados.

Aínda non sabemos, señora Quintana, cales son os motivos do seu empeño en defender esta alternativa; aínda non sabemos por que esa acérrima defensa dese 20 % da frota galega, en detrimento do outro 80 %. Será que non quere molestar vostede en Madrid, ou será que tamén lle fixeron pasar a vostede polo aro. Con este modelo 20 barcos galegos acaparan case o 30 % do que nos toca da cota de xarda.

¿Como pode poñerse vostede a favor de que os criterios históricos teñan un peso do 70 % cando vostede sabe —ou debería saber, e se non é unha irresponsable— que a maioría da frota galega sae prexudicada porque nos últimos anos non puido pescar e, polo tanto, non ten dereitos históricos?

A verdade é que son vostedes uns profesionais, son capaces de reclamar a eliminación en Europa do principio de estabilidade relativa e logo aplícanos vostedes aquí en España. Porque xa me dirá vostede que significa este reparto: que pesquen os que pescaron antes, é dicir, que nada cambie. Isto non é outra cousa que unha estabilidade relativa que vostede está respaldando.

Señora Quintana, teño que dicirlle que vostede careceu en todo este proceso de liderado, do liderado que se espera dun dirixente político de primeiro nivel. Tiña que poñerse vostede á fronte e reclamar uns criterios distintos; xa non vou dicir que favorecesen a frota galega, pero cando menos que fosen iguais para todos.

A Lei de pesca marítima do Estado, no seu artigo 27, cando fala dos criterios de reparto, non di en ningún caso que os históricos teñan que pesar o 70, o 40, o 20 ou o 10 %. Isto é algo que decidiron vostedes en Madrid, a proposta, iso si, do País Vasco, que foi aquela famosa reunión do 20 de decembro, cunha posición de máximos, intentando nun primeiro envite que os históricos tivesen un peso do 95 %, logo rebaixado ao 70 %.

Imaxino que vostede coñece o que di ese artigo 27, pero vou lerllo por se os deputados non o coñecen: *“Los criterios de reparto serán los siguientes: a) la actividad pesquera desarrollada históricamente; b) sus características técnicas; c) los demás parámetros del buque. Cuatro: asimismo, una vez aplicados los criterios del apartado anterior, se valorarán las posibilidades de empleo que se acrediten por el titular del buque, así como las condiciones socio-laborales de los trabajadores.”* Eu, aquí, en ningún caso vexo que se fale dunha porcentaxe, non sei por que vostede me di que, efectivamente, os históricos teñen que ter ese peso do 70 %; eu neste artigo non o vexo por ningún sitio.

Volvo repetirlle, señora Quintana, que o que lle falta a vostede e ao seu gabinete é traballo, traballo para levar unha posición previa seria e definida a estas reunións, e que non pase o que todos vimos de comprobar durante os últimos vinte días.

E logo o que vén a partir de todo isto son parches. Está moi ben o aumento de cota, pero que, como vostede comprenderá, repartida cos criterios que hai, segue beneficiando aos mesmos, os que máis teñen seguirán sendo os máis beneficiados. O País Vasco pasa a ter 6.600 toneladas, e nós 3.400, ao sumar esas novas toneladas dese novo acordo coas Illas Feroe, en Noruega, e que aínda, ata hai só dous días, non sabíamos moi ben como iamos repartilas, pola tremenda falla de liderado que ten vostede, que non é capaz de poñer de acordo a dez barcos co resto da frota galega. E onde parece, ademais, que temos que andar mendigando esas novas toneladas que aportan os vascos, que, claro está, para eles non significan absolutamente nada, e que o único obxectivo que tiñan nese momento era facer calar o noso sector para abrir dunha vez a pesquería.

En definitiva, señora Quintana, se hoxe os barcos e a frota están no mar non é pola súa xestión nin polo seu traballo,

están pola solidariedade que teñen demostrado entre eles mesmos ao cederse cota uns a outros.

Señora Quintana, moitas son as dúbidas que ten o sector e moitas son as dúbidas que ten o Grupo Socialista en canto á actitude e á posición que mantivo vostede en todo este proceso.

Por iso, agardamos que nos dea resposta ás cuestións que están plantexadas nesta interpelación, e tamén a outra fundamental para o futuro, e que non é outra que saber cal é a posición que vai ter o Goberno galego nos anos vindeiros. E se dunha vez se vai poñer á fronte das reivindicacións do sector galego ou, coma desta volta, teremos que dicir de vostede que foi unha gran conselleira vasca pero unha nefasta conselleira para os intereses da frota galega.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías, moi boas tardes.

Señor Val, vou intentar responder a todas e cada unha das preguntas que vostede plantexaba na súa interpelación, e despois xa teremos tempo para o debate de todas esas lindzas que me dedicou na primeira parte.

Vostede preguntaba que opinión lle merece ao Goberno galego este novo reparto. A primeira cuestión que teño que subliñar nesta resposta é que nos parece un reparto acorde ás lexislacións e cuns criterios definidos nos que a ponderación socioeconómica da nosa frota avanza, no que temos que ver a vantaxe de saber canto, como e cando podemos pescar.

Este reparto, en termos da nosa frota galega de cerco, permite dispor do 24,8 % da cota da xarda e dun 43,2 % do xurelo no conxunto das tres zonas de pesca, obtendo mesmo cifras a destacar coma o 97,9 % da cota desta especie na área 9A, que é a que vai de Fisterra cara ao sur.

Cremos que este reparto vai na liña que sempre demandamos e que mesmo a propia frota demandaba. Queremos poder pescar e ordenar a pesquería, poder pescar aumentando cotas, como a do lirio o ano pasado e neste ano, a da xarda no Cantábrico ou a do xurelo na zona 9 para este ano; ordenar a pesquería pensando que non regular é sempre a peor opción, xa que iso era o que facían outros gobernantes, e de aí xorden dúas sancións por sobrepesca que temos que pagar.

Amais, cumprimos un obxectivo de dar resposta a unha petición do sector ao inicio da presente lexislatura como foi a corrección da inxusta distribución de cotas, algunha delas publicadas ao día seguinte de perder, o Goberno do señor Zapatero, as eleccións no ano 2011, e ampliar a escasa cota dispoñible de cabala como consecuencia da multa imposta pola Unión Europea por sobrepesca.

En canto á valoración da xustiza para a frota galega do criterio das capturas históricas, temos que considerar unha cuestión fundamental: se nos referimos a se é xusto ou se nos referimos a se é legal.

No relativo ao legal, claro que se axusta a unha disposición normativa –como vostede ben dixo–, a Lei de pesca do ano 2001. A actividade pesqueira desenvolvida historicamente, cifrada en volume de capturas, esforzo de pesca, tempo ou presenza na zona en cada caso –a iso é ao que se refiren os criterios históricos–, e as características técnicas e os demais parámetros do buque, así como outras posibilidades de pesca de que dispoña, que virán sinalando a dependencia do barco á especie en cuestión.

Asemade, unha vez aplicados os criterios sinalados nos apartados anteriores, valoraranse as posibilidades de emprego que se acrediten polo titular do buque, así como as condicións sociolaborais dos traballadores. Do mesmo xeito, esta repartición iría en consonancia e coherencia co Regulamento 1380/2013, que dispón os novos criterios da política pesqueira común e que no seu artigo 17 sinala os criterios de asignación das posibilidades de pesca para os estados membros.

No relativo a se é xusto, cremos que é acorde cunha disposición que se fundamenta en como veu desenvolvendo cada barco a súa actividade pesqueira ao longo dos últimos anos,

salvagardando así a posibilidade e a planificación temporal da pesca de aquí cara adiante. Ademais, temos que ter en conta, sobre a positividade para a nosa frota, que sempre foi beneficioso en todas as veces que se aplicou e que contribúe a evitar que a nosa actividade pesqueira se poida ver afectada polo aproveitamento doutras frots que poderían dar a apertura para moitas pesqueiras.

En todo caso, quero inverter a carga da proba: ¿que pensarían se repartimos de forma lineal, por calquera método ou criterio, as cotas de pesca no caso do Gran Sol, en NAFO, ou do palangre de superficie tanto no Atlántico norte como no Atlántico sur? Incluso debemos pensar na afectación de que outras frots entren a romper esa actividade e a historicidade da actividade pesqueira, como o caso da cigala na zona de Porcupine bank, onde a entrada de frots que non faenaran nunca alí –como a escocesa– puxeron en risco a propia pesqueira. Mesmo se imos a este criterio histórico, podemos salvagardar outros criterios e mesmo melloralos substancialmente, xa que con outros datos obxectivos como os GT poñemos o exemplo da presente repartición, onde Galicia sae ben parada e se priman os buques pequenos, ao recibir os buques galegos inicialmente 1.838 quilos por GT, cantidade que duplica a dos buques do País Vasco, con 811 quilos por GT. Incluso –e indo máis alá– falando da xarda, vemos como a ponderación nos permite dispor, fronte ao 21 % da participación histórica na pesqueira, dun 24,8 %, que compensa tamén a nosa importancia socioeconómica.

Este novo modelo de repartición estou segura de que permitirá –como xa o teño sinalado en varias ocasións– dúas cuestións fundamentais: ampliar a pesca no tempo e as descargas en área, permitindo unha mellor organización da actividade pesqueira, e ademais facer unha máis axeitada formulación da comercialización. Ademais, permitirá pescar en Galicia especies migratorias como a cabala –que antes non podíamos pescar nunha mínima cantidade–, aproveitar mellor as cotas e facer, polo tanto, máis eficiente a nosa pesca, xa que non perderemos a oportunidade de capturar esta especie nos meses de outono, cando volve aparecer en cantidades apreciables. Sen dúbida, esta opción pode dar resultados en termos de actividade pesqueira e comercial e sempre será mellor que a opción de volver á pesca olímpica, na que as dimensións da nosa frota, salvo na de arrastre, e a disposición migratoria das especies nos fan perder competitividade.

Con esta fórmula de botar a carreira por pescar pódese consumir a cota en tres ou catro días, e iso é malo para o sector pesqueiro, porque os nosos barcos son –como dicía– de menor porte, e é malo para o sector transformador, porque tería que ir comprar ao leste, ao Cantábrico, cos incrementos de custo e a maior competencia.

En canto á repartición para artes menores, esta vén definida na Orde do Ministerio de Medio Ambiente 1307/2013, do 1 de xullo, pola que se establece o Plan de xestión para os buques dos censos do caladoiro nacional do Cantábrico noroeste, así como na súa modificación a través da Orde 417/2014, do 17 de marzo, do mesmo ministerio. Neste senso, a nosa frota de artes menores dispón nesta reforma dunha cota de xarda e xurelo repartida por provincias que nos leva a acadar para o conxunto de Galicia, no caso da xarda, un 20 % da cota asignada a este segmento no Cantábrico; e na do xurelo dispoñemos dun 71 % da cota da zona 8C e dun 97,49 % na zona 9A.

Na mesma liña, a xestión e control destas cotas realizárase de forma conxunta, e procurouse por parte da Federación Galega de Confrarías de Pescadores a reserva dunha cantidade para capturas accidentais ou pesca non dirixida, de xeito que se permita desembarcar esta especie máis alá da propia campaña e se minoren os descartes da mesma. Asemade, e vista a pesca dirixida que durante a campaña fan máis de 140 barcos galegos deste segmento e doutras artes diferentes á do cerco e o arrastre, procurouse distribuír esta cota de forma que fose posible a organización da pesqueira.

En definitiva, buscamos con esta repartición a posibilidade global de organizar as pesqueiras e de soste-la oferta nos mercados. Facernos máis competitivos non é só cuestión de pescar máis e de dispor de máis cota senón tamén fundamentalmente de vendela mellor. Pescar mellor e facelo máis eficientemente require dar pasos adiante, e esta repartición que acabamos de aprobar pode ser un paso fundamental. Adaptarse aos cambios leva tempo, pero, como pasou no seu tempo no caso do descanso semanal, ninguén dubidará no futuro da súa positividade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Val Alonso.

O señor VAL ALONSO: Grazas, presidenta.

Mire, señora Quintana, lindezas non son as que eu lle adico a vostede, son as que lle adica vostede ao sector. Vostede chamoulles vándalos e catro exaltados que provocaban manifestacións. Esas son as lindezas que lle adica a máxima representante de pesca ao sector.

O certo é que da súa intervención resulta moi difícil agardar outra resposta que a que veu vostede dar; nin un ápice de autocrítica, nada de nada. E todo isto que me acaba de dicir, todos estes datos, dígallos vostede ao sector, a eses barcos que lle citei antes e que tiñan 4.000, 6.000, 7.000 quilogramos de peixe para todo o ano. Dígalles vostede todo iso que me acaba de dicir a ver se realmente están de acordo ou non con este modelo de repartición que vostede di que é tan favorable para o noso sector.

Nós xa damos por descontado que todos os males e todas as pragas divinas foron culpa do bipartito e de Zapatero. Efectivamente, aí imoslle dar a razón. Pero eu creo que vostede debe de asumir algo de responsabilidade; vostede leva seis anos sendo a máxima dirixente de pesca do Goberno galego; eu creo que algunha responsabilidade terá do que ten acontecido. E se o de antes era malo, o que hai agora é peor porque consolida un modelo no que imos consolidar unha cota ridícula de xarda para os nosos barcos. Esa é a realidade.

Eu creo que vir aquí vostede dicir que non ten responsabilidade paréceme algo que non é de recibo. Neste caso, señora Quintana, falamos dunha decisión política, dunha decisión que non ten ningún custo económico para o Goberno, de algo tan simple como establecer uns criterios xustos, iguais para todos. O sector e os cidadáns deben de saber que teñen un goberno e unha conselleira que non é capaz de defender os seus intereses, e non sabemos cal é o motivo. Non sei –xa lle dixen antes, na primeira intervención– se non será que non quere molestar en Madrid. ¿Sabe quen o deixou claro? Deixouno moi claro o seu subdirector de Gardacostas na pasada sesión da Comisión 8ª, cando respostaba a unha cuestión plantexada por este grupo. Dicía que o Goberno galego non vai cuestionar nunca unha decisión do Goberno central. Pois iso é o que fai vostede neste caso: temos un goberno cun presidente e cuns conselleiros que non queren

molestar en Madrid, e por iso lles dá igual ter que pasar por riba dos intereses de Galicia e dos galegos.

Este modelo o único que vai facer é consolidar dereitos históricos a quen xa os tiña; este modelo condena a nosa frota a ter de por vida unha cantidade ridícula de xarda. Se o de antes era malo, como lle dixeran, o de agora é moito peor. Eu creo que –volvo repetirille– neste caso, en particular, está en xogo o futuro dun sector, e a vostede iso parece non importarlle, vostede está de acordo con esta repartición. Eu creo que debe de deixar dunha vez esa actitude prepotente e poñerse de lado de quen hai tempo que leva reclamando un novo modelo, porque a súa actitude provocou gran parte deste problema. Xogou vostede, señora Quintana, á provocación e a piques estivo de saírlle mal, porque nalgún momento estivo vostede politicamente contra as cordas. E a súa incapacidade provocou que este problema derivase nun asunto de orde pública. Foi a súa incapacidade a que levou o sector a saír á rúa mentres vostede falaba de teorías conspiratorias. ¿Vostede realmente cría as cousas que dicía cando as dicía? ¿Vostede pensaba que milleiros de persoas manifestándose tiñan algún outro interese que non fose o de reclamar unha repartición distinta, unha repartición xusta e na que non houbera gañadores e perdedores?

Vostede é das que tira a pedra e esconde a man, porque non dixo cales eran eses intereses. Eu espero que o diga aquí. Vostede aínda non foi quen de respostarlle á pregunta que lle fixen na miña anterior intervención: ¿que vai facer vostede?, ¿vai seguir mantendo esta repartición ou vai defender e poñerse á fronte dos intereses da frota galega e exixir unha repartición distinta para o ano que vén? Aínda non foi quen vostede de respostarlle a esa cuestión. Como vén sendo habitual, a súa incapacidade e a do Goberno galego sae unha vez máis á luz.

Señora Quintana, para este ano xa teñen posto vostedes un parche que non lle agrada absolutamente a ninguén. E o exemplo está en toda esa xente que hai uns días estivo aquí nas portas do Parlamento manifestándose, e outros encerrados nunha sala do Parlamento. Esa é a realidade. Esperemos que se poña vostede a traballar e se poña dunha vez do lado do sector porque iso é o que agardamos todos os representantes deste lado da bancada.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Réplica da conselleira do Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Val, mire, eu nunca dixeran que o sector pesqueiro fora un sector de vándalos, non malinterprete as miñas palabras; dixeran que os vándalos que tiraban as pedras precisamente non eran o sector pesqueiro; co cal, non confunda as cousas.

De dicir lindezas, para lindezas, as súas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu esperaba que despois de que xa as cousas se calmaron e de que a xente saíu faenar vostede recapacitara en todo o que dixo, porque están as hemerotecas. E, claro, pode dicir que eu dixeran algo que non é de recibo; acredíteme algo que eu dixera que non é de recibo. Eu voulle acreditar varias cousas que dixo vostede que non son de recibo. Vostede dixo: O que ten que facer o Goberno é pagar a sanción con cartos. Vostede foi delegado de Pesca en Celeiro, ¿verdade?, debe de coñecer os regulamentos comunitarios, e vostede sabe que non se pode pagar unha sanción de sobrepesca con cartos, ¿verdade que o sabe? ¿Para que engana o sector?

¿Por que lle parece mal a repartición por criterios históricos cando é ben certo que a Lei de pesca non establece cal é a porcentaxe que lles temos que dar aos históricos? Pero se a vostede lle parece que darlles un 70 % de peso aos históricos é moito, ¿que lle parece o 80 %? ¿É máis ou menos o 80 co 70? Porque o 80 % era o que vostedes lles daban, señor Val; o 80 % era o peso que vostedes lles daban, (*Aplausos.*) e agora vén aquí enganando a xente. (*Aplausos.*) Iso non se pode facer.

E o que non se pode facer é dicirlle á xente que se cambian os puntos na metade do partido. Vostedes déronlle un peso máis específico ao arrastre que ás diferentes modalidades de pesca e houbo que modificar eses criterios. E eses criterios modificáronse de acordo con todos os sectores, con todas as comunidades do Cantábrico noroeste; e déuselle un peso ao arrastre, maior ao cerco e despois a artes menores e a artes fixas. Aquí xógase igual en todas as cartas en todas as comunidades autónomas. E non diga que Galicia sae perdendo

porque pode saír perdendo na xarda, pero gana no xurelo. ¿Cal é a nosa actividade pesqueira? ¿Canto pesa a xarda na nosa actividade pesqueira? O 4 %, e, en valor, o 3 %. ¿E canto pesa o xurelo na nosa frota? O 39 %, e o 30 % en valor. *(Aplausos.)* Señor Val, hai que dicir as cousas con rigor. *(Aplausos.)*

Di que o sector non ten quen o defenda. Pois mire, si, o sector ten a unha persoa que o defende sempre e que o defendeu diante de moitos que quixeron contarlle moitas mentiras. A min, cando cheguei á Consellería no ano 2009, no mes de maio, díxéronme que xa non podían pescar xarda porque xa acabaran no leste; e a maioría da nosa frota non podía ir ao leste. Dende ese momento propúxenme que se cambiara o modelo de xestión da pesca no caladoiro do Cantábrico noroeste, e non fun oída durante os gobernos do señor Zapatero. E cando houbo un cambio de goberno en Madrid si que empezamos a cambiar as cousas. A maioría do sector pesqueiro aplaude o cambio na modalidade de xestión do caladoiro do Cantábrico noroeste porque agora imos poder pescar nas nosas costas e imos poder vender na nosa autonomía e non ter que ir desprazarnos, porque soamente –como vostede dicía– 20 barcos se podían desprazar ao leste e o resto quedabamos aquí a mirar como pescaban no País Vasco.

Vostede dime a min que non falo co sector. Señor Val, eu falo co sector, con todo o sector. E soamente neste caso do cerco lle podo dicir que a miña gran sensación foi que había algúns que non sabían a quen representaba, e aínda así estiven reunida con eles máis de vinte horas. Eu preguntolle a vostede, que é deputado pola provincia de Lugo: ¿cantas horas, cantos minutos se reuniu co sector da provincia de Lugo? ¿Cantas? Porque eu creo que non debeu de falar con eles, porque, dende logo, son dos que queren facer unha xestión responsable da súa actividade e defender a súa empresa a título individual, que é o que ten que facer a maioría deste sector.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Interpelación de D^a María Carme Acuña do Campo e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o anuncio polo Sergas da contratación do servizo de xestión integral do proceso de esterilización do material

necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial nos seus centros sanitarios

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a privatización de servizos realizada polo Sergas

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta. Boa tarde, señorías.

Señora Mosquera, queremos coñecer que estudos económicos e de calidade fixo vostede para decidir a privatización de toda a esterilización do servizo público de saúde, a hospitalaria e a de atención primaria, por 160 millóns de euros durante doce anos, a pesar de contar neses servizos con 167 profesionais públicos con gran formación e acreditada experiencia e de ter investido recentemente en aparataxe para modernizar eses servizos.

Vostede xustifícase sempre falando de eficacia e de rigor, pero pídenos a diario actos de fe, señora Mosquera, xa que todas esas decisións privatizadoras nunca veñen acompañadas por ningún estudo, nin rigoroso nin eficaz, ningún. O único que temos claro é o interese que tanto vostede como o señor Feijóo teñen por favorecer empresas amigas e por repartir cargos públicos entre os seus familiares.

Señora Mosquera, dígolle unha vez máis: vostede ten que marchar. A situación da sanidade galega –aínda que lle dea a risa– é intolerable, e ademais estase facendo insostible. Mire, hoxe mesmo, dentro dun ratíño, volvemos ter a xente na rúa protestando, manifestando o seu malestar, a súa preocupación, o seu descontento e o seu rechazo ante a xestión que está facendo vostede e o señor Feijóo. Rechazo da cidadanía, señora Mosquera, e tamén rechazo de todos e todas as profesionais, de todos os sindicatos –os de dereitas, os de esquerdas, os verticais, os de clase–, todos unidos en contra da masiva privatización da nosa sanidade pública; e non é para menos, pois empezaron vostedes privatizando o non asistencial, pero, agora, xa pasaron a privatizar tamén o asistencial, sen titubear.

Falamos da esterilización, pero podemos falar tamén do laboratorio, e temo que en breve do persoal sanitario a tra-

vés desas escuras –ímoslles chamar– áreas de xestión clínica. E mentres tanto, o señor Feijóo, impasible, presumindo de ser o garante do público; vostede vaimos permitir que lle diga “dispórica” tratando de defender o indefendible, e os dous, dedicados á repartición.

¡Que ironía iso de que o señor Feijóo sexa o garante do público co que está facendo e cando lle saíron os dentes privatizando! Recórdolles, señorías: Correos ou as fundacións sanitarias. É matemático: Partido Popular no Goberno, perigo para todo o público, e para o sistema sanitario público tamén, aínda que era un dos mellores do mundo e un dos máis baratos.

Coa patraña esa da sostibilidade e da eficiencia, fórono vostedes destrozando para vendelo logo a cachións ás empresas amigas. ¿E saben por que, señorías? ¿Porque era insostible? Non, porque era negocio. ¿Porque era ineficaz? Non, porque funcionaba moi ben e ademais con poucos cartos. E por iso, precisamente por iso, resulta tan atractivo para o mundo empresarial.

Pero o problema non é só vostede, non, tamén é o presidente Feijóo, directamente implicado nesas operacións mercantís, utilizando ademais os comprados e cómplices medios de comunicación para tratar de enganar a cidadanía con estudadas mentiras. Para asegurar que non privatiza, cando xa gastamos máis do 50 % do orzamento, 1.700 millóns, señora Mosquera, dos 3.300 dispoñibles para a sanidade neste ano 2014. Si, máis da metade en pagar empresas, e iso que non iniciamos aínda o pago das cotas desas privatizacións máis recentes.

Non privatizan, non, pero miren, xa temos privatizado o novo hospital pequeno e privado de Vigo, a ampliación do Salnés, o Plan director de Ourense, os novos centros de saúde, Galaria, Povisa, renovación da alta tecnoloxía, parte das analíticas e dos laboratorios, os servizos de protección radiolóxica, hemodiálise, os institutos biomédicos de investigación, o Centro Oncolóxico de Galicia, a Axencia de Docencia, Formación, Investigación, Innovación e Avaliación das Tecnoloxías e Servizos, a Axencia Galega de Sangue e Tecidos, as ambulancias, o 061, a oxixenoterapia, a historia clínica electrónica, a receita electrónica, os arquivos, a plataforma loxística, o mantemento electromédico, a lavandería, o *catering*, a xardinería, a limpeza, a seguridade, o mantemento xeral e a subministración enerxética.

E agora tócalle, señora Mosquera, directamente á parte asistencial, a esterilización, as analíticas, e temo que aos profesionais e ás profesionais coa implantación das novas formas de xestión clínica. Por certo, cun decreto que resulta contrario, señora Mosquera, ao ordenamento xurídico, segundo o informe do Consello Consultivo.

Señora Mosquera, vostede sabe ben que a privatización da esterilización é pasar a liña vermella, pois é asistencia, directamente parte asistencial, bata branca. Así que a nosa primeira pregunta nesta interpelación é que vai facer agora o señor Feijóo, o garante do público e o que nunca ía privatizar a bata branca, para non quedar como un mentireiro.

Pero tamén queremos saber que lles vai contestar vostede aos profesionais e ás profesionais dos servizos de medicina preventiva e da supervisión das centrais de esterilización do Sergas, que, por medio dunha carta, unha carta firmada por todos e por todas, condenaban rotundamente esa privatización, alegando que o persoal responsable deses servizos acumula toda a experiencia e o coñecemento científico que sobre esterilización existe na sanidade pública galega; que nos últimos anos a maioría das centrais foron melloradas, modernizadas e informatizadas, contando ademais con sistemas de calidade, polo que teñen elevada e probada eficiencia e efectividade, téndose adaptado aos cambios tecnolóxicos e ás novas necesidades asistenciais; que a decisión da privatización foi tomada unilateralmente pola Consellería sen consultar con eles; que os motivos para a dita privatización son alleos ao rigor técnico e á evidencia científica; e que, de existiren informes que recomenden esa privatización, terían vostedes que mostralos.

Díganos, señora Mosquera: se os expertos do sistema público opinan así, ¿quen se vai responsabilizar do material esterilizado pola empresa privada? ¿Talvez o seu Consello Asesor, os chamados “homes da conselleira”? Por certo, algo tamén intolerable no século XXI, co 75 % do persoal sanitario feminino, vostede conforma un equipo de dezaseis persoas no que pon dúas mulleres, dúas, unha enfermeira e unha traballadora social, todo moi típico. E, ademais, chámalle Consello Asesor do Sistema Público de Saúde a ese equipo de dezaseis persoas, das cales só cinco pertencen ao sistema público; todas as demais teñen claros intereses na privada.

Pero díganos tamén: ¿como se fará o traslado do material esterilizado? ¿Necesitarase ter máis cantidade para telo en depósito e circulando? E, de ser así, se terá que mercalo o Sergas. ¿Que tipo de material vai esterilizar a empresa: o cirúrxico e tamén o de diagnóstico, por exemplo os endoscopios? ¿Que empresas galegas poderán acudir a esa licitación? ¿Considera vostede, señora Mosquera, que a esterilización non forma parte directa da asistencia sanitaria? ¿Si ou non?

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ¿E considerará –remato– Feijóo que esta medida non é privatizar o público? ¿Si ou non?

E para rematar, díganos, señora Mosquera: ¿por que razón vostede en Galicia nos negaba a privatización da esterilización mentres o director de recursos económicos da súa consellería aparecía xa como ponente no Congreso de Cartaxena impartindo doutrina e presumindo nunha ponencia titulada “Externalización da esterilización no Sergas”? Francamente, señora Mosquera, patético.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Interpelación do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa da señora Solla.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Grazas.

En case ano e medio que levamos aquí AGE non deixamos de preguntar polas privatizacións e de propoñer iniciativas para impedilas e revertelas, iniciativas que loxicamente nunca se aproban. Non esperamos tampouco que vostedes admitan o dano que están a facer, o que nos están a quitar; son vostedes neoliberais, defenden as medidas de axuste, defenden polo tanto a inequidade, a desigualdade social e a diferenza de clases (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) Pois si, todos os días, señor Puy.

A señora PRESIDENTA: Señor Puy...

A señora Solla FERNÁNDEZ: Sen embargo, agardamos do Goberno que si sexan capaces de defender a súa propia ideoloxía (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), agardamos razóns de por que fan as políticas que fan, pero desgraciadamente iso nunca chega.

Os contratos con empresas, as privatizacións, son unha verdadeira praga para a nosa sanidade pública. Quero que hoxe me responda vostede aquí, tal e como expresamos por escrito: ¿cal é o motivo para que a Xunta de Galicia e a Consellería de Sanidade estean privatizando a sanidade pública de maneira continua a través dos múltiples servizos sacados a concurso, e que control vai exercer a Consellería de Sanidade sobre as empresas adxudicatarias e de que maneira vai exercelo ante a xeira de problemas nos servizos xa privatizados?

Privatizaron o novo Hospital de Vigo, seguen mantendo os múltiples concertos privados, a xestión de Galaria practicamente segue sendo privada porque os xerentes non pasaron ao público, privatizaron o mantemento –lavandería estará ao caer–, privatizaron a central de compras, a central telefónica –todo iso que xa se dixo aquí–, privatizaron a cita previa, ambulancias, privatizaron incluso a xestión dos propios hospitais e privatizaron a radioloxía, a radioterapia e a cardioloxía intervencionista, toda a alta tecnoloxía, como xa debatemos aquí en varias ocasións.

Señora conselleira, dígame: ¿que razóns aducen vostedes para privatizar todos estes servizos? Señora conselleira, Real decreto 8/2010, capítulo VII, artigo 16, contratos de colaboración público-privada e de concesión de obra pública, leo: “No ámbito do sector público estatal, antes de realizar un contrato de colaboración público-privada, así como un concerto de concesión de obra pública, cun valor estimado que supere os 12 millóns de euros, será preceptivo un informe do Ministerio de Economía e Facenda que se pronuncie sobre as repercusións orzamentarias e os compromisos financeiros que conleva.” E artigo 17: “Este informe será preceptivo e vinculante.”

Señora conselleira, nós non estamos de acordo con ningunha privatización, non atopamos os motivos, defendemos o público, consideramos que os dereitos básicos deben acoñecerse a servizos públicos. Sen embargo, quen está a levar o Goberno é vostede, e a lei, como acabo de describir, obrígaa a xustificar economicamente as privatizacións que vostedes están a facer. ¿Estano a facer, señora conselleira? ¿Onde están esas xustificacións? Porque aquí, nesta Cámara, non deron explicacións ningunhas de por que vostedes consideran que economicamente son mellores eses servizos privados; non deron xustificacións, non amosaron ningún estudo

comparativo que diga que é mellor a empresa privada; non os teñen, porque non os hai, non os fixeron.

Subministración enerxética prestacional e mantemento de edificios e instalacións de varios centros da área sanitaria da Coruña, 30 millóns de euros. ¿Cal é o motivo desa privatización? ¿Por que vostedes retiran do control público algo tan importante como o mantemento dos centros hospitalarios?

Xestión integral de espazos no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, 181 millóns de euros. Outro hospital que van entregar a unha empresa cunha contía moi grossa, señora conselleira, que debería estar para a sanidade pública. ¿Cal é o motivo desa privatización? Máis do mesmo.

Subministración enerxética prestacional e servizo de mantemento e conservación de edificios, instalacións, equipos do Hospital Arquitecto Marcide e do Hospital Naval de Ferrol, 22 millóns e medio de euros. ¿Cal é a xustificación da privatización? Concurso de 2012 adxudicado mediante resolución o 14 de febreiro de 2014 a Ferrovial-Endesa.

Señora conselleira, ¿vai voltar vostede a Ferrol explicarlles aos traballadores e ás traballadoras estas privatizacións? ¿Vai ir outra vez ao hospital? ¿Vai explicarlles por que unhas instalacións que son públicas, que son do pobo, e o seu mantemento, van ser cedidas para o negocio de Endesa e Ferrovial, a Endesa? A vostedes non lles chegou con liberalizar o sector das eléctricas, que agora tamén teñen que cederlles parte da nosa sanidade pública.

Ferrovial, empresa imputada por corrupción en Cataluña polo caso Palau e a mesma que foi condenada en xaneiro deste mesmo ano polas súas edificacións deficientes. A mesma empresa investigada tamén no caso Patos por supostas irregularidades na adxudicación de contratos públicos, con varios imputados. Por certo, un deles, Alfonso Clemente, que ocupou altos cargos de dirección do Sergas na época de Fraga. ¡Que curioso, señora conselleira! A eses, a eses lles están entregando a nosa sanidade.

En Compostela, no CHUS, a provisión enerxética foi adxudicada a Unión Fenosa e a Clece, 50 millóns de euros. A primeira, outra multinacional eléctrica; a segunda, xa temos debatido moito aquí debido aos seus incumprimentos en materia laboral, incluso en contratos do propio Sergas, a lim-

peza en Compostela e a limpeza tamén no Hospital Xeral de Vigo. A eses vostedes lles entregan o que é do pobo.

Alta tecnoloxía, privatizada por 88 millóns de euros, máis canons, toda a radioterapia, radioloxía e intervencionismo. Lembro que xa foi denunciado polo Consello de Contas que onde están estes servizos semiprivatizados a taxa de explotacións son un 25 % maiores, un risco para a saúde ao que vostedes nos van obrigar.

Vostedes privatizan a súa xestión, o seu mantemento e incluso a formación dun persoal que é público e sanitario. E, polo tanto, primeira privatización dun servizo sanitario, algo que dixeron que nunca farían, pero, como sempre, menten. Cando está demostrado que renovar os equipos custaría menos que a privatización. ¿Onde están eses informes, señora conselleira, a que a lei a obriga e que indican que a privatización é máis favorable? ¿Onde? Diálogo competitivo ao que se presentaron ao seu concurso multinacionais, algunhas, como xa dixen aquí, con sede en paraísos fiscais: Philips, Siemens, General Electric, Elektra e Varian. A un par desas empresas vostedes lles van ceder toda a nosa alta tecnoloxía sanitaria, incluída a súa xestión, dun servizo sanitario, sanitario que era público, no que traballa persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Vostedes negaron que foran privatizar servizos sanitarios, pero xa van polo terceiro servizo nos últimos meses.

A esterilización, señora conselleira, servizo sanitario público, que vostedes privatizaron por 160 millóns de euros, como denunciou xa o meu grupo en rolda de prensa no mes de xaneiro.

E nun debate que nesta Cámara tivemos vostedes mentiron, porque dixeron que xa falaran con preventiva e que tiñan a súa conivencia, pero resulta que agora a maioría dos servizos de preventiva e os seus xefes están en contra desta privatización.

Señora Mosquera, ¿que vai acontecer co persoal sanitario que traballa en esterilización, que van facer con eles cando privaticen este servizo?

Terceira privatización sanitaria, señora Mosquera, directa. Realización de probas de laboratorio nos centros do Servizo Galego de Saúde, privatizan a meirande parte do laboratorio

público, 638 probas que se facían nos laboratorios públicos llas regalan a prezo do ano 2010, prezo do ano 2010 –dubido que iso sexa legal–, a Lema y Bandin, e a unha unión temporal de empresas, Cerba Internacional, empresa por certo con relacións coa privatización da sanidade pública madrileña.

Señora conselleira, isto é gravísimo, gravísimo. Están vostedes rematando con todo, practicamente non queda case nada, salvo o persoal público. É o único que están deixando por agora, pero supoño que non lles quedará moito tempo. Regalan todo o público.

Señora conselleira, se non é quen de levar esta consellería, diga aquí que responsabilidades políticas pensa asumir vostede e a Xunta de Galicia ao non ser quen de xestionar os recursos públicos que a cidadanía pon nas súas mans e regalárlles absolutamente todo ás empresas privadas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Grazas, señora presidenta.

Señorías, a verdade é que é un bo remexido, pero bueno.

Mire, en Galicia dixemos moitas veces –e seguimos a repetir e repetireino todas as veces que faga falta– que a sanidade pública é un servizo público fundamental, dos máis valorados polos cidadáns e os profesionais, un servizo ao que os galegos dedican máis do 40 % dos orzamentos da Xunta, o que demostra sen dúbida o compromiso deste Goberno pola sanidade pública. Sempre deixamos claro que o noso modelo para a sanidade é a prestación da asistencia sanitaria no ámbito público, unha posición moi fácil de comprender, unha posición que dixemos e seguimos dicindo e seguirei dicindo sempre.

Polo tanto, na nosa comunidade autónoma os servizos de asistencia sanitaria son e continuarán sendo prestados dentro do ámbito da xestión pública. Non hai ningunha dúbida disto, por máis que vostedes se empeñen en dicir todo o contrario.

Bueno, dicir que o 50 % do noso presuposto vai a empresas, evidentemente. Mire, pagámoslles ás farmacias, señoría,

pagámoslles ás farmacias, todos os meses. Pagamos aos laboratorios farmacéuticos, todos os meses. Pagamos as próteses que compramos ás empresas, por suposto. Pagamos a enerxía, a luz, a auga; por suposto, señoría, que pagamos a luz e a auga, todos os meses intentamos pagalo. Pagámoslles ás empresas de limpeza que temos contratadas; por suposto que si, señoría, estamos pagando. Evidentemente, tamén pagamos as nóminas dos nosos profesionais públicos, dos nosos profesionais estatutarios, laborais ou funcionarios públicos, e así imos seguir facendo.

Respecto á xestión, o decreto de xestión clínica, que se acaba de publicar, precisamente reforza esta posición, recollendo expresamente que estas unidades carecen de personalidade xurídica propia; e dicímolo sempre: non teñen personalidade xurídica propia, e os profesionais van seguir sendo estatutarios, e a súa adscripción vai seguir sendo voluntaria; e así o din todos os borradores nos que traballamos desde o principio.

Pero é verdade: unha cuestión ben distinta son os servizos de subministración que se prestan aos servizos de saúde e o seu funcionamento para a actividade asistencial, para complementar a actividade asistencial, como lle acabo de poñer algúns.

E penso que vale a pena que nos deteñamos un pouco neste asunto, porque reiteradamente recorren vostedes a este argumento para facer acusacións que non teñen ningún sentido. Desde hai anos, desde hai moitos anos, véñense prestando moitos servizos complementarios a través de empresas privadas, a través por suposto de contratos, de contratos que seguen a Lei de contratos do Estado, das administracións públicas; tamén durante o Goberno do bipartito e tamén noutras comunidades autónomas con gobernos dos signos máis distintos. Por iso, utilizar isto como argumento de privatización da sanidade a verdade é que me parece abondo difícil e complicado, e, desde logo, o que non é é nin correcto nin rigoroso. O único que fan con isto é distorsionar a realidade e crear inseguridade tanto nos pacientes como nos profesionais.

Miren, na Estratexia Sergas 2014 unha das súas liñas de traballo era realizar unha xestión rigorosa e eficiente –como vostede moi ben di– dos recursos de toda a sanidade pública. Sempre é necesaria cando se xestionan recursos públicos,

pero imprescindible nun momento economicamente tan complicado no que estamos a vivir.

Evidentemente, unha das medidas que primeiro empezamos a xestionar e que primeiro empezamos a mirar foi o tema da plataforma loxística. Xa lles falei algunha vez deste proxecto nesta Cámara. Este proxecto o que vén facer é unificar a distribución de material para todos os centros do Sergas e fai posible a extensión dos procesos da contratación centralizada, no que tamén estamos empeñados.

Para explicalo dunha maneira sinxela e breve, ata o de agora cada hospital dispoñía do seu propio almacén, na maior parte dos casos alugado e xestionado por empresas externas; cada un tiña un programa informático cun control bastante mellorable dos *stocks* e das caducidades. De feito, a propia empresa adxudicataria do proxecto —esta da plataforma loxística integrada— é unha das que xa viña traballando desde hai anos nos distintos hospitais do Sergas, na xestión e no almacenamento da subministración. Pois coa plataforma loxística, é dicir, con este novo modelo, podemos homoxeneizar e modernizar os sistemas de xestión e de control e evitar as duplicidades de gastos entre os distintos centros.

Outra das medidas contidas nesta liña estratéxica de xestión eficiente está na análise minuciosa da situación e estudo de mellora doutros procesos de soporte da actividade asistencial, como é o que hoxe nos ocupa, o da esterilización, do que tamén xa falamos nesta Cámara e no que estamos a seguir a traballar.

Vostede confunde un anuncio indicativo cunha licitación dun proceso. Neste momento estamos a traballar, e estamos a traballar directamente cos profesionais, para ver cal é a mellor solución. Soamente houbo un anuncio indicativo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vale. Este evidentemente é un proceso moi directamente relacionado coa calidade da asistencia e a seguridade do paciente e dos profesionais —somos perfectamente conscientes disto—, un proceso que, como todo o que facemos, é susceptible de mellorar.

Por iso, tras unha análise rigorosa da situación, puxémonos a traballar para reorganizar esta actividade, non só analizando o proceso en si da esterilización, senón para conseguir un servizo de xestión integral de todo o material necesario para

o desenvolvemento da actividade asistencial nos centros, tanto de primaria como dos hospitais, e incluíndo por suposto o proceso de esterilización. Obviamente buscamos garantir que a esterilización se realiza cumprindo os requisitos máis exixentes de seguridade, calidade e eficiencia, e tamén manter o proceso de esterilización baixo control, evitando unha variabilidade excesiva.

Temos a certeza do correcto funcionamento das nosas unidades e da competencia dos nosos profesionais, pero tamén de que existe variabilidade entre as distintas centrais e que, como dicía, podemos mellorar o sistema no seu conxunto.

Existe un amplo consenso respecto das vantaxes da configuración organizativa centralizada e os obxectivos da centralización da esterilización. Podémolo resumir da seguinte maneira.

No que se refire ao instrumental, destacar a verificación do inventariado, a renovación e o mantemento do material, a súa marcaxe e identificación, e asegurar o acceso ás novidades tecnolóxicas, ademais da xestión do retorno á finalización do contrato.

Respecto das instalacións, contaremos con aparataxe renovado, nalgúns casos temos unha franca obsolescencia, aínda que vostede parece que non o cre, pero si que temos aparataxe bastante antigo e que se necesita renovar e manter. Cos investimentos nas instalacións dos centros e o mantemento das instalacións, con propostas de solución para a esterilización no punto do uso, como o que vostede di dos aparatos de endoscopia, e cun plan de reposición.

As melloras no terreo da calidade e seguridade están garantidas a través do control dos profesionais do Sergas. Son eles os que van realizar o control dos procesos de esterilización. A oficina técnica de seguimento estará configurada polos profesionais do servizo de medicina preventiva.

Respecto ao laboratorio, do que vostedes me falaban, miren, estamos a facer un concurso centralizado das probas que xa se estaban facendo en laboratorios externos, en laboratorios de fóra de Galicia. Todas as probas que saíron a concurso non se estaban a facer nos laboratorios do Sergas, ningunha desas probas se estaba facendo en ningún laboratorio do Servizo Galego de Saúde. O gasto actual desas probas en labo-

ratorios externos –como digo, laboratorios de fóra de Galicia– é de 2.515.000 euros ao ano. A licitación, porque o que fixemos foi coller a proba máis barata que se facía de todas elas, a licitación saíu por 2.290.696 euros, un 8,5 % por debaixo do prezo que estamos a gastar.

Evidentemente, fíxose unha adxudicación a unha empresa, porque así nolo indicou a comisión central do Ministerio de Facenda, porque estaba en baixa temeraria, fíxose a adxudicación por un valor de 900.106 euros ao ano. A empresa que actualmente realiza a meirande parte desas probas, unha empresa de Barcelona, fixo unha oferta de 1.656.000 euros, un 34 % por debaixo do que nos está a cobrar actualmente aos hospitais. E a proposta da mesa de contratación, formada por técnicos e profesionais do Servizo Galego de Saúde, na que están a maior parte de analistas dos laboratorios de Galicia, era a unha empresa que fixo unha oferta de 1.316.000 euros, é dicir, un 47 % por debaixo do que nos custa agora. Esta é a realidade da centralización dos laboratorios, e o único que se está a facer –como digo– é centralizar o que estaban a comprar todos os hospitais individualmente.

Pero mire, a verdade é que raian vostedes realmente o absurdo cando falan dalgunhas cousas. Miren, a construción dos edificios que albergan os centros sanitarios, tanto os hospitais como os centros de saúde, independente da fórmula de contratación empregada, sempre foi e será realizada por empresas construtoras. O Sergas aínda non constrúe edificios e desde logo o Hospital de Vigo ten o informe preceptivo da Intervención Xeral do Estado –non podía ser doutra maneira– e está recollido no expediente.

Tampouco os equipos de alta tecnoloxía diagnóstica ou terapéutica foron nunca fabricados dentro do Servizo de Saúde. Loxicamente, acódesse á contratación da súa subministración a través das empresas fabricantes que existen no mercado, as que vostede di, non hai outras que fabriquen a alta tecnoloxía. Se vostede sabe que están en paraísos fiscais, paréceme moi ben, pero esas son as empresas e esas son xa as empresas que están dentro do Servizo Galego de Saúde e que están manexando todos os aparatos; xa se compraban a esas empresas, non inventamos ningunha empresa.

En Galicia, evidentemente, estamos a tramitar un procedemento para a adquisición e mantemento integral destes equipos de alta tecnoloxía –o que chamamos o sociotecnolóxi-

co–, que, ademais de buscar solucións máis eficientes para cubrir a demanda destas probas e procedementos, é o que chamamos un diálogo competitivo. É unha maneira de contrato do Estado; é dicir, non estamos a inventar nada, está recollida na Lei de contratos do Estado. E estamos a traballar cos profesionais do Servizo Galego de Saúde para definir o equipamento que necesita o Servizo Galego de Saúde, e aí estamos traballando.

Tamén falan vostedes dos contratos dos servizos de telecomunicación, outra demostración de que se está a privatizar. É absolutamente evidente que a telefonía, móbil e fixa, e as liñas de transmisión de datos se teñen que realizar por empresas do sector, non teño ningunha dúbida. Parece totalmente impensable que vostedes pensen que isto se pode facer por persoal do Servizo Galego de Saúde.

Tamén nos acusa de privatizar a historia clínica. Isto é absolutamente falso. Os servidores nos que radica a información das historias clínicas son servidores propiedade do Servizo Galego de Saúde, están situados en instalacións da Xunta de Galicia. As empresas contratadas unicamente levan a cabo accións de desenvolvemento da plataforma informática, de acordo coas instrucións que lles dan os profesionais e os responsables do Servizo Galego de Saúde. Tamén realizan o mantemento informático dos equipos, en todo caso baixo cláusulas de compromiso de absoluta confidencialidade e con rexistro de todos os accesos á información que poidan precisarse.

Desde logo, mire, falan vostedes de que o Hospital do Salnés o imos facer, o estamos privatizando; é un fondo europeo o que imos utilizar para a construción do Hospital do Salnés, co cal non entendo moi ben a que se refire.

O contrato de enerxía. O contrato de enerxía o único que estamos facendo é centralizando nun único contrato a enerxía, a subministración de enerxía e o mantemento das instalacións enerxéticas, para facelo máis eficiente. Tampouco sei moi ben a que se refire.

Mire, nós cremos que a sanidade pública se defende con feitos, cunha xestión responsable dos recursos, garantindo a súa sostibilidade e prestando unha atención de calidade, e non levándonos a unha débeda de máis de 18.000 euros, como tiña a sanidade pública no ano 2008.

Pero se queren conseguir mellores resultados, tamén é certo que temos que facer as cousas de distinta maneira; se quere-mos ter outros resultados, non podemos seguir facendo as cousas igual, e o que temos é que estudar e analizar cos pro-fesionais, sempre cos profesionais, cal é a mellor maneira de organizar e de facer as cousas. E, desde logo, a xestión clí-nica é unha mostra máis de que os profesionais van contri-buír connosco a esta mellora do sistema sanitario galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de réplica.

Ten a palabra a señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Señora Mosquera, remexido si, pero de empresas e de inte-reses privados; aínda que escoitándoa falar a vostede, pare-cera que, en vez de empresas, son todas ONG.

Mire, claro que pagan a farmacia, si, por certo, co fondo de continxencia, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) porque a pesar... –si si, acaban de desprazar... ¿non?, si, xa llo explicarei con máis calma–, mire, a pesar dos copagos e dos aforros, parece que lle falla a planificación. Mire, eu o único que lle pido –é moi sinxelo, señora Mosquera– é un informe que demostre que é máis eficaz e mellor esa priva-tización, un informe. Xa basta de actos de fe e, por suposto tamén, de anuncios indicativos.

Mire, modernizar, centralizar, ¿é que iso para vostede é sín-ónimo de privatizar? Renove, manteña o material, pero non o privatice. Eficacia, eficiencia, rigor, ¿que pasa, señora Mos-quera, acaso non pode obter vostede ese rigor, esa eficacia, nun sistema público que xestiona vostede mesma e por iso o ten que externalizar? Mire, o lóxico é que se vostede non pode, se vaia e non que bote fóra o sistema.

Por certo, os profesionais estallan dicindo por escrito e fir-mando que non están de acordo con esa privatización, non entendo eu que despois se vaian responsabilizar. ¿Vaise res-ponsabilizar vostede dos erros que poida cometer a empresa pública ou vai ser o propio sistema público?

Mire, se os expertos aseguran que o servizo público de este-rilización é eficiente e eficaz, ¿quen? ¿Quen? E ¿baseándo-se en que opina o contrario? ¿Vostede? ¿O director de recur-sos económicos? ¿O propio señor Feijóo? ¿Quen?

E mire, a pregunta do millón: se a tendencia é cara ao mate-rial desechable, cara ao material dun só uso, ¿que razón pode existir, señora Mosquera, para quedar ligados a unha empresa privada de esterilización durante os próximos doce anos, a un prezo marcado de 160 millóns de euros, se ao mellor dentro de cinco anos non se esteriliza nin a metade do material que se esteriliza hoxe? Ademais, non podemos esquecer que está vostede decidindo por e para o futuro. Deixa vostede, como o señor Caudillo, todo atado e ben atado durante doce anos.

Mire, se vostedes non poden demostrar por medio de infor-mes independentes e rigorosos as vantaxes da privatización e se os nosos expertos en esterilización desaconsellan e con-denán rotundamente esa privatización, temos que concluír que a única razón que poden ter tanto o señor Feijóo como vostede mesma é a de favorecer e dar negocio ás empresas amigas e a de manter esa porta xiratoria que tanto gusta e interesa ao PP.

Señora Mosquera, se non sabe vostede xestionar con rigor e con eficacia; se non sabe vostede modernizar, centralizar, cambiar sen ter que privatizar, marche; e se resulta que sabe pero non quere, buscando favorecer e dar negocio ás empre-sas amigas, marche inmediatamente. Pero mire, señora Mos-quera, fagamos unha cousa: mire, aí fóra está o mundo sani-tario, ese que vostede dirixe e xestiona, veña comigo, veña comigo agora, ás 8, á praza Roxa, escoite alí...,

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...escoite o que está pasando, escoite o que pensan os profesionais, escoite e logo decida se mantén as privatizacións. Logo pense e conclúa se está xestionado ben, e pense, despois de escoitalos, se ten que marchar ou non.

Mire, señora Mosquera, se todo o privatizado ata agora nos parecía grave, insisto na idea: a privatización da esteriliza-ción é intolerable, pois é cruzar a liña vermella, é privatizar a bata branca e ademais vai pór en evidencia que o señor pre-sidente mente.

Eu pregúntome –e seguro que moita da cidadanía informada tamén se fará a mesma pregunta– se, vendo todo isto que estamos vendo, se pode confiar no señor Feijóo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da señora Solla Fernández.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Bueno, a min tamén me gustaría que foran menos as privatizacións, pero desgraciadamente isto é cousa súa, este é o seu monstro, señora conselleira. E vostede –xa llo temos dito máis veces– non pode vir aquí presumir do orzamento sanitario cando dende a chegada do Partido Popular ao Goberno temos un 10 % menos de orzamento sanitario, e a maioría dese orzamento se vai nas súas privatizacións, en contratos con empresas privadas, que a vostede lle parecen fabulosos, lle parecen fantásticos, pero desgraciadamente aquí non contestou, non dixo os motivos polos cales se fan esas privatizacións. ¿Onde están ese estudos que di que ten vostede onde se indica que son máis eficientes estes servizos dende o privado que dende o público. ¿Onde están? Porque levamos ano e medio neste Parlamento e non nos mostraron ningún, e ¡mire que levamos preguntado por privatizacións, e mire que levamos debatido!, pero non os hai, porque non os teñen. Non o fan por unha cuestión de eficiencia, fano por unha cuestión ideolóxica.

Mire, dixo unha serie de cousas que ía facer a empresa nesta dirección que collera o servizo, pero é que iso xa se fai agora dende o público. ¿Ou está dicindo que a calidade dos nosos servizos de esterilización non é boa? ¿Ou está vostede dicindo aquí que non se fai o traballo que se ten que facer? Porque se é así, é moi grave, señora conselleira, e se non é así, ¿cal é o motivo desa privatización?

E di vostede que o control o vai facer preventiva, pero non respondeu á pregunta de que vai pasar con eses profesionais, señora conselleira. ¿Que vai pasar cos profesionais que agora mesmo traballan en esterilización? ¿Que vai pasar con aquelas e aqueles que teñen a súa praza nese servizo? ¿Vanos mover de servizo? Claro, é que efectivamente estarían vostedes ademais conculcando dereitos en materia laboral.

Referente ao laboratorio, señora conselleira, claro, ¿como se nos vai ocorrer investir no público para que esas probas se poidan facer nun hospital público? Claro, é que no CHUS ou no Chuvi non temos profesionais con suficientes coñecementos ou suficientes instalacións, ¿non? Iso é o que pensa vostede. Evidentemente, a min paréceme vergonzoso que vostedes, pola calada, saquen este concurso, que, por certo, é de 2012, a pesar de que o adxudican agora e cuns prezos de 2010. Xa nos explicará a que se deben eses prezos.

E prégoille, por favor, que non intoxique a opinión pública, porque mire, por moito que minta aquí, non vai ter máis razón. Sempre din que os equipos de calquera cousa nunca foron fabricados polo Servizo Galego de Saúde, pero non é ese o motivo polo que a interpelamos, señora conselleira, sábeo ben. O diálogo competitivo que vostedes sacaron non comporta a compra dos equipos, soamente que se podía facer porque xa o estaban a facer.

Eu non lle pido que saiba vostede de enxeñería, soamente que saiba levar unha consellería. Compete a xestión, o mantemento e a propia formación dos profesionais. Privatizan vostedes o servizo completo, completo, señora conselleira. Polo tanto, non veña aquí intoxicar a opinión pública nin mentir.

E, señora conselleira, ¿como se lle chama acceder ás nosas historias clínicas a unha empresa privada? ¿Non se chama privatización? Que unha empresa teña dereito aos nosos datos privados sanitarios, que ninguén lle deu consentimento para que foran cedidos, ¿non se chama privatización, señora conselleira? Debatémolo esta mañá, pero a vostede non lle interesaba, porque non estaba aquí no pleno. Que unha multinacional, que unha empresa, bueno, das características das que ten as nosas historias clínicas...,

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora Solla FERNÁNDEZ: ...teña acceso, cando ademais agora está participada por un fondo de capital-risco, a vostede débelle parecer súper normal, súper normal, é absolutamente normal.

Señora conselleira, non respostou que está pasando e por que están a realizar as privatizacións na xestión e no mantemento da maioría dos centros hospitalarios do Servizo Gale-

go de Saúde, privatizacións millonarias, señora conselleira, é unha auténtica vergoña. Ás empresas ás que llas están concedendo son empresas explotadoras e espoliadoras. Vostede debía ter a capacidade de xestionar dende o público o que os cidadáns lle poñen nas súas mans.

Di vostede que nós raíamos o absurdo, pero, señora conselleira, vostede non só raia, senón que sobrepasa a incompetencia. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a conselleira de Sanidade para pechar o debate.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Grazas, señora presidenta.

A verdade é que acusarme a min de vir aquí intoxicar, a verdade é que soa un pouco raro, porque de verdade que, se estamos a falar de intoxicar, creo que podemos facer case unha competición.

Señorías, miren, desde a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde non podemos ser máis claros nos nosos plantexamentos e nos nosos pronunciamentos. E se os confrontamos cos feitos e coa realidade, creo sinceramente que somos máis que consecuentes e que vostedes fan acusacións sen ningún tipo de fundamento. Traballamos na sanidade pública e pola sanidade pública, temos un bo sistema sanitario, pero non cremos que o inmovilismo sexa a mellor estratexia na súa defensa, hoxe e para o futuro.

Nós temos unha folla de ruta, coñecida e presentada publicamente, que é a Estratexia Sergas e o plan de prioridades. Nós cremos que o sistema sanitario se alimenta do coñecemento e mellora coa investigación e coa innovación. Nós sabemos que os profesionais do sistema sanitario se renovan, actualizan os seus coñecementos e a súa forma de traballar para adaptarse aos adiantos para os pacientes, para que estes se poidan beneficiar deles.

Temos o convencemento de que sen a súa implicación e compromiso non é posible modernizar o sistema e o seu funcionamento. E eu falo bastante con eles, señoría, falo bastante cos profesionais, todos os días falo cos profesionais, non necesito ir esta noite ás 8 da noite. E eles —os profesionais— son os que demandan os novos instrumentos, son os

profesionais os que realmente demandan novos instrumentos para poder participar, para poder organizar mellor o seu traballo. Son eles os que incorporan cambios permanentemente na organización, cambios que ás veces provocan resistencia noutros profesionais, ata que todos son capaces de ver as vantaxes destes cambios.

Desde o principio apostamos pola xestión integrada, e ¡mire que vostedes se opuxeron a ela! Penso que os resultados nos están a dar a razón, a pesar do seu discurso alarmista e catastrofista.

E tamén apostamos pola xestión clínica. O decreto que acabamos de publicar é un marco normativo claro e explícito para que poidan avanzar todos os profesionais neste sentido.

En Galicia impulsamos un modelo de xestión clínica desde o ámbito integramente público, respectando o marco estatutario dos profesionais e baseado na voluntariedade.

Tres elementos irrenunciabes, por moito que vostedes se empeñen en dicir que os borradores manexados, que cambiamos de decisión, que fomos cambiando. A verdade é que non, sempre, sempre dixemos o mesmo. Son vostedes os que terán que render contas dos seus cambios de criterio, da súa manifesta incoherencia ao respecto deste tema, con argumentos totalmente inverosímiles.

Están instalados nun discurso catastrofista e falto de argumentos, intentando amedrentar con anuncios de desmantelamento do sistema, de que pecharemos centros de saúde, PAC e incluso hospitais. Critican a xestión por prioridades, e algúns ata se opuxeron frontalmente ao catálogo de medicamentos. Acúsannos de privatizar, porque contratamos con empresas especializadas a alta tecnoloxía, o transporte sanitario, porque licitamos a construción de edificios ou de sistemas informáticos.

Desde logo, non hai ningunha empresa que teña ningún dereito sobre a historia clínica dos pacientes do Servizo Galego de Saúde, ningunha. A protección de datos está totalmente garantida no Servizo Galego de Saúde; pódollo garantir, señoría, porque eu son a responsable desa protección de datos, e polo tanto son a maior interesada nesa protección de datos *(Interrupcións.)*

Pretenden negar a realidade da existencia dun novo hospital en Vigo, cando todo o mundo o pode ver, e din que é privado e pequeno. Bueno, teñen que ir velo, porque ¡dicir que é pequeno o hospital...! Bueno, eu creo que todos os cidadáns de Vigo xa poden comprobar que desde logo nin é pequeno e desde logo que non é privado, vano poder comprobar en canto empece a funcionar e desde logo poidan disfrutar del cos mesmos profesionais que actualmente os atenden no Chuvi e no Meixoeiro. *(Aplausos.)*

¡Atraverse a dicir que dedicamos máis recursos ao sistema privado, aos concertos con entidades privadas!, cando a partida destinada a esta finalidade diminuíu un 11 %, señoría, diminuíu un 11 % desde o ano 2009.

En Galicia, somos a comunidade autónoma das que menos están gastando en colaboración público-privada; poden ver vostedes os estudos, somos a comunidade autónoma que menos. Claro, se meten no mesmo saco o pago de receitas, se meten no mesmo saco o pago da enerxía, se meten no mesmo saco o pago da auga e da luz, bueno, claro, así evidentemente podemos dedicar case todo; as próteses, como lle dixen antes, tamén as compramos a unha empresa privada, as gasas, as suturas, e todo o demais material sanitario; os medicamentos tamén, tamén os pagamos a empresas privadas, non os fabricamos dentro do Servizo Galego de Saúde.

Mire, realmente eu creo que estamos facendo unha xestión rigorosa e eficiente, e sempre que intentamos facer unha xestión rigorosa e eficiente, encontramos a mesma resposta nas súas señorías: que nada cambie, que todo siga igual, que nin sequera analicemos ou estudemos outras fórmulas para poder facer as cousas doutra maneira ou mellor. *(Interrupcións.)* A verdade é que a súa resistencia é francamente alarmante.

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña, faga o favor.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Sempre dixemos –e seguimos sostendo– que o noso sistema conta con grandísimos profesionais –non teño ningunha dúbida– e que proporciona un servizo de altísima calidade, a pesar do seu discurso catastrofista de que cada vez funciona peor e de que isto se vai ao tacho.

Pero tamén é certo, tamén creo que para que isto continúe sendo así, temos que evolucionar, temos que adaptarnos ás

necesidades da poboación, das persoas, e modernizarnos, si, señoría, e modernizarnos. Se queremos ter mellores resultados, non podemos seguir facendo as cousas da mesma maneira. A tecnoloxía evoluciona e permite facer cousas que antes eran impensables. A capacidade das máquinas require un volume mínimo –e estou falando xa de esterilización, de traballo–; se non, estamos sendo ineficientes, pois desperdiciamos moita da capacidade das máquinas; hoxe as máquinas permiten traballar moito máis coa mesma capacidade.

O transporte de material, que vostede dicía. O transporte de material xa se está facendo dunha maneira totalmente segura. E vostede falaba de instrumental dun só uso. Ese xa vén esterilizado das fábricas, señoría, e o transporte faise sen ningún tipo de risco e con total seguridade.

Tamén nos nosos servizos estamos a transportar o material esterilizado. Xa lle dixen outra vez: no CHUS, no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, esterilízase todo en Conxo, e trasládase o material para o Clínico sen ningún problema. No Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, esterilízase todo o material no Meixoeiro, e trasládase ao Xeral sen ningún problema.

Pero se non podemos innovar, se non estamos dispostos a facer ningún cambio...,

A señora PRESIDENTA: Remate, conselleira, moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Tal e como foi comunicado, substanciamos a continuación a seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego en materia de privatización da sanidade pública de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Prado para formular a súa pregunta.

A señora PRADO CORES: Boa tarde.

Señora Mosquera, acaba de dicir que vostede fala moito cos profesionais. Debería falar un pouco máis, pero con todos, non soamente cos que lle regalan a orella, cos que lle din o que vostede quere oír, con todos eses que a apoupan en Ourense, en Ferrol, cos que van saír dentro duns minutos á rúa, cos que están totalmente en contra das súas políticas de privatización. Debería falar con todos, non soamente co seu club de selectos escollidos, e ademais masculinos na súa maioría, ¡eh! Debería falar absolutamente con todos.

Mire, eu hoxe teño que volver repetirle aquí que a prioridade do Partido Popular, unha das máis importantes, é a privatización da sanidade pública galega, e para iso a teñen a vostede á fronte. Están actuando como auténticos liquidadores e exterminadores da sanidade pública do noso país.

Durante os últimos anos levan impulsando todo tipo de medidas que afondan nese desmantelamento, todo tipo de privatizacións, implantación de copagos, derivacións de accidentes menores cara á privada, taxas de reposición. Agora o grupo de *listillos* xa lle puxeron novos deberes: novos copagos e novos repagos en servizos públicos como sanidade. E estou convencida, para desgraza dos galegos e das galegas, de que vostede vai obedecer obedientemente sen cuestionar para nada o que lle din os que mandan realmente, os que mandan realmente.

A pesar da masiva contestación ás decisións que están levando por diante a sanidade pública galega, persisten no seu empeño privatizador. O nivel de conflitividade e deterioración que hai na sanidade cada vez vai en aumento. O pasado luns, os traballadores e traballadoras de Povisa iniciaban unha folga polo enésimo incumprimento da empresa con respecto aos dereitos laborais e a non aplicación de sentenzas xudiciais, folga que teñen aprazado porque a empresa está impedindo o lexítimo dereito a exercer o dereito á folga, e porque a Inspección de Traballo está mirando para outro lado, non está exercendo o seu dereito a velar por ese dereito, e vostede, como máxima responsable de sanidade, tamén está mirando para outro lado. Debería, unha vez máis, darlle vergonza, e a porta xiratoria, señora Mosquera, non debería darlle para tanto, debería polo menos manter as formas, e non as está a manter.

Podemos a isto engadir o Hospital do Meixoeiro caendo a cachos, o novo hospital privatizado de Vigo de novo apraza-

da a súa entrega, o 90 % dos facultativos do Hospital da Costa en contra das súas medidas, a ampliación do Hospital do Salnés sen data de inicio da súa ampliación; tomando decisións de costas, viradas totalmente aos profesionais, meténdolles navalladas continuamente, e a última foi a navallada da aprobación do Decreto de xestión clínica, cando teoricamente estaba negociando con eles e contra o ditame do Consello Consultivo, que vostedes coñecían e que era negativo.

Isto é realmente impresentable, vergoñento, o proceder en xeral do Goberno galego, e o seu en particular, señora Mosquera.

Por iso lle preguntamos: ¿ata onde están dispostos a chegar na privatización da sanidade pública galega, que se paga cos impostos...?

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Ten a palabra a conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):
Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señoría.

Bueno, creo que xa contestei en parte a súa pregunta na pregunta anterior, pero volverei repetirle.

Mire, sempre dixemos moi claro que o noso modelo para a sanidade é un modelo no que a prestación sanitaria asistencial quede dentro do ámbito do público. Afirmo unha vez máis: na nosa comunidade autónoma os servizos de asistencia sanitaria son e continuarán sendo prestados desde o ámbito público de xestión.

Iso si, nós cremos que o sistema debe adaptarse ás necesidades actuais da sociedade, ás características das persoas que atende, á súa forma de vivir, de enfermar, de comunicarse, e aproveitar os adiantos no coñecemento e tecnoloxías, sempre en beneficio dos pacientes e en beneficio do sistema como primeiro obxectivo.

Estamos convencidos –e asegúrolle que non somos os únicos, aínda que vostede pense que si– de que a organización e a xestión dos recursos pode mellorarse. Eu falo cos profesionais, e eles cren que se pode mellorar, e desde logo a xestión clínica é unha demanda dos profesionais, non lle caiba ningunha dúbida, hai moitas cartas dos profesionais que o din.

Os profesionais son conscientes, coñecen mellor que ningún a situación, e, como lle digo, reclaman desde hai tempo unha maior participación na toma de decisións, unha maior autonomía para organizar o seu traballo, porque teñen os coñecementos e a capacidade para facelo, e iso é a xestión clínica.

O funcionamento e variabilidade do sistema é responsabilidade de todos, e utilizar o servizo público máis valorado polos cidadáns como argumento de confrontación permanente creo que non é construtivo.

En Galicia –xa llo dixen tamén–, a pesar da diminución dos ingresos públicos, o Goberno demostra a súa aposta pola sanidade, dedicándolle o 14 % do orzamento da Xunta.

Apostamos pola estabilidade dos profesionais, e así estamos neste momento desenvolvendo unha OPE; xa sabe que os exames están plantexados para a primeira semana de abril, e ao longo do 2014 imos seguir desenvolvéndoas.

E, desde logo, seguimos traballando por mellorar a xestión, por mellorar a innovación, por modernizar as compras e polos contratos centralizados, que nos permite obter mellores prezos –e antes faleille dalgúns–.

Mire, estamos tamén apostando polos xenéricos, estamos apostando pola redución do gasto farmacéutico, estamos reducindo os gastos en concertos. Recórdolle que o ano 2013 respecto do ano 2009 se reduciu un 11 %, cando entre o 2005 e o 2009 aumentara un 44 %.

Bueno, que vostede me siga acusando de porta xiratoria...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, grazas, señora conselleira.

(A señora conselleira de Sanidade, Mosquera Álvarez, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Réplica. Señora Prado.

A señora PRADO CORES: Acúsoa de porta xiratoria, señora Mosquera, porque se non fora así, o que está pasando en Povisa ningunha persoa cun mínimo de decencia podería consentilo e vostede, como máximo responsable, non o podería permitir.

Mire, a cidadanía leva dicíndolle na rúa e en todos os foros que non está de acordo coas políticas privatizadoras do Partido Popular. Onte aquí tivo a oportunidade de escoitar representantes da cidadanía de Lugo dicirlle claramente que querían sanidade pública, que teñen dereito á sanidade, pero non á sanidade como algo abstracto –dixo literalmente o representante que veu defender a ILP–, senón á sanidade como algo concreto e como un dereito conquistado que non están dispostos a que vostede lles roube. Dixéronllo aquí, alto e claro.

E tamén lle dixeron que non se fían das súas palabras nin das do presidente do Goberno, que non se fían, que menten. Díxollo aquí a cidadanía, non llo está dicindo soamente o Bloque Nacionalista Galego. Dixéronllo aí, alto e claro.

E hoxe os profesionais da sanidade –como lle dixen hai un momento– van saír á rúa tamén porque non se fían, porque están vendo como desmantelan a sanidade pública deste país. Porque din unha cousa coa man dereita e coa esquerda estallle metendo navalladas, porque incumpren, porque non os reciben, porque non falan con eles. Podía seguir aquí enumerando mil razóns.

Mire, saen hoxe á rúa cunha cousa moi clara: sanidade pública sempre, non está en venda, deféndese, por unha sanidade pública universal, gratuíta e de calidade, pola cobertura de todas as ausencias e postos vacantes, pola retirada dos copagamentos, pola convocatoria de OPE para o cen por cen das prazas, pola paralización da privatización... Podo seguirlle dicindo o que todos os sindicatos da mesa sectorial –agás un– lle van dicir dentro dun momento na rúa, señora Mosquera.

Entón, desde o Bloque Nacionalista Galego o que lle pedimos é rectificación, paralice o proceso de privatización da sanidade pública galega. Non pode usar os recursos dos galegos e as galegas, que pagan cos seus impostos, na con-

sellería como se fora a súa finca particular. Non son os seus recursos, son os dos galegos e das galegas. E non llo imos permitir. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Prado.

Réplica. Conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Mire, señora Prado, levo moitos anos traballando por e para a sanidade pública, moitos anos, non me vai dar leccións nin vostede nin ningún de vostedes pola defensa da sanidade pública, porque levo moitos anos.

Pero é verdade que o Servizo Galego de Saúde é unha organización moi grande, cun número moi alto de traballadores e con centros de traballo moi distintos; isto, sumado a un labor asistencial que é prestar asistencia sanitaria segura, de calidade, para todos os galegos e galegas. Eu son a primeira que cre sinceramente que o sistema sanitario público de Galicia é dos cidadáns galegos, dos galegos e das galegas, de todos; eles son os propietarios do sistema; pero tamén é certo que creo que necesita e precisa cambios e que, desde logo, estes hai que facelos a pesar das resistencias que se poden crear e que sempre se crean resistencias ao cambio.

Por iso, non constitúe un obstáculo para mellorar a organización, para intentar cambiar aquilo que poida supoñer un mellor servizo, un mellor uso dos recursos. Creo que esa é a nosa responsabilidade: xestionar e responsabilizarse, xestionar e cambiar aquilo que realmente é necesario cambiar para mellorar as cousas.

O que non resulta admisible é que ante calquera proceso de licitación, incluso daqueles concursos que xa veñen desde hai moito tempo, como os helicópteros –falabamos antes–, como a enerxía, como calquera concurso que se faga no Servizo Galego de Saúde, a súa resposta é sempre a mesma: están privatizando. Sexa o que sexa, se sacamos un concurso centralizado de material, estamos a privatizar; se sacamos un sistema de arquivo, estamos a privatizar. Calquera cousa lles serve para acusarnos de privatizar, inda que o estean facendo noutras comunidades autónomas do signo político que sexa, aínda que estean todas as sociedades científicas e

todos os profesionais demandando isto. Desde logo, a verdade é que vostedes son auténticos personaxes dignos de incoherencia, demagogia, confusión... *(Murmurios.)* Realmente vostedes si que son os que están creando a confusión dentro do sistema... *(Murmurios.)* e creando que estamos desmantelando o sistema sanitario.

Mire, a importancia, o valor que o sistema sanitario ten para as persoas debe ser a nosa constante día a día, e pódolle garantir que así é. Para min segue sendo moi importante a xestión do sistema sanitario público e penso seguir defendéndoa desde a responsabilidade, desde a xestión rigorosa e desde a xestión eficiente e eficaz.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. José Ramón Val Alonso e D^a María Carmen Acuña do Campo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto das denuncias dos facultativos do Hospital da Costa referidas ás deficiencias sanitarias que padecen os cidadáns da Mariña lucense

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular esta pregunta ten a palabra o señor Val.

O señor VAL ALONSO: Grazas, presidente.

Señora conselleira, hai xa case dez meses que o Goberno galego, a través da Consellería que vostede dirixe, procedeu á integración da área sanitaria da Mariña lucense na estrutura organizativa de xestión integrada Lugo-Cervo-Monforte. Naquel momento esta medida foi proposta como a solución a todos os problemas sanitarios da Mariña, pero lamentablemente, dez meses despois, a todos os residentes desta comarca o único que nos trouxo esta medida foi unha peor calidade asistencial para os pacientes e unha enorme redución da autonomía de xestión do propio hospital. Todas as decisións son supervisadas polo xerente da EOXI de Lugo e, polo tanto, sempre se supeditan ás necesidades daquel centro. Non existe un orzamento específico, non hai capacidade de decisión sobre as substitucións, etc., etc.

Hai tan só uns días, nunha decisión que os honra, os propios profesionais facultativos do hospital veñen de poñer de manifesto todas as deficiencias a través dun comunicado que foi ratificado por 85 dos 97 galenos que traballan neste centro, é dicir, practicamente o 90 % da plantilla dos profesionais deste centro hospitalario.

Señora conselleira, isto xa non é cousa dos partidos da oposición, que nos dedicamos a xerar conflito, xa non é cousa dos sindicatos, nin tan sequera das plataformas en defensa da sanidade pública. Son os médicos os que, entre outras cousas, poñen de manifesto a deterioración dos equipos instrumentais, as deficiencias do servizo de mantemento dos aparellos electrónicos, a falla de previsión nas compras, etc., etc.

Señora conselleira, ¿sabe vostede que a unidade móbil de resonancia magnética reduciu a súa estancia de tres semanas ao mes a unha? E fundamentalmente debido a que antes esta unidade se pagaba a través do propio Hospital da Costa e agora se paga desde Lugo; polo tanto, tan só a contratan unha semana. Outra vez baixo a sospeita de que están fomentando a súa realización nos centros privados.

Señora conselleira, no Hospital da Costa, efectivamente, gañamos en prazas de aparcamento, pero cun pequeno custo: o aumento exponencial da lista de espera para realizar unha resonancia magnética. Na actualidade máis de 800 mariñáns están pendentes de realizar esta proba.

Pero, sobre todo, e o que é máis grave, a perda de especialistas que marcharon no concurso de traslados ou que se xubilaron forzosamente e que non foron cubertas nin de xeito continuo nin de xeito temporal.

Señora conselleira, os cidadáns da Mariña non queremos que se nos trate como cidadáns de segunda. ¿Que opinión lle merece ao Goberno galego que o 90 % dos facultativos do hospital poñan de manifesto as deficiencias que teñen que sufrir os cidadáns da Mariña lucense? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Val.

Resposta da conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor deputado.

É verdade, o día 5 de abril do ano 2013 –vai facer un ano, por tanto– publicamos o Decreto 55/2013, polo que se regulou a estrutura organizativa de xestión integrada da área de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos. Ao longo deste case un ano, a través da xestión integrada dos recursos, estamos a realizar moitas melloras nos servizos ofertados aos cidadáns da Mariña. Pero é verdade que moitos deles precisan tempo para consolidarse e que sexan capaces de evidenciar a súa bondade, non só os cidadáns senón tamén os profesionais. Voulle referir algúns dos máis destacados.

A principios do mes de outubro comezou a funcionar a Unidade de Hospitalización a Domicilio, inicialmente como proba piloto e para os concellos de Burela, Cervo e Xove. Progresivamente fómolo ampliando a todos os concellos da Mariña; a día de hoxe cobre xa toda a poboación vinculada co Hospital da Costa; e está atendendo unha media de entre 10 e 12 pacientes ao día de calquera dos concellos –como lle digo– que forman esta área sanitaria. Para a súa posta en marcha, foi necesario dotala de persoal –1 facultativo e 2 enfermeiras– e a habilitación de espazos que se reformaron e o material necesario para tal fin. Ademais, incorporamos un vehículo para atención domiciliaria.

Creo que quedou moi claro na entrevista que onte deu o responsable desta unidade das vantaxes que representa tanto para os pacientes como para os profesionais. Espero que os profesionais o perciban claramente dentro de pouco, porque esta unidade lles vai permitir dar a alta aos seus pacientes con total seguridade moito antes. Isto, sen dúbida, repercutirá na dispoñibilidade de máis camas dentro do propio hospital e así poder atender máis pacientes, un dos problemas que sempre reflectiron os profesionais deste centro, unha das demandas constantes dos profesionais deste centro. Tamén en próximas datas se incorporarán máis profesionais, máis persoal se é necesario, para atender máis pacientes.

Outra das áreas melloradas foi a área de endoscopias, que tamén era algo moi demandado polos profesionais da Mariña. Nesta área realizouse unha remodelación da área de endoscopia dixestiva, cunha remodelación das salas; a dotación de dúas torres de endoscopia dixestiva novas, unha delas con magnificación –a primeira que hai na EOXI de Lugo–; dotouse de dous monitores, de lavadoras, de gastro-

copios e de colonoscopios. Poñer en funcionamento esta sala permitiu dotar a sala de broncoscopia pneumolóxica e dun aparello só para a sala de endoscopia. Para isto foi necesario poñer unha...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, grazas, señora conselleira.

(A señora conselleira de Sanidade, Mosquera Álvarez, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Réplica. Señor Val.

O señor VAL ALONSO: Señora conselleira, vive vostede moi lonxe da realidade. ¿De que melloras me fala? Non contesta absolutamente nada do que eu lle preguntei. Vostedes levan anos enganando os cidadáns da Mariña, primeiro, coa ampliación do Hospital da Costa, prometida ata en seis ocasións distintas polo propio presidente; logo, coa creación das unidades de Oncoloxía e Cirurxía Vascular. De todo isto, nada de nada.

¿Vostede sabe realmente cal é a situación que viven os pacientes e os propios profesionais en Burela? ¿Vostede sabe que hai tan só quince días caeron preto de 50 metros do falso teito da área de Consultas Externas do Hospital da Costa? Afortunadamente ocorreu fóra de horario de consultas, se non non sei de que estaríamos falando hoxe.

¿Vostede é consciente da necesidade de espazo no hospital? O problema é xa acuciante, señora conselleira. Estase gañando espazo asistencial a custa dos pacientes, reducindo espazo de pasillos e de salas de espera.

¿Vostede é consciente de que hai consultas —como a de Medicina Preventiva— que se pasa en barracóns, en casetas de obra, que están situadas no aparcadoiro do hospital?

¿Vostede sabe que os internos que teñen que facer unha resonancia son recollidos na porta de urxencias por unha ambulancia, percorren 50 metros na ambulancia, fan a resonancia e logo volven outra vez na ambulancia á porta de urxencias?

Vostede fárame de habilitar novas camas. Hoxe mesmo os sindicatos acaban de denunciar que van vostedes pechar en verán unha planta enteira, que afecta Uroloxía, Trauma e

Oftalmoloxía, e todo para non cubrir as vacacións. ¿Vostede considera todo iso normal, señora conselleira?

Os cidadáns da Mariña entendemos por normalidade algo completamente distinto ao que está acontecendo. Se o seu plan e o do señor Feijóo, señora conselleira, é desmantelar a sanidade pública para favorecer as clínicas privadas dos seus amigos, díganolo claramente.

Hoxe os pacientes viaxan cada vez máis, obrígaselles a desprazarse máis de 200 quilómetros para realizar probas diagnósticas ou someterse a intervencións cirúrxicas que se viñan realizando en Burela, co agravante de ser penalizados, pasando a formar parte dunha lista de espera non estrutural, é dicir, ao final da lista, se rexeitan a asistencia noutro centro lonxe da súa residencia e sempre na sanidade privada.

Señora conselleira, deixen de enganar...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Val, grazas, señor Val.

(O señor Val Alonso pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Réplica. Señora conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Mire, deixen de enganar os cidadáns vostedes. Levan dicindo que iamos desmantelar o Hospital da Mariña, que o iamos pechar, que o de Monforte tamén o iamos pechar, que iamos acabar cos hospitais. O hospital está aí, do hospital vaise licitar a ampliación... *(Murmurios.)* en datas breves. E, desde logo, imos poñer Oncoloxía, porque así nos comprometemos.

Mire, a realidade é que hoxe o Hospital da Mariña ofrece aos cidadáns servizos que hai pouco non tiña e que seguirá habendo novas neste sentido. A máis inmediata, como lle digo, refírese aos tratamentos de oncoloxía; porem os tratamentos de oncoloxía na Mariña, non teña vostede ningunha dúbida.

Respecto á lista de espera, a lista de espera diminuíu, señoría. A 31 de decembro do ano 2013 había 58 pacientes

menos, un 7 % menos de pacientes en lista de espera cirúrxica, e 364, un 8,8 % menos, en consultas externas; e esperan un día e medio menos para cirurxía e cinco días menos para consulta. Isto é a realidade, por moito que vostede non o queira recoñecer.

Temos tamén o compromiso —e cumpríremolo— de licitar o proxecto de execución de ampliación do Hospital da Costa.

E, en definitiva, a pesar das dificultades económicas, seguimos mellorando.

Quérolle dicir tamén que melloramos o Servizo de Oftalmoloxía, dotámolo dun profesional máis, e, ademais diso, cambiamos o responsable do Servizo de Oftalmoloxía.

Neste momento está traballando con Atención Primaria no programa de retinografías. Isto aporta vantaxes aos pacientes, que non se van ter que trasladar ao hospital e que ademais vai mellorar o seu control de patoloxía retiniana, e ademais tamén van mellorar as consultas dentro do hospital, porque vai diminuír a presión dentro do propio hospital.

Melloramos o Servizo de Urgencias. Dotámolo de triaxe Manchester, que non o tiña. Independizamos a Urgencia e o PAC, melloramos a zona de persoal de Urgencias, e realizamos o cableado da informática. Isto permite mellorar a triaxe e —como digo— tratar os pacientes segundo a súa prioridade, e para isto, no Servizo de Urgencias, dotamos de tres prazas novas de enfermería.

Non están a diminuír os profesionais no Hospital da Mariña, por moito que vostedes sigan dicindo que si. Non é verdade, non están a diminuír.

Desde logo, cremos que os profesionais da Mariña necesitan e precisan unha ampliación do hospital, que nos comprometemos evidentemente a facer, pero, mentres, imos seguir traballando cos profesionais da Mariña para mellorar a calidade da asistencia. Non teña vostede ningunha dúbida.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Logo de falar cos interesados, substanciamos agora a seguinte pregunta.

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e dous deputados máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da solitude ao Goberno central da modificación da normativa tributaria co fin de garantir que as variacións patrimoniais derivadas da dación en pago da vivenda habitual queden exentas de tributación

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Só unha pequena porcentaxe das dacións en pago non pagarán a Facenda, xa que os requisitos para non tributar polas plusvalías xeradas son demasiado extremos. Isto supón un problema gravísimo para miles des persoas que por definición están a pasar un duro trance, que é nada máis e nada menos que perder a súa vivenda.

Unha vez que parece que estas persoas comezan a levantar cabeza, chégalles, moitas veces inesperadamente, un golpe que é o que significa tributar miles de euros por unha plusvalía que en realidade non obtiveron. O que era unha medida para axudar as persoas acaba sendo un negocio para Facenda. O Real decreto lei de medidas urxentes para a protección dos debedores hipotecarios adopta medidas de exención da tributación, pero só afecta unha pequena parte dos que entregaron a súa vivenda mediante a dación en pago, exencións do imposto municipal e do IRPF, pero sempre que concorran estes supostos.

Primeiro, que todos os membros da unidade familiar e os posibles avalistas, no seu caso, carezan de rendas de traballo ou actividades económicas. Que a cota hipotecaria supere o 60 % dos ingresos netos da unidade familiar e dos avalistas no seu caso. Que a unidade familiar careza doutros bens e dereitos para facer fronte á débeda. E que a vivenda sexa a única e o préstamo concedido para a súa adquisición. Ademais disto, o valor da vivenda non debe de exceder unha determinada cantidade, en funcións dos habitantes do concello. Só cumprindo todos estes requisitos poderán ter exencións.

Ademais, a ganancia patrimonial depende da diferenza entre o valor de adquisición e a débeda acumulada, que inclúe

—porque o inclúen os bancos— os intereses de demora e as custas de execución. Son estes dous conceptos os que xeran a plusvalía. Para quedar exento, hai que estar practicamente na indixencia.

Despois de máis dun ano da aplicación do real decreto lei, e vendo as pequenas porcentaxes de exencións que están agora agromando, xa que están agromando agora as notificacións a persoas que se atopan con este gran problema, que é o que supón para unhas persoas que xa por definición están nunha situación dificilísima, económica e vitalmente, se a intención destas medidas, señoras conselleira, era evitar o sufrimento, cómpre modificalo, para que se acade o obxectivo que seica se pretendía conseguir.

Segundo nós, debería de procederse á modificación do artigo 10 do Real decreto lei 6/2012, que é o que regula a exención do IRPF da avaliación patrimonial e dación en pago, dando nova redacción á disposición adicional 36 da Lei 35/2006, do IRPF, de xeito que a exención de dación en pago non quede condicionada ao cumprimento dos requisitos que antes mencionei.

É por iso que presentamos esta pregunta, para coñecer se a Xunta de Galicia vai instar o Goberno do Estado a facer estes cambios que cremos que son xustos e necesarios.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Sánchez.

Resposta da conselleira de Facenda.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz): Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

O artigo 33 da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas somete a tributación as ganancias patrimoniais que sexan consecuencia das variacións do valor do patrimonio do contribuínte e se poñan de manifesto con ocasión de calquera alteración na súa composición. Neste caso, a dación en pago equipárase a unha especie de compravenda na que o prezo de transmisión do ben coincide co importe da débeda que

queda cancelada con ocasión da entrega do inmovible. Polo tanto, estas operacións están gravadas polo imposto sobre a renda das persoas físicas, pola diferenza que existe entre o prezo de transmisión, que é o importe da débeda, e o prezo de adquisición.

O Goberno do Estado, á vista da difícil situación económica que estaban atravesando determinadas persoas á hora de afrontar o pagamento das súas débedas co banco, e á vista tamén da imposibilidade de saldar as ditas débedas coa mera entrega do ben que operaba como garantía do crédito, sen que existira acordo entre as dúas partes, aprobou o Real decreto lei 6/2012, polo que se adoptaban medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos.

A dita norma establece, en primeiro lugar, a obriga, que antes non existía, para os bancos de aceptar a dación en pago, de cancelar totalmente a débeda garantida con hipoteca coa entrega do ben e as responsabilidades persoais do debedor.

Ademais, tamén establece unha modificación da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, para declarar exentas as ganancias patrimoniais derivadas destas operacións. E neste caso así o regula o real decreto, que está adaptado a aquelas persoas que están nunha situación de albor de exclusión social.

Polo tanto, as persoas que se atopan nunha situación de especial vulnerabilidade atópanse tamén exentas do pago do IRPF, e son para as que se permite a dación en pago, con obrigatoriedade do banco de aceptar esa dación en pago.

Polo tanto, arbitrouse unha forma máis adecuada de saldar a débeda a esa situación extraordinaria, coa entidade financeira, e excepcional de tributación. Polo tanto, todas as persoas que cancelen a súa débeda amparándose no establecido no decreto lei non deben de tributar por esa ganancia patrimonial. Outra cousa son aquelas persoas nas que a dación en pago se produce fóra do ámbito do real decreto lei, e que polo tanto non son beneficiarias da exención do IRPF.

En todo caso, tamén a normativa tributaria ten fórmulas para facilitar o pagamento no caso de que o contribuínte teña especiais dificultades económicas, en concreto coa posibilidade de conceder aprazamentos ou fraccionamentos de pago

da débeda tributaria, que, nos casos de débedas que sexan inferiores a 18.000 euros, o poderán facer sen aportar ningún tipo de garantía.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Réplica. Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si. Asistimos a un diálogo de besugos: o que vostede explicou é o que eu expliquei, que é o proceso polo cal se procede á tributación. Eu o que lle estou preguntando é se vostede, ante os datos –exiguos– de xente que pode acceder á exención, mínimos, segundo os datos que nos pasan as plataformas de afectados, pois se vostede cre que hai que modificar as condicións para cumprir co obxectivo que vostede di que se perseguía, que é liberar estas persoas dunha carga que as imposibilite seguir vivindo.

Entón, a iso vostede non me contestou; contestoume por pasiva, é dicir, que non van modificar nada.

E repítolle outra vez os requisitos que hai que cumprir. Hai que estar case na indixencia. Eu creo que calquera persoa que entregue a súa única vivenda, señora conselleira, atópase nunha situación dificilísima; se aínda por riba lle chega unha tributación por exemplo de 10.000 euros, como están chegando, pois iso supón un duro golpe que se pretendía disque evitar e supón un negocio para Facenda. E supón, considera que hai unha plusvalía que non existe, señora conselleira, non existe. Que todos os membros da unidade familiar e os posibles avalistas, no seu caso, carezan de rendas de traballo ou actividades económicas, que a cota hipotecaria supere o 60 % dos ingresos netos da unidade familiar, que a unidade familiar careza doutros bens e dereitos para facer fronte á débeda.

Estes requisitos cúmprense unha exigua parte das persoas que proceden á dación en pago. O que queremos saber é se vostedes van tomar medidas para que isto non aconteza. Contrasta isto coa xenerosidade que mostran vostedes cos bancos, ou co rescate das autoestradas, señora conselleira. Aí si que son vostedes xenerosos co diñeiro público, e nós cremos que neste caso o que significa para Facenda a recadación de

máis de 70 millóns de euros que vai recadar de persoas que están nunha situación dificilísima parécenos unha grave inxustiza, que nós cremos que vostedes deberían de cooperar para subsanar.

Vemos que a súa política...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Sánchez.

(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Réplica. Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz): Moitas grazas, presidente.

As persoas que están en situación de especial vulnerabilidade, as persoas que están no umbral de exclusión social e polo tanto que se considera que están nunha situación especial, están exentas de pagar o imposto sobre a renda das persoas físicas pola ganancia patrimonial que lles supón a entrega do seu ben, dación en pago, que se permite de forma obrigatoria para os bancos no caso que regula o real decreto lei, é dicir, no caso desas persoas que se atopan nunha situación especial.

En calquera caso, falamos coa Axencia Tributaria estatal, e confirmounos que non se trata dunha situación xeral, senón que se está ante casos illados nos que non se cumpre o requisito para aplicar esta exención.

Pero si que estamos preocupados pola situación destas persoas. Dende logo, dende a Xunta de Galicia, e no marco das nosas competencias, si que estamos moi preocupados, e de feito tomamos unha serie de medidas para atender a situación destas persoas.

En concreto, Galicia foi unha das comunidades autónomas que, no ámbito das súas competencias, respondeu con máis axilidade a esta problemática, adoptando na nova Lei de vivenda medidas complementarias ás estatais para tratar de contribuír a paliar os efectos daquelas persoas que perden a súa vivenda, recollendo na lei as vivendas de inserción ou asistenciais, establecendo a posibilidade de aprazar ou frac-

cionar o pagamento das vivendas no caso de imposibilidade acreditada de facerlles fronte ás cantidades debidas por unha situación transitoria de precariedade económica, posibilitando a adquisición desas vivendas de promoción privada con protección autonómica por parte de entidades financeiras, mentres que ata o de agora, ata ese momento, os propietarios das vivendas protexidas só podían ser persoas físicas, e polo tanto non se podía dar a dación en pago no caso de vivendas protexidas –coa Lei de vivenda permitimos que esa dación en pagamento estea posibilitada *de facto*–.

E tamén articulando diversos programas, entre os que se atopa o programa de realoxamento de afectados por execucións hipotecarias, no que se prevé o realoxamento en vivendas de promoción pública de ata cincocentas familias, e que contempla que, no caso de non dispoñer de vivendas axeitadas, se poderá recorrer ás dispoñibles en calquera alugueiro dentro do noso programa Aluga.

Tamén firmando un convenio a Xunta de Galicia co Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fegamp, asinado a principios do mes de abril do 2013, que permitirá aos servizos sociais autonómicos e municipais actuar con anticipación ante os desafuzamentos máis vulnerables, a través do programa Reconduce.

É dicir, unha serie de medidas que artellamos para atender as necesidades das persoas que se atopan nunha situación especial por causa da súa vivenda.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Substanciamos agora, e logo tamén do acordo dos interesados, a seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Yolanda Díaz Pérez e D^a Eva Solla Fernández, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia tendentes a garantir a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Cando queira, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

No terceiro trimestre de 2013, en Galiza producíronse 1.552 delitos de agresión machista en mulleres, co resultado dun homicidio e mil lesións graves ou moi graves. Nas primeiras semanas de 2014, sete mulleres morreron a mans de homes en soamente catro días, sen contar as prostitutas que son agredidas, porque o Partido Popular non considera a agresión a prostitutas como agresión machista.

Se ETA matara persoas no número que os home matan mulleres por violencia machista, habería medidas de seguridade sen importar a crise, pero mentres morren mulleres por violencia machista, parece que aquí non estamos dispostos a poñer nin un euro.

As axudas á independencia económica fundamental para que as mulleres poidan saír do círculo da violencia e abandonar e marchar da casa do maltratador require unha seguridade económica, pois as axudas á independencia económica deixan fóra a 7 mulleres de cada 10, só 3 mulleres son capaces de recibir ou chegan a recibir esa axuda económica.

No Plan estratéxico de igualdade de oportunidades do Estado dedícanse 700 millóns de euros contra a violencia machista, pero unha das medidas é para a busca de emprego na Rede de Empresas por unha Sociedade Libre de Violencia Machista, e as empresas son Alcampo, Citroën, Corte Inglés, Carrefour...; é dicir, empresas con represión sindical, salarios de miseria, horarios incompatibles coa conciliación laboral e familiar, que tamén son, evidentemente, medidas de agresión e de violencia de xénero.

Pero tamén é importantísimo por onde se debería de empezar, que é pola educación. No ensino é fundamental a educación para poder acabar con esta lacra, e o Partido Popular elimina Educación para a Cidadanía e segrega na educación por xéneros. Sen embargo, é un dos ámbitos onde se necesita máis formación e sensibilización.

Máis do 20 % dos adolescentes do Estado manifestan algún tipo de xustificación á violencia machista. O 16 % dos mozos di que é correcto pegarlle a alguén que te ofende, o 11 % din que as agresións machistas se producen dentro da casa e que, polo tanto, é un asunto familiar. O 12 % dos adolescentes considera que é correcto ameazar os demais para

que se saiba quen manda. O 11,52 % cre que os homes non deben chorar. O 4 % cre xustificado que un home agrida unha muller ou unha moza cando ela decide deixalo. O 6 % cre que as mulleres agredidas polo seu marido é porque fixeron algo para provocalo. E o 9 % dos mozos e o 5 % das mozas cre que...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Martínez. *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Martínez, supoño que nada do que lle vaia dicir eu lle vai servir para nada, non a vai convencer, porque vostede ten ese esquema –que eu entendín así claramente e, se non é así, gustárame que mo aclarase, pero seguro que o entende por desgraza– de que, como somos do PP, non temos absolutamente ningunha preocupación pola violencia machista. No fondo entendínlle –espero que non fora así– que as mortes pola violencia de xénero nos importan pouco; polo menos que nos importan moito menos que outras mortes. E, polo tanto, ante calquera cousa que lle diga, no seu esquema mental –e lamento que sexa así, láméntoo sinceramente– non ten cabida nada do que nós poidamos falar. Vostede ten sempre a verdade absoluta, tamén nun tema coma este. Neste non a ten en absoluto, e se cre que vostede se preocupa e nós non, equivócase completamente. *(Aplausos.)*

Mire, este é un problema que nos afecta a todos e nos preocupa a todos. Síntoo, non ten vostede a exclusiva desa preocupación. E como nos afecta a todos e nos preocupa a todos, levamos moito tempo todos os gobernos, e dende logo este tamén, facendo todo o posible para erradicalo. Que non é só cousa de que actúe a Administración, a Administración claro que ten unha responsabilidade, claro que ten que facer un montón de cousas. Pero vostede mesma o dicía: é un problema de concienciación, é un problema de educación, é un problema de cambiar esquemas. E dígollo sinceramente, escoitándoa a vostede, dubido de que moita xente que teña esquemas equivocados sexa capaz de cambialos; porque, como todo o mundo está encasillado, non hai nada que facer.

Afortunadamente non é así, e seguimos facendo esforzos, recollendo outros esforzos que fixeron outros antes. E xa que me pregunta vostede na súa pregunta –que supoño que se acordará do que me preguntaba– qué medidas con créditos orzamentarios está facendo a Xunta de Galicia, pois, mire, podo dicir que este ano –e mañá, por certo, o Consello da Xunta de Galicia autorizará o compromiso anual para as axudas a mulleres que sofren violencia de xénero– 50.000 euros máis iniciais. Por certo, hai que dicir que ningunha muller o ano pasado, das que cumprían os requisitos para ter unha axuda, para poder fuxir do seu maltratador e ter unha oportunidade, quedou sen esa axuda; 358 mulleres beneficiarias.

Este ano entra en funcionamento cun esforzo orzamentario importante, por fin, é verdade –pero este “por fin” vén dende o ano 2006, e o Goberno bipartito anunciouno no ano 2008–, o Centro de Recuperación Integral en Santiago. Os centros de información á muller –aos que supoño que vostede lles concederá algunha utilidade– aumentan o seu crédito orzamentario en 2014 nun 5 %. E algo que é máis importante: pasouse de atender 120 concellos no ano 2012 a 200 concellos no ano 2013. E este ano, a base de pedir que se agrupen e pedir que aúnen esforzos, esperamos que aínda aumente máis o número de concellos e, polo tanto, a ratio de poboación atendida.

No programa “Abramos o círculo”, dirixido aos agresores para reeducalos –porque, efectivamente, necesitan reeducación, claro que a necesitan–, pois, mire, en 2013 aumentou un 46 % o seu número de participantes, de 54 homes no ano 2012 a 79 no ano 2013.

Non teño máis tempo, despois na réplica, se quere, pódolle seguir explicando medidas do que estamos facendo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Para empezar, xa o demostrando nun tema tan importante se corta o micro. Esa é a importancia que lle dá o Partido Popular á violencia machista. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu non teño a verdade absoluta, nin eu nin ninguén, pero o que si se ve é que vostedes non fan o suficiente e que, se as agresións foran políticas a membros do Partido Popular, os coches blindados e a seguridade estaría desde logo moito máis..., habería moito máis esforzo.

Fala vostede dos esforzos que se están facendo, do centro de atención integral de día —*¡qué bien! Se acabó, eso es un gran logro*— e de 50.000 euros máis. Se 7 de cada 10 mulleres —e eu xa oín as organizacións feministas— non reciben a axuda económica para poder independizarse do maltratador, 50.000 euros tampouco é que sexa un esforzo extraordinario.

A vivenda. A esas mulleres ¿que opción de vivenda lles dan para elas e os seus fillos cando deixan o maltratador? ¿Que vaian a onde? ¿A unha casa de acollida? ¿Que atención lles prestan vostedes aos nenos fillos dos maltratadores? ¿Que atención teñen os nenos cuxo pai mata a súa nai? Iso vai quedar aí para o futuro e está totalmente desatendido.

Abramos o círculo, reeducación para os homes. Moi ben. Pero ¿as mulleres? Eu preguntolle polas mulleres. A min paréceme moi ben o programa para os homes, pero preguntolle cal é o futuro desas mulleres e deses nenos. ¿Que políticas van implantar para protexer esas mulleres e eses nenos para que teñan para comer, para que teñan unha vivenda, para que poidan independizarse do seu maltratador? ¿Cantas medidas van tomar para protexelas, para que non as maten unha vez separadas? Porque o estamos vendo todos os días. Eu pídlle, por favor, que non frivolicie con propaganda neste tema, non frivolicie, porque o tema é moi serio, e que me diga medidas concretas, se é que pensan tomar algunha para protexer realmente...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Martínez. (*A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Réplica, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):

Señora Martínez, que vostede me diga que nós frivlizamos con este tema, coas barbaridades que dixo na súa primeira e na segunda intervención... A última, a do coche blindado. Por certo, non os temos. Atopámoslos, pero nós non usamos

coches blindados. Non lle queda claro nin iso. ¡Ata ese tema é capaz de utilizalo para falar deste tema!

Vostede ¿dáse conta de que quen nos escoite —supoño que alguén nos estará escoitando—, véndoa a vostede negar que se fai absolutamente nada, véndoa a vostede dicir que este tema non nos importa absolutamente nada porque somos do PP, non vai crer que este é un tema que nos corresponde a todos erradicalo? ¿Cre que vai pensar que é un tema da sociedade, como é, e non é un tema para que un partido político como o seu intente desgastar a outro partido político como o noso no que nos debe de unir a todos? (*Aplausos.*) ¿Cre que este é o camiño?

Alá vostedes, danlles igual os datos. Eu vólvolle dicir qué medidas con crédito orzamentario estamos adoptando. Xa lle dixen unhas cantas na primeira intervención, e teñen un resultado. Porque encima vostede, ou o que lle fixera a pregunta, terxiversa os datos. Porque me fala de renuncias e denuncias. Mire, por darlle algún dato... —se é que lle valen de algo, por falar obxectivamente; eu quero intentalo realmente, quero intentalo pero é moi difícil polos plantexamentos que vexo en vostede neste tema e noutros, pero agora estamos falando disto—. Mire, hai dez anos, no ano 2004, a porcentaxe de retirada de denuncias por parte de mulleres que a presentaran previamente contra o seu maltratador era o 14 % das mulleres, que denunciaban e retiraban posteriormente a súa denuncia. E non é un bo dato nin é unha boa porcentaxe, dende logo. Ano 2007, ano de entrada en vigor da Lei galega da violencia: 7,4 % das mulleres. Baixou a porcentaxe, afortunadamente. Ano 2008, cando os orzamentos da Xunta de Galicia medraban e se supuña que tiñan que medrar neste tema moitísimo máis, e que se consideraban prioritarios: pois, mire por onde, aumenta a porcentaxe, 8,5 % de retirada de denuncias fronte ás denuncias presentadas. Ano 2013: volveu baixar, o 6,46 % de denuncias que se retiran. Supoño que isto responde a moitas cousas. O primeiro mérito é das mulleres, que se dan conta de que, pese ás dificultades, é bo manter esas denuncias, é bo non retiralas. Porque a partir de aí se poden facer moitas máis cousas.

Mire, eu alégrome de dicir que estamos seis puntos por debaixo na porcentaxe de retirada de denuncias respecto da media do Estado, e alégrome de dicilo. Eu creo que hai que dicilo porque isto tamén explica que as cousas se están

facendo ben e que vai cambiando a mentalidade, empezan- do pola das mulleres que sofren violencia de xénero.

E, por suposto, non lle caiba ningunha dúbida de que axuda- remos a aqueles fillos de mulleres asasinadas, vítimas de violencia de xénero, claro que imos axudar. ¿Pero en que cabeza cabe pensar que non se pode facer? Oia, o Centro de Recuperación Integral é que ten un sistema de funcionamen- to, é que funciona con esas horas. Por certo, vólvolle dicir que, se tan importante era, ¿por que o anuncian no ano 2006, din que vai estar no ano 2008 e temos que ser nós –despois, por certo, de conseguir a cesión do edificio no ano 2011– os que o poñamos en marcha? Se tan importante era, se son...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor vice- presidente. *(O señor vicepresidente e conselleiro de Presi- dencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rueda Valen- zuela, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Se son dous segundos e dado o tema... *(Murmurios.)* Dous segundos, dous segundos.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...non imos a ningunha parte.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor vice- presidente.

Retomamos a orde da orde do día porque foi cambiando moito e agora volvemos á orde normal, ímola seguir.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis depu- tados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego en relación coa redución nun 30 % en Galicia, no ano 2013, do número de traballadores afecta- dos por un expediente de regulación de emprego

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a mesma ten a palabra o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Resulta unha obviedade afir- mar que nos atopamos nunha situación de grave crise eco- nómica dende hai sete anos. Tamén é obvio apuntar que

Galicia se atopa nunha situación comparativamente mellor que hai sete anos e nunha situación comparativamente mellor que a media de España, algo que semella molestar á oposición, tal e como se demostra pleno tras pleno. E tamén é unha obviedade sinalar que, ao longo dos últimos meses e das últimas semanas, se están a coñecer indicadores positi- vos que confirman que este ano 2014 vai ser o ano do fin da recesión, o ano do crecemento e o ano da recuperación eco- nómica, e que Galicia está á cabeza desa recuperación no conxunto de España.

Xa sei que a algúns lles molesta, porque é tamén a fin do seu discurso, dese discurso agoireiro, populista e catastrofista, que tamén chega á súa fin. Tamén lles incomoda que sexan os gobernos do Partido Popular os que aporten solucións a esa crise que creou, por certo, o Partido Socialista. Tamén lles molesta que sexa este goberno o que conseguiu o con- trato dos froteis, eses contratos que se encargaron de negar ao longo do último ano e que, por fin, son unha realidade. Uns barcos que chamaban *barquitos chiquititos*. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Pois aí están, e son a solución para o noso sector naval.

A internacionalización da economía está a ser a panca de cambio da situación da nosa economía. E nós podemos dicir con orgullo, dende este Grupo Parlamentario Popular, que o anterior conselleiro de Economía, membro deste grupo, Javier Guerra, foi quen impulsou decididamente dende o ano 2009 ese proceso, esa estratexia de internacionalización da economía galega; unha estratexia que continúa impulsando o actual equipo que dirixe Francisco Conde con éxito demostrado. Aí están os froteis e aí están as cifras de expor- tación das empresas galegas.

Por primeira vez, dende o inicio da crise, traballamos xa coa previsión de que en 2014 vai crecer o PIB de Galicia. A pre- visión do Goberno que recollían os orzamentos da Xunta de Galicia, dun 0,9 %, agora xa foi superada por analistas eco- nómicos que apuntan que ese crecemento se situará no 1,3 %. E en 2013 as nosas empresas acadaron un récord his- tórico de exportacións. O número de empresas que se dedi- caron á exportación superou as 6.000. As exportacións supo-

ñen, por tanto, unha porcentaxe cada vez máis importante do PIB galego.

Nesa aposta pola internacionalización da economía de Galicia inscríbese a viaxe que o pasado 14 de marzo realizaban a México e a Panamá o presidente da Xunta de Galicia e o conselleiro de Economía e Industria, accións comerciais que permiten abrir a nosa economía para beneficiar os nosos sectores produtivos.

Por todo iso solicitamos que hoxe comparecera o conselleiro de Economía e Industria para dar conta dos obxectivos desa viaxe e para coñecer a avaliación que realiza o Goberno da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Tellado.

Resposta do conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, agradézolle esta pregunta pola oportunidade do momento e tamén pola importancia da propia actuación que, efectivamente, levou a unha misión comercial tanto a México como a Panamá.

Dende logo, dende o Goberno estamos convencidos de que o retorno á senda do crecemento pasa, sen lugar a dúbidas, polo pulo das exportacións, polo incremento do investimento estranxeiro; en definitiva, pola posición das nosas empresas na economía global no contexto internacional. E nese sentido estamos a traballar con planificación dende o primeiro momento, tendo en conta varias variables.

En primeiro lugar, nos vindeiros dez anos, o 90 % da demanda mundial procederá de países de fóra da Unión Europea, e polo tanto esa demanda require unha maior diversificación dende o punto de vista da presenza das nosas empresas no eido internacional. E tamén, no caso de Iberoamérica, a capacidade de crecemento, a cercanía lingüística, cultural, social e histórica, levou a que dende o primeiro momento tamén Iberoamérica fose, e segue sendo, un territorio prioritario dentro da internacionalización da nosa economía.

Polo tanto, ese é o contexto no que se encadra esta viaxe, que tiña como obxectivo prioritario reforzar as relacións económicas, comerciais e de investimento entre Galicia, México e Panamá. Iso por varios motivos. En primeiro lugar, estes dous países son o destino nestes momentos do 23 % das 240 empresas que nestes momentos están participando no programa Primex, de primeira implantación en terceiros países. É dicir o 23 % das empresas que están colaborando, e están incrementando a súa presenza no exterior, teñen como destino México e Panamá. Ademais, as exportacións galegas nestes mercados están crescendo ininterrompidamente dende o ano 2010. Panamá, medrando un 47 %; México, duplicando as súas exportacións. Ese foi un segundo motivo.

E un terceiro motivo é loxicamente o incremento de captación de capitais, notablemente no caso de México, que no ano 2013 marcou o récord histórico, triplicando o rexistro do ano anterior.

Nese sentido encádrase esta viaxe, tanto a México como a Panamá, nos que loxicamente, nos dous casos, houbo unha presenza con reunións institucionais, con reunións con diferentes empresarios, tanto locais como galegos. E nese sentido dende o Goberno seguimos a impulsar unha presenza continuada da nosa economía no exterior, acompañando ás empresas neste esforzo de internacionalización.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Para o Grupo Parlamentario Popular resulta fundamental que se manteñan as xestións para conseguir sacar a máxima rendibilidade do acordo estratéxico con Pemex. Polo de agora, malia que a oposición se ría, a verdade é que ese acordo xa supón 600 millóns de euros de investimento nos estaleiros galegos, eses que tanto lles preocupaban cando non tiñan traballo –por culpa, por certo, do Partido Socialista– e que agora obvian a realidade e prefiren non falar dela.

E por iso, señor conselleiro, queremos apremar o Goberno galego a que siga traballando nesas posibilidades de negocio para o naval galego, e tamén no aproveitamento das posibilidades que a apertura do canal de Panamá pode supoñer para os portos galegos no que se refire a novos tráficos e novas oportunidades.

Pero, señor conselleiro, non agarde felicitación ningunha dos grupos da oposición, desta oposición que está instalada nesa estratexia de canto peor, mellor; non agarde ningunha felicitación porque lle fan oposición non só ao Goberno galego, senón tamén a Galicia. E se non queren falar da viaxe a México e da viaxe a Panamá é porque é unha boa noticia, porque o normal sería que a oposición quixera saber para que van servir esas xestións realizadas. É verdade que outros optan polo aislacionismo soberanista, e este goberno, este partido, optan pola internacionalización da nosa economía. Señor conselleiro, ten vostede e o seu equipo o respaldo deste grupo parlamentario e o recoñecemento polo labor realizado neste proceso de apertura da nosa economía.

Son as empresas galegas, esas que tamén se critican dende a oposición, as que van crear emprego que nos permita saír desta situación de crise, e correspóndelle á Administración, ao Goberno galego, acompañar as nosas empresas na difícil tarefa da apertura ao comercio exterior. Algúns non están dispostos a celebrar as boas noticias. Nós hoxe queremos instar a súa consellería a seguir traballando na mesma dirección.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Tella-do.

Réplica, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, agradézolle esta reflexión, esta aposta pola internacionalización, que loxicamente é coincidente co posicionamento do Goberno, porque na economía actual se exige competir nos mercados globais. E nese sentido todos os esforzos que se poidan facer dende a Administración e dende as propias empresas é verdadeiramente importante.

A internacionalización hoxe non é en ningún caso unha opción, é simplemente unha obriga. E as nosas empresas así o están entendendo. E dende logo este goberno, dende o ano 2009, efectivamente, está acompañando este esforzo que están desenvolvendo as empresas na posición da nosa economía no eido internacional.

E todo ese esforzo leva conseguido xa resultados concretos. Dende o ano 2009 as exportacións incrementáronse un 35 %, e no propio ano 2013 acadamos o récord histórico de 12.400 millóns de euros de exportacións, sendo a cuarta comunidade autónoma que máis medrou. Nese sentido, este esforzo de internacionalización vese acompañado tamén pola atracción de investimentos, aspecto verdadeiramente importante na economía global. No ano 2013 entraron en Galicia catro veces máis investimentos estranxeiros que no ano 2010, e nove veces máis investimentos que no ano 2012, exemplos claros de como investimentos con vocación de permanencia están a permitir crear emprego en Galicia e posicionar a Galicia cunha maior competitividade. Por poñer tres exemplos, podíamos nomear a aposta que tanto City-Gándara e outras dúas empresas no ano 2013 fixeron mobilizando, entre só tres empresas, máis de 30 millóns de euros.

Pero, efectivamente, este esforzo levouse a México, levouse a Panamá. En concreto, en México reforzamos as relacións entre Galicia e Pemex, con reunións ao máis alto nivel, para poñer en valor, en primeiro lugar, a aposta que Pemex —a cuarta petroleira do mundo— está facendo polo sector naval galego, polos investimentos feitos en Galicia, e tamén pola contratación loxicamente xa pechada dos dous floteis que se construírán na rías de Vigo e de Ferrol. E loxicamente exploramos máis posibilidades de negocios moi vinculados á industria petrolífera. E o presidente e mais eu tivemos ocasión de visitar as diferentes plataformas petrolíferas que Pemex ten no golfo de México. Celebramos reunións loxicamente co Goberno, cos diferentes empresarios galegos afincados en México e que queren incrementar o seu posicionamento. E no caso de Panamá tamén tivemos diferentes reunións co Goberno, explorando as diferentes posibilidades de colaboración, moi vinculadas á alianza estratéxica entre o canal de Panamá e os diferentes portos galegos.

En definitiva, un esforzo que está a posicionar a nosa economía cunha maior internacionalización, cun incremento

dos investimentos, e que seguiremos a traballar con diferentes actuacións. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación xerada na comunidade educativa como consecuencia das modificacións introducidas nalgúns puntos do baremo establecido no concurso de traslados entre persoal funcionario docente convocado na Orde do 16 de outubro de 2013

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a mesma ten a palabra o señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, señorías.

Boas tardes, a consellería que vostede preside –señor conselleiro– publicou no DOG, o día 4 de novembro de 2013, a orde pola que se convocaba concurso de traslados entre o persoal funcionario dos diferentes corpos que integran o sistema educativo galego. A disposición adicional sexta, punto 4, da Lei orgánica 2/2006 establece que durante os cursos escolares en que non haxa concurso de ámbito estatal, as comunidades autónomas poderán organizar concurso no ámbito territorial cuxa xestión lles corresponda.

De conformidade con iso, a Consellería de Educación dispuxo convocar concurso de traslados de acordo cunhas bases que están a provocar unha forte controversia entre os diferentes integrantes da comunidade educativa galega, xa que algúns apartados do baremo aparecen modificados en relación con concursos de traslados anteriores, en concreto os puntos 1.1.2., 1.2.1 e o punto 4.

Ao Grupo Parlamentario Socialista téñenlle chegado nos últimos tempos de maneira precisa e directa numerosas queixas de afectados polo citado concurso de traslados. Temos, por suposto, información da existencia dunha vella directiva europea, mais tamén da existencia a día de hoxe de bastantes pronunciamentos xudiciais en sentido contrario, señor conselleiro.

En todo caso, o Grupo Parlamentario Socialista entende que esta situación está a provocar un enorme desgusto no colectivo docente, desgusto que en nada beneficia a boa marcha dos nosos centros educativos, que xa bastante teñen cos 400 millóns de euros que a súa consellería recortou nos últimos cinco anos da etapa máxica do señor Feijóo.

Señor conselleiro, vostedes, coa súa actuación, están metendo nunha perigosa inseguridade xurídica o conxunto do profesorado galego. ¿Que pasaría, por exemplo, se os tribunais deciden botar abaixo o actual concurso de traslados? ¿Son conscientes –señor conselleiro– do follón que iso provocaría nos nosos centros educativos?

O Grupo Parlamentario Socialista entende que a Consellería de Educación ten que ser quen de atopar unha solución xusta e equilibrada para os colectivos enfrontados. E por iso lle pregunto: ¿ten pensado facer algo a consellería que vostede dirixe para reconducir a complicada situación xurídica creada con este asunto?

Pídolle que sexa moi preciso, señor conselleiro, non por min, senón pola grande cantidade de profesores galegos que están seguindo esta intervención a día de hoxe a través da internet.

Agardo as súas respostas, e que sexan claras e contundentes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Docasar.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Moitísimas grazas, señor presidente.

Boas tardes a todas e a todos.

Hoxe estamos a falar dunha decisión baseada unicamente en fundamentos de carácter xurídico e que ten que ver cun procedemento administrativo que afecta a persoal docente e funcionario de carreira no proceso do cambio de destino.

Como vostede mesmo recolle e acaba de dicir, a situación está motivada pola existencia dunha directiva europea, a Directiva 1999/70/CE, do Consello, do 28 de xuño de 1999. A decisión da Consellería de puntuar os servizos interinos no concurso de traslados cando xa son funcionarios tivo en conta a directiva, pero tamén que xa hai pronunciamentos xudiciais sobre esta cuestión. Non esqueza que a decisión da Consellería tamén pasou o correspondente trámite da mesa sectorial, na que están todos os sindicatos, e non houbo nin alternativas para cumprir a directiva nin posición contraria definida.

En canto á xurisprudencia, tomamos a decisión atendendo á interpretación do Tribunal de Xustiza da Unión Europea sobre o Acordo marco sobre o traballo de duración determinada, que tivo lugar o 18 de marzo de 1999, que figura no anexo da Directiva 1999/70/CE, do Consello, do 28 de xuño de 1999.

Dado que ao persoal docente interino se lle exigen os mesmos requisitos de acceso que aos funcionarios de carreira, e as funcións tamén son as mesmas, darlles un tratamento diferente sería vulnerar o establecido na referida directiva europea, que é de aplicación directa ao noso ordenamento xurídico en virtude dos principios de prevalencia e eficacia directa.

Ademais, señor Docasar, teña en conta que só o Tribunal Superior de Xustiza de Estremadura, na sentenza 7/2013, do 17 de xaneiro, fallou que deben puntuarse os servizos interinos docentes. E non esqueza que o Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, polo que se regula o concurso de traslados de ámbito estatal está impugnado ante o Tribunal Supremo por non ter en consideración os servizos interinos.

Neste escenario falan de reconducir a situación. Pois a verdade é que sería interesante coñecer que tería feito, ou que quere facer neste caso, o seu grupo político. Vostedes terían que dicir se puntuarían para os funcionarios os servizos prestados polos interinos ou non.

A aplicación da Directiva 1999/70 supón que a Consellería debe puntuar os servizos prestados coa condición de funcionario interino coma se foran prestados por funcionarios con carácter permanente. En todo caso, desde o punto de vista xurídico, este concurso autonómico superou a tramitación e

a mesa sectorial, e entendemos que o proceso corre menos risco puntuando os servizos prestados polos funcionarios docentes na súa etapa de interinos que non puntuándoos.

Se non os puntuásemos, tamén podería ser impugnada a convocatoria, estamos seguros. Neste caso para demandar a aplicación directa da normativa europea, que non necesita a súa incorporación mediante norma específica á lexislación do Estado español en virtude da súa prevalencia e eficacia directa, como xa manifestei anteriormente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, o que pregunto son eu, non vostede. Vostede pertence a un partido político que alardea sempre de ter un único discurso en toda España, e neste caso concreto están vostedes metidos nun bo charco. Vostede e Feijóo facendo en Galicia o que xa expliquei na miña primeira parte da intervención, e que non fai ninguén máis en toda España. Rajoy e Wert están dicindo e contestando por escrito algo totalmente distinto en Madrid. E hai aí moitas respostas por escrito a afectados. E para completar o torrente de coherencia, o verso solto do señor Monago —que vostede falou agora mesmo del—, actuando de maneira ben distinta en Estremadura, por citar só tres exemplos significativos desa coherencia e unidade de discurso da que tanto lles gusta presumir ás xentes do Partido Popular.

Señor Vázquez, coa súa actuación están metendo vostedes —insisto— na inseguridade xurídica o conxunto dos docentes galegos, e provocando importantes divisións no colectivo do profesorado. Vostedes levan gastado ríos de tinta falando da cultura do esforzo, e voulle falar dun caso concreto de esforzo: un profesor destinado nun centro da provincia de Pontevedra, con dúas carreiras universitarias e un máster, que aprobou as oposicións hai oito anos, na primeira vez que se presentaba, que posúe nivel B2 en tres linguas estranxeiras, que ten percorrido xa varios centros de Galicia nos últimos tempos e agora está destinado a cen quilómetros da súa resi-

dencia habitual. E agora, por mor do novo baremo, ten que ver como moitos compañeiros del, con menos méritos, lle pasan por diante. ¿Que lle pode dicir vostede a este profesor, señor conselleiro, sobre a cultura do esforzo?

Señor conselleiro, o cambio das regras de xogo do actual concurso de traslados está a provocar miles de protestas de profesores afectados, recursos contencioso-administrativos, denuncias admitidas a trámite polo Valedor do Pobo en Galicia, entrega de miles de sinaturas á propia Consellería de Educación.

Señor Vázquez, ¿realmente era necesario meter o sistema educativo galego neste berenjenal? E, finalmente, ¿como pensa saír del?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Docasar.

Réplica, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Ben, entendo que o Partido Socialista Obreiro Español non quere cumprir a directiva europea, que é o que acaba de dicir o señor deputado, e que ademais non está de acordo en puntuar aos interinos o seu labor. Que conste. Entendo que debe de constar.

Por certo, en Andalucía hai un colectivo que pon a Galicia como exemplo, e reclama á Junta que adopte esa mesma decisión, vostede mesmo pode acceder a través da internet a *“Otro concurso es posible”*.

A Consellería, desde logo, non fai desleixo das súas responsabilidades; por tanto, en resposta á súa pregunta, a controversia sempre pode aparecer, e desde logo a Consellería traballa polo conxunto do sistema educativo e fai o que considera que debe de facer atendendo ás normas e sentenzas xa establecidas. Ademais, aos funcionarios docentes non se lles puntuaban os servizos como interinos para o concurso de traslados, pero o conxunto da Xunta si o viña facendo, e faíno, para o resto de funcionarios autonómicos. E nos últimos tempos tamén houbo sentenzas que recoñecen aos interinos dereitos sobre trienios, sexenios e promoción interna, a pesar de que nun momento tamén se negaban. E ao final a

xustiza deulle a razón a Europa, igual que lla acabará dando neste caso.

O contrario, o que vostedes están proponendo, si que tería provocado probablemente un desastre no sistema educativo galego; e, se non, o tempo o dirá.

Logo de estudar esta situación, e convencidos de que non era unha opción non convocar en Galicia o concurso de traslados, adoptamos unha decisión que, aínda que implica ser a primeira comunidade que o fai, cremos que ofrece máis seguridade xurídica que seguir como estabamos. A Consellería entende e respecta que haxa persoas que deciden recorrer por sentirse, por suposto, afectadas polo cambio. Temos que dicir que, dos 9.000 participantes no concurso, tan só recorreron esta valoración 300, o que representa un 3,33 % de desconformidade coa medida.

Tamén cremos que, de non ter adoptada a decisión, habería outras persoas –por suposto, os que foron interinos e agora xa son funcionarios– que poderían ter exercido o mesmo dereito a reclamar e aos que vostedes, por suposto, lles negan ese dereito hoxe mesmo.

A regulación do concurso de traslados de funcionarios docentes realizada pola Consellería dá cumprimento a dúas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea e a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura, que representa a última liña xurisprudencial emitida por un órgano xudicial. Sabemos que o real decreto do Ministerio de Educación que regula o concurso de traslados de ámbito nacional ten un recurso e está pendente dunha sentenza do Supremo. Pero tamén sabemos que a aplicación directa da normativa europea non necesita a súa incorporación mediante norma específica á lexislación do Estado español.

Galicia vén convocando anualmente un concurso de traslados, e, de non facelo este ano á espera de que se pronunciasen os tribunais, estamos convencidos de que prexudicaríamos a máis persoas. E desde logo xerariamos máis inseguridade xurídica.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o custo real da exposición Gallaecia Pétreo

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non se escoita? Hoxe teño o micro..., bueno, menos mal que non creo nin nos santos nin nos demos.

Señor conselleiro, hoxe formulámoslle unha resposta moi sinxela: ¿cal foi o custo real da exposición *Gallaecia Pétreo*? Agardo que en tres minutos teña vostede tempo a dicirnos esta cifra.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pontón.

Resposta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Si, pois vou ser moi sinxelo. O custo para as arcas públicas galegas non chegou a 260.000 euros.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, a verdade que isto empeza a ser, imos dicilo, agora nesta fase, un misterio, ¿non? Teño unha resposta, que é do 13 de marzo de 2013, na que a súa consellería di que “o custo desta exposición, a día de hoxe, foi de 664.000 euros máis IVE”, e afirmaba nesta resposta que o 75 % foi pagado pola Fundación Gaiás. Porén, á marxe desta resposta, nós solicitamos as facturas da exposición –por certo, que veñen a nome da Fundación Cidade da

Cultura–. Estas facturas suman 807.802, é dicir, fondos pagados a través da Fundación Cidade da Cultura.

Porén, cando pedimos outra documentación, que eran os contratos, comprobamos que as facturas non coinciden cos contratos. E máis ou menos, aproximadamente, vemos como o custo real desta exposición superou o 1,1 millón de euros. Todo isto, señor conselleiro, cotexando datos das facturas –non me dá tempo en dous minutos de aclaralo, mais se quere podemos sentarnos para ese cotexamento– e datos dos contratos, todos eles a nome da Fundación Cidade da Cultura. Desde logo, señor conselleiro, parécenos un auténtico escándalo que este sexa o proceder da súa consellería.

Non está a presidenta, mais supoño que ao señor presidente que neste momento está aquí tampouco lle vai parecer ben o de que vostedes nos menten; polo tanto, busquei sinónimos. E preguntolle se isto é un engano, unha falsificación ou un invento, e se as súas respostas, tanto escritas como orais, nos levan a telo que cualificar como..., non mentireiro, porque non nos deixan, pero si como un aldrabeiro, un embusteiro ou un troleiro. Nun país democrático, mentirlle a un Parlamento, mentirlles aos cidadáns, é motivo de dimisións. Lamentablemente xa vemos que a transición neste país está moi lonxe de deixarnos unha democracia verdadeira.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pontón.

Réplica, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Si, señora Pontón, espero que vostede dimita nada máis acabar o pleno. Acabo de dicir, e vostede mesma di, que o custo para as arcas públicas foron practicamente 260.000 euros. Vostede di que a día... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por favor, déixeme falar, claro, pero se... A verdade é que o reforzo en matemáticas, o que comuniquéi onte, cada vez é máis necesario, señora Pontón *(Aplausos.)* Porque vostede di, señora Pontón, que o 75 % foi financiado por unha fundación privada, e eu dígolle que para as arcas públicas non chegaron a 260.000 euros. Se vostede aplica o 25 %, estan-

Ile saíndo os datos. Isto é educación primaria en matemáticas, señora Pontón.

Por tanto, creo que en ningún momento esta consellería..., *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora Pontón, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): ...—teño que dicilo ben claro, e remato a miña cuestión—, mentiu ante esta Cámara. É vostede a que neste momento, espero que por unha confusión pola rapidez coa que vostede está actuando, está acusando do que realmente non se fixo. O custo é claro. A vostedes proporcionáronselles, ademais, todos os datos. Podemos entrar en todas as veces que vostedes solicitaron a información, e ademais, xusto nesta segunda lexislatura, toda a petición de documentación foi atendida, e en concreto a vostede, señora Pontón... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Como que incompleta!, se vostede mesma dixo “a día de hoxe”, e dá a data. ¿Como pode dicir que é incompleta? ¿É que vostede non sabe o que significa “a día de hoxe, 13 de...” que vostede acaba de aplicar? Non pode dicir... Si..., *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non interrompa, señora Pontón, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Bueno, en todo caso, se queren facer demagogia... Por suposto, a día de hoxe do 2013. Claro, se vostedes queren facer demagogia, pois temos que comparar. Pois, mire, 260.000 euros cando está xerando certas cuestións de traballo e de aplicación aquí de servizos desenvolvidos. E podemos comparalo cos 1.700.000 euros do Proxecto Rudesindus, ou cos 1,5 da Mostra da lingua galega. Por non falar da feira do libro da Habana, do custo que ten. É que está moi lonxe. O que a sociedade neste momento non está entendendo é que vostedes gastaran 10; nós gastamos 1 e damos resultados. Vostedes non deron resultados e, sen embargo, están pedindo vostedes explicacións. Iso é o que a sociedade non está entendendo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego en relación coa redución nun 30 % en Galicia, no ano 2013, do número de traballadores afectados por un expediente de regulación de emprego

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Ten a palabra o señor Santos Regueiro.

O señor SANTOS REGUEIRO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señora conselleira.

Dende o ano 2007 vénse producindo unha alarmante perda de emprego en todo o Estado español. A pesar da gravidade da situación, houbo un goberno que preferiu mirar para outro lado negando a crise, e afirmando que o noso sistema financeiro era o mellor de Europa.

Mentres tanto, entre o ano 2008 e 2011 producíase o maior recorte que se acorda dende que hai democracia. Non se trata dun recorte para axustar o déficit, nin para pagar as inxentes cantidades adebedadas. Trátase, ou tratábase, dun recorte que deixaba a tres millóns de persoas máis sen traballo entre o ano 2008 e 2011. A situación económica do país era extremadamente alarmante, e case ninguén dubidaba de que España ía ser intervida.

Pero o novo Goberno do Partido Popular tomou a firme decisión de combater a crise, e dous anos máis tarde fálase en termos ben distintos. Agora fálase do fin da recesión, agora fálase das expectativas de crecemento, agora fálase dos 8.800 millóns de euros aforrados o ano pasado pola baixada da prima de risco, e agora fálase da creación de emprego. Segundo as estatísticas dos últimos meses, empezamos a ver leves pero significativos avances.

Esta mellora do panorama económico non foi gratis, foi froito do esforzo colectivo da cidadanía, que sempre lle imos estar agradecidos pola súa comprensión e polo seu compromiso.

Unha das claves para endereitar a situación foi, sen dúbida, a reforma laboral, que tiña como un dos seus obxectivos dotar de maior flexibilidade interna as empresas, para que, ante situacións económicas adversas, o empresario e os traballadores poidan modular as condicións da relación laboral para axustarse mellor ás necesidades do momento e así evitar o mecanismo do despido. Estas foron as principais preocupacións dos colectivos de traballadores, os expedientes de regulación de emprego.

Sen embargo, no ano 2013, os traballadores afectados por ERE diminuíron en Galicia. E por iso, señora conselleira, lle quere-
mos preguntar como avalía a Xunta de Galicia a redución dun 30 % de traballadores afectados por ERE no ano 2013.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Santos.

Resposta da conselleira de Traballo e Benestar.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Señorías, señor Santos, a verdade é que fixo vostede unha relación de indicadores que ao longo deste último ano están a ter un reflexo e invitan dalgunha maneira á esperanza da situación económica e da situación laboral na que se atopa o noso país, e mesmo tamén Galicia. E un indicador máis é evidente que son os expedientes de regulación de emprego, onde estamos a constatar que a evolución do último ano é mellor que a que houbo en anos anteriores. Así, tendo en conta os datos do último ano, do ano 2013, vemos que o número de traballadores afectados por un expediente de regulación de emprego se reduciu en todos os ámbitos. Tal é así que os de extinción foron reducidos nun 25,5 %; os traballadores afectados por ERE de suspensión, nun 35,4 %; e os de redución de xornada, nun 13,5 %.

En definitiva, a redución do ano 2013 é dun 30 % menos de traballadores afectados por un expediente de regulación de emprego, que realmente significa que hai 8.565 traballadores menos afectados por un ERE. E tamén é un indicador saber que esta cifra é —insisto— máis baixa das que houbo nos anos 2009, 2011 e no ano 2012.

Se falamos do número de expedientes, pasa algo semellante, porque son 415 expedientes menos de regulación de emprego os que hai; é dicir, unha redución do 17,8 %.

Falando de expedientes de regulación de emprego, evidentemente hai que subliñar que o 96 % deles foron expedientes que chegaron con acordo. E si que é verdade que nós entendemos que é froito da aplicación da reforma laboral. É verdade que é cedo para analizar os efectos na súa totalidade desta reforma, pero si se pode constatar que un dos obxectivos que perseguía, que é precisamente dar flexibilidade para non ter que tomar medidas traumáticas como é o despedimento, está sendo conquistado. De feito, o 90 % dos traballadores que hai na nosa comunidade actualmente afectados por un expediente de regulación de emprego non son de extinción, senón que están afectados por un expediente de suspensión.

Iso si, é verdade, de todas formas, señoría, que lle podo afirmar que nos gustaría que non houbera nin un só traballador afectado por un expediente de regulación de emprego, e mesmo tamén que non houbera ningún expediente de regulación de emprego. Para iso traballa o Goberno da Xunta de Galicia día a día, para aplicar medidas que incidan directamente na nosa economía, que incidan directamente nos sectores produtivos de Galicia e, por suposto, dentro das competencias desta consellería, que incidan directamente na mellora da empregabilidade dos traballadores galegos.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Santos.

O señor SANTOS REGUEIRO: Grazas pola resposta, señora conselleira.

É certo que isto non fixo máis que empezar, e o camiño da recuperación vai ser longo e tortuoso. E tamén é certo que a economía e o emprego empezan a camiñar na dirección adecuada, e así o veñen contrastando diversos factores de avaliación.

Máis alá dunha reforma laboral, tamén é evidente que a incorporación ao mercado laboral hai que acompañala de

estímulos e de incentivos para o seu desenrolo. E así o vén facendo a Consellería de Traballo nos últimos anos con diversas iniciativas de promoción do emprego. Así, podemos citar os obradoiros nos que os beneficiarios adquiren unha formación axeitada que lles facilita o acceso ao mercado laboral. Ao longo de 2013, a Xunta de Galicia puxo en marcha en torno a cincuenta novos obradoiros de emprego, dos que se beneficiaron ao redor de 1.300 desempregados, cun investimento que rondou os 10 millóns de euros. Ou tamén podemos citar os programas integrados ou ben as axudas a autónomos e emprendedores, entre outras.

Por iso, señora conselleira, queríalle preguntar tamén polos plans previstos pola súa consellería. ¿Cales son as actuacións previstas en materia de formación e en materia de emprego? E tamén, señora conselleira, agradeceríalle que nos informase das súas partidas orzamentarias.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Santos.

Réplica, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Señoría, como lle dicía na primeira intervención, entendemos que hai indicadores que invitan á esperanza e entendemos que hai indicadores positivos e de cambio, posto que a evolución do produto interior bruto da nosa economía agora xa non fala en números vermellos senón que é en números negros; posto que se están a incrementar as exportacións; posto que Galicia ten un indicador do índice de produción industrial no ano 2013 dos mellores; posto que está baixando, efectivamente, o desemprego e tamén incrementándose a afiliación, e, como dicía na intervención, tamén reducíndose o número de expedientes de regulación de emprego.

Aínda que calquera destes indicadores poida invitar á esperanza, o que si que lle digo é que o Goberno da Xunta de Galicia traballa con cautela e, sobre todo, afianzando todas as nosas políticas para que estes indicadores continúen nesta senda, na senda do crecemento. Mentres, dende esta consellería, no exercicio das competencias que temos –que é a

mellora da empregabilidade, insisto, a mellora da empregabilidade–, cada unha das políticas activas de emprego estanse a executar ao cen por cento en beneficio directo dos traballadores de Galicia. Para o cal estamos apostando polo primeiro –que é o que máis nos preocupa–: dar unha formación que sexa de calidade e axeitada á situación na que se atopa o noso mercado laboral. E por iso temos blindados 63 millóns de euros destinados precisamente para formar –cen por cento certificados, cen por cento homologados– preto de 14.000 persoas, galegos e galegas, que terán a oportunidade de obter un certificado ao longo deste ano 2014.

Mesmo tamén cremos nunha fórmula, que é a do obradoiro de emprego, onde estamos a investir 10 millóns de euros para este ano 2014, non só para mellorar a empregabilidade de 1.400 persoas senón tamén mesmo para tentar favorecer os servizos que dende os concellos se poden prestar á cidadanía. E, por suposto, seguiremos apostando pola fórmula do apoio ao emprendemento a través da blindaxe dos apoios que hai para os autónomos e mesmo tamén para cooperativas, con 25 millóns de euros para autónomos e para cooperativas.

E gustárame salientar, señoría, algo que nos preocupa especialmente dende esta consellería, e que lideramos, que é un plan de emprego xuvenil. Porque entendemos que se é inaceptable –que o é– o desemprego na nosa comunidade, moitísimo máis é de inaceptable o desemprego daqueles que teñen menos de 30 anos, posto que está rondando as 45.000 persoas. E moitísimo máis se temos en conta que, desas 45.000 persoas, o 60 % son persoas que teñen unha moi baixa cualificación ou sen cualificación. Polo tanto, blindamos 100 millóns de euros en 19 medidas para 92.000 beneficiarios que esperamos que incidan directamente na mellora da cualificación dos nosos mozos e sobre todo en abrir as portas ao mercado laboral da xuventude de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia da repartición de cotas das principais especies peláxicas no caladoiro do Cantábrico noroeste para o ano 2014

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Cando queira, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, quixeramos que respondera a esta pregunta: ¿que valoración fai a Xunta de Galicia da repartición de cotas das principais especies peláxicas no caladoiro Cantábrico noroeste para o ano 2014?

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Balseiro.

Resposta da conselleira do Medio Rural e do Mar, cando queira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Balseiro, creo que, a verdade, da xarda e da xestión do cerco se leva falado moito nos últimos días, e precisamente hoxe tamén aquí na interpelación. Creo que a mellor valoración é a que pode facer toda a cidadanía analizando simplemente as diferenzas da xestión do pasado e da xestión deste ano. O ano pasado tiñamos 1.600 toneladas de xarda para poder ser capturadas, e este ano temos 3.400. O ano pasado só unhas poucas embarcacións podían aproveitar esta pesqueira, nestes momentos as 153 embarcacións de artes de cerco poden facelo en maior ou en menor medida. Antes tiñamos que saír á carreira para pescar ata onde puidéramos chegar, agora podemos facer unha xestión planificada ao longo do tempo e facela cunha boa repercusión económica dentro do territorio da Comunidade Autónoma. Antes castigábanos por sobrepecar, agora felicítanos a Comisión Europea ao sector e á Administración pola boa xestión e o bo control que se está facendo de todas as modalidades da actividade pesqueira no caladoiro do Cantábrico noroeste.

Esas son as diferenzas. A xarda representa o 4 % da captura da frota do cerco; o xurelo representa o 39 %. Na xarda temos o 24,8 % respecto do 21 % que tiñamos o ano pasado.

No xurelo temos o 48 %. E se nos referimos máis en concreto á zona de maior impacto para Galicia, temos o 97,9 %. Esa é a diferenza. Se aplicáramos os criterios que algúns estiveron defendendo, pois poderíamos chegar a perder 2 millóns de quilos de xurelo na zona 9, iso sería de verdade a ruína para o sector.

Eu, polo tanto, a única valoración que podo facer é de satisfacción polo grao de madurez que está demostrando a inmensa maioría do sector pesqueiro, que quere apostar, unha vez máis, por facer unha mellor xestión de todo o caladoiro, unha mellor planificación da súa actividade e podela poñer no mercado durante todos os días do ano.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Concordamos coa resposta da señora conselleira no noso grupo e non imos ter réplica.

Grazas. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señor Balseiro.

Asunto zanjado, polo tanto.

Entón, última pregunta.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as estimacións iniciais da Xunta de Galicia acerca dos danos ocasionados polos sucesivos temporais nas infraestruturas portuarias da franxa costeira galega

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Cando queira, señor Balseiro, para formular a mesma. *(Murmurios.)*

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Como á oposición parece que non lle gusta, agora ímonos deter un pouco máis (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Señora conselleira, nas semanas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Estamos terminando. ¡Por favor, señorías!

Cando queira, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, nas semanas finais do 2013 e durante os tres primeiros meses do novo ano, do ano 2014, véñense producindo en Galicia unha sucesión de temporais, con mar de fondo, con ondas que superaron os 10 metros, intensas choivas e ventos de máis de 100 quilómetros por hora, que afectaron a todas as costas da nosa comunidade autónoma. Esta combinación de factores adversos deixou a súa pegada en todo o territorio provocando importantes danos nas infraestruturas portuarias, en peiraos, diques, balizamentos, casetas de pescadores, zonas de varadoiro, estragos no material de apoio portuario, danos en paseos marítimos e ata en embarcacións. Todos puidemos velo.

Como tamén nos consta, tanto vostede, en primeira persoa, como os distintos altos cargos e técnicos do seu departamento, incluído o presidente de Portos de Galicia, estiveron desde o primeiro día sobre o terreo, a pé de porto, comprobando os estragos e supervisando as tarefas de sinalización, avaliación e arranxo, a pé de terreo, incluídos os momentos máis duros do temporal, a carón dos profesionais do mar, en apoio das súas necesidades. Supervisando os peores danos nos peiraos —entre outros, de Cariño, Laxe, Burela— en condicións moi difíciles. E sirva esta pregunta de recoñecemento ao traballo de todos os profesionais, técnicos e persoal de Portos de Galicia e integrantes dos servizos de emerxencia en situacións como estas moitas veces.

Señora conselleira, sen contar o último temporal de febreiro, activouse a alerta vermella en nove ocasións e a laranxa en 36 ocasións. Falamos, polo tanto, dunha situación excepcional á que souberon dar cumprida resposta tanto as administracións central como autonómica. Agora hai un longo traballo de reconstrución, de avaliación das infraestruturas que

o tempo non permitiu observar, de execución das axudas que de xeito urxente puxeron sobre a mesa as distintas administracións en apoio dos profesionais do mar e do marisqueo.

Para observar a magnitude do que estamos a falar, para coñecer máis polo miúdo os pasos dados...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Balseiro. (*O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Resposta da conselleira do Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente. Señorías.

Señor Balseiro, mire, todos os temporais que vostede citou deixaron danos concretamente en 70 portos de titularidade autonómica. En concreto, na zona norte que abarca a franxa litoral da costa cantábrica, entre Ribadeo e Ares, víronse afectados 18 portos; na zona centro, correspondente á franxa litoral da provincia da Coruña, entre Pontedeume e Rianxo, tiveron danos 36 portos; e na zona sur, que abrangue a franxa litoral correspondente á provincia de Pontevedra, entre Pontecesures e Tui, foron 16 portos os que se viron afectados. En total, os danos ocasionados no conxunto do sistema portuario galego deron unha proposta de actuación en Portos de Galicia de 129 actuacións, cunha valoración provisional de 4,5 millóns de euros.

Nestes momentos teño que dicir que, grazas ao traballo, excelente —como vostede dicía—, dos funcionarios e de todo o persoal do ente público Portos de Galicia, están executadas ou en execución o 59 % das actuacións propostas polos técnicos, e están listas e pendentes de execución, por causa do temporal que aínda continúa, o 22,4 %. E pendentes de valorar de forma exacta —posto que aínda non se puideron facer as inmersións correspondentes— o 18,6 %. Eu creo, señor Balseiro, que poden estar tranquilos, que en canto as condicións climáticas o permitan teremos de novo ben acondicionados todos os nosos portos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señora conselleira, pola súa información ao grupo maioritario desta Cámara.

E despois de escoitala a vostede, eu creo que hai dúas cousas básicas nisto: primeiro, que se está facendo o traballo de avaliación de forma intensa; e, segundo, que os temporais e a resposta aos mesmos foi rápida e inmediata.

E eu creo que a resposta está contestada, pero si que os que levamos algún tempo nesta casa teríamos que facer unha precisión antes de pechar, porque creo que estamos aínda en tempo. Eu vexo algunha carcajada aquí e creo que é pouco respecto aos cidadáns que nos poñen aquí. Pero, ademais, vexo algunha carcajada e eu teño que recordar que durante o ano 2005, durante a lexislatura 2005-2009, o presidente da Xunta de Galicia viña aquí. E ¿quen lle preguntaba? Preguntáballe o Grupo Popular, pero preguntáballe o Partido Socialista ao presidente da Xunta —que era o señor Touriño—, e preguntáballe quen daquela formaba parte do Goberno, que era o Bloque Nacionalista Galego. E os que hoxe rin facían daquela aquí de palmeiros do que dicía o señor Touriño.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Balseiro.

Entendo que a cuestión está zanjada.

Polo tanto, esgotados os puntos da orde do día, érguese a sesión.

Remata a sesión ás nove e trece minutos da noite.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25